





# CÁTEDRA

*Revista eumesa de estudios*

**Consello de Redacción:**

Alexandre Caínzos Corbeira  
Carlos de Castro Álvarez  
Andrés López Calvo  
Rocío Pena Pena  
Sindo Vilariño Gómez

**Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:**

Esther Leira Penabad

**Imaxe da cuberta:**

San Nicolás de Tolentino, copatrón de Pontedeume, situado ao pé do adro da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume. Esta imaxe posibelmente pertenceu á igrexa do convento dos agostiños, do que hoxe só queda o edificio principal.

**Deseño da cabeceira da revista:**

Noli Vilariño

**Deseño e maquetación da portada e do interior:**

Marga L. Lamas. flopsestudio.com

**Impresión:**

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

**Colaboracións:**

As colaboracións deberán dirixirse a  
"Cátedra. Revista eumesa de estudios"  
Biblioteca Municipal de Pontedeume  
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)  
Telf. 981/43 25 98  
Os traballos deberán ser inéditos.  
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente  
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

**Páxina web da revista:**

catedra.pontedeume.es

**Edita:** Concello de Pontedeume

**Dep. Leg.:** C-1702/93

**ISSN:** 1133-9608

Esta revista está subvencionada  
pola **Deputación Provincial da Coruña**

## **PRESENTACIÓN**

*Un ano máis, Pontedeume acode puntual á súa cita coa nosa historia a través da Revista eumesa de estudos “Cátedra”. Un instrumento que ao longo dos últimos 23 anos logrou afianzarse como publicación de referencia no eido dos estudos locais tanto da nosa vila como da nosa contorna, contribuíndo así á propagación dos coñecementos históricos como elementos primordiais da cultura contemporánea.*

*Os dez artigos que conforman este número XXIII de Cátedra rehabilitan e restauran unha parte da nosa historia, repasan os coñecementos previos e propoñen novas aproximacións a unha realidade xa periclitada. Da connexión do saber destes dez autores e autoras coas novidades documentais e enfoques historiográficos máis recentes, dan como resultado uns artigos que ampliarán notablemente os nosos coñecementos sobre distintos e variados temas locais.*

*A estos autores e autoras, e ao Consello de Redacción de Cátedra, debemos o noso agradecemento, por un labor que vai más alá da posta en valor da nosa historia, xa que recordar o noso o pasado é rememorar unha parte dos procesos sociais, administrativos e políticos que contribuíron á identidade cultural do presente da nosa Vila. Deste xeito os traballos de investigación realizados por estos autores e autoras acabaranse convertendo nun dos núcleos básicos da memoria colectiva dos eumeses e eumesas.*

Bernardo Fernández Piñeiro  
*Alcalde de Pontedeume*



# O CATASTRO DE MARTÍN DE GARAY NA ANTIGA PROVINCIA DE BETANZOS. O CASO DA VILA DE PONTEDEUME

Alberto González Remuiñán

## 1. INTRODUCIÓN

As seguintes páxinas pretenden servir de achega a unha fonte descoñecida ao mesmo tempo que pouco utilizada: os apeos, recontos e avaliacións xerais levados a cabo polo ministro de Facenda Martín de Garay entre 1817 e 1820, tamén coñecidos máis simplemente como Catastro de Garay. Este traballo vaise centrar na análise da fonte tal e como foi atopada no Arquivo municipal de Pontedeume en particular, pero tamén fará referencias á fonte en si mesma ademais doutros fondos atopados no transcurso dunha investigación de tese doutoral nalgúns territorios das antigas provincias de Betanzos e da Coruña. O traballo cumpre así tamén un importante labor de presentación e divulgación, para dar a coñecer unha documentación descoñecida até o de agora pero de grande utilidade, abrindo con isto aínda que sexa modestamente, novas posibilidades de investigación.

O catastro de Garay xurdiu ante a necesidade de contabilizar as propiedades e os bens dos habitantes presentes nos territorios españois, concretamente aqueles que se poderían encadrar dentro do rural e que servirían para cumplir o obxectivo de ter dispoñibel unha estatística o máis completa posibel sobre a que elaborar o reparto dunha nova contribución no marco da elaboración dun tamén novo sistema de facenda. Este sistema foi posto en marcha precisamente polo ministro de Facenda Martín de Garay, quen buscaba substituír todos os antigos corpos e formas recadatorias por outra nova ao tempo que única, e por iso en aparenzia máis sinxela e apropiada. O documento que dispón o comezo de toda esta empresa foi o Real decreto do 30 de maio de 1817 “*para o establecemento do sistema xeral de facenda: instrucción para o repartimento e cobranza da contribución do Reino*”. A nova forma de recadación que nel se postula foi coñecida como Contribución Única e cambiaría de xeito radical o sistema de facenda da época.

As posibilidades que ofrece esta fonte de cara aos historiadores son moitas e moi diversas, e por iso neste traballo preténdese chamar a atención sobre unha fonte até o de agora moi pouco empregada. Polos datos que contén permite numerosos estudos sobre un



amplo abano de temas relacionados coa realidade agraria e gandeira da época. Pero tamén favorece investigacións nun marco de corte máis social, xa que en ocasións os fondos presentan datos substanciosos sobre fogares e familias. Por suposto existe tamén a posibilidade de desenvolver estudos de tipo xeográfico moi concretos a nivel local, posto que a documentación atopada na maioría dos casos vai incluso máis abajo do nivel da parroquia para recoñecer topónimos e lugares con grande precisión, tales como outeiros, montes veciñais concretos, agras e mesmo camiños ou corredoiras. Con menos frecuencia aínda que se teñen visto casos en diversos arquivos, os peritos encargados de facer os recontos chegan a incluír os límites detallados das parroquias nas que desenvolven o seu traballo, recollendo fontes ou lavadoiros.

Pero do mesmo xeito, o catastro de Garay non é importante soamente pola información que ofrece, senón tamén polo propio momento no que se leva a cabo a súa elaboración, isto é, no período comprendido entre 1817-1820. A fonte proporcionanos unha visión complementaria a outras que aparecen tanto antes como despois, como poden ser o propio Catastro de Ensenada, tan coñecido e empregado en investigacións históricas, como os amillaramentos que aparecerán anos máis tarde e xa na segunda metade do século XIX a raíz da reforma tributaria introducida por Mon en 1845. O catastro de Garay pode presentarse así, pese a ser unha das fontes desta natureza máis descoñecidas e menos empregadas da nosa historia contemporánea, como unha documentación capaz de presentarnos o estado das cousas nunha época moi complexa na que debido á Guerra de Independencia o sistema económico se atopa en serios problemas. E non soamente iso, senón que precisamente é o produto dun intento para cambiar as cousas e tratar de estabilizar a lamentabel situación na que se atopaba o sistema de Facenda Pública. A fonte esténdese a toda a realidade rural, o que neste momento se traduce na enorme maioría do territorio baixo o control da monarquía, pois os únicos lugares que deberían quedar fóra do novo sistema de recadación serían soamente as capitais de provincia e os chamados portos habilitados, que no caso do territorio galego inclúan enclaves como Ferrol. Nestes lugares pagariánse os coñecidos como “Dereitos de Portas”. Quedarían tamén excluídos polo seu réxime fiscal especial os territorios vascos e Navarra.

Ademais de todos eses datos de carácter económico e social, a elaboración do catastro xerou outro tipo de documentación de grande interese, como son as actas das xuntas de repartimento, a través das cales podemos analizar a auténtica forma na que os traballos de apeo e cobro de impostos se desenvolvían na realidade. Baixo o funcionamento teórico e sobre o papel que contemplan os decretos que dan forma ao novo sistema de recadación, existen toda unha serie de procesos e problemas para que todo isto se levase a cabo. O caso particular de Pontedeume resulta moi útil neste aspecto, xa que sendo a vila cabeza do seu territorio circundante naquela época formouse no seu seo unha destas xuntas. Os datos recentemente atopados no arquivo municipal inclúen as actas da citada xunta de repartimento, que se encargaba da organización, posta en marcha e execución dos apeos. De igual forma tamén se ocupaba de xestionar e controlar o correcto cobro dos

pagos que resultaban deses recontos na zona arredor da vila e que se compoñía dun total de vinte e seis parroquias. Sobre este tema volveremos máis adiante de xeito detallado.

## 2. CONTEXTO HISTÓRICO

Partimos de entrada dunha situación de ruína da Facenda Pública da monarquía de Fernando VII despois do proceso da Guerra de Independencia contra a Francia de Napoleón. O preámbulo do real decreto que postula o novo sistema de recadación da facenda funciona como xustificante do mesmo e sérvenos para comprender os motivos detrás dos intentos para melloralo. Nese preámbulo abondan as descripcións sobre a situación que se vive na época, e precisamente para entender o contexto citamos algunas delas:

*“Mis pueblos y todas las naciones saben qual era el estado de la España en el año de mil ochocientos ocho (...) Los gastos excedieron en tal cantidad los productos de las rentas, que se usó de todos aquellos fondos particulares: los establecimientos se arruinaron: se creó papel moneda en abundancia extraordinaria: los bienes mas sagrados se pusieron en venta: el Estado se sobrecargó inútilmente con los capitales de estos bienes vendidos y sus réditos: la deuda creció hasta lo sumo: y el descrédito, como era natural, acompañaba a todas las operaciones del Gobierno (...) Con tales circunstancias, la España llegó a hallarse sin recursos, sin fuerzas y obligada a admitir en su seno un enemigo extranjero, que se complacía en su premeditada destrucción”.*

A débeda da monarquía acrecentárase máis áinda tras a volta do monarca e a situación resultaba insostibel. No mesmo preámbulo tamén se nos ofrecen algúns datos importantes pola súa concreción, tales como a débeda contraída pola monarquía neste momento, ao tempo que podemos ver como se van sentando as bases para un novo sistema de facenda para tratar de solucionar esta situación na que a monarquía estaba inmersa:

*“La deuda pública se había acrecentado durante la guerra hasta lo infinito (...) Tres años se han pasado desde mi vuelta al reino (...) Es verdad que la deuda se ha hecho mayor por necesidad; que la antigua, la del reinado anterior y la nueva de los últimos tiempos forman una suma considerable (...) Mis vasallos conocerán algún día el precio de mi previsión, de la resistencia que siempre opuse a todo pensamiento de imponer nuevas contribuciones a los pueblos; reservando para tiempo oportuno, como creo es el presente, la organización de un sistema no de arbitrios siempre ruinosos a los pueblos, y sí general de hacienda, que pudiese fundarse en sólidos prin-*

*cipios, sin mezcla de arriesgados métodos, dudosas teorías y complicadas operaciones (...) Importando los valores totales de las rentas de la corona quinientos noventa y siete millones ciento veinte y seis mil novecientos ochenta y siete reales, y los actuales gastos de mil cincuenta y un millones setenta y siete mil seiscientos cuarenta reales, resultaba la falta de cuatrocientos cincuenta y tres millones novecientos cincuenta mil seiscientos cincuenta y tres reales”.*

Polo tanto, ante esta delicada situación tiveron que tomarse medidas para tratar de sanear o sistema de facenda e mellorar a súa capacidade de recadación, pois a débeda externa e de crédito que asolaba á monarquía era de feito insopportabel, superando amplamente os ingresos que o sistema de facenda producía. O intento máis sólido para tratar de inverter esta situación foi de feito o proxecto que desenvolveu o ministro de Facenda Martín de Garay. As claves e os obxectivos desta empresa están ben explicadas por Miguel Ángel Bringas Gutiérrez en dous pequenos pero moi completos artigos sobre o catastro de Martín de Garay<sup>1</sup>.

O obxectivo que se propoñía con este proxecto Martín de Garay, quen fora nomeado ministro de Facenda en 1816, non sería outro que o de tratar de simplificar o complexo sistema de recadación de impostos que rexía na época, abolindo as rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón, para cumplir ese desexo de dar ese impulso tan necesario á Facenda Pública que se atopaba nunha situación desesperada. Para lograr isto, Garay propoñía suprimir as rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón. O documento que dispón o comezo de toda esta empresa é o Real decreto do 30 de maio de 1817 “*para o establecemento do sistema xeral de facenda: instrucción para o repartimento e cobranza da contribución do Reino*”. O devandito decreto inclúe tamén un corpus de artigos adicados a desenvolver o sistema de formación das xuntas que se encargarían de organizar e coordinar os apeos e o correcto cobro das novas rendas con data do día seguinte.

No plano do novo ministro de Facenda había dous cambios de grande envergadura. O primeiro deles era precisamente a supresión das antigas rendas e a súa substitución por unha única contribución que afectaría a todo o territorio coas excepcións xa citadas, quedando deste xeito establecido un sistema que combinaba rendas directas sobre a produción no rural con cobros indirectos de dereitos de portas nas capitais de provincia e nos portos habilitados. A segunda novidade, máis importante se cabe que a anterior, era que o novo sistema afectaría por igual a todo o mundo sen distinción de clase ou condición. Este sería precisamente o motivo que levaría a fracasar esta reforma do sistema de facenda, pois provocou descontento entre todos os grupos sociais: entre o campesiñado, temeroso de que os cambios desen lugar a una suba considerábel dos impostos a pagar, e tamén entre as clases privilexiadas, que vián os seus privilexios severamente ameazados e de feito

1. BRINGAS GUTIÉRREZ, Miguel A.: *Un catastro poco conocido: el apeo y valuación general de Martín de Garay, 1818- 1820* en revista “CT Catastro”, n.47, 2003, p. 143-160. Outro artigo sobre o propio catastro sería *Estructura documental de los Cuadernos Generales de la Riqueza de Martín de Garay, 1818-1820* en revista “CT Catastro”, n. 64, 2008, p.79-110.

superados, por esta reforma impulsada polo ministro Garay. Foron definitivamente estes motivos os que conduciron o proxecto a un fracaso final moi temperán que se traduciu no cesamento do ministro de Facenda do seu cargo en setembro de 1818 e a súa substitución por Xosé de Imaz. A continuación algúns dos seus colaboradores no ministerio favoreceron a continuación dos apeos até 1821 en algunas zonas do territorio<sup>2</sup>. No caso dos territorios que aparecen nas fontes localizadas neste estudio, os recontos con data máis recente rematan a finais de 1819 ou principios de 1820.

### 3. A FONTE. O CATASTRO DE MARTÍN DE GARAY

Os fondos deste catastro son dunha utilidade considerábel, xa que permiten obter unha radiografía detallada sobre o estado da agricultura da época nun arco de arredor de dous ou tres anos nos casos dos lugares onde a fonte se conserva. Tamén inclúen importantes datos económicos sobre rendas, prezos de numerosos produtos, valoración de terras, casas e outros bens inmobles, podendo ser utilizados mesmo como padróns de moitos pobos e vilas, xa que adoitan incluír índices de veciños. De novo podemos remitirmos ao Real decreto do 30 de maio para comprender a que vai ser a organización do catastro. Para comezar, xa no preámbulo se nos mostran algunas das características que vai ter este novo sistema de facenda, pero segundo avanzamos no decreto atopamos dous corpus diferentes de artigos cunha finalidade distinta áinda que complementaria. O primeiro deles conta con sesenta artigos e senta as bases dun sistema austero e de contención de gasto por parte da coroa, ao tempo que establece a supresión de facto das tradicionais rendas provinciais e a súa substitución por un novo sistema no que todas elas se funden nunha soa contribución (a través dos artigos 18 e 20). De cara á elaboración dos apeos, este corpus é importante porque indica (no seu artigo 32) o momento a partir do cal se deberían iniciar as tarefas de cobro, ademais dos prazos do ano nos que os ditos cobros se terían que realizar:

*“Inmediatamente que se publique este Real Decreto se procederá al repartimiento provincial de pueblos é individuos, con las formalidades que señalaréis por instrucción, de tal modo que pasados todos los términos, se egeute la recaudación precisamente desde el día primero de Setiembre del presente año de mil ochocientos diez y siete. Para lo sucesivo se verificará siempre por cuatrimestres o tercios de año. En el día primero de setiembre próximo se ha de recaudar la parte de contribución anual correspondiente a los dos tercios que estarán vencidos en aquella fecha”.*

O segundo corpus, ao que nos referiamos dentro do real decreto, consta de trinta e nove artigos e é quizais áinda más interesante que o anterior, xa que cumple a función de

2. BRINGAS GUTIÉRREZ, Miguel A.: 2003, *op. cit.*

manual de instruccións para o repartimento e a cobranza desa contribución única. Hai que destacar o feito de que este decreto se difundiu, como resulta lóxico, por todo o territorio da monarquía co obxectivo de difundir as bases do novo sistema e poñelo en marcha canto antes, de tal xeito que resulta bastante común atopar copias impresas do mesmo en distintos arquivos municipais. No caso do Arquivo municipal de Pontedeume, a copia aparece perfectamente conservada e completa, co seu preámbulo, ambos os dous corpus de artigos, unha serie de catro bulas papais polas que a Santa Sé realiza unha serie de concesións á coroa e incluso un conxunto de táboas e modelos de exemplos para a correcta posta en marcha dos apeos.

Dentro dos contidos dese real decreto, o que resulta máis importante de cara á análise que aquí de fai do catastro de Garay como fonte é sen dúbida o segundo corpus de artigos que acabamos de citar e que recibe o nome de “instrucción para o repartimento e cobranza da contribución”, xa que dá forma e desencadea todo o proceso, funcionando como o seu documento máis básico. É dicir, que toda a estrutura que virá despois e que organizará os traballos de apeo propriamente ditos xorde a partir das directrices contidas neses trinta e nove artigos. Os primeiros están adicados a definir o proceso mediante o cal se pasa dunha cantidade total a recadar en todo o territorio da monarquía a outra proporcional a cada provincia e de aí a outra final e igualmente proporcional a cada pobo. O intendente tiña a obriga de comunicar esa cantidade a todos os pobos, valéndose da axuda das Xuntas (artigo número 8). De grande importancia entre todos estes artigos iniciais resulta o número 6, xa que establece os territorios que se verían sometidos ao pago da contribución única:

*“(...) tendrase presente que subsistiendo la administración y cobro de derechos en el casco de las capitales y puertos habilitados, se han de comprender en el repartimiento los productos de la agricultura, industria y comercio del término territorial anejo a las mismas capitales y puertos, aunque residan en estos los propietarios”.*

Se ben con anterioridade se apuntou que os únicos territorios excluídos da contribución eran as capitais de provincia e os portos habilitados (ademas das zonas vascas e Navarra polo seu réxime fiscal especial), agora queda ben claro que esa excepción se aplicaría soamente no que poderíamos chamar área de intramuros. Todo o que quedaba incluído no termo territorial e que non era parte da cidade propriamente dita quedaba tamén sometido ao pago da contribución. Por outra banda e continuando coa análise, os artigos 12 ao 14 son algúns dos más importantes xa que establecen a creación das mesmas, encargadas de coordinar e de controlar o repartimento individual e de ser depositarias das cantidades pagadas mentres non remataba a recadación na súa totalidade. O artigo doce establece concretamente os integrantes destes organismos:

*“Para el repartimiento individual, tanto en las capitales y puertos habilitados por lo respectivo a su territorio (...) como en todos los demás pueblos de la provincia, se formará una Junta compuesta del Corregidor o Alcalde Mayor, del R. Obispo, si lo hubiese, o persona eclesiástica que dispute, del Cura párroco más antiguo, si no hubiese Obispo, del Regidor decano, Síndico personero o del común, y del secretario del ayuntamiento sin voto. En los pueblos en donde haya mas de un Párroco concurrirá el mas antiguo”.*

O primeiro deber destas persoas que constitúen cada Xunta de repartimento era o de nomear (segundo indica o artigo 13) dúas persoas por cada pobo ou parroquia capaces de sinalar os repartimentos individuais. Estes individuos debían xurar o seu cargo e era de esperar que fosen escollidos entre os veciños da propia parroquia polo coñecemento que terían sobre o territorio. Coa elaboración do apeo calculábase a riqueza de cada veciño da parroquia, o que resultaba nun imposto proporcional sobre a cantidade total que se tivera establecido para cada parroquia en concreto. Segundo o artigo 14, a esa cantidade total engadíaselle un tres por cento que se destinaba a gastos de elaboración dos propios apeos.

Moi importante tamén resulta o artigo número 15, posto que recolle as persoas que van ser incluídas nos cobros da contribución única, ademais dos produtos aos que afectaría o cálculo da súa riqueza persoal. Tal e como figura a continuación, inclúense os eclesiásticos e tamén os veciños doutras parroquias que teñan bens na parroquia en cuestión sobre a que se realiza o apeo:

*“Serán contribuyentes todos los vecinos del pueblo, y los hacendados forasteros por las haciendas, ganados, oficios, tratos, comercio y utilidades que les resulten en el término de cada uno. Igualmente lo serán los eclesiásticos seculares y regulares, las manos muertas por las tierras, casas, frutos y rentas de cualquiera especie que disfruten; exceptuándose solamente los primeros en la parte de diezmo y derechos de estola”.*

Os peritos, unha vez realizados os repartimentos, deberán comunicarllos á Xunta (artigo 16) para que esta estime se é necesario realizar algunha corrección e elabore o caderno xeral (artigo 17) onde figurarían todos os individuos contribuíntes coas cantidades que lles tocaría pagar. O catastro debería incluir ademais en detalle as persoas non contribuíntes en situación de pobreza (artigo 18), de aí que a fonte poida resultar útil tamén como padrón, pois pese a ser unha fonte con finalidade fiscal debía facer constar a todos os individuos de cada pobo.

Os seguintes artigos, concretamente do 19 ao 27, recólلن as disposicións relativas á publicación dos cálculos de apeo, así como mecanismos e prazos para reclamacións de agravios, solución dos mesmos e execución final do repartimento unha vez solucionados

todos os posibeis problemas. O artigo 28 establece os prazos de recadación dos cobros, do mesmo xeito que xa se fixera no artigo 32 do corpus anterior. Os seguintes artigos recollen solucións a posibeis dúbihdas sobre a circulación de produtos procedentes de América, o seu paso polas aduanas ou os posibeis conflitos que poidan xurdir entre esta nova lexislación e outras xa existentes.

Volveremos a vista a continuación sobre os diferentes tipos de fondos ou tipoloxías de datos que podemos atopar cando consultamos a documentación xerada na elaboración do catastro de Garay. Falamos por un lado dos apeos propiamente ditos que consultamos en forma de borradores e, polo outro, das actas das Xuntas de repartimento que van aparecendo segundo desenvolven os acontecementos e tómanse decisións, sexan do tipo que sexan, no marco deses organismos coordinadores. Nos seguintes dous apartados falaremos polo miúdo de ambo os dous tipos de fondos, da súa estrutura máis común, da información que presentan ou dalgunhas das posibilidades de estudo que poderían presentar.

No marco da investigación que dá lugar a estas páxinas, os apeos componen case a totalidade da documentación que figura no Arquivo municipal de Betanzos. Até o comezo deste traballo, estes eran os únicos fondos localizados na Comunidade Autónoma de Galicia do catastro de Garay. Os recontos de bens das parroquias que se localizaron nos fondos deste arquivo correspóndense cos concellos actuais de Paderne, Oza-Cesuras, Bergondo, un caso único no de Monfero, e especialmente Abegondo, onde se sitúan más da metade de parroquias baleiradas no arquivo betanceiro. Outra parte importante dos apeos atopados descansan no Arquivo municipal da Coruña e localízanse por exemplo no actual termo municipal da mesma cidade, extramuros, e sobre todo no concello de Culleredo. Hai tamén unha parroquia que pertence na actualidade ao concello de Tordoia. Pola súa parte, o Arquivo municipal de Pontedeume recolle soamente as cantidades que lle son asignadas ás vinte e seis parroquias baixo a súa administración, ademais dunha táboa resumo da riqueza individual dos habitantes e principais institucións relixiosas da vila, na que por desgraza non se entra demasiado en materia e onde soamente se dan algúnhas cifras por ramas económicas. A calidade destes recontos é polo tanto moi variábel como veremos no seguinte apartado, e vai dende recontos que deixan moito que desexar totalmente incompletos, a auténticos censos parroquiais de terras, gando, vivendas e familias.

No relativo ás actas das Xuntas de repartimento a súa distribución cambia de xeito significativo, xa que por exemplo non se atopou nada no Arquivo de Betanzos. O Arquivo da Coruña tamén conserva as actas dalgunhas sesións, pero esta tipoloxía é especialmente importante nos arquivos municipais de Ortigueira e Pontedeume. A totalidade dos fondos atopados en Ortigueira compónse precisamente de actas da súa Xunta de repartimento, pero onde realmente son de máis axuda é en Pontedeume, debido á orde que presentan, ao completas que son ou á variabilidade de situacións ás que responden. As actas da Xunta de Pontedeume recollen todas cantas decisións se tomaron no seo deste organismo e todos os problemas que tivo que enfrentar. Presentando unha estrutura de diario ten entradas

case que todos os días, e en ocasións máis dunha cada vinte e catro horas. Unha documentación moi útil para coñecer o tipo de problemas aos que estes organismos se enfrentaban no seu quefacer cotián e que nos permite ir máis alá do nivel lexislativo e teórico do seu funcionamento que podemos ver por exemplo no real decreto que analizamos un pouco máis arriba. Comezamos agora si a falar destas dúas tipoloxías, comezando polos apeos.

### 3.1 OS APEOS

A elaboración dos apeos e recontos da riqueza en cada parroquia era o proceso más importante para a correcta marcha da empresa desta nova contribución que se estaba a implantar. Como xa apuntamos, estes apeos permitían coñecer a riqueza persoal de cada individuo afincado nunha parroquia ou con posesións na parroquia concreta na que se está a realizar o apeo. Coñecendo esta riqueza individual e coa cantidade que a esa parroquia se lle asignara pagar na man, os peritos repartidores asignábanlle a cada persoa a cantidade que lle correspondía de xeito proporcional. Este cálculo debía realizarse en todos os pobos e parroquias peninsulares a excepción das zonas que xa comentamos no apartado anterior. É necesario falar neste apartado dos datos que podemos atopar cando manexamos a documentación dos apeos do catastro de Garay, analizando tamén algunas das posibilidades que *grosso modo* permiten de cara á investigación. Por último e antes de pasar ao apartado das actas das Xuntas de repartimento, comentaremos tamén os problemas aos que nos enfrentamos cando temos diante este tipo de documentación.

Comezando polo tanto no apartado de tipos de datos que nos podemos atopar cando consultamos a documentación dos apeos e recontos do catastro diferenciamos varias categorías: censos relativos a inventarios de terras, censos gandeiros, censos de edificios e censos que podemos chamar familiares. A diversidade de información é variabel entre unhas parroquias e outras, incluso en zonas que se atopan moi próximas unhas das outras. Pese a que coas copias do Real decreto do 30 de maio de 1817 e a instrución para a cobranza da contribución do 1 de xuño se inclúen modelos impresos que funcionan a modo de exemplo ademais de táboas para a elaboración de resumos que favorezan a consulta da información recollida, algúns apeos gozan de información moito más completa e detallada. A vontade de actuación dos peritos repartidores neste caso quizais teña moito que ver, pois como persoas designadas por unha xunta que son, poden cumplir mellor ou peor o seu traballo. Noutros casos simplemente é posibel que soamente se conserven uns padróns determinados e outros non. Por exemplo pode darse o caso de que nunha parroquia se teña realizado toda a recollida de información nun caderno individual e que ese caderno chegue aos nosos días con todos os datos, ou non, e pode ser tamén que a información se recolla nun caderno de terras, outro de gando e outro de familias, e que algúns deses caderños se perdan no tempo. As posibilidades de conservación ou perda de material neste aspecto son moitas e moi diversas como calquera poderá imaxinar, así que non realizaremos máis valoracións ao respecto. Hai que apuntar previamente ademais que o que nós

atopamos no transcurso da nosa investigación son os borradores dos ditos apeos, un detalle que pode explicar que os datos que nos atopamos nas diferentes parroquias poidan experimentar unha variabilidade considerabel ou estar máis ou menos completos.

Entrando xa en materia comezaremos a falar da información que nos podemos atopar segundo as categorías que se citaron un pouco máis arriba. Abordamos esta información dun xeito particular, comezando a analizar aquilo que atopamos máis a miúdo e indo cara aos datos que aparecen de xeito menos frecuente ou esporádico. Por exemplo, os censos ou recontos de terras son moi frecuentes, e por iso falamos antes deles que dos recontos que inclúen datos familiares. Igualmente, dentro dos recontos de terras, o tamaño das parcelas é más frecuente que os datos concretos sobre o que se cultivaba nelas, e por iso serán antes analizados os primeiros que os segundos.

### 3.1.1 Inventarios de terras

Os criterios de ordenación neste tipo de recontos poden ser dous: por unha banda pode figurar o nome dos veciños, un por un, e a partir de aí as parcelas que posúe cada-quéén. Neste caso, as parcelas en réxime de cesión sexa cal sexa o tipo, aparecen adscritas ao veciño que ten o dominio útil, é dicir, á persoa que explota esa parcela de terra. Cando rematan de enumerarse as parcelas dun veciño pásase ao seguinte e así sucesivamente. O outro criterio é o do lugar onde se sitúan as parcelas. Neste caso aparece unha localización,

<u>Sitio de las piezas.</u>	<u>Propietario</u>	<u>Nº</u>	<u>Producción</u>	<u>Propietario</u>
<u>Una pieza abierta en el agujero de la corral que lleva su nombre</u>	<u>Terr. cas. clav. de terr. Valderraga</u>	<u>1000000000</u>	<u>1000000000</u>	<u>D. José Gutiérrez</u>
<u>Domicilio</u>		<u>12.</u>	<u>2º Labrad.</u>	<u>D. José Branderio</u>
<u>Sitio de sobre los igles.</u>				
<u>Labrado una pieza abierta en el agujero cerrado de ese nombre que lleva en arrendamiento</u>		<u>114.</u>	<u>3º Labrad.</u>	<u>Dela misma.</u>
<u>Sitio da Pedregueria.</u>				
<u>Una pieza cerrada de sibegra. en ese sitio que lleva por nombre</u>				
<u>Domicilio</u>		<u>8.</u>	<u>3º Labrad.</u>	<u>De la misma.</u>
<u>Sitio das Ribas.</u>				
<u>Una pieza abierta en el agujero cerrado de ese nombre, que lleva por arrendamiento</u>		<u>5</u>	<u>2º Labrad.</u>	<u>De la misma.</u>

Imaxe 1: Detalle das terras dun veciño de Santa Dorotea de Folgoso, no actual concello de Abegondo. Inclúe características da parcela, lugar no que está, tamaño en ferrados, calidad, uso e propietario

poñamos por caso a Agra de San Cosme, e a partir de aí todas as parcelas que figuran no citado lugar. Ao rematar de inventariar esa zona, pásase a outra até cubrir toda a parroquia. Segundo este criterio, menos frecuente que o anterior, ao lado de cada parcela adoita figurar o dono ou o veciño que explota a dita parcela.

Podemos atoparnos con diferentes datos nestes inventarios, que son os que expoñemos a continuación. Falamos aquí sobre todos dos recontos que teñen como criterio de ordenación o nome dos veciños por ser os maioritarios. O primeiro dos datos que conteñen estes apeos é precisamente ese, o nome dos veciños da parroquia, anotándose tamén en ocasións o lugar concreto no que habitan. Non resulta redundante que citemos este dato novamente, xa que resulta útil analizar as posibilidades que nos ofrece. En primeiro lugar, que nos veñan dados os nomes de todos os veciños serve como padrón vecinal, é dicir, que con este dato podemos saber o número de veciños que habitan na parroquia. Incluso aqueles que non teñen terras ou bens doutro tipo e que se atopan en situación de pobreza están incluídos na enorme mayoría dos casos, pois de feito facelos constar nos recontos era obligatorio segundo o artigo 18 da instrucción para o repartimento e a cobranza da contribución, no que se di que “*se han de comprender con millar en blanco los vecinos que no contribuyan*”. Por outra banda, tamén se inclúen os nomes dos forasteiros doutros lugares con bens na parroquia na que se realiza o apeo e xeralmente o seu lugar de residencia, o que nos permite rastrexar as posesións dalgúns individuos máis alá do seu lugar de residencia.

O segundo dato más frecuente é o lugar no que se atopa a parcela que se está a inventariar. Despois de nomear a un veciño en concreto enuméranse as parcelas que posúa, ordenadas xeralmente polo criterio de localización. Aquí hai referencias a agras, camiños e montes concretos, ou simplemente lugares que se atopen dentro da parroquia. Isto dános unha información importante sobre a parroquia en si mesma, xa que probablemente estes nomes teñan perdurado no tempo en moitos casos até os noso días, o que permitiría, no marco de estudos a nivel micro, observar os cambios aos que se viu sometido o territorio. Ou podemos ver tamén en que áreas da parroquia se concentran os terreos de veciños en concreto, por exemplo. A continuación dos lugares de localización, outro dato que aparece con moita frecuencia é o do tamaño das parcelas, expresado por norma xeral en ferrados e quizais nalgunha das súas divisións, os cuartillos ou as concas. Con menor frecuencia empregase, áinda que se localizaron algúns casos, a medida das terras en fanegas superficiais ou en estadais cadrados. As posibilidades que ofrece este dato, que además é moi numeroso, son tamén moi interesantes, xa que nos axuda a calcular facilmente a extensión media das parcelas nunha determinada parroquia e a súa comparación con outras, do mesmo xeito que nos permite facernos unha idea da extensión total que unha familia podía cultivar e administrar con só sumar a extensión de todas as parcelas dun veciño en concreto.

Continuando cos datos que nos podemos atopar nos recontos, con moita frecuencia atopamos tamén a calidade da terra da parcela. Nesta sección a cada parcela asígnaselle unha categoría podendo quedar como de primeira, de segunda ou de terceira cali-

dade. En algunhas ocasións estes grupos aparecen divididos á súa vez en tres subcategorías que van tamén dende a primeira até a terceira. Deste xeito temos que a mellor calidade de todas é a primeira de primeira, vindo a continuación a segunda de primeira, a terceira de primeira, a primeira de segunda, e así sucesivamente até chegar á calidade terceira de terceira, a inferior de todas e que normalmente se lle asigna a terreos a monte. Coñecer a calidade da terra é moi importante por exemplo para estudar e avaliar os rendementos da mesma. Polo menos entre as parroquias que foron analizadas no marco deste estudo, non foi raro que en ningún caso existisen parcelas de primeira calidade, sendo as mellores terras xa de segunda. A variábel calidade é moi importante de cara aos recontos deste catastro, xa que cada categoría ten uns rendementos asociados para cada zona e que poden variar dunhas ás outras, o que influía directamente no cálculo do valor da parcela. Non é raro que o apartado de calidade da terra se transforme nunha categoría que inclúa características xerais das parcelas, na que podemos atopar principalmente dúas cousas: por unha banda a xa mencionada calidade, mentres que pola outra pode figurar tamén o réxime de propiedade. Unha simple palabra dános a entender que a parcela en cuestión é propia ou está cedida en réxime de foro ou arrendamento. Este dato é tamén moi importante para estudos sobre a tenza da terra.

Os datos anteriores aparecen case que en todos os casos das parroquias atopadas. Menos a miúdo aparece xa o cultivo concreto das parcelas inventariadas, incluíndo aquí tamén as árbores presentes nelas. Esta sección aparece nunha porcentaxe considerábel dos apeos consultados, pero xeralmente incompleta. Por exemplo, resulta case imposibel atopar un inventario que fale de cultivos como os cereais, pero nesta sección pódense detectar con bastante precisión outros tipos de usos e cultivos, especialmente as eiras e as hortas. A miúdo atopamos un grupo de parcelas que cultiva un único veciño, de xeito que soamente se sinala que parcela é unha eira ou cal unha horta, dándose tamén neste caso o

<u>Renda y pensiones que paga San. Cris. de Montouto</u>	
el D. Pedro Bruxo de Llentebodas.	100
el D. Tomás Gómez dela coruña	6. 00 -
el D. Juan Ramón 3. foro de 1 <sup>ta</sup> de Piqueras	3. 00 -
el D. Miguel Añez dela coruña	5. 00 -
el D. Esteban Blaum dela coruña	4. 00 -
el D. Luis Varela de Sueiro	150
el D. Vicente de Ramón de Piqueras	10. 00 -
el D. Lázaro Roldán Varela de Coruña	10. 00 -

Imaxe 2: Detalle das rendas que paga un veciño do lugar de Santín, parroquia de Santa Cristina de Montouto, no actual concello de Abegondo (1819). En ferrados de trigo e en diñeiro

número de árbores que poida ter. En ocasións tamén se sinalan cales son montes, as viñas, ou cales quedan destinadas a pasto ou prado. Porén, a información desta categoría varía moito e depende probabelmente da vontade do perito que fixo o reconto. Sobre os montes, pode figurar se son de toxo ou de árbores, podendo aparecer mesmo a especie ou o número delas. En canto ás viñas pode aparecer o número de cepas ou non. No tocante aos prados, ás veces indícase se son de regadío ou de secaño.

Máis infrecuente áinda resulta a presenza dun apartado de rendas sobre as terras. Se ben xa apuntamos que o réxime de tenza era un dato que aparece con bastante frecuencia, outra cousa moi diferente podemos dicir das rendas que pesan sobre as parcelas. O raro neste caso é directamente atopalas. Cando aparecen adoitan facelo en paquetes, é dicir, que sobre un conxunto de parcelas pesa unha determinada renda que aparece especificada. A tipoloxía destas rendas é realmente variabel e pasa por cantidades en especie, e diñeiro, ou mesmo misas. E en semellante situación á das rendas atopamos a dos destinatarios das mesmas. Tamén resulta curioso observar que nalgúns casos quedan na parroquia ou moi preto dela, mentres que outras veces acaban en institucións relixiosas de zonas como poden ser Santiago, por exemplo.

Xa como nota final a esta sección, temos que indicar que os datos que aparecen con menor frecuencia son os referentes á valoración, tanto de parcelas como de froitos producidos polas mesmas. Resulta praticamente imposibel atopar unha parroquia que inclúa estes datos, algo que se pode explicar polo feito xa apuntado de que a fonte que consultamos realmente é un conxunto de borradores dun reconto e non o reconto definitivo en si mesmo. Isto provoca quizais que o cálculo final quede fóra destes borradores e fose directamente apuntado noutros documentos destinados a elaborar os Cadernos Xerais.

### 3.1.2 Inventarios gandeiros

Os inventarios gandeiros son o segundo corpus de datos que de xeito máis frecuente atopamos dentro dos borradores de apeos que consultamos nos arquivos municipais visitados para esta investigación. Este tipo de recontos non son tan comúns como os inventarios de terras, pero áinda así temos atopado moitos no transcurso desta investigación. Como apunte previo de localización, salientamos o feito de que soamente atopamos datos deste tipo en Betanzos e na Coruña. Procederemos neste apartado do mesmo modo que fixemos no anterior, isto é, comezando por analizar aqueles datos que localizamos nos recontos cunha frecuencia maior e indo cara a aqueles que aparecen menos veces.

A especie e o número de cabezas que un veciño da parroquia concreto posúe son os datos que más veces se nos proporcionan e sempre aparecen da man. É dicir, que cando se di que un individuo ten gando dunha especie, en todos os casos consultados se indica ademais o número de cabezas. Nesta sección pode aparecer tamén algún detalle máis sobre os animais en concreto, pero isto depende de novo da vontade do perito repartidor en

cuestión que está a elaborar o reconto. Así hai cadernos nos que nos atopamos con que un veciño ten simplemente “un ganado cerdoso”, pero hai inventarios que inclúen o sexo do animal, ou mesmo a súa utilidade, aparecendo por exemplo “una cerda de cría” ou “un puerco de ceba”. Do mesmo xeito hai peritos que diferencian as vacas que son destinadas a labranza ou os cabalos das eguas. Hai que destacar tamén que nesta sección de especies figuran tamén, no caso de que existan na parroquia en concreto, as colmeas de abellas. Neste caso, se hai máis dunha tamén se indica o número que o veciño posúa. Estes datos permítennos calcular un censo de animais da parroquia, analizar a súa distribución por unidades familiares ou ver como ser reparten os animais entre os veciños en función das terras que posúan.

<i>Ganadería</i>	
H. 2 Bacas 2 Labranza seu valor.	460.
H. 12 Obezas seu valor alorar.	120.
H. 3 Cabras. seu valor alorar.	430.
H. 1 Cerdos 2 Crías. seu valor.	60.

Imaxe 3: Gando que posúa un veciño do couto de Gudín, parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819)

O seguinte dato máis común nos recontos de gando despois da especie e o número de cabezas é o valor do animal, expresado en reais. Hai que apuntar que normalmente cando un animal adulto ten crías, o valor destas súmase ao da nai, dificultando un pouco en ocasións que coñézamos o valor individual de cada animal. O valor do gando tamén nos serve para coñecer indirectamente outro dato de grande importancia sobre o gando, que aparece con menor frecuencia e do que falaremos a continuación, que non é outro que a idade dos animais. Resulta lóxico que unha parella de bois de labranza novos se valoren máis que outros que xa son velllos, ocorrendo o mesmo con animais de tiro. O único animal que sendo novo ten menos valor é loxicamente o porco. A idade dos animais aparece polo tanto de xeito menos frecuente e por iso moitas veces temos que adiviñar cales son as cabezas más ou menos vellas en función do seu valor. Poucas veces nos atoparemos coa idade expresada de xeito numérico, aínda que tamén se teñen localizado casos algúns parroquias. O normal sobre a idade é que non apareza, ou que o faga de forma indirecta a través do valor ou doutras indicacións que dan algúns peritos cando falan de leitóns, poldros, “juvencos”, ou sinxelamente engaden unha pequena descripción indicando se se trata de animais novos ou velllos.

O derradeiro dato que nos proporcionan estes recontos de gando é o das formas de tenza que case sempre afecta ao gando bovino. Na maioría das parroquias este dato non figura, pero cando o fai pode aparecer de dous xeitos. Por unha banda dicíndose por exemplo que dous bois de labranza na casa dun veciño determinado están en réxime de arrendamento, figurando a continuación. É dicir, figura o réxime de tenza e o dono do gando, aparecendo incluso en ocasións a parroquia na que esa outra persoa reside. Outras veces non temos tanta sorte e simplemente se cita un segundo nome como dono dos animais, sen máis datos sobre a forma na que foron cedidos.

### 3.1.3 Inventarios de edificios

Cando falamos de edificios dunha parroquia nos recontos do catastro de Garay, hai que apuntar que o eixo central no que estes se fixan por riba de todo é o inventario das casas dos veciños. Outras construcións como poidan ser os muíños presentes na parroquia non aparecen sempre necesariamente. Polo tanto, o dato máis común que nos proporcionan estes inventarios de edificio é precisamente a relación existente entre cada un dos veciños e as súas casas, habendo individuos que poden chegar a ter máis dunha na parroquia. No caso de que algunha das casas que calquera veciño posúa se atope en estado ruinoso figurará igualmente no inventario. Do mesmo xeito, se hai forasteiros que residindo noutras parroquias teñan casas na parroquia inventariada, tamén figurarán nesta sección, xeralmente despois de todos os veciños.

A handwritten document on aged paper. At the top left, it reads "Pedro López". To the right, there is a small number "3.". Below this, underlined, is "Lugo de Burdeos". The main text describes a house ("una casa q. 3 habitaciones con forbalante"), a stable ("una cuadra"), and a porch ("y corrala una Bodega"). It also mentions a garden ("un jardín"), a fence ("un cercado"), and a gate ("una puerta"). The document is signed "A. L. 22" and "Anho 1819". To the right, there are columns for "Alquiler" (rent) and "Producción" (production). The rent is listed as "14 vrs" and the production as "60 -". Below the main text, it says "el uso se le valora en 16000 - 700 -".

Imaxe 4: Casa dun veciño do couto de Gudín, na parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819). Ademais das dependencias que a componen e a súa valoración, figura o tamaño e o lugar onde se sitúa

O segundo dato por importancia nos recontos de edificios dos apeos é o valor da vivenda en cuestión. Este valor aparece expresado en reais e nel inflúen varios factores, como son a antigüidade da construcción ou o seu estado de conservación, o tamaño ou outros equipamentos e dependencias que poida ter a vivenda, tales como cortellos ou alpendres, dos que non sempre se sinala a súa existencia no inventario. Este dato presentase

habitualmente como unha soa cifra numérica, pero tamén pode darse o caso de que aparezan varias se a vivenda conta ademais con forno, que tamén pode aparecer valorado á parte do resto. O mesmo acontece cos hórreos e coas adegas, documentados tamén nalgúns parroquias e habitualmente valorados de xeito individual.

A miúdo tamén nos atopamos con características xerais da vivenda que salpican a entrada do apeo reservada para cada veciño. Neste caso, esta información variada que podemos atopar sobre a casa depende unha vez máis do perito repartidor encargado de realizar o inventario. Normalmente adoitase incluír como pouco o estado de conservación da vivenda. Así fálase de vivendas de primeira vida, segunda vida e así sucesivamente, pero tamén noutras parroquias de vivendas novas, de mediano uso ou deterioradas. Realmente non se fan referencias a unha idade en concreto, pero áinda así o dato serve para facernos á idea de cales son as vivendas máis novas e máis vellas da parroquia. Outro dato que aparece con bastante frecuencia é o que indica as dependencias máis importantes da vivenda, de maneira que dunha casa en concreto o perito encargado do inventario escribiu cousas como cociña, hórreo, curral, cuadra, forno ou adega, en relación coas estruturas que estivesen en cada casa concreta. Outra das características que aparecen, xa con menos frecuencia, sería o tamaño. Aparece expresado a través da medición do longo e do ancho da casa, ou directamente en varas cadradas. O problema que se adoita presentar neste apartado vén dado polo feito de que habitualmente se nos dan medidas que serían inmensas para unha soa casa, o que leva a pensar que realmente o que se mediou de feito foi a parcela na que se atopa a vivenda, o que en moitos casos incluiría unha eira e pode que até unha horta.

Tamén podemos atopar nalgúns casos as rendas e o destinatario das mesmas, presentándose os mesmos problemas que noutros apartados. Ás veces soamente aparece a cantidade, outras soamente se di que a vivenda está arrendada ou cedida en foro, pero non se especifica renda ningunha nin destinatario da mesma. Tampouco resulta estranxo que a renda pagada pola casa se sume ás rendas que se pagan polas terras, algo habitual nos contratos de foro, de feito que vexamos unha única cifra conxunta de rendas a pagar. Isto dificulta áinda máis diferenciar as rendas que se corresponden a unha cousa ou á outra.

### 3.1.4 Censos familiares

Abordando a análise da información contida nestes recontos do mesmo xeito que xa se fixo nos apartados anteriores, atopamos que os datos que máis comunmente atopamos son aqueles que fan referencia á composición das unidades familiares. Cando atopamos información sobre as familias, neles inclúese como pouco o nome de cada veciño e as persoas que viven con el a través da relación que exista entre eses individuos e o cabeza de casa. Así temos que normalmente será soamente ese cabeza de familia o que figure co seu nome propio, mentres que os resto das entradas para os familiares aparecerán reflectidas como esposa, fillo ou filla, neto, nai, sogra, etc. En moi poucas ocasións

atopamos que figuren os nomes destes outros individuos que viven na casa. Este dato resulta moi importante de cara a desenvolver investigacións e estudos sobre a composición dos fogares ou sobre distintos modelos familiares. De xeito abundante atopamos tamén casos nos que a continuación dese indicativo de parentesco se sitúa a idade da persoa en cuestión. A aparición deste dato resulta fundamental para un amplo abano de estudios poboacionais. Podemos calcular as idades medias dunha parroquia, o balance de poboación nova con respecto da vella ou as pirámides de poboación a nivel local, por poñer algúns exemplos de como podemos tratar este tipo de información que nos achegan os recontos. Se hai máis dun fillo nunha determinada parella, algo moi habitual, podemos observar a través das idades dos distintos fillos, mesmo os intervalos interxenésicos das nais. Observando a idade do primeiro fillo mesmo podemos aventurar datos relacionados coas idades de acceso ao matrimonio.

Tamén resulta moi interesante o feito de que nesta sección podemos atopar datos sobre ocupacións profesionais. En ocasións, e soamente para o caso do cabeza de familia en todas elas, xunto co nome de pía e coa idade pode figurar tamén a súa ocupación profesional. Na enorme maioría dos casos esa ocupación será definida como “labrador”, pero se fose outra tamén figurará do mesmo xeito, polo que nalgunhas parroquias podemos identificar aos carpinteiros, ferreiros, profesores ou incluso ao cura párroco. Esta información non se estende ao resto de membros da familia, áinda que, como ben sabemos, ser labrego non é algo propio soamente do cabeza de casa, senón que é unha actividade na que todos os membros da unidade familiar participan. Incluso os máis cativos da casa poden realizar pequenas tarefas. Hai con todo unha excepción na que si pode aparecer indicada a ocupación ou o oficio dalgúnha das persoas que viven nunha casa. Está-mos a referir aos caso particular daqueles individuos que desenvolven tarefas de servizos domésticos. Estas persoas figuran tamén como membros da unidade familiar xa que conviven de feito dentro da vivenda áinda que non se unan aos demais membros con lazos de parentesco ou consanguinidade de ningunha clase. Deste xeito podemos observar que xunto a fillos e fillas, esposas ou sobriños, hai tamén persoas ás que o reconto se refire como criados ou criadas, e incluso algúnn que outro mordomo nos caso dos individuos con mellor posición económica.

Como derradeiro dato importante temos aquel que fai referencia ao estado civil dunha persoa ou que recolle a posibel viuvez da mesma. Ás veces aparece de forma explícita a palabra viúvo ou viúva ou solteiro ou solteira xunto a ocupación e a idade da persoa en cuestión. Porén, en ocasións, o estado civil non sempre figura nos rexistros, debe ser deducido de maneira indirecta: se por exemplo atopamos a un home con fillos nun reconto no que non figura unha muller que cumpla o papel de nai, sabemos sen lugar a dúbidas que estamos diante dun home viúvo. Este caso é más complicado no caso das mulleres, xa que se vemos a unha muller en compañía de fillos pero sen figurar o seu estado civil é probábel que esteamos antes unha muller viúva, pero nunca saberemos con total seguridade que esa muller non tivo fillos como solteira. No caso de que non haxa fillos,

levar a cabo a dedución do estado civil cando este non aparece escrito é aínda máis complicado ou directamente imposible. Nestes casos nunca saberemos a ciencia certa se estamos a falar de homes ou mulleres solteiros que aínda non formaron unha familia ou de persoas que enviuvaram sen chegar a ter fillos, especialmente se no caso que temos diante nos aparece unha persoa relativamente nova en idade de estar a cabalo entre ambas as dúas posibilidades. O caso é que este dato é tamén moi revelador de cara a coñecer por exemplo as taxas de matrimonios ou elaborar estudos relacionados coa solteiría definitiva.

<i>Estado Civil</i>	
<i>Escriptor Estado Labrador</i>	
<i>Casado</i>	<i>22.</i>
<i>Sin mujer</i>	<i>20.</i>
<i>H. 2 hijos</i>	<i>5. 1.</i>
<i>H. 2 sobrinos</i>	<i>14. 10.</i>

Imaxe 5: Membros da unidade familiar dun veciño do couto de Gudín, parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819). Como vemos, inclúese tamén o estado civil e o oficio do cabeza de familia

Como podemos comprobar, os datos que podemos obter destes borradores de apeos son moitos e permiten unha morea de posibilidades de investigación. Non obstante hai que ter en conta tamén unha serie de problemas que poden afectar a esta documentación e cos que se debería ter coidado para non caer en equívocos ou trampas. Para comenzar, xa apuntamos que non todas as parroquias inclúen no seu apeo a mesma documentación, o que dificulta a elaboración de series ou as comparacións entre territorios nalgúns casos. Ás veces soamente atopamos un caderno en branco que inclúe un índice de veciños, dando a entender que o borrador estaba para comenzar, pero que pola causa que fóra se detivo e non se completou. Outras veces soamente atopamos resumos coas cotas a pagar por cada parroquia ou por cada veciño; datos económicos interesantes sen dúbihadas, pero que ofrecen poucas posibilidades para estudar o estado da agricultura, da cabana gandeira ou das familias dese lugar. A conservación tamén resulta en ocasións un problema serio, con follas de papel ilexibeis pola humidade ou que praticamente se descomponen en anacos nas mans. A localización dos fondos non sempre é doada e ás veces os territorios que atopamos nun arquivo están a unha distancia importante das parroquias atopadas noutras.

Aínda que na teoría existen modelos impresos para facer os recontos, que foron localizados por exemplo nos arquivos municipais de Pontedeume ou na Coruña, hai que destacar que non sempre se cumpren. Como xa apuntamos varias veces, a vontade dos peritos encargados da realización dos recontos ten moito que ver co resultado final que atopamos. Pode haber omisións sistemáticas en gran cantidade de datos: especialmente complicados de atopar son as valoracións de parcelas e froitos das mesmas ou os cultivos cerealeiros. Nos apartados de animais non se atopou un só caso de xente que posuía aves, sexan da especie que fosen, o que leva a pensar que eran excluídas dos recontos de xeito sistemático. O mesmo acontece cos montes veciñais, que aparecen rexistrados en moi poucos casos. Soamente aparecen contabilizadas as parcelas a monte cun único propietario, xa que eran as que computaban para establecer a riqueza individual. Pero os montes veciñais, tan estendidos na época, non pertencían a unha única persoa nin tampoco eran propiedade dos concellos, de feito que quedaban situados nunha especie de limbo legal de cara a ser censados, resultando a miúdo na omisión directa destes terreos nos apeos.

Entrando xa a valorar os problemas aos que nos podemos enfrentar cando falamos dos rexistros individuais, hai que salientar que os bens inventariados para un determinado veciño non teñen por que ser necesariamente o total das súas posesións. Isto é debido a que os apeos se realizan parroquia a parroquia como xa sabemos, o que daría lugar a que os bens dun veciño noutras diferentes aparecerían precisamente nos apeos desas outras parroquias. En consecuencia, se un veciño tivera terras máis alá da parroquia na que reside, aparecería rexistrado na sección de forasteiros deses outros lugares, calculándose en consecuencia novas cargas económicas tamén neses apeos para ese individuo en concreto. O mesmo acontecería con ese individuo se tivera casas. Por suposto, podemos ter ou non os rexistros desoutras parroquias, de xeito que nunca poderemos afirmar que as posesións dun veciño engloban a totalidade das mesmas. Para o caso do gando sería aínda máis difícil rastrexar se un individuo ten cedidas reses noutras parroquias, pois como xa apuntamos, o dato que inclúe o réxime de tenza na sección de inventarios gandeiros é escaso. Non aparece porque o que realmente se valora de cara a establecer a cantidade a pagar por cada persoa é o producto daquilo que posúa, e por iso a quen computa realmente é á persoa que ten o dominio útil únicamente.

Até aquí o apartado que ten que ver cos apeos e recontos realizados para o catastro propriamente ditos. Pero esta documentación que nos proporciona amplos datos sobre aspectos económicos e tamén sociais pódese englobar en conxunto baixo a tipoloxía dos recontos. Existe, ademais desta, outra tipoloxía en forma de actas que é xerada pola actuación diaria e cotiá das Xuntas de repartimento e que nos permite observar de forma perfecta os detalles do funcionamento dos procesos que deron lugar a eses recontos dos que falamos nas páxinas anteriores. Pouco poderíamos dicir sobre esta documentación sen os fondos atopados nos arquivos municipais de Ortigueira e especialmente no de Pontedeume, pola súa considerabel magnitude, orde e nivel de deatalle. Imos logo coa análise


desta documentación, centrándonos no caso particular da información obtida na comarca eumesa.

### 3.2 AS ACTAS DAS XUNTAS. O CASO PARTICULAR DE PONTEDEUME

Os datos de corte económico que xera o proceso de elaboración do catastro e que eran os que realmente interesaban aos coetáneos da época para calcular as rendas netas sobre as que se repartiría a contribución individual non son os únicos datos que temos hoxe en día disponíveis. A elaboración do catastro xerou outro tipo de documentación na época que agora chega até nós e que nos permite comprender dun xeito extraordinario o proceso polo que os apeos ían tomando forma. Referímonos ás actas das xuntas encargadas de coordinar os repartimentos e de que todo se desenvolvese como era debido de acordo coas ordes que chegaban dende a xunta central. Esta documentación presenta unha estrutura tipo diario, e nelas, un escribán anota a acta do día de todas e cada unha das reunións que a Xunta de repartimento desenvolve no marco dos traballos de elaboración dos cálculos de riqueza e dos repartimentos individuais. No caso de Pontedeume, dende o primeiro día de funcionamento da súa respectiva Xunta de repartimento, sempre que había que tomar unha decisión ou afrontar un problema, o escribán introducía unha nova entrada no libro de actas. O nivel de detalle das actas atopadas nesta vila é considerabel, e inclúen unha tipoloxía moi ampla e variada. As actas comezan a escribirse mesmo antes da existencia da propia Xunta, posto que a primeira entrada fai referencia á recepción dunha orde procedente da Coruña, emitida polo intendente xeral de Galicia Juan Módenes, a partir da cal o dito organismo debería ser creado.


A partir de aí, concretamente o 10 de xullo de 1817, comeza a andaina dunha Xunta que podemos seguir durante dous anos. Especialmente completas son as actas que van dende o momento da súa creación até xaneiro de 1818. A continuación entramos nunha época na que aparecen algunas lagoas e na que se detecta documentación ausente, para volver a un correcto funcionamiento e orde das actas no momento a cabalo entre finais do 1818 e principios do 1819. Polo tanto, en primeiro lugar e seguindo o artigo 12 da instrucción para o repartimento e cobranza da contribución a Xunta é creada e integrada polos cargos correspondentes, tal e como podemos ver na imaxe 6. Resulta moi interesante tamén que a seguinte actuación que se leva a cabo: é a elección dos peritos repartidores, que deben xurar o desenvolvemento da súa acción ante a xunta. Varias actas refirense aos xuramentos dos encargados dos apeos en diversas parroquias (imaxe 7).

Grazas a unha destas actas podemos comprobar cales eran as parroquias que quedaban baixo o influxo da Xunta de repartimento de Pontedeume organizando o seus repartimentos. Estas eran, ademais de obviamente a propia vila, outra vinte e seis en total e reflectímolas a continuación: Santa María de Centroña, Santiago de Boembre, San Xurxo de Torres, San Cristovo de Guimil, Santiago de Vilamateo, Santa María de Ombre, San Cosme de Noguerosa, San Martiño de Andrade, San Pedro de Vilar, San Miguel de Breao, Santa María de Doroña, San Pedro de Grandal, Santiago de Franza, San Xoán de



Imaxe 6: Detalle da primeira acta da xunta de repartimento de Pontedeume na que se ordena que se envíen avisos ás persoas que conformarán este organismo

Imaxe 7: Detalle da acta de xuramento de cinco peritos repartidores



Piñeiro, San Tomé de Bemantes, Santa María de Miño, Santiago de Barallobre, Santo Estevo de Perlío, San Vicente de Meá, San Martiño do Porto, Santa Eulalia de Limodre, San Salvador de Maniños, San Mamede de Laraxe, San Salvador de Fene, Santa Mariña de Sillobre, San Xurxo de Magalofes. Porén, dentro das actas da xunta soamente se conservan varios repartimentos que se realizaron de forma proporcional segundo a riqueza de cada parroquia. Esta asignación fixose segundo parece de xeito bastante precipitado e estaba baseada nun repartimento anterior que se fixera en 1811 para as mesmas parroquias. O repartimento fixose polo tanto collendo a proporcionalidade de 1811 e trasladánda por necesidade a 1817, momento no que se realizaba esta nova asignación. A propia xunta laméntase da destrucción e conseguinte perda doutro reconto realizado en 1800 para o reparto dunha contribución de trescentos millóns. Isto debeuse segundo indica a propia acta aos danos causados polas tropas francesas no arquivo da vila, e entendemos que se debía tratar quizais dunha asignación máis fiabel pese a ser dunha década antes, de aí o lamento.

Este tipo de datos son os que fan que as actas desta xunta sexan tan importantes, porque nos achegan á realidade cotiá do labor que desenvolveron e, de xeito moi directo permítennos coñecer os diferentes problemas aos que tiveron que fazer fronte así como o modo en que se resolvieron. Isto transforma a fonte que estamos a analizar nun conxunto de datos particular e único, xa que poderemos atopar outras actas quizais semellantes, pero nunca iguais, pois os feitos acontecidos na vila en Pontedeume non tiveron por que darse noutros lugares do territorio. Todas esas problemáticas coas que a xunta tivo que tratar permiten ver tamén como funcionou o proceso de verdade, xa que por suposto non era tan simple como se podía pintar sobre o papel dende o ámbito do lexislador que elaborou o sistema. Obviamente apareceron inconvenientes dende o primeiro momento, quedando todos eles reflectidos nas actas que aquí analizamos.

En primeiro lugar, xa tras o nomeamento dos peritos repartidores, comeza a problemática sobre a correcta asignación das cantidades a pagar por parte da propia vila, pois a xunta, dous días despois da súa instauración, emite unha queixa ao intendente do reino na que considera que debe haber algún erro na asignación por ser considerada abusiva. Hai varias actas que se refiren ao problema, considerando a xunta que a solución pasa por nomear dous encargados para que actúen como consideren oportuno a fin de resolver os agravios:

*“Al paso que este ayuntamiento desea la mas eficaz ejecución y cumplimiento del soberano decreto de 30 de mayo de 1817 (...) no puede mirar con indiferencia el contingente 70.449 rs que se cargaron al casco de esta villa, teniendo que aprontarlos un corto número de vecinos, respecto la mayor parte de ellos son pobres, y aquellos no tener mas hacienda aquí que las casas de su havitación. (...) Considerando la corporación que en el repartimiento no pudo menos de haver havido alguna equivocación, y para*


*que esta sea deshecha (...) resolbio en sesión de hoy comisionar a VSS como Rexistor y Diputado de la misma, para que en el particular eleben las representaciones conducentes, y practiquen las mas gestiones a conseguir el notable desagravio (...) a cuyo efecto el ayuntamiento les abilita con todas las facultades que sean precisas".*

Esta cuestión rematará cinco días despois, o 17 de xuño de 1817, conseguindo a xunta a elaboración dun novo repartimento para o territorio baixo a súa administración, que tamén figura nunha acta datada o mesmo día. Outros problemas, porén, non terán unha solución tan rápida. Por poñer un exemplo citamos o caso dunha pugna entre os peritos repartidores de San Miguel de Breao e San Pedro de Vilar por establecer en cal das dúas parroquias deberían contribuír un pequeno grupo de casas situadas nos lindes entre ambas as dúas. Esta disputa iniciarase a mediados de outubro do mesmo 1817, pero non atopará solución até meses despois, en febreiro do ano seguinte.

Outro problema grave co que se vai enfrentar a xunta é o absentismo das persoas encargadas de levar a cabo determinadas tarefas vitais para o correcto desenvolvemento dos apeos e da posterior cobranza das cantidades asignadas a cada veciño. Con especial importancia destacamos os mecanismos de libranza que algúns individuos empregaban para eludir o chamamento que dende a xunta se realizaba para que desempeñasen algún cargo. O 24 de agosto de 1817. por exemplo, a xunta acorda nomear a un veciño como depositario dos pagos que as diferentes parroquias fosen recadando, pero este veciño negase a prestar o servizo acolléndose á exención que lle proporcionaba o "fueru que dice goza de Marina". En consecuencia, o 3 de setembro é nomeado como novo depositario dos pagos outro veciño, comprometéndose esta vez si o individuo citado a exercer fielmente o seu cometido. Máis adiante, xa nas actas correspondentes a febreiro de 1819 temos novos exemplos de peritos que alegan doenzas para non aceptar o seu nomeamento:

*"(...) Estando juntos los señores que abajo firman se hizo presente un oficio de D. Joseph Francisco L. escusandose de aceptar el encargo de perito repartidor para que ha sido nombrado, y respeto la indisposición que en el expone, no le priba de poder desempeñar los deberes del mencionado encargo, acuerdan que el señor Presidente le manifieste lo conveniente a que concurra sin mas escusa a las seis de la tarde del dia siete del actual a hacer la acetacion y jura que le esta prevenido. Y respeto a D. Joseph Andrés V. otro de los nombrados, se ha presentado a esta corporacion manifestando que en observancia de las soberanas resoluciones no podia escusarse de aceptar, desde luego lo haria con la protesta de ser exonerado (...)".*

Por outra banda, as propias parroquias que se atopaban baixo a coordinación da xunta de Pontedeume tamén supoñían outra fonte de problemas para o correcto desenvolvemento das funcións deste organismo. Os problemas procedentes das parroquias son presentados en forma de agravios fronte ao que consideran un reparto abusivo. Normalmente teñen un efecto chamada, posto que cando unha parroquia expresa o seu descontento, adóitase ver reflectido nas actas dos seguintes días a outras parroquias que seguen o exemplo da primeira e protestan tamén en contra das súas respectivas asignacións. Despois do episodio que foi citado unhas liñas máis arriba sobre a consecución dun novo reparto que foi presentado o 17 de xuño de 1817, a parroquia de San Salvador de Maniños



Imaxe 8: Detalle dunha das numerosas ordes de prema, nas que a xunta demanda a máxima presa aos peritos para entregar as cotas correspondentes a cada parroquia

non acepta a nova cantidade que lle é asignada e considérase a si mesma coa capacidade de establecer unha xunta propia. O episodio remata coa intervención do intendente, que comunica o sometemento de Maniños á xunta da vila de Pontedeume.

Todos estes problemas contribúen a empeorar o que será o maior impedimento de cara a facer efectivos os cobros da contribución única, e que non é outro que os retrasos acumulados. A temática que se repite de forma máis numerosa nas actas diarias da xunta de Pontedeume é a que fai referencia ao acordo dos seus integrantes para enviar “ordes de prema” a parroquias, peritos e contribuíntes co obxectivo de que cumpran o máis axiña posible coas súas obrigas (ver imaxe 8). Pese a todos os esforzos da xunta, os peritos rara vez cumplen a tempo cos encargos de realizar a tempo os apeos e o establecemento das cantidades proporcionais a pagar por cada veciño, sucedendo outro tanto cando toca que os veciños paguen a súa cota unha vez que o traballo dos peritos repartidores ten rematado.

É posibel que a novidade do novo proceso de recadación que se está a levar a cabo e a pouca amplitud dos prazos para realizar as diferentes tarefas encomendadas teña algo que ver con estos sucesos. Vendo as actas da xunta podemos observar como se publican de feito e con certa frecuencia decretos aclaratorios sobre a cobranza da contribución única. Outras veces os repartimentos iniciais estaban mal elaborados, o que daba lugar a queixas por parte das parroquias ou mesmo das propias xuntas e á consecuiente elaboración de novos cálculos de cantidades a dividir. Pero se quitamos todo isto e miramos a un nivel máis próximo ás persoas, a observación das actas permite ver tamén unha clara desidia por parte dos peritos, que debían ser apresurados en numerosas ocasións, e especialmente nos contribuíntes á hora de efectuar os pagamentos. O desinterese demostrado polas persoas era xeral, tal e como podemos comprobar novamente a través da lectura das actas da xunta. Por exemplo, o 17 de setembro de 1819 a xunta acorda levar a cabo a presentación do apeo correspondente ao segundo terzo do ano o día 19, a través da súa lectura nas casas do concello da vila. O anuncio da dita lectura realizaríase mediante bando municipal, deixándose precisamente dous días para que a noticia chegara ao maior número posibel de habitantes. Pero na acta da xunta do día 19 o panorama é ben diferente:

*“(...) para la lectura del libro de apeo formado por el dicho encargado, como día señalado por el ayuntamiento en el acuerdo y bando que anteceden, a pesar del tiempo que han permanecido en estas dichas casas [consistoriales], no concurrió vecino alguno al indicado objeto de la lectura, por lo que dichos señores reserban acordar lo conveniente acerca del particular con arreglo a lo preventido”.*

Nin un só veciño acode á lectura do apeo para saber a cantidade que lle corresponde pagar ou para comprobar se o inventariado dos seus bens é o correcto. En consecuencia, varios días despois, o 6 de outubro, a xunta decide nomear dous homes de cada



rúa da vila, sendo en total vinte e dous os individuos citados, para que se presenten nas casas do concello o día 10 de outubro, momento no que se volverá ler novamente o apeo. Buscábase así dar voz sobre os datos do apeo a partir da difusión que lle darían estas persoas. Con todo, nas actas dos día 10 aparece reflectido que seis das persoas citadas non aparecen na casa do concello, o que dá lugar a que de inmediato se mande chamar a outras tres. Á súa chegada procédese á lectura do apeo o propio día 10, con case vinte días

**DON MATEO DE LA REGUERA , CAPITAN**  
retirado de Infantería, y Caballero de la Real y Militar  
Orden de San Hermenegildo, y Depositario de todas Ren-  
tas en esta Ciudad y Provincia de Betanzos.

<b>R</b> ecibí della Villa y Freguesia de Pontedeume una ordenaria, la Cuarta de Cincuenta y Cinco mil Díez y nueve Reales y Veinte y dos mrs., Arqueta del Impuesto del Aceite de Olivarres del Ano Ultimo, con pendiente ala Vizcarraon y rovinal, en esa forma.	
En Ourense efectivo.	51.028
En una Certificación de la Renta q	
Santa Juliana de Pontedeume	991
	55.019
De cuya cantidad soy esta Carta de Pago , de la qual ha de tomar razon el Sr. D. <i>Felipe González Santamaría</i> Contador Interventor de Rentas <i>Stampada</i> en este Partido ; sin cuya formalidad ha de quedar sin nin- gun valor. Betanzos <i>Ocho</i> de <i>cabo</i> mil ochocientos y <i>Diez y ocho</i> —	
Son <i>55.019</i> Rs. y 22 mrs. vn.	

Imaxe 9: Detalle do recibo de pagamento correspondente ao terzo de decembro de 1817 efectuado pola xunta de Pontedeume. Pódese observar o considerábel retraso, posto que está datado en 8 de abril do ano seguinte

de retraso sobre a data inicial prevista, e sen que ningún dos presentes teña nada que alegar sobre os contidos do repartimento. Precisamente a derradeira entrada das actas da xunta de Pontedeume, datada a 11 de outubro de 1819, comenta que se enviou o apeo ás diferentes parroquias co obxectivo de proceder á súa lectura en todas elas, sen que cheguemos a coñecer os resultados dese proceso, áinda que probabelmente poderíamos agardar resultados semellantes.

Vemos polo tanto como o retraso continuado por diversas causas se vai acumulando e remata por materializarse na entrega tardía da contribución definitiva, algo que se pode comprobar con observar soamente as datas nas que están selados os recibos que dan conta dos pagos na tesourería. Entre as actas da xunta de Pontedeume figura por exemplo o recibo de entrega do terzo correspondente ao mes de decembro de 1817. Porén, a data que figura no dito recibo é 8 de abril de 1817, sendo polo tanto o retraso acumulado de máis de tres meses, tal e como podemos observar en detalle na imaxe que figura a continuación.

Pero as actas da xunta serven tamén para coñecer a publicación de novos documentos por parte de administracións superiores e que axudaban á resolución de dúbihadas que ían aparecendo sobre o proceso de inventariado e cobro. Inclúense por exemplo transcripcións de reais decretos novos que complementaban e trataban de mellorar o proceso sobre a marcha que xa comentamos. Tal é o caso do documento datado en 31 de xullo de 1817 que establece a creación das Xuntas de Partido. Toda esta documentación aparece nas actas en forma de copias de oficio, nas que se reflicten documentos importantes para que constasen no diario da xunta. Con estas transcripcións demostrábase o coñecemento deses novos decretos, así como a lectura dos mesmos nas sesións da xunta. Estes decretos non son os únicos documentos que se poden atopar reproducidos dentro da tipoloxía de copias de oficio. Podemos atopar tamén cartas que a xunta envía para resolver dúbihadas e que xeralmente teñen como destinatario o intendente da Coruña. De forma xeral, o escribán anota na acta dunha sesión que se enviou unha carta preguntando unha serie de dúbihadas, reproduciendo a continuación de forma íntegra o contido da carta. Grazas a isto podemos coñecer o contido dessa correspondencia xerada nas actuacións da xunta.

#### 4. CONCLUSIÓN

Diciamos cara ao comezo destas páxinas que o sistema de Contribución Única fracasara por mor de que os grupos sociais dominantes, nobreza e igrexa, viran ameazados os seus privilexios. Tamén como resultado do rexestamento que tería xerado o novo sistema entre as clases más populares, temerosas de posibéis subidas de impostos, pensando que quizais se o sistema cambiaba, as cantidades coas que terían que contribuír pasarían a ser cargas maiores e más difíciles de afrontar. Pero despois de analizar as fuentes manexadas, especialmente as actas das xuntas de repartimento, podemos dicir tamén

que o fracaso deste sistema se debeu a unha coxeira de base que xa estaba aí no mesmo momento no que o sistema se deseñou e se puxo en marcha. A necesidade para sanear o sistema de facenda da monarquía precipitou todos os acontecementos e a toma de decisiones, de tal xeito que se cometeron numerosos errores xa no establecemento das bases do que sería o novo sistema de recadación. Proba disto son as frecuentes dúbidas que as xuntas presentan de cara a aspectos básicos sobre os repartimentos que debían organizar. Porén, isto que dicimos pode constatarse sobre todo se temos en conta a aparición continua de reais decretos que ían na dirección de corrixir errores e resolver dúbidas, demostrando así que o sistema tampouco estaba moi ben deseñado e que sufriu diversas taras dende o seu comezo.

Recordemos tamén que a través das actas podemos observar que os cálculos iniciais de repartimento proporcionais enviados ás diferentes parroquias estaban mal elaborados, o que no caso de Pontedeume dera lugar como apuntamos a queixas por parte da xunta e á elaboración dun novo reparto o 17 de xuño de 1817. Pero de novo e tras o Real Decreto do 31 de xullo no que se establecían diversos cambios na cobranza ademais da creación das Xuntas de Partido en Santiago, Betanzos, Lugo, Ourense, Tui e Mondoñedo, novos repartimentos foron elaborados, o que supuxo que outra vez se tivesen que establecer novas cotas proporcionais ás parroquias. Porén, todos estes contratempos non se traduciron en ampliacións no prazo para o cobro das cantidades correspondentes, que seguiu estando fixado para o 1 de setembro, até que finalmente rematou chegando á xunta de Pontedeume un comunicado do intendente Xoán Módenes no que se concedía unha pequena prórroga até o día 10 dese mes. Estes barullos administrativos constantes contribuíron tamén seguramente a debilitar máis aínda o novo sistema, que parecía incapaz de cumplir uns prazos establecidos.

E por último, entre os feitos que máis pudieron contribuír a debilitar o sistema progresivamente e a afundilo de xeito definitivo, ademais das actitudes opostas e dos retrasos constantes, estarían a desidia por parte dos peritos e os retrasos nos pagamentos por parte das persoas contribuíntes. Estes comportamentos eran sen lugar a dúbidas a materialización desa oposición latente entre as clases populares, temerosas da suba nos seus impostos. De xeito pasivo pero constante, esta oposición foi minando dende a base da poboación o novo sistema de facenda, que terminou por colapsar a todos os niveis: político, administrativo e social. Sería un tanto perigoso afirmar dende o noso punto de vista que estes factores tería conseguido afundir o sistema de xeito individual, pero consideramos que todos eles ao unísono e de forma combinada, foron debilitando progresivamente os seus cimentos dende o primeiro momento. Ao final de todo este camiño, a destitución final relativamente de forma temperá de Martín de Garay como ministro de Facenda supuxo o punto e final deste intento de reforma do sistema de facenda da monarquía hispánica nos primeiros compases do século XIX.

# EL ALFÉREZ DE FRAGATA BENITO ANTONIO BERMÚDEZ DE CASTRO: UN EUMÉS HÉROE DE TRAFALGAR

Jesús Andrés López Calvo

## 1. INTRODUCCIÓN

Cuando redactamos estas líneas se cumplen 210 años de la batalla de Trafalgar (21 de octubre de 1805). El topónimo de un cabo costero de Cádiz pone indicador al fin de España como potencia colonial, y asocia el tramo final de la trayectoria vital de famosos marinos españoles como: Dionisio Alcalá Galiano, Federico Gravina Nápoli y Cosme Damián Churruca y Elorza. También es el topónimo que ubica el escenario de un acontecimiento donde murieron cerca de cuatro mil personas. Y no será por ello, pero lo cierto es que parece que Trafalgar debe ser borrado de la memoria histórica de España:

*“Ni una placa, ni una mención. Arturo Pérez-Reverte lamentaba ayer, frente al escenario donde se produjo la batalla de Trafalgar, cómo se ha borrado de la memoria de España un acontecimiento en el que murieron cerca de 4.000 personas. Cabo Trafalgar (Alfaguara), su nueva novela (que va ya por la cuarta edición), recupera el momento en que España perdió su dominio sobre los mares y reflexiona sobre lo que supuso este suceso en nuestro país. Arturo Pérez-Reverte salva a los marineros y a la tripulación, pero culpa a los políticos que hicieron posible aquel desastre”<sup>1</sup>.*

No se nos escapa que la historia militar o las biografías épicas, como fuentes de conocimiento peculiar, se han visto abocadas a ser instrumentalizadas por planteamientos ideológicos o científicos que, ajenos a ellas y con aspiraciones a convertirse en verdades absolutas, han sido promocionadas o reivindicadas a conveniencia de algún poder o necesidad de carácter político<sup>2</sup>. Sin embargo, los conflictos forman parte de la realidad social y de la condición humana, negar su existencia es negar la realidad<sup>3</sup>. Hacemos esta prime-

1. Cf. A. CASTILLA, *Arturo Pérez-Reverte revive el gran desastre naval de Trafalgar en su nueva novela*, en: “El País” (Sección Cultura, 21 de octubre de 2004).

2. Cf. M. RECUERO ASTRAY, *El saber histórico: Conocimiento y utopía*, en: “Estudios Mindonienses” 30 (2014) 451-478.

3. Cf. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, *Enciclopedia del Arte de la Guerra*, Barcelona, Planeta 2001, 9.

ra e inicial observación para justificar nuestra opción metodológica y describir el objetivo de nuestro estudio: una aportación práctica para nuestra historia local, a la vez que se estudia uno de los principales hitos históricos de la transición de la Edad Moderna a la Edad Contemporánea.

Nuestra aportación consistirá en la difusión de la noticia de la participación de un militar eumés en aquellos acontecimientos. Como a cualquier fallecido en acción de combate, es justo que sea reconocido como héroe. Pero además, como luego haremos notar, también es de justicia el reconocer las condiciones de indigencia y penuria que aquella misión exigió a todos sus demás protagonistas. De hecho, y muy al contrario de lo que se podría pensar, la gran mayoría de los fallecimientos acaecidos en los barcos de la Real Armada no se produjeron como consecuencia de actividades bélicas, sino más bien por las condiciones de vida en los barcos, las enfermedades y los accidentes laborales<sup>4</sup>.

## 2. BENITO ANTONIO BERMÚDEZ DE CASTRO Y VIVERO (1777 – 1805)

El apellido Bermúdez de Castro tiene uno de sus asentamientos más antiguos en Pontedeume. Inés Bermúdez de Castro (Señora de Montaos) contrajo matrimonio con Fernando Ruiz de Castro, nieto de Pedro Álvarez Osorio (1457–1483) primer Conde Lemos. Para hacer honores a su suegro, tomó la determinación de que todos sus descendientes se apellidaran Bermúdez de Castro. Al emparentarse con la casa de Andrade, una rama de dicha familia plantó su solar en la villa eumesa<sup>5</sup>. Otras ramificaciones de este linaje tienen relación con los pazos de Bañobre (Castro – Miño) y Montecelo (Viñas – Paderne) y con la iglesia de Santa María de Castro (Miño).

### 2.1 DATOS BIOGRÁFICOS

Juan Antonio Pardo de Vivero Carrasco Pumariño y Guzmán (1715–1769) fue regidor perpetuo (aunque no ejerció el oficio) de la Ciudad de Viveiro en lugar de su bisabuelo Juan Antonio de Guzmán y Aguiar, lo mismo que regidor y alcalde mayor de Mondoñedo entre 1737 y 1769. Contrajo matrimonio con Benita Antonia Sarmiento de Sotomayor, también natural de Viveiro y sobrina del obispo de Mondoñedo, Fray Antonio Alejandro Sarmiento de Sotomayor<sup>6</sup>.

De su unión nacieron seis hijos. Su tercer vástagos fue Benita Joaquina Vivero y Sarmiento que, nacida en Mondoñedo, contrajo matrimonio con Juan Jacinto Bermúdez de Castro<sup>7</sup>, nacido en Pontedeume en 1739 y que ostentó el cargo de Regidor y Alcalde de

4. Cf. A. MARTÍN GARCÍA, *Guerra e mar no Ferrol da Ilustración*, Ferrol, Ediciones Embora 2006, 79.

5. Cf. E. SEIJAS FERNÁNDEZ, “Bermúdez de Castro”, en: R. OTERO PEDRAYO (DIR.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, Silverio Cañada Editor 1986, Vol. 3, 200. Un esquema genealógico de este linaje puede verse en: J. L. LAMIGUEIRO, [www.xenealoxiasdortegal.net](http://www.xenealoxiasdortegal.net).

6. Cf. E. CAL PARDO, *Episcopologio mindoniense*, Mondoñedo-Ferrol, Publicaciones de Estudios Mindonienses 2003, 711-759.

7. Para conocer los antecedentes históricos de dicho señorío, cf. G. PITA DA VEIGA GOYANES, *Fray José González de Villalobos*,

esa villa. Fueron sus hijos: Juan Antonio (Pontedeume 1770 – Finisterre 1805)<sup>8</sup>; María Antonia<sup>9</sup>; Benito Antonio (Pontedeume 1777 – Trafalgar 1805), nuestro personaje; y Vicente (Pontedeume 1778)<sup>10</sup>.

Se trata pues de una familia hidalga, pervivencia de uno de los viejos linajes de nobleza gallegos, que encontraron futuro como clase social privilegiada gracias a ventajosas estrategias y alianzas matrimoniales.

Según consta en su partida de Bautismo<sup>11</sup>, Benito nació a las doce y media del 19 de octubre de 1777. Fue bautizado aquel mismo día en la iglesia parroquial de Santiago de Pontedeume por el presbítero Juan Antonio Romero Villar, que le impuso los nombres de Benito Antonio Pedro de Alcántara, siendo sus padrinos su tío Benito Vivero Sarmiento y su hermana María Antonia. Sus abuelos paternos lo eran Juan Antonio Bermúdez de Castro y Teresa Pereira de Leis, y los maternos los ya mencionados Juan Antonio Pardo de Vivero y Benita Antonia Sarmiento Sotomayor, todos ya difuntos en el momento del nacimiento.

Muy probablemente su casa natal fuese la que actualmente tiene el número 9 de la calle Real de Pontedeume, conocida como la *Casa de los Portal*. Es algo que intuimos, luego de contrastar los Padrones de Vecinos que se conservan en el Archivo Municipal de Pontedeume<sup>12</sup>. El correspondiente a 1812, describe que Vicente Bermúdez de Castro vive en la calle Real junto con sus criados Andrés Moyano y María García. En el correspondiente a 1840 está la anotación de que en la calle Real vive el Oidor Félix Pablo Portal Varela, casado con Bernardina Bermúdez, junto con su hija Jesusa y su sobrina Cándida Pardo.

## 2.2 CARRERA MILITAR

Con 17 años de edad, en 1794, ingresa como Guardia Marina en Ferrol junto con su hermano pequeño Vicente. Eran varios los miembros directos de su familia que ya servían en la marina de guerra española. Su hermano mayor, Juan Antonio, era Teniente de Fragata cuando el 22 de julio de 1805 perdía la vida a bodo de *El Firme*, hundido por la

*Arzobispo de Santiago. Su familia en Pontedeume*, en: “Cátedra” 17 (2010) 212-215.

8. Sentó plaza de Guardia Marina en la Compañía de Ferrol el 33 de diciembre de 1790. Teniente de Fragata murió en combate a bordo del navío “El Firme” el 22 de julio de 1805 en la batalla de Finisterre, un desgraciado prólogo de la posterior batalla de Trafalgar. Cf. S. F. PARDO DE CELA – C. ADRÁN GOAS, *Regidores del Concejo de Viveiro (Siglos XV al XIX)*, en: “Estudios Mindonienses” 30 (2014) 383-386.
9. Habitó en el Convento de religiosas Clarisas de Santa Bárbara de la Ciudad Vieja de A Coruña en 1795, para ingresar luego como monja del Monasterio benedictino de San Paio de Antealtares en Santiago de Compostela, siendo dotada por su tío materno Benito Pardo de Vivero, también Teniente de Fragata de la Armada española. Cf. *Ibid.* 386.
10. Sentó plaza de Guardia Marina al mismo tiempo que su hermano Benito. Adquirió el grado de Alférez de Navío el 13 de junio de 1800, siendo destinado en las cañoneras de los apostaderos de Ferrol y A Coruña. Condecorado con el Escudo de Honor por las acciones de los días 25 y 26 de marzo de 1800 a la altura de A Graña. En 1811 solicita el retiro de su empleo por motivos de salud. Cf. *Ibid.* 386.
11. Cf. ARCHIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO, *Fondo Parroquial, Santiago de Pontedeume, Libro de Bautismos VI (1770-1786)*, Folios 184 vuelto y 185 recto.
12. ARCHIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, Fondo General, Sección: *Padróns, censos e estadísticas de población*, Legajo 83: *Padróns de habitantes 1712-1844*.

flota inglesa comandada por el almirante Robert Calder delante del cabo Finisterre<sup>13</sup>; también era oficial su tío materno Benito Pardo de Vivero y Vicente, su hermano menor, se retirará condecorado de la Marina en 1811. También adquirió relevancia uno de sus parientes contemporáneos: José Bermúdez de Castro y Taboada (Betanzos 1736 – Cádiz 1814), Comandante de la Compañía de Guardias Marinas en 1797 y Teniente General de la Armada en 1809<sup>14</sup>. Y, por último, sus primos también eumeses, los hermanos Pardo de Lama Bermúdez de Castro, sentaron plaza de guardias marinas contemporáneamente a Benito y Vicente.

Por Real Orden de 13 de agosto de 1776, y dentro de un proceso de reforma de la Armada española se habían creado en Ferrol y Cartagena, Reales Compañías de Guardias Marinas, base del Cuerpo General de la Armada. Ello supuso una buena oportunidad para los miembros de familias hidalgas afincadas en el contorno de la ciudad departamental para hacer carrera militar, habida cuenta que en aquellos años, para ingresar en las academias militares, los aspirantes a oficiales habían de proceder de clase aristocrática, tanto por tronco paterno como materno.

Junto con la limpieza de sangre, se exigía tener entre 16 y 18 años, además del cumplimiento de unos requisitos físicos que determinaran la aptitud para la carrera de las armas y, para el caso de los Guardia Marinas, se veían aumentados con unas pruebas de suficiencia científica. Tenían que pasar un examen para poder ascender a oficial y, en caso de suspender repetidamente, eran expulsados de la Armada<sup>15</sup>. Las Ordenanzas de 1748 disponían que, en el término de dos años de asistencia a la Academia, los cadetes demostrarían sus conocimientos de aritmética, geometría, trigonometría, pilotaje y manejo de la artillería y, quienes no superasen el examen, serían licenciados<sup>16</sup>.

Este proyecto, comparado con los de otros países, era muy novedoso. Estaba formado por una compañía de cadetes de muy pocos años y reservada a los nobles e *hijos-dalgo*. Ello supuso un cambio abismal: frente a la educación cortesana tradicional, se intentó dar una base matemática. Se quería combinar la formación militar con la racionalidad geométrica que permitía, además, abrir las mentes de sus oficiales a las ideas ilustradas que en ese momento llegaban de Europa, y que estaban arraigando con mucha fuer-

13. Además de un Bermúdez de Castro, aquel día la escuadra española tuvo otros 104 muertos más y 232 heridos. Cf. H. FRANCO CASTAÑÓN, *El ejército español en la campaña naval de 1805, las Antillas, Finisterre y Trafalgar*, en: "Revista General de Marina" 249 (2005) 8-9, 373.

14. Cuando desempeñaba el empleo de alférez de navío en la escuadra de Gravina, sufre un naufragio a bordo del cañonero *Ánimas*, embarrancando en la playa de la Escala (Golfo de Rosas) el 5 de enero de 1795. Fue vocal del tribunal del Consejo de Guerra que, en 1799, determinó las responsabilidades de los oficiales españoles que sufrieron derrota en la batalla del cabo de San Vicente. Cf. C. FERNÁNDEZ DURO, *Naufragios de la Armada española. Relación histórica formada con presencia de los documentos oficiales en el Ministerio de Marina*, Madrid, Tipografía Estrada, Díaz y López 1867, 124. También: ID., *Historia de la Armada Española*, Tomo VIII (1789-1808), Madrid 1902, 105 y 467.

15. Cf. *Oficiales y dotación de los navíos de la Real Armada española de finales del siglo XVIII. Organización*, En: [www.todoababor.es](http://www.todoababor.es): Artículo basado en buena parte en la tesis doctoral de MIGUEL ALÍA PLANA titulada: *La Armada y la Enseñanza Naval (1700-1840) en sus Documentos. Aproximación a las Reales Ordenanzas reguladoras, desde una perspectiva jurídico-administrativa y pedagógica*.

16. Cf. M. A. SELLÉS, *El Observatorio de Cádiz (1753-1831)*, Madrid 1988, 397.

za en el viejo continente. Aquí debemos dejar constancia de lo sostenido por algún investigador sobre este tema, y es que toda aquella reforma y actualización de los estudios navales fue obra del Capitán de la Real Compañía de Guardias Marinas de Ferrol, Francisco Gil y Lemos, que en 1805, llegó a ser Ministro de Marina<sup>17</sup>.

Adquiridos los conocimientos fundamentales, el futuro oficial debía embarcarse y tomar conocimiento de la práctica de la navegación, donde sus superiores harían de tutores, hasta alcanzar el empleo de oficial de guerra más básico, que era el de Alférez de Fragata. El 13 de junio de 1800 el suplemento a *La Gaceta de Madrid* publica el nombramiento como Alférez de Fragata de los hermanos Benito y Vicente Bermúdez de Castro y Vivero<sup>18</sup>.

### 2.3 DESPLEGADO EN EL NEPMUCENO

Con ese empleo (Alférez de Fragata) Benito Bermúdez de Castro aparece enrolado en la tripulación del *San Juan de Nepomuceno* en la batalla de Trafalgar, donde tenía el cometido de encargado del destacamento de Marina<sup>19</sup>. Su uniforme (el denominado corto) venía regulado por la Real Orden de 9 de julio de 1802 y consistía en: “Casaca azul, vuelta, cuello, forro y solapa suelta encarnada, guarneida por ambas caras así como la vuelta y el cuello, con galón de oro angosto de barra y flores de lis, botón de ancla y corona: chaleco y pantalón con media bota, corbatín y cinturón negro con chapa de metal, sable corto y plumero encarnado en el sombrero”<sup>20</sup>.

El *Nepomuceno* era un navío de línea (denominado así por la formación que adoptaban en batalla, una línea detrás de otra para mantener una cortina de fuego contra el enemigo), con 74 cañones y que estuvo en activo entre 1766 y 1805, hasta que finalmente fue apresado en la batalla de Trafalgar por la escuadra británica. Fue construido, por orden ministerial de 20 de septiembre de 1763, en los astilleros de Guarnizo (Cantabria)<sup>21</sup> junto a otros cinco navíos de similares características: el *San Pascual*, el *San Francisco de Asís*, el *San Lorenzo*, el *Santo Domingo* y el *San Agustín* que, en un principio, debían seguir las líneas de diseño del llamado sistema inglés o sistema de *Jorge Juan*, aunque finalmente, fueron proyectados por Francisco Gautier Audibert<sup>22</sup>. Botado el 18 de octubre de 1766, sus dimensiones eran: 48 metros de quilla, 55 metros de eslora, 14 metros de manga, desplazando 2.982 toneladas, 1.630 de arqueo. Disponía de una tripulación de 570 hombres, 39

17. Cf. I. GIL AGUADO, *Origen y desarrollo de los estudios mayores o sublimes de matemáticas en la Real Armada de la Ilustración. Nuevas consideraciones*, en: “Revista de Historia Naval” 122 (2013) 31-58.

18. “La Gaceta de Madrid” (13 de junio de 1800) 502.

19. Cf. *Relación de los Oficiales del Cuerpo de la Armada muertos y herido en el combate naval de 21 de octubre de 1805*, en: “La Gaceta de Madrid” nº 53-105, de 12 de noviembre de 1805.

20. Cf. J. M. ALÍA PLANA, *Los uniformes de la Armada en Trafalgar*, en: “Revista General de Marina” 249 (2005) 8-9, 439.

21. Cf. J. CASTANEDO GALÁN, *El navío San Juan Nepomuceno y la ciudad de Santander a finales del siglo XVIII*, Santander, Ayuntamiento y Ediciones de la Librería Estudium, 1996.

22. Cf. N. VALVERDE, *Un mundo en equilibrio: Jorge Juan (1713-1773)*, Madrid, Marcial Pons Ediciones Historia, 2012, 228-229. También: J. TOUS MELIÁ, - C. LÓPEZ SOLANO, *Guía histórica del Museo Militar Regional de Canarias*, Tenerife, Ministerio de Defensa 2000, 145-146.

de ellos oficiales y guardias marinas<sup>23</sup>. Desde su entrada en servicio quedó asignado al Arsenal de Ferrol y se reveló como un barco muy velero, aunque poco ágil en las maniobras cerradas a pesar de su revolucionario casco. Aun así, fue asignado para desempeñar funciones de exploración o de caza de barcos menores.

En 1767 desempeñó su primera misión, al escoltar hasta los Estados Pontificios a los barcos con los religiosos jesuitas, desterrados de España aquel año por el gobierno de Carlos III. Entre 1781 y 1783 desarrolló acciones en aguas caribeñas, coincidiendo con un período de hostilidades entre España e Inglaterra. Llegó a ser navío insignia de la flota que partió a la conquista de Pensacola con motivo de la Guerra de la Independencia de los Estados Unidos de América y apresó la fragata británica *HMS London* en el curso de las operaciones. En 1803 Cosme Churruga pasó a ser capitán del barco<sup>24</sup>.

En 1805, el *San Juan Nepomuceno* tomó parte junto con el resto de la flota hispano-francesa en la batalla de Trafalgar, en la cual fue capturado y llevado a la base de Gibraltar por la flota inglesa. Fue uno de los últimos barcos en rendirse. Churruga, su capitán, herido de muerte prohibió a sus oficiales rendirse. Su segundo comandante, Francisco de Moyúa, también acabó muerto. Finalmente, al alcanzar los 100 muertos y 150 heridos a bordo, de sus 693 hombres de dotación, Joaquín Núñez Falcón, oficial al mando, ordenó rendirse<sup>25</sup>. Tras la batalla de Trafalgar, fue tomado al servicio de Gran Bretaña como *HMS San Juan* y sirvió como pontón en Gibraltar durante muchos años y como lugar de recepción de autoridades a partir de 1808. En honor al valor de Churruga, se colocó una placa con su nombre en la cabina que él había ocupado mientras que permaneció a bordo, y se ordenó que todo el que en ella entrara, se quitara el sombrero como muestra de respeto al aguerrido enemigo. Acabó siendo vendido y desguazado en 1818.

## 2.4 DECESO Y HONORES PÓSTUMOS

Benito fallece el 21 de octubre de 1805, a los 28 de edad, a bordo del navío *San Juan de Nepomuceno* en acción de guerra en la batalla de Trafalgar. Su defunción se hizo pública en *La Gaceta de Madrid* –el antecedente del Boletín Oficial del Estado– correspondiente al 12 de noviembre de aquel año, después de once años de servicio en la Armada española<sup>26</sup>. Como todos los muertos en el combate –a excepción de los que se hallan enterrados en el Panteón de Marinos Ilustres de Cádiz– su cadáver fue entregado a la mar.

El 23 de diciembre de 1805, ante un cenotafio levantado a expensas del Real Cuerpo de Marina del Departamento de Ferrol<sup>27</sup>, en la iglesia de San Julián de Ferrol se cele-

23. Cf. A. DE LA PIÑERA RIVAS – J. THIAL BOISSIÈRE, *La construcción naval en España en el siglo XVIII*, en: “Revista de Historia Naval” 20 (2002) 79, 29.

24. Cf. S. GÓMEZ, *Navio San Juan Nepomuceno. Sus campañas*, en: [www.todoababor.es](http://www.todoababor.es), Revista divulgativa de historia naval en Internet.

25. Cf. J. C. MEJÍAS TAVERO, *Los navíos españoles de la batalla de Trafalgar*, Madrid, Aguilar 2004.

26. Cf. C. FERNÁNDEZ DURO, *Relación nominal de los jefes y oficiales muertos y heridos en el combate de Trafalgar*, en: Apéndice al capítulo XV nº 2 del Volumen VIII de la Historia de la Real Armada española, 344.

27. Una descripción del mismo se encuentra en: A. MARTÍN GARCÍA, *O. c.*, 100-102.

braron las exequias generales por las ánimas de los oficiales muertos en Trafalgar. La oración fúnebre fue pronunciada por Manuel Fernández Varela<sup>28</sup>, fue la honra y el reconocimiento para aquellos héroes, y el consuelo para las pérdidas humanas de aquel desastre<sup>29</sup>.

Debido al gran valor demostrado por muchos de los combatientes se otorgaron numerosas condecoraciones, títulos y ascensos, muchos de ellos a título póstumo. En general fueron ascendidos un grado casi todos los oficiales y muchos miembros de las dotaciones. El derroche de ascensos se completó con el no menor de las gratificaciones económicas, concediéndose varios meses de paga extra, cosa bastante insólita cuando se llevaba hasta antes de la batalla seis meses sin cobrar. Pero, y como se temía, no hubo tales pagos. Es para preguntarse qué sentirían los oficiales del *San Juan*, del *Trinidad* o del *San Agustín* por poner unos ejemplos, al ver como se ascendían a todos los oficiales del *Rayo*, *Asís* y *San Justo* que en la batalla no habían prácticamente pegado un tiro. Y aún más doloroso es el caso del *San Justo* que no sólo apenas participó en la batalla sino que no pudo salir los días posteriores al rescate de algunos navíos apresados, como al menos sí hicieron el *Rayo* y el *Asís*, por quedar desarbolado por la tempestad. Incluso fueron ascendidos oficiales que no habían estado en la batalla. Algo que, ya en aquella misma época, resultó verdaderamente bochornoso<sup>30</sup>.

### 3. TRAFALGAR: EL ÚLTIMO SERVICIO

En el momento de Trafalgar el *San Juan Nepomuceno* contaba con una dotación de: 12 oficiales de marina, 10 oficiales mayores, 37 oficiales de mar, 212 infantes de marina, 70 artilleros de mar, 50 artilleros agregados, 178 marineros, 126 grumetes, 18 pajés y 86 piezas de artillería<sup>31</sup>. La mala situación de todo, y sobre todo de la falta de pagas a oficiales, guarniciones y tripulaciones ya había obligado al Capitán General de la Armada española, Federico Gravina, a escribir al valido real Manuel Godoy para que enviase fondos para pagar a los hombres. El Primer ministro, en su contestación fechada el 14 de octubre de 1805, expone de manera muy clara el lamentable estado económico en el que se encontraban las arcas<sup>32</sup>:

28. El clérigo y mecenas ferrolano Manuel Fernández Varela (1772-1834), hijo de un oficial de marina, fue Párroco de Sada (A Coruña), Canónigo de las catedrales de Lugo y Toledo, Comisario General de Cruzada y miembro de la Real Academia de la Historia. Cf. M. SARALEGUI MEDINA, *Apuntes biográficos del Excmo. Señor Comisario General de Cruzada Don Manuel Fernández Varela*, Madrid, Tipografía Retés 1904.

29. "El memorable y desgraciado combate de Trafalgar fue el golpe mortal de la marina española; y los habitantes del Ferrol, como los de los demás Departamentos marítimos, tuvieron que llorar por largo tiempo la muerte de sus más queridos objetos. La mayor parte de los buques que perecieron habían salido tripulados del Ferrol, y la casa de la viuda del inmortal Churruca era regada con sus lágrimas y con las de las familias de los muchos ferrolanos que perecieron en aquella desastrosa jornada". En: J. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de El Ferrol*, Pontedeume, Imprenta López Torre 1972, 81.

30. Cf. A. R. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *Antecedentes y consecuencias*, en: "Revista Española de Defensa", Suplemento al nº 212 (2005) 16-21.

31. Cf. V. SAN JUAN, *A. c.* y también: J.M. TREVIÑO, *Los navíos de Trafalgar*, en: "Revista General de Marina" 249 (2005) 363.

32. Cf. J. CAYUELA FERNÁNDEZ – A. POZUELO REINA, *Trafalgar. Hombres y naves entre dos épocas*, Barcelona, RBA Ediciones 2007.



*“Nuestros dispendios han sido tiempo hace exorbitantes y continúan siéndolo sin guardar proporción, sino excediendo en mucho a los ingresos del Erario. Desde el principio de las hostilidades, es decir en los nueve meses de este año, se han librado en virtud de órdenes mías sobre cien millones de reales para el servicio de la Armada y algún socorro dado también al Ejército. Los 25 navíos, 6 fragatas y algunos buques menores que tenemos hoy armados, las fuerzas sutiles, las vigías y otros objetos de la guerra de mar en sólo Europa, nos cuestan únicamente para su manutención en cada año más de ochenta millones de reales. A este gasto extraordinario debe agregarse el que tienen que hacer los arsenales de los tres departamentos para surtir la Armada de lo necesario, comprándolo a precios mucho más subidos que los de tiempo de paz, y forzando los trabajos para que nada falte a los armamentos, todo lo cual se verifica por medio de un crecidísimo desembolso, superior en bastante cantidad a los 120 millones de reales que es la consignación ordinaria de la Marina en tiempo de paz. De suerte que con 200 millones de reales al año, suma del gasto ordinario y del extraordinario, apenas podremos mantener hoy los arsenales de los tres departamentos, los ramos todos de Marina en ellos y las fuerzas armadas.”*

*“Tal es nuestro estado, y él nos obliga, no sólo a omitir todo gasto que pueda excusarse, sino a hacer el desembolso de los pagos indispensables con toda la lentitud posible para evitar los ahogos en que sin esta precaución nos veríamos a cada paso, si no se diese tiempo para que se realicen las negociaciones que hay establecidas para que no falten a la Marina los fondos necesarios.”*

*“He entrado en esta explicación para dar a conocer a S.E., aunque con sentimiento mío, que el pago de sueldos no puede hacerse mensualmente, y que sólo de tiempo en tiempo podrán darse algunas pagas a los embarcados según lo pida la necesidad y lo proporcionen los fondos. Pero las gratificaciones de mesa y demás gastos que no puedan demorarse, se pagarán puntualmente.”*

Estos testimonios desvelan que muchos de los combatientes españoles sabían que no cobrarían, situación que venía repitiéndose en meses anteriores y por encima se recortaban los gastos. Utilizando informaciones de estudios y artículos específicos que toman como fuente el *Corpus Documental* sobre la campaña de Trafalgar<sup>33</sup>, sabemos de un motín en el que tuvo protagonismo Benito Bermúdez de Castro. Esta es la crónica:

33. J. I. GONZÁLEZ-ALLER HIERRO, *Campaña de Trafalgar (1804-1805). Corpus Documental*, Madrid, Editorial del Ministerio de Defensa 2004. El almirante González-Aller, junto a su equipo del Museo Naval de Madrid, ha elaborado este magnífico trabajo, clasificando y publicando de uno de los mayores cuerpos de documentos sobre la batalla.

*“Un día antes de la llegada a Cádiz, se encontraba el San Juan Nepomuceno destacado con dos navíos franceses en descubierta dando caza a una fragata de la escuadra inglesa del almirante Cuthbert Collingwood. En este contexto, se produce un motín a bordo del navío español. Cuando todo estaba preparado para el combate varios infantes de marina vacían las ollas de los ranchos de los oficiales mayores. Durante esa noche y el día siguiente, Churruga hizo diligencias infructuosas, tomando la decisión de privar de la ración de vino a cuarenta y dos infantes de marina hasta que aparecieran los verdaderos culpables. El 24 de agosto llegó del Mayor General de la escuadra un escrito que informaba que tres infantes habían hecho un recurso sin autorización y contrario a las Ordenanzas. La mañana del 27 de agosto el soldado de marina Simón Pérez solicitó al alférez de fragata Benito Bermúdez de Castro su ración de vino, negándose a ser uno de los castigados, protestando en voz alta siendo echado del alcázar a empujones. Otros dos soldados llegaron con la misma pretensión y son amenazados con el cepo. Varias voces de protesta se oyeron en contra del castigo contra los tres soldados y varios hombres corrieron a la primera batería a hacerse con sus armas. El segundo comandante, el capitán de fragata Francisco Moyúa, cogió una pistola descargada y se dirigió rápidamente a la primera batería, mientras Churruga salió de su cámara y se encontró a la guardia custodiando las escalas y escotillas para que no pudieran subir los sublevados. El capitán Moyúa encontró a varios infantes armados y con su arma descargada se metió entre los amotinados y les ordenó bajar las armas, a lo cual accedieron. Churruga escuchó sus quejas y les habló. Los amotinados prefirieron que les castigase Churruga antes de ser juzgados en un Consejo de Guerra y le rogaron que no les abandonase. Del navío Príncipe de Asturias llegó un oficial para ofrecer auxilio pero no hizo falta; las tropas del Regimiento de la Corona habían tomado sus armas y ocupados los puestos claves. Esa noche se dobló la guardia y se tomaron las medidas necesarias para reprimir otro motín. Al arsenal de La Carraca son llevados tres cabos y treinta soldados. Al no haber derramamiento de sangre, Churruga intercedió por ellos ante Gravina para que no fuesen ejecutados, siendo conmutada esa pena por la de ocho años de cárcel. Todos estos acontecimientos desembocaron en la angustiosa salida de la Escuadra Combinada de Cádiz en la mañana del 20 de octubre de 1805”.*

Este relato nos da idea de las dosis de verdadero heroísmo que suponía estar embarcado en esta empresa: Falta de marinería profesional; duras condiciones de vida a bordo y salubridad rudimentaria que sólo se veían compensadas con el talante de presti-

gio –humano y militar– de algunos comandantes. Las labores de la marinería eran agotadoras: guardias de cuatro horas, reposo de otras cuatro en sitios nada confortables con ropa mojada, ya por lluvia, ya por las condiciones de las maniobras lo que motivaba la frecuente aparición de pulmonías, parásitos, escasa higiene... Además, el almacenamiento de agua dulce en barcos de guerra hacía peligroso su consumo humano, pues las bacterias contaminaban dicho elemento, convirtiéndolo en un factor provocador de enfermedades y epidemias. La sed había que apagarla, precisamente, consumiendo vino o cerveza ¡Como para no comprender el origen de tal motín por la ración de vino!

Al día siguiente de estos hechos, Churruga, su segundo Moyúa y el alférez Bermúdez de Castro encabezaron el parte de bajas, por ser los tres oficiales muertos del *Nepomuceno*<sup>34</sup>.

#### 4. CONCLUSIONES

Reiteramos que no ha sido pretensión de este estudio el describir y analizar el desarrollo de la operación naval de Trafalgar, nos remitimos a la abundante bibliografía existente sobre el tema. Eso sí, para contextualizar en la figura del alférez Bermúdez de Castro la expresión local de la misma, diremos que dicha batalla dirimió la rivalidad por el dominio de los mares, mantenida durante dos siglos, sentando el pilar fundamental de la *pax britannica*. De igual modo, con carácter inmediato, frustró el intento de Napoleón de invadir Gran Bretaña, estranguló el sistema continental posterior y contribuyó a la caída del emperador corso<sup>35</sup>.

El principal objetivo de Napoleón era la invasión de su odiada Inglaterra y para ello elaboró un plan complejo. El poderío naval británico era demasiado fuerte como para exponerse a un choque frontal. Godoy y Carlos IV cedieron a la tentación de aliarse con Francia para conseguir ese propósito<sup>36</sup>. Se dispuso que la armada española simulase un ataque en gran escala contra las Antillas, obligando así al grueso de la flota inglesa a desplazarse hacia el Nuevo Mundo. En un segundo momento, se trataba de concentrar todo el poderío naval para aplastar a la parte de la flota británica que hubiera quedado en las proximidades de Europa, antes de utilizar los mismos barcos para trasladar a los ejércitos napoleónicos a través del paso de Calais. Nótese que, de cumplirse el plan de Napoleón, España pasaría a ser la fuerza naval más poderosa, quedando las Indias libres de la pesadilla británica. Pero el genio de Lord Horatio Nelson desbarató el plan. El almirante inglés no se dejó engañar por el simulacro que la flota española realizó en las Antillas, y mantuvo el grueso de la escuadra inglesa en las proximidades de Europa. Para colmo, la reunión

34. Cf. *Memorias sobre el combate de Trafalgar redactada por José Cabeza, primer piloto embarcado en el navío San Juan Nepomuceno*, en: S. I., GONZÁLEZ – ALLER HIERRO; O. c.; Anexo 28, 1507.

35. Cf. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, O. c., 226-227.

36. Cf. J. DOWLING, “La pérvida Alción de Pedro Estala: proemio al combate naval del 21 de octubre de 1805”, en: AA.VV., *Ideas en sus paisajes. Homenaje al profesor Russell P. Sebold*, Alicante, Publicaciones de la Universidad 1999, 151-157.

de las escuadras francesa y española estuvo lejos de ser una operación perfecta. El almirante en jefe aliado, Pier Charles Silvestre de Villeneuve, se detuvo excesivamente en Cádiz, circunstancia que supo aprovechar Nelson, bloqueando a la flota aliada en el puerto gaditano. Finalmente, Villeneuve lanzó sus barcos contra la escuadra inglesa dispuesto a jugarse el todo por el todo. El encuentro se produjo en el cabo Trafalgar. Nelson aprovechando el viento, atacó a la escuadra franco-española por el flanco, dividiéndola en varios grupos de barcos sueltos, procediendo a su sistemática destrucción, a pesar del heroico esfuerzo de los aliados. La victoria inglesa, que costó la vida a Nelson, fue absoluta. Destruida la armada, la posibilidad de invadir Inglaterra era nula y bien pronto tuvo Napoleón que reconocer el fracaso<sup>37</sup>.

Naturalmente, en España, después del desastre de Trafalgar se oyeron voces airadas contra Godoy. Por su parte, éste comprendía que, por todos los medios, debía cambiar su política exterior: debía conseguir el apoyo de Inglaterra. Destrozada la armada española, España perdía interés como aliada para Napoleón, ganando en cambio interés como botín<sup>38</sup>. Godoy maniobró secretamente, para entenderse con los integrantes de la cuarta coalición contra Napoleón.

Haber luchado en Trafalgar supone cierta aureola heroica, sobre todo por la parte española, cuyo heroísmo bien puede ser descrito como romántico, pues los marinos españoles no salieron a defender nada que les concerniera directamente. Salieron a la mar sabiendo que se envolvían en una torpe maniobra llena de errores tácticos del almirante francés Villeneuve, reafirmando la constante histórica de que las alianzas con Francia siempre han supuesto mermas para España. La subordinación de la Armada española fue total y ello supuso un fracaso estratégico y táctico.

Pero en Trafalgar no sólo hubo bajas de Churruca y Gravinas, La mayoría de sus cuatro mil muertos eran hombres que llevaban a cabo los oficios más penosos y peligrosos, enrolados, muchos de ellos, por la matrícula de mar, gente “pescadora de playa que no tenía otra ventaja más que la de ser un estómago acostumbrado a la mar”<sup>39</sup>.

37. Cf. A. MAUROIS, *Napoleón*, Barcelona, Salvat 1984, 112.

38. Cf. J. L. COMELLAS, *Historia de España contemporánea*, Madrid, Rialp 1993, 46-47.

39. A. M. GARCÍA, O. c., 81.



Muerte del brigadier Cosme Damián Churruca

a bordo del "San Juan Nepomuceno".

Pintura de Eugenio Álvarez Dumont.

Museo del Prado. Madrid.

# A CONCEPCIÓN DO TEMPO NA IDADE MEDIA E A SÚA PERVIVENCIA NAS COMARCAS DO EUME E AS MARIÑAS. O CALENDARIO DE SANTA MARÍA DO AZOUQUE E O REFRANEIRO

Juan Coira

A historia dun pobo, dunha comarca ou de calquera territorio está formada por unha infinidade de persoas, pensamentos, motivacións e acontecementos. Todos eles están relacionados e todos eles son importantes; todos merecen o seu recoñecemento.

Non obstante, os historiadores contamos cunha serie de dificultades cando botamos unha ollada ao noso pasado. Non é este o lugar para analizar todas estas dificultades, pero si é interesante resaltar unha delas: a historia que nós podemos coñecer e estudar está condicionada polas fontes coas que contamos. Moitas delas foron conservadas con este fin, o de conservación, pois cada sociedade ten interese pola supervivencia dalgúns das súas manifestacións e non pola doutras. Non é casualidade que a historia política, dos reis, grandes homes e grandes acontecementos fora a única historia feita até praticamente o século XX. Mais, xunto coa intencionalidade, outro factor xogou un papel importante no que se refire a esta conservación: o simple azar, a simple casualidade.

Coñecer exactamente a finalidade coa que foron feitos certos obxectos ou soportes que hoxe empregamos como fontes é complexo, pero unha parte importante da información que temos sobre o pasado sobreviviu sen o obxectivo manifesto de perdurar. O que non lles quita importancia e mesmo lles dá un punto extra de valor, dado que o que se fai para ser conservado é máis susceptibel de ser tamén manipulado pola ideoloxía de quen o realiza, namentres que a fonte que non tiña en orixe esta finalidade ás veces reflicte dunha maneira máis aproximada a realidade.

Esta reflexión non é un simple recordatorio dalgúnha das características das fontes históricas; constitúe unha defensa do uso de determinadas fontes, non escritas (a escritura é un dos criterios más evidentes para distinguir entre fontes que queren ser conservadas e aquelas que, en principio, quizais non pretendían tal fin), pero que tamén nos achegan unha gran cantidade de información.

## 1. OBXECTIVOS

O obxectivo principal deste traballo é unha aproximación á concepción do tempo dos nosos antepasados, así como a súa manifestación, dende a Idade Media até practicamente os nosos días, a través de dous tipos de fontes: artísticas e “orais”, é dicir, a tradición oral e, sobre todo, o refraneiro<sup>1</sup>. Unha concepción do tempo que se mantivo ao longo dos séculos até os nosos días, pero que, por diferentes motivos<sup>2</sup>, está desaparecendo da mentalidade dos galegos e galegas do século XXI. Idade Media e contemporaneidade quedan conectadas e ponse de manifesto a estreita relación e dependencia que temos co noso pasado.

Ademais, a través da concepción do tempo que ten unha sociedade, podemos a chegarnos a unha mellor comprensión da súa realidade e de como vivían a súa vida cotiá. O interese neste aspecto da vida abre un amplio abano de posibilidades temáticas, co que tamén teño a finalidade de tratar toda unha serie de manifestacións do noso pasado: festas e celebracións, cultivos, alimentación, crenzas, etc.

E por último, mais non por iso menos importante, está o interese por dar a coñecer mellor unha parte do pasado, tanto medieval como posterior, das actuais comarcas do Eume e das Mariñas. Dúas zonas que mantiveron unha estreita relación ao longo da historia, como bases fundamentais do señorío dos Andrade e como partes importantes da antiga provincia de Betanzos.

## 2. FONTES E METODOLOGÍA

A variedade de fontes que contamos para a análise do noso pasado é notabel, se ben os documentos escritos contaron e áinda contan para moitos cunha mellor consideración que outras, estimados como de maior valor e fidelidade histórica. Non obstante, como se di na introdución, toda manifestación do pasado é importante e o documento escrito, áinda que conte co privilexio de ser fonte de autoridade, non ten por que ser sempre fonte de verdade.

Neste traballo ponse o centro de atención noutro tipo de fontes que acadaron a súa merecida importancia tras as sucesivas renovacións historiográficas que tiveron lugar

- Este traballo de investigación constitúe un complemento doutra investigación más ampla. Vid. COIRA POCIÑA, J.: *Ver, Concebir y epresar el paso del tiempo. El calendario medieval y el refranero*, “Medievalismo” nº 23 (2013), Sociedad Española de Estudios Medievales, Madrid, pp. 117-155. Nesta investigación, as fontes empregadas son un calendario artístico, outro literario (ambos os dous do século XIV) e o calendario formado polo refraneiro, principalmente dos séculos XV e XVI e o contemporáneo. O marco territorial de referencia é a Península Ibérica. No caso deste traballo, céntrome exclusivamente nos territorios que estaban baixo a influencia da familia dos Andrade na Idade Media (principalmente as comarcas actuais do Eume e as Mariñas) e sen darlle a mesma importancia ao calendario literario medieval, xa que non temos a día de hoxe constancia de ningún neste territorio. Outra diferenza é que se poñerá máis atención na propia concepción do tempo, máis que na comparación entre os calendarios.
- Principalmente as transformacións socioeconómicas que está a sufrir a nosa comunidade nas últimas décadas, como por exemplo o exodo rural cara aos núcleos urbanos. Isto está a provocar a perda da parte “viva” –a máis importante- da tradición popular oral.

desde os anos sesenta do século pasado<sup>3</sup>. Novas temáticas e intereses destacaron a importancia como fontes históricas da arte das marxes, do folclore e da tradición ou mesmo da oralidade, nun proceso historiográfico que favoreceu, entre outras cousas, un más que frutífero achegamento entre a Historia e a Antropoloxía<sup>4</sup>.

Neste caso, as fontes fundamentais son, por unha parte, un calendario artístico do século XIV e materiais da tradición oral, principalmente o refraneiro das comarcas do Eume e das Mariñas.

O calendario ao que me estou a referir é o que se pode contemplar en tres capiteis dunhas columnas da nave sur da igrexa parroquial de Santa María do Azougue, en Betanzos. Unha obra da segunda metade do século XIV mandada realizar por Fernán Pérez de Andrade, primeiro señor de Pontedeume e gran promotor cultural do momento, tanto en Pontedeume e Betanzos como noutras lugares do norte de Galicia. De feito, foi mecenas dun taller artístico moi activo durante esa época e que participou na construción desta igrexa do Azougue e do convento de San Francisco situado xusto ao lado, así como doutrios edificios como o convento de Santa Catalina de Montefaro.

Este calendario constitúe un dos mellores exemplos desta temática na arte hispana, se ben pertence a unha época na que os calendarios xa deixaran de ter a importancia que tiveran na arte románica e polo tanto aparece nunha das marxes decorativas do templo<sup>5</sup>, áinda que perfectamente visibel para os fieis, moitos deles campesiños que acudían ao mercado que se situaba na praza onde estaba a igrexa (de aí o nome de “Azougue”, que significaba mercado<sup>6</sup>). Aínda que a esas alturas o calendario perdera parte do significado iconográfico, non deixaba de ser unha manifestación da concepción do tempo dos homes e mulleres que ían a esta igrexa durante os séculos baixomedievais. Ademais, como vemos, esta concepción verase confirmada polo outro tipo de fonte empregada: o refraneiro.

O uso de materiais de tradición oral como fonte histórica acadou importancia hai relativamente pouco. Mais, como xa dixen, constitúen unha manifestación privilexiada da cultura e mentalidade dunha sociedade: o refrán non é só unha mostra de sabedoría; constitúe tamén unha fonte histórica. Tense discutido sobre a súa orixe, se é expresión do carácter popular ou se pola contra na súa raíz estaría o espírito individual ou a influencia da Biblia e outras sentencias de autores. Penso que ambas as dúas posicóns son correctas, mais tamén creo que non cabe dubidar do carácter popular da gran maioría destas

3. Ver por exemplo: BARROS, C. (ed.): *Historia a Debate*, vol.I-II-III, Santiago de Compostela, 1996-2009.

4. Con todo unha serie de obras sobre a mentalidade: festas, actitude diante da morte, etc. Exemplos: VÁZQUEZ GONZÁEZ, B. (dir.): *Temporos de festa en Galicia*, 2 vol., Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006; e PORTELA SILVA, H., PALLARES MÉNDEZ, Mª C.: “Muerte y sociedad en la Galicia medieval (ss. XII-XIV)”, en NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M., PORTELA SILVA, H. (coords.): *La idea y el sentimiento de la muerte en la historia y en el arte de la Edad Media: ciclo de conferencias celebrado del 1 al 5 de diciembre de 1986*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1988, pp. 9-19.

5. Ver CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: *El desfile de los meses de Santa María do Azougue*, “Anuario Brigantino”, nº 16 (1993), Betanzos, pp. 177-196; o *El calendario medieval hispano. Textos e imágenes (s. XI-XIV)*, Junta de Castilla y León, Valladolid, 1996.

6. CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ,, M. A.: “El desfile...”, *Op. Cit.*, p. 192.

pequenas manifestacións de sabedoría, pois no seu fondo percíbese a influencia dunha cosmovisión propia dunha sociedade tradicional caracterizada por unha vida estreitamente ligada á natureza e ás actividades agropecuarias.

A gran maioría dos refráns que serven de fonte para este traballo son contemporáneos, algúns recollidos a finais do século XIX. Mais o feito de seren produto dunha sociedade tradicional fai que sexan apropiados para complementar a concepción do tempo da Idade Media, pois non debemos esquecer que as sociedades tradicionais son conservadoras, no sentido de que a súa visión do mundo e da realidade, as súas condicións de vida e mesmo as súas crenzas tenden a estar profundamente arraigadas na mentalidade e ven con certa desconfianza a evolución e a novidade. Esta estabilidade fai que o refrán se conservase case intacto durante séculos, e polo tanto a súa orixe se poida retrotraer até, como mínimo, os séculos baixomedievais. De feito, unha parte destacabel dos refráns que se foron recollendo por escrito nos últimos anos xa aparecían nalgúnha das recoleccións do refraneiro clásico<sup>7</sup>.

Nun intento por centrar a investigación nas comarcas do Eume e das Mariñas, os refráns e materiais que serven como fontes son na súa gran maioría recollidos nesta zona. Isto non quere dicir que sexan exclusivos dela, pois son compartidos e característicos dun marco territorial máis amplio por unha sinxela razón: como xa se dixo, están estreitamente ligados á natureza e ás actividades agropecuarias, e en Galicia, por exemplo, non se diferencian na súa esencia. Non obstante, si hai lugar a certas particularidades, como veremos ao longo do traballo.

Son catro as compilacións básicas do traballo: o refraneiro agrícola-meteorolóxico recollido por Pedro de Merille, pseudónimo de Salvador Golpe; a recolección de Lois Carré de refráns tomados principalmente na comarca das Mariñas; a colección realizada polo Padre Gumersindo Placer López, eumés ilustre<sup>8</sup>; e polas contribucións persoais de refráns recollidos na miña familia. Con todo este material de tradición oral e co calendario medieval, veremos como se foi manifestando ao longo dos séculos a concepción popular do tempo na nosa comarca.

7. Algúns exemplos das recoleccións e esforzo pola súa conservación levadas a cabo nos últimos anos son: BELOSO GÓMEZ, J. (et al., eds.): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003; ou SOTO ARIAS, Mª R.: *Achegas a un diccionario de refráns: gallego-castelán, castelán-gallego*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.

8. DE MERILLE, P. (pseudónimo de Salvador Golpe): *Refraneiro agrícola-meteorolóxico*, “Anuario Brigantino”, nº 4, Betanzos, 1981, pp. 188-199; PAZ ROCA, Mª Carmen: *Aportación ao refraneiro. Colección de refrás recollidos da tradición oral por Lois Carré (1898-1965)*, en “CADERNOS DE FRASEOLOGÍA GALEGA” nº 4. ESTUDOS E RECADÁDIVAS, XUNTA DE GALICIA, CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES, VIGO, 2003, PP. 129-141; VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López*, en “CADERNOS DE FRASEOLOGÍA GALEGA” nº 4. ESTUDOS E RECADÁDIVAS, XUNTA DE GALICIA, CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES, VIGO, 2003, PP. 143-171. EN NINGÚN LUGAR SE AFIRMA QUE A SÚA RECOLECCIÓN FORA FEITA NA SÚA TERRA NATAL; NON OBSTANTE, É BASTANTE PROBABLE QUE MOITOS DOS REFRÁNS QUE RECOLLE ILE FOSEN, CANDO MENOS, FAMILIARES.

### 3. O CALENDARIO DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE COMO REFLEXO DA CONCEPCIÓN DO TEMPO

Son numerosos os datos que se poden extraer dunha fonte destas características; neste caso, ímonos valer da Historia, Arte e Antropoloxía para achegarnos aos diversos matices cos que contaba este calendario e aos significados que podía suscitar na mentalidade dos nosos antepasados.

#### 3.1 O CALENDARIO E O TEMPO

O calendario na Idade Media xogaba un importante papel social. Servía, en primeiro lugar, como manifestación dunha das principais creacións divinas: o tempo. E, ademais de creación, era unha das súas prerrogativas, pois só a Deus lle pertence a capacidade de controlalo. Por ambos motivos non é casualidade que os principais deuses das diferentes cosmogonías sexan tamén os creadores do calendario<sup>9</sup>. O calendario é a proba da disposición do tempo por parte de Deus. Mais non é unha categoría que lle afecte á divindade, pois Deus está fóra do tempo, vive na eternidade. O tempo é unha categoría humana, son os seres humanos os que viven a través del en busca da eternidade. Por iso, dende as primeiras sociedades o ser humano tivo interese no paso do tempo e, polo tanto, foi forxando a súa propia concepción.

Desde as súas orixes, o ser humano non se concibiu como algo substancialmente diferente ao tempo. Hoxe en día concibímolo como unha realidade obxectiva, externa a nós, que existía antes da nosa conciencia e que continuará tras a nosa morte. Porén, hai relativamente pouco o tempo estaba estreitamente ligado á vida humana, como unha parte de nós.

#### 3.2 O CALENDARIO E O ESPAZO

Xunto co tempo, outra das categorías consubstanciais ao ser humano era o espazo. Neste sentido, o ser humano sentíase ligado ao que tiña ao seu redor, onde desenvolvía a súa vida, é dicir: a natureza. Vida, tempo e natureza formaban un todo profundamente arraigado na mentalidade humana, que se vía a si mesmo como un microcosmos ou o que é o mesmo, unha representación a pequena escala do cosmos, da realidade<sup>10</sup>.

O ser humano non se vía como externo ao tempo nin á natureza, especialmente á segunda, pois era o seu espazo de vida, o seu sustento, o seu traballo, a súa intermediaria coa divindade e, por suposto, a súa referencia temporal. A natureza marcou dende sempre as pautas de vida, tanto biolóxicas como sociais, coa sucesión día-noite e o paso das estacións. E o que é máis importante: estas pautas son regulares, levan a mesma orde, día tras día, mes tras mes, colleita tras colleita. Non había lugar a cambios (no substancial, loxicamente), todo era igual até onde alcanzaba a memoria histórica, o pasado actualizábase

9. LE GOFF, J: *El orden de la memoria. El tiempo como imaginario*, Paidós, Barcelona, 1991, p. 185.

10. De aí a frecuencia coa que o ser humano se comparaba coa realidade natural, e, por exemplo, a herba era metáfora do seu pelo ou os ríos das súas veas e arterias.

constantemente. Por este motivo, cando o ser humano se parou a reflexionar sobre o tempo, o concibiu da única maneira que dende a súa percepción podía ter sentido: dunha maneira cíclica.

### 3.3 O CALENDARIO E AS CONCEPCIONES DO TEMPO

Esta concepción cíclica implicaba a creencia de que pasado, presente e futuro podían ser unidos nun punto, principalmente nas festividades e os seus rituais, que reactualizaban o pasado ao mesmo tempo que se garantía o futuro da comunidade. Os tres tempos mantíñan unha relación especial porque o presente camiñaba cara a un futuro que ao mesmo tempo era o pasado, xa que os feitos se repetían unha e outra vez. Esta concepción, característica das sociedades tradicionais, cunha vida que xiraba en torno aos ciclos da natureza, foi a que chegou até a Antigüidade e a que herdou a Idade Media; mais, iso si, convivendo cunha novedade fundamental: unha nova concepción do tempo característica da cultura xudía-cristiá, unha concepción lineal<sup>11</sup>.

Esta nova concepción supuña un cambio fundamental: pasado, presente e futuro convertíanse en tres puntos sucesivos dispostos nunha liña que camiñaba, inevitabelmente, cara ao futuro. Tres momentos eran esenciais, e sobre todo o central: a Creación do mundo e do tempo por parte de Deus; a súa encarnación en home e presenza no mundo terreal; e a fin do Mundo, que supón o Xuízo Final. A historia da humanidade debía pasar por esos tres puntos transcendentais e irrepetíveis. A humanidade camiña cara a un fin determinado, único, co cal a idea da circularidade da historia quedaba eliminada. O pasado viña recollido no Antigo Testamento; o presente vén caracterizado pola encarnación de Cristo e o nacemento da Igrexa; e o futuro sería o resto da historia da salvación até a fin do tempo. Nese momento, o ser humano alcanzará a eternidade, tanto para ben (o Paraíso) como para mal (o Inferno).

Porén, esta concepción lineal do tempo significaba un cambio demasiado drástico coa concepción que tiña unha poboación sobre a cal o Cristianismo se estaba a sobreponer. E a historia da cristianización dá conta dun proceso gradual de aculturación, no que o Cristianismo soubo tamén adaptarse ás circunstancias mentais e culturais dunha gran variedade de poboacións. Ao longo deste proceso a cultura popular e a cultura oficial da Igrexa mantiveron unha relación de convivencia máis que de oposición que levou a unha especie de entendemento, unha síntese, que se pode apreciar en numerosas manifestacións da relixiosidade popular e incluso na teoloxía; e, como non, tamén na concepción do tempo.

Xa nos primeiros intentos de evanxelización, como é o caso de san Martiño de Dumio, pódese apreciar o interese por introducir unhas nocións de teoloxía básica nas que a Creación, a encarnación de Cristo e o Xuízo Final xogan un papel determinante<sup>12</sup>. Este

11. Para unha maior información sobre ambas as dúas concepcións e as súas diferenzas, GUREVICH, A.: *Las categorías de la cultura medieval*, Taurus, Madrid, 1990. Especialmente as páxinas 50-180, dedicadas ao “cronotopo” medieval.

12. MARTÍN DE BRAGA: *Obras completas*, ed. por DOMINGUEZ DEL VAL, U., Fundación Universitaria Española, Madrid, 1990.

feito xa supuña un primeiro interese por introducir a concepción lineal. Ademais, o santo bracarense tamén intentou cambiar a nomenclatura dos días da semana e dos meses, que até ese momento levaban o nome de deuses pagáns. Isto non ía directamente en contra da concepción cíclica do tempo, pero si indirectamente, pois tratábase de eliminar da mentalidade da poboación calquera rastro da concepción da Antigüidade, aínda que só fora no nome dos días e meses. Mais este obxectivo, como ben podemos apreciar na actualidade, non se conseguiu (en Galicia), agás no caso do sábado e domingo e dos catro últimos meses do ano.

O interesante destes intentos non é tanto se tiveron éxito ou non, senón en ver como a Igrexa intentou cambiar a mentalidade da poboación. Ao longo de séculos ambas concepcións conviviron e se relacionaron sen chegar a impoñerse unha sobre a outra, co que a finais da Idade Media as fontes dan testemuño desta síntese. Tal é o caso do calendario de Santa María do Azougue<sup>13</sup>, no que, como veremos, ambas as dúas concepcións se manifestan e deixan patentes algunas das súas principais características<sup>14</sup>. E o mesmo se pode apreciar no refraneiro, se ben este, máis próximo á cultura popular e dependente das condicións de vida estreitamente ligadas á natureza, amosa unha relación máis directa coa concepción cíclica.

Calendario artístico e calendario “oral” servirannos para ir analizando as principais características de ambas as dúas concepcións, principalmente da cíclica, e así ver a súa manifestación ao longo dos séculos até praticamente a actualidade. Comezaremos co calendario de SMA.

### 3.3.1 A sucesión do tempo

O calendario de SMA está situado en tres capiteis do lado sur da igrexa. Dispuesto a modo de friso, as figuras que representan os 12 meses aparecen como nun desfile<sup>15</sup>.

Temos polo tanto unha primeira característica deste calendario: os meses aparecen un detrás do outro, xuntos pero sen chegar a alcanzarse<sup>16</sup>, como nun desfile. Isto dá unha primeira impresión de concepción de tempo lineal, duns tempos (os meses) que pasan inexorabelmente, uns tras outros, sen chegar a alcanzarse. Porén, isto non era exactamente así. É certo que os meses pasan e se suceden, pero este tipo de calendarios non é como o actual, no que cada ano é irrepetibel<sup>17</sup>. Os calendarios medievais ademais dunha suce-


13. De aquí en diante, calendario de SMA.

14. Ambas as dúas manifestacións amósanse xuntas, polo que no traballo tamén o fan. Pode resultar un tanto confuso, pero esta mestura de concepcións e a súa manifestación creo que é importante mantelas xuntas (espero que non revoltas), tal como estaba na mentalidade da época.

15. CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: “El desfile...”, *op. cit.*

16. Idea que tamén recolle o Arcipreste de Hita no seu Libro de Buen Amor: “El tablero, la tabla, la dança, la carrera son cuatro temporadas del año del espera; los omes son los meses, cosa es verdadera, andan e non se alcanzan, atiéndense en ribeira” (estrofa 1300). JUAN RUIZ, ARCIPRESTE DE HITA: *Libro de Buen Amor*, ed. por BLÉCUA, A. (ed.), Cátedra, Madrid, 1992.

17. Como ben sabemos, un determinado día dun calendario actual nunca caerá ao ano seguinte no mesmo día da semana.



Imaxe 1: Calendario de Santa María do Azougue, visión frontal<sup>18</sup>


sión constitúen un ciclo, que se pode apreciar especialmente ben no caso deste calendario de SMA. Xaneiro aparece representado por un personaxe de dúas caras, o deus Xano Bifronte<sup>19</sup>, sentado a unha mesa mentres cunha cara bebe o coa outra come, e o que é máis importante: mirando para o último mes do ano (decembro) e para febreiro (o seguinte do desfile), facendo de nexo de unión entre un ciclo que remata e outro que comeza<sup>20</sup>. É importante destacar o feito de que os anos constituían ciclos, pois non deixaban de ser ciclos agrarios, que era a principal referencia temporal coa que contaban os campesiños da Galicia medieval<sup>21</sup>. Por iso, non é casualidade que o ciclo agrario coincida, máis ou menos, co ciclo dos meses: o campesiño remataba as súas principais tarefas en decembro.

18. Imaxes tomadas polo autor.

19. Para máis datos sobre o mes de xaneiro nos calendarios artísticos medievais: CASTINEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: *Gennaio e Giano Bifronte: dalle “anni januae” all’interno domestico, (secoli XII-XIII)*, “Prospectiva”, nº 66 (1992), pp. 53-64.

20. Esta circunstancia concédelle ao calendario de SMA a peculiaridade de comezar de esquerda a dereita polo mes de xullo, para que xaneiro fique dessa maneira no medio. Así aparece xaneiro no *Libro de Buen Amor* (o primeiro verso corresponde ao mes de decembro): "... en pos d'este estaba uno con dos cabeças. A dos partes otea aqueste cabeçudo, gallinas con capiotada comía a menudo, fazié cerrar sus cubas, fenchirlas con embudo, echar deyuso yergos que guardan vino agudo" (estrofas 1275d e 1276).

21. Outra referencia temporal importante eran as campás das igrexas; a Igrexa controlaba así o tempo das persoas, obxectivo que tamén perseguía con este tipo de calendarios artísticos.



Imaxe 2: O deus romano Xano representando xaneiro<sup>22</sup>

Polo tanto, o calendario artístico medieval ten en esencia unha estrutura cílica. O feito de estar nun capitel que evoca unha forma semicircular e incluso os seus temas figurativos confirmán esta estrutura, dado que os principais motivos estiveron sempre en relación coas tarefas do ciclo agrario<sup>23</sup>. Non obstante, a cuestión de que aparezan principalmente escenas de traballos agrícolas dá pé a unha reflexión sobre a finalidade non só das representacións, senón tamén da finalidade daqueles que as impulsaron.

### 3.4 O CALENDARIO E A SOCIEDADE

O calendario é unha construcción social, as sociedades recíbeno e adáptano ás súas estruturas sociais. Pero neste caso, a diferenza do calendario expresado polo refraneiro, que emana do pobo, non todos os membros da sociedade medieval podían adaptar os calendarios artísticos ás súas circunstancias. Como se dixo, o calendario manifiesta a determinación do tempo por parte de Deus; só a El lle pertence o tempo. Por este motivo

22. Debuxos recollidos en ERÍAS MARTÍNEZ, A.: *O calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue: un achegamento ás súas imaxes*, “Anuario Brigantino”, nº 27 (2004), pp. 415-430.

23. Para o calendario medieval e os seus motivos artísticos característicos: CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: *El calendario medieval... op. cit.*; ou La iconografía de los meses en el calendario medieval hispano: siglos XI-XIV, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993. Tamén moi interesante a obra de PÉREZ HIGUERA, T.: *Calendarios medievales. La representación del tiempo en otros tiempos*, Encuentro Ediciones, Madrid, 1997.

é lóxico que a Igrexa, a representante da divindade na terra, se considere como a lexítima institución encargada de controlalo. De feito, o control non só do tempo, senón tamén do espazo, nesta vida e no máis alá, foi un dos principais obxectivos da Igrexa medieval, no que avanzou considerabelmente pero que non acadou por completo. Un dos medios empregados foi o calendario, motivo polo cal todos os calendarios artísticos están en relación, dalgunha ou outra maneira, coa Igrexa.

A Igrexa tiña a súa concepción lineal do tempo e quedou manifestada no calendario de SMA. Non dunha maneira evidente dende o punto de vista da nosa mentalidade, pero si para todos aqueles que compartían un mesmo código mental e cultural, como era o caso dos homes e mulleres do século XIV.


### 3.4.1 A metáfora e a concepción do calendario

O calendario de SMA, composto por once escenas nas que un campesiño e as súas principais tarefas e momentos de ocio son protagonistas, constitúe unha metáfora da vida humana cristiá (exceptúo o mes de maio ao estar representado por un nobre nunha escena de cetrería). O ciclo das tarefas agrícolas, co seu comezo e o seu final, simboliza a vida do cristián que ten a necesidade de traballar durante a súa estancia nesta vida terreal para poder alcanzar a vida eterna, a súa recompensa. As tarefas que debe realizar son cada ano as mesmas, son ciclos, pero tamén é un proceso lineal no que o ser humano vai acumulando méritos que o día do Xuízo Final pesarán no lado derecho da balanza de san Miguel. Un proceso que ten unha finalidade manifesta, tal como o tempo: ambos os dous son a historia da salvación, tanto individual como colectiva. E para acadar esa salvación, o ser humano non ten máis remedio que gañar o pan coa suor da súa fronte, como lle obligou Deus no Xénese.

Non obstante, a sociedade do século XIV non era a mesma que a do Antigo Testamento. Deus establecera o traballo como unha condena, e así foi concibido na alta Idade Media, e de aí o desprestixio dos traballos manuais na mentalidade medieval fronte á vida contemplativa ou bélica das principais ordes da sociedade. Porén, esta consideración do traballo comeza a cambiar dende o século XI, a medida que a sociedade se expandía e medraban as cidades cos seus oficios artesanais. O traballo comenzou a ser mellor valorado<sup>24</sup>, o que tivo unha grande importancia para a xénese deste tipo de representacións.

O calendario de SMA serve como recordatorio ao campesiño das súas funcións e obrigas. A súa situación, nunha igrexa contigua ao mercado, acentuaba máis esta característica. Os campesiños que acudían a mercar e vender todo o necesario para a súa vida cotiá entraban na igrexa, onde o calendario, perfectamente visibel, lles recordaba os seus traballos e recompensas. Entraban dese xeito en contacto co poder espiritual pero tamén

24. Ver FOSSIER, R.: *El trabajo en la Edad Media*, Crítica, Madrid, 2002.



Imaxe 3: Agosto, un dos meses coas tarefas agrícolas máis arduas. Aparece representado co mallo na man, o instrumento típico da malla na zona<sup>25</sup>

co temporal, nun contexto que lles reafirmaba, mediante a imaxe e a arte<sup>26</sup>, o seu papel na sociedade. O calendario cumple neste sentido unha importante función: é unha manifestación de poder, pois quen controla o calendario ten indirectamente o control do traballo e, o que é máis importante, dos impostos. Todo iso contribuía a prender o campesiño na trampa do calendario: o tempo da natureza e do traballo, o tempo do amo, o tempo da Igrexa<sup>27</sup>.

Esta concepción do calendario podería supoñer unha certa amargura no momento da súa contemplación. Non obstante, como se dixo antes, a mentalidade cambiara dende

25. Sobre instrumental agrícola medieval, ver MINGOTE CALDERÓN, J. L.: *Tecnología agrícola medieval en España: una relación entre la etnología y la arqueología a través de los aperos agrícolas*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996. O arcipreste de Hita non menciona a malla, pero si a trilla, escena tamén característica do mes de agosto.

26. Sobre a importancia da imaxe na sociedade do Gótico, CAMILLE, M.: *Arte Gótico. Visiones gloriosas*, Akal, Madrid, 2005.

27. LE GOFF, J.: *El orden...* op. cit., p. 193.

a plena Idade Media. O traballo xa non estaba considerado como un castigo, senón como un medio de elevación do fiel cara a Deus, como un medio de redención<sup>28</sup>. Dentro do plan divino, no que cada persoa ten asignado un papel determinado, o tempo do campesiño debe estar dedicado ao traballo; se cumpre co seu papel, obterá unha xusta recompensa. Os *laboratores* podían obter por fin a salvación polos seus medios. A idea desta xusta recompensa nos dá pé a seguir coa metáfora calendario-vida.

Como viñemos vendo, o ciclo agrícola está cheo de traballos. Porén, todo ciclo ten a súa fin e, se se fixeron ben as tarefas, é xusto obter unha recompensa. No caso dos campesiños é a obtención dunha boa colleita coa que pagar as rendas e ademais ter o suficiente excedente ou beneficio para como poder gozar del nas abundantes festividades e celebracións que había ao longo do ano, especialmente nos meses invernais, cunha menor carga de traballo, pero tamén nos de verano e estío<sup>29</sup>. Por iso, non é casualidade que os meses de decembro ou xaneiro foran aproveitados para este tipo de representacións festivas, ligadas ás festividades do Nadal e fin de ano que correspondían coa fin do ciclo agrario. E, dende o punto de vista da cultura popular, todo traballo, e sobre todo a culminación do ciclo, era festexado cun acto de comer e beber.

Estas festividades commemoraban e culminaban o ano pasado, pois o Nadal sempre foi e é momento de acordarmos da familia e dos que xa non están connosco. Mais tamén era momento de mirar ao futuro coa esperanza de que o ano e ciclo agrario que estaban a piques de comezar fosen mellores ou, cando menos, iguais que os anos que o deus Xano miraba coa súa face dereita. E é que a cultura medieval contaba cunha serie de crenzas e ritos de orixe pagá ligadas ao solsticio de verán e noite de ano novo que o Cristianismo quixo enmascarar coa celebración da Natividade do Señor. O comer e o beber inician o ano cunha serie de prácticas máxicas que tiñan a finalidade de asegurar a fertilidade e a abundancia para o ano que comezaba. Era o momento axeitado para realizarlas<sup>30</sup>; un abundante banquete, símbolo do que se agardaba para o novo ciclo. No caso do calendario de SMA esta escena aparece representada en xaneiro, pero noutros casos, como o do panteón real de San Isidoro de León ou o de San Miguel de Beleña del Sorbe (Guadalajara), aparece representada no mes de decembro<sup>31</sup>.

28. FOSSIER, R.: *El trabajo...* op. cit., pp. 16 e seguintes. Para a visión alegórica do traballo agrícola: CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: *Os traballos e os días na Galicia medieval*, Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1995, p. 86.

29. Sobre as festividades e celebracións, ver por exemplo LADERO QUESADA, M. Á.: *Las fiestas en la cultura medieval*, Areté, Barcelona, 2004. Dende o punto de vista antropolóxico, as obras de CARO BAROJA, J.: *El carnaval: análisis histórico-cultural*, Taurus, Madrid, 1984 (2ª ed.); *El estío festivo: fiestas populares del verano*, Taurus, Madrid, 1984; ou *La Estación del amor: fiestas populares de mayo a San Juan*, Taurus, Madrid, 1979.

30. Temos un excelente exemplo no caso do “Tizón de Nadal”, rito mencionado no sínodo de Mondoñedo de Antonio de Guevara, do ano 1541. Á disé que a xente botaba un gran pau ao lume a noite de Nadal que duraba até o ano novo, e despois servía para curar queruntas. GARCÍA Y GARCÍA, A. (dir.): *Synodicon Hispanum*, B. A. C., Madrid, 1981, tomo I, Galicia. Sobre os ritos e crencias arredor dos días de Nadal, Aninovo e Reis, TABOADA CHIVITE, X.: *Ritos y Creencias Gallegas*, Sálvora, A Coruña, 1982 (2ª ed.), pp. 119-143.

31. Ver CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ.: “La mesa del señor y la mesa del campesino. Alimentación y contraposición de estamentos a través de la iconografía del calendario medieval”, en LÓPEZ OJEDA, E. (coord.): *Comer, beber, vivir: consumo y niveles*

Xunto coa escena de banquete, de recompensa, outra nos fala tamén do merecido descanso do campesiño, xusto antes de que a resurrección da natureza dea paso ao novo ciclo agrario. Estoume a referir á escena de febreiro, na que un home aparece abrigado e quentándose á calor do lume, no fogar. Escena que nos remite ao frío invernal, mais non só como a maneira de resguardarse das baixas temperaturas<sup>32</sup>, senón tamén como un momento de ocio, no que a familia se xuntaba a carón do lume, comentaba as vicisitudes do día, xogaban, contábanse historias e contos, sobre todo os más maiores aos novos<sup>33</sup>.



Imaxe 4: Mes de febreiro representado por un home a carón do lume, quentando as súas mans

*de vida en la Edad Media hispánica. Actas de la XXI Semana de Estudios Medievales de Nájera, 2-6 de agosto de 2010.* Instituto de Estudios Riojanos, Logroño, 2011, pp. 391-410. Especialmente interesante a relación entre o festín deste panteón coa festa eucarística, pois o protagonista está bendicindo o pan (pp.402-403). E tamén UDAONDO PUERTO, F. J.: “El Concepto de tiempo en la Edad Media: a propósito del Calendario agrícola del Panteón de los Reyes de San Isidoro de León”, *Ruta Cicloturística del Románico*, nº 17 (1999), Fundación Cultural Rutas del Románico, Pontevedra, 1998, pp. 125-130. O Arcipreste de Hita tamén caracteriza o seu mes de decembro cunha opípara comida: “El segundo comía toda carne salpresa; estaba enturbiada con la niebla su mesa; faze nuevo azeite, con la brasa no l pesa, con el frío a las veces en las sus uñas besa. Comié el caballero la cozina con verças, enclaresce los vinos con ambas sus almuezas; ambos visten çamarras, querién calientes quezas; en pos d'este estaba uno con dos cabeças” (estrofas 1274-1275).

32. Calor e frío son dous das principais referencias dos calendarios populares, como veremos.

33. O Arcipreste de Hita fai mención a esta última actividade, ao referirse ao mes de novembro: “Comia nuezes primeras e asava las castañas, mandava sembrar trigo e cortar las montañas; matar los gordos puercos e desfazer las cabañas; las viejas tras el fuego ya dizen sus pastrañas” (estrofa 1273). Tampouco é casualidade que o título dunha das obras do Marqués de Santillana se titule *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*. Neste sentido tamén é importante que o propio autor dunha das coleccións de refráns, o eumés Gumersindo Placer, reconzña a importancia das avoas no aprendizaxe e difusión do refrán: “¿No recordáis los años felices de vuestra infancia, cuando a la noche os congregabais alrededor de vuestra abuela y, cabé al lar, oíais con atención y asombro sus palabras? ¿No es verdad que, mientras atizaba el fuego, y el viento zumbaba fuera, caían halagadoras en vuestros oídos sus palabras?” VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego..., op. cit.*, p. 152. Nos tres exemplos, faise mención expresa ao papel da muller, vella ou avoa, nesta tarefa de aprendizaxe. En efecto, eran as mulleres as encargadas da educación na casa dos más novos e, neste caso, na transmisión da mentalidade tradicional.

Estamos polo tanto ante a combinación entre as dúas concepcións: un tempo lineal e individual, a vida de cada persoa que cumpre coas súas obrigas neste mundo e merece a redención; e por outra parte o tempo cílico, colectivo, baseado nos ciclos agrarios dunha comunidade que pretende sobrevivir da maneira máis folgada posibel, dentro das súas posibilidades.

### 3.5 O CALENDARIO: UNHA MIRADA CARA AO PASADO E CARA AO FUTURO

Mais un calendario artístico destas características achega máis información sobre ambas as dúas concepcións. Entre a concepción cílica e a concepción lineal hai unha diferenza fundamental. A primeira delas mira, principalmente, cara ao pasado. A cultura popular e a visión do mundo que a caracteriza botan a mirada cara a atrás, ao tempo duns antepasados que, antes que a xeración do presente, xa realizaba as mesmas tarefas e as mesmas festividades nos mesmos períodos do ano. Como dixemos, a importancia do pasado na concepción cílica do tempo é fundamental, porque o seu coñecemento é a clave do paso do tempo, dado que é precisamente o pasado o que se repite ciclicamente converténdose dessa maneira en presente e futuro. Todo na natureza era cílico, tal como no tempo dos antepasados. Deles recíbense tamén as celebracións e festividades que, cos seus ritos, tal como sucede no rito cristián da Eucaristía, o pasado volvía ao presente e proxectábase cara ao futuro.

A importancia destas festividades era grande. Xa non só por ser parte da tradición, senón porque cumplían unha función fundamental. Unha comunidade que se ve a si mesma como parte inseparabel da natureza, tamén cre que pode ter influencia sobre ela, tal como a ten sobre si mesmo. Nesa mentalidade tiñan sentido todos os ritos, crenzas e festividades que teñen como finalidade asegurar a fertilidade dos campos, do mar ou mesmo dos propios homes e mulleres. Festividades con carácter anual, que reforzaban a concepción cílica do tempo. No caso do calendario de SMA, aparece unha destas festividades relacionada co renacer da natureza, que xa se festexaba na época romana. Neste caso estamos ante *Robigus*, espírito da vexetación con orixe na mitoloxía romana. A festa deste ser celebrábase o 25 de abril con procesións florais polos campos para propiciar boas colleitas (máis tarde sería cristianizada coas rogativas de san Marcos)<sup>34</sup>. Os meses de abril e maio son propicios para toda unha serie de festividades con esta esencia, estreitamente relacionadas entre elas, como por exemplo, ademais da dita, a festa dos maios, de tan arraigada tradición na vila de Pontedeume. De feito, o personaxe florido aparece nouros calendarios no mes de maio, áinda que no de SMA está reservado para unha escena de cetrería, característica da vida da nobreza<sup>35</sup>.

34. Desta maneira o describe o Arcipreste de Hita: “El tercero fidalgo está de flores lleno, con los vientos que faze grana trigo e centeno; faze poner estacas que dan aceite bueno, a los moços medrosos ya los espanta el trueno” (estrofa 1286).


35. Ver PÉREZ HIGUERA, T.: *Calendarios medievales...* op. cit., pp. 108 e seg. Recordemos que o mecenazgo desta igrexa foi Fernán Pérez de Andrade, membro da nobreza, non é estranho que aparezca unha escena da vida que se lle suponía aos nobres (escena de caza, neste caso). Se non fore por isto, quizais maio viría tamén caracterizado con trazos florais.



Imaxe 5: Mes de abril representado por "Robigus", espírito da vexetación

No caso da concepción lineal, o fundamental está no futuro. O punto central, a presenza de Cristo na terra, é o punto clave. Mais na vida dun cristián debe haber sempre unha preocupación por riba das demais: a hora da morte, tras a que terá lugar o xuízo individual que determinará o lugar de espera antes do Xuízo Final, momento no que tempo e eternidade confluirán en favor da segunda. Este é o final determinado cara ao que corre o tempo segundo a concepción lineal do tempo; a historia, dende o punto de vista do Cristianismo, é a historia da salvación. O futuro, o que está por vir, centra as principais preocupacións de, por exemplo, os escritores cristiáns e incluso tamén dos movementos mesiánicos e milenaristas. Esta preocupación polo final é unha característica que o calendario de SMA simboliza.

A Igrexa era a encargada de controlar o tempo, e pouco a pouco foi conseguindo que as persoas naceran, viviran e morreran como membros da comunidade cristiá. E vivir como un bo cristián, para o campesiño, significaba cumplir coas tarefas que indicaba o



Imaxe 6: Mes de maio; un nobre cun falcón do seu brazo esquerdo. A cetrería foi unha das actividades da nobreza por excelencia

calendario. Xa falamos do seu carácter recordatorio, pero non da suxestiva metáfora que constituía: o calendario de SMA é unha metáfora da vida humana. E, para ser máis exactos, da brevidade da vida. O home debe traballar ao longo da súa vida para acadar a Salvación, aínda que con algunas concesións intermedias que daban pé a gozar dalgúns satisfacciós terreais. Ao final desta vida, se se traballou e se cumpliu cos preceptos da fe, obterase a gran recompensa do Paraíso; exactamente igual que no calendario, cando en decembro ou xaneiro o campesiño podía gozar da recompensa do traballo ben feito coas festividades que xa se comentaron.

A concepción lineal do tempo suministraba, en certa medida, un pouco de in tranquilidade, xogaba coa angustia dun futuro incerto que constituíu dende sempre unha das maiores preocupacións do ser humano. Nese sentido, a concepción cíclica daba un plus de tranquilidade. O futuro será como o pasado, tal como o viviron os antepasados. As culturas tradicionais tenden a ser conservadoras. Esta constante vista ao pasado é tranquilizadora, pois é o único que temos con seguridade, e dá confianza e estabilidade. Porén, isto non implica que a concepción lineal so achegue dúbida e incerteza. A Igrexa servía como garante e avalaba esta concepción, e a sociedade galega medieval era unha sociedade cristiá. Coa súa relixiosidade popular característica e certo grao de desconfianza, pero cristiáns a fin e ao cabo no século XIV. Isto significaba que se unha persoa cumplía cos preceptos que proclamaban os vicarios de Cristo, podía atravesar o tránsito cara á outra vida con total tranquilidade. O calendario completaba así a súa metáfora: tal como o ciclo da natureza, des

pois da morte viña a resurrección, como a vida mesma. O calendario serve de recordatorio das tarefas e da posición do campesiño nesta vida, o que podía resultar en certo modo unha visión amarga. Non obstante, a conxunción da concepción cíclica e lineal achegaba tamén a tranquilidade necesaria para como afrontar o futuro cunha certa esperanza.

### 3.5 O CALENDARIO E O SEU CARÁCTER PROPICIATORIO

A isto axudaba tamén o carácter “optimista” deste tipo de calendarios. Neles aparece representado un ano ideal, no que todo acontece tal e como debería acontecer. O tra-



Imaxe 7: Escena da crianza do porco; un porqueiro tira froitos dunha árbore para que engorden os animais



ballo non falta, por suposto, é o protagonista da maior parte dos meses; mais tampouco faltan as festividades e o descanso invernal ao carón do lume. En todos os meses realiza-se a tarefa ou festa que lles son propias (festividades en xaneiro, poda en marzo, recolleita de froita en xuño, malla en agosto, engordar os porcos en outubro antes da matanza de novembro, etc.), o que significaba que o clima acompañaba e que todo ía segundo a normalidade.

Non obstante, como é lóxico, esta situación non se daba todos os anos. A natureza amosaba moitas veces a súa cara máis amarga, que no calendario de SMA non aparece pero si o fai no refraneiro, máis apegado á realidade, como veremos máis adiante. É precisamente esta cara menos amabel da natureza a que fai necesaria as festividades relacionadas co ano novo ou co verán, das que xa falamos<sup>36</sup>. Festividades cunha finalidade propiciatoria, para garantir a fecundidade da natureza e que, entre outras cousas, o ano fose tal e como indica o calendario de SMA.

### 3.6. O TEMPO E O SER HUMANO

Como última característica está o feito de que o ser humano non se sentía externo ao tempo, e por este motivo este non se concibía se non había actividade humana. Por iso san Isidoro de Sevilla, nas súas *Etimoloxías*, denomina unha parte da noite como *intempesto*, o espazo medio e inactivo da noite, así chamado porque carece de actividade, é decir, de tempo; e é que “o tempo non é concibido por si mesmo, senón a través dos actos humanos” (*Nam tempus per se non intellegitur, nisi per actus humanos*)<sup>37</sup>. É o ser humano e a súa actividade o que lle dá sentido ao tempo, o que lle dá contido. De aí que nun calendario o protagonista tivese que ser precisamente unha persoa e as súas actividades, como non podería ser doutra maneira. Actividades que se repetían ciclicamente, dende tempos inmemoriais, de aí o éxito destes calendarios artísticos. Mais incluso nos calendarios literarios e mesmo no refraneiro, nos que non hai unha representación física, os meses aparecen personificados, realizando as tarefas que lles son propias<sup>38</sup>. A desconexión entre o ser humano e o tempo, presente na nosa mentalidade, era inconcibibel na mentalidade medieval. Ser humano e tempo, estreitamente vinculados, recalculo o ciclo temporal que, ao mesmo tempo, era o seu ciclo vital; e así, até alcanzar a eternidade.

36. O concepto “verán” facía referencia, na Idade Media, ao que para nós é a primavera. O que para nós é o verán, na Idade Media era o “estío”. Hoxe en día, como ben sabemos, verán e estío son sinónimos.

37. ISIDORO DE SEVILLA: *Etimologías (Libros I-IX)*, ed. por MARCOS CASQUERO, M. A. e OROZ RETA, J., *Biblioteca de Autores Cristianos*, Madrid, 1982, libro V, 31.

38. Como exemplo, no Libro de Buen Amor, os meses de novembro, decembro e xaneiro son cabaleiros; os de febreiro, marzo e abril son fidalgos; os de maio, xuño e xullo, ricoshombrs; e os meses de agosto, setembro e outubro, labradores.

## 4. O REFRANEIRO E A CONCEPCIÓN DO TEMPO: A PERVIVENCIA DA CONCEPCIÓN MEDIEVAL.

O refraneiro, como expresa Salvador Golpe co pseudónimo de Pedro de Merille, é “unha obra que saíu do pobo”<sup>39</sup>. Mais non como un nacemento puramente espontáneo, como tamén nos recorda o eumés Gumersindo Placer, senón que, nalgún momento, algúen debeu ser o autor, coñecido ou descoñecido. Non obstante, estas composicións que na súa orixe puideron ser individuais ou inspiradas en certas fontes (entre as que destaca a Biblia), evolucionaron e fóreronse adaptando ás circunstancias vitais da comunidade, adoptando trazos da súa cultura e, o que é máis importante, constituíndo un bo reflexo da súa mentalidade. Desa forma, a comunidade acábaas considerando como propios.

Todo este proceso contou coa alianza do tempo, que permitiu que o que na Idade Media eran *verbos, fablas, patrañas* ou *proverbios*, chegaran até a actualidade baixo o concepto de “refrán”<sup>40</sup>. Evidentemente, sufrieron a evolución da propia linguaxe e da sociedade, mais a súa esencia continuou a ser a mesma. En primeiro lugar, porque as circunstancias vitais da sociedade tradicional galega non variaron en exceso até o século XX. E en segundo porque, como xa se dixo, a cultura popular e tradicional tende a ser conservadora e a non innovar con frecuencia. E ás probas remítome: na recompilación de Saco y Arce (mediados do XIX), de 1050 refráns que ten, 120 foron tomados da colección de Hernán Núñez de Guzmán, do século XVI<sup>41</sup>. Unha proba que confirma a secular vida destas breves mostras de sabedoría popular e que a raíz de moitas delas se sitúa no período medieval. Non é estrano, por isto, que os refráns constitúan unha excelente fonte para o estudo da concepción da realidade e, neste caso en concreto, da concepción do tempo, que mantivo as súas características básicas ao longo dos séculos, como veremos a continuación.

### 4.1 A CONCEPCIÓN DO TEMPO NO REFRANEIRO

Ao longo do estudo do refraneiro iremos vendo como se confirman gran parte das características sobre a concepción do tempo que fomos vendo con respecto ao calendario de SMA; entre ambas as dúas hai unha estreita relación. Porén, a súa esencia é diferente, o que fai que tamén teñan as súas peculiaridades.

Os refráns son basicamente orais, propios de persoas que, até hai relativamente pouco, eran analfabetas. Como a cultura popular, transmitíase de boca en boca, sen a necesidade de ser fixados na linguaxe escrita (que supoña perder parte das súas particularidades, como a entoación). Isto supuña tamén unha diferenza con respecto ao calendario artístico, que era realizado baixo a supervisión e mentalidade da Igrexa. O refraneiro é unha

39. MERILLE, P. de (pseudónimo de Salvador Golpe): *Refraneiro agrícola...*, op. cit., p. 188.

40. VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego...* op. cit., pp. 146-148.

41. SACO CID, J. L. (ed.): *Literatura popular de Galicia*. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, Ourense, 1987; e MALDONADO, F. (ed.): *Refranero clásico español y otros dichos populares*, Taurus, Madrid, 1985, 2ª ed., 7ª reimprisión.



construcción do pobo, como dicía Salvador Golpe. Por iso, amosa unha estreitísima conexión coas súas circunstancias vitais: co seu traballo, crenzas e supersticións, animais da casa, alimentación, festas, etc. A concepción do tempo que reflexa o refraneiro é moi parecida á do calendario artístico de SMA, pero dunha maneira menos teórica ou alegórica. O refraneiro está máis apegado á realidade, expresa unha concepción do tempo más práctica, máis achegada á vida cotiá. Isto non quere dicir que esa dimensión más teórica non fose comprendida ou non interesase (que tamén pudo ser, posto que os códigos culturais e simbólicos foron evolucionando ao longo dos séculos, e o que para unha persoa do século XIV era evidente podía non selo para unha do XVIII), senón que o refraneiro foi xurdindo noutras circunstancias e con outras finalidades. Por iso mesmo, é un complemento perfecto para continuar coa análise da concepción do tempo dos nosos antepasados.

#### **4.1.1 O refraneiro e a concepción cíclica do tempo<sup>42</sup>**

O refraneiro ten carácter popular e encaixa coa mentalidade do campesiñado, mariñeiros ou pastores, persoas que, como dicíamos, sentíanse parte da natureza e dependían dela para vivir. Por iso, comparte con estes grupos da poboación a súa concepción cíclica do tempo representativa. Nada manifesta mellor isto que os seguintes refráns: “Atrás de maio, ven o San Xoán” (P)<sup>43</sup> ou “Atrás de tempos, veñen tempos” (P). É dicir, despois dun ciclo, virá outro, e así inexorabelmente ata a eternidade. Na mentalidade popular o tempo é cílico (ademas de pola influencia da natureza) porque non é individual, senón da comunidade. Unha comunidade que se rexenera constantemente dende tempo inmemorial (o tempo mítico), xeración tras xeración, tempo tras tempo. Isto confirelle a este refrán en concreto unha gran confianza no futuro; dá igual o que suceda, novos tempos seguirán vindo. Se a isto lle sumamos que o tempo non se concibe como algo alleo ao home, quere dicir que a comunidade seguirá viva. O refraneiro, así como a sociedade que lle deu sentido, comparten co calendario de SMA a visión cíclica do tempo.

#### **4.1.2 O refraneiro como manifestación do tempo bo e malo**

A concepción cíclica achégalle ao refraneiro a capacidade de control sobre a realidade e o devir dos acontecementos. O refrán ten a capacidade de aprehender o tempo, facelo comprensibel e, desa maneira, tranquilizar. Baseado na experiencia secular, dá conta dunha realidade asentada que, en principio, debería seguir sendo tal como é. O que non significa que vaia ser sempre positiva. O calendario de SMA reflexa unha concepción


42. Algúns dos refráns que se citan aparecen en máis dun apartado, debido á súa gran riqueza e variedade de significados.

43. Os refráns acompañados da letra “C” están recollidos da tradición oral da comarca da Coruña na obra citada de PAZ ROCA, M<sup>a</sup> C.: *Aportazón ao refraneiro..., op. cit.*; os que levan a letra “V” son os recollidos polo P. Gumersindo Placer e publicados por VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego..., op. cit.*; os que levan o “S” son os de Salvador Golpe –Pedro de Merille–, recompilados na comarca de Betanzos por MERILLE, P. de (pseudónimo de Salvador Golpe): *Refraneiro agrícola..., op. cit.*; e uns poucos que levan a letra “F” son os familiares, recollidos grazas ás achegas da miña familia de Pontedeume. Manteño os refráns tal e como aparecen escritos polos autores.

ideal do tempo, posto que cada mes aparecía representado pola tarefa que lle era propia, o que significaba que todo transcorría como debía. O refraneiro tamén o fai:

- “O día de Sta. Mariña, pousase a eixada e cóllese a forciña” (P) e “Pol-a Santa Mariña, deixa a sacha e colle a fouciña” (S)<sup>44</sup>.
- “Marzo marzolo, trebón e raiolo” (F).
- “A auga d’Abril, henche o carro y-o carril” (V); ou “En abril, augas mil” (F), pois...
- “Choiva por Abril e Maio, e non choiva en todo o ano” (S).
- “Na semana de S.ta Olaya, moito trigo e pouca palla” (P).
- “A chuvia no mes d’Agosto, ne chuvia qu’é mel e mosto” (S).
- “San Mateu (vinteun de Septembre), vendimia ti, vendimiarei eu” (S).
- “En marzo, espigarzo”<sup>45</sup> (S).
- “No marzo abrigo, noces e pan trigo” (S).
- “Polo San Martiño, proba o teu viño” (F).
- “Por Sta. Lucía en-colle a noite e medra o día” (P).
- “A sardiña polo San Xoán molla o pan” (F).
- Ou “Xaneiro, xiadeiro” (P).

Hai incluso refráns que expresan a necesidade de que isto suceda desta maneira: “Cada cousa ó seu tempo, e os nabos en Advento” (V). É dicir, que fan referencia ao tempo propicio para realizar algunha tarefa ou para celebrar algo, tal como fai o calendario de SMA.



Imaxe 8: Mes de xullo (de Santa Mariña) coa fouciña na man<sup>46</sup>

44. Refrán que nos dá pé a falar do carácter en ocasións contradictorio que tamén poden ter a cultura popular e o refraneiro que, ao estar adaptados á natureza e condicións meteorolóxicas de cada zona, facilitan a convivencia de versións diferentes dun mesmo refrán. Por exemplo, hai outro que nos di: “En San Xoán, fouce na man” (S).

45. Debería haber espiga xa.

46. Sobre o fouciño na Idade Media, MINGOTE CALDERÓN, J. L.: *Tecnología agrícola... op., cit.*, pp. 120-128.

O que sucede é que, como ben sabemos, son circunstancias que non sempre se dan. O refraneiro manifesta a sucesión ideal do tempo, mais tamén a sucesión “perigosa” na que a natureza amosaba a súa cara más severa:

- “A y-auga no mes de San Xoán, mata o viño e non dá pan” (P).
- “Se por San Xurso chove, de cen cereixas quedan nove” (P).
- “Se non choe no San Xoán as patacas non se dan” (P).
- “Abril si por mal quer vir, as portas non deixa abrir” (V).
- “Cando non chove en Febreiro, non hai bon prado nin bo centeo” (S).
- “Entre San Xoán e Santiago, llibrenos Dios d'un nublado” (S).
- “Auga d'Outono mata á seu dono” (S).
- “Cando marzo maiea, maio marcea” (F).
- Ou este, dos pescadores: “Ghaivotas a terra, mariñeiros á merda” (F).

Como se ve, ambas caras da natureza podían acontecer, e o refraneiro servía tamén como advertencia para saber a que aterse. Precisamente ante esta posibilidade, facíanse necesarias todas as festividades e ritos destinados a protexer os campos e garantir a súa fecundidade, das que xa se falou. Festividades que tiñan lugar en momentos concretos do ano, especiais dende a mentalidade popular, e axeitados para a realización non só dos rituais de fecundidade, senón tamén para a predición do tempo futuro<sup>47</sup>. O ser humano, ao concibirse como non alleo á natureza e ao tempo, cría ter a posibilidade non só de manipularos, senón tamén de poder coñecelos na súa manifestación futura. De aí o profundamente arraigada que estaba a crenza na adiviñación, xa fose a través dunha persoa que tiña esa facultade, a través dos soños ou da sabedoría acumulada no refraneiro. A importancia deste tipo de refrán é moi grande, dado que a meteoroloxía constituía a maior preocupación dunhas persoas que dependían por completo para vivir das condicións climáticas. Delas dependía que viviran, sobreviviran ou mesmo faleceran. Os campesiños e mariñeiros vivían mirando para o ceo ou sentindo o vento, de aí que adquiriran unha gran sabedoría sobre o clima, que ficou manifestada no refraneiro<sup>48</sup>. Son moitos os refráns que tratan sobre a predición do tempo futuro ou das condicións climáticas, e o propio Salvador Golpe titulou a súa obra como “Refraneiro agrícola-meteorolóxico”. Algúns deles xa os vimos ao falar da cara “severa” da natureza; agora cito outros ben coñecidos na nosa zona:

- “Se despois de un maio pardo, quenta o sol no de San Xoán, non lle hai que ter medo á fame, que ainda é ano de pan” (P), ou “Mayo pardo, San Xoán craro” (S).
- “Ano d'ameixas, ano de queixas” (V).
- “Cando está rubio pró mar, vellar ô solar”<sup>49</sup> (V).

47. Sobre os tempos con carácter especial do ano, xeralmente momentos intermedios tales como os solsticios, equinoccios ou mesmo os mediados de solsticio, PEDROSA BARTOLOMÉ, J. M.: “Las brujas de Nochebuena y los diablos de san Juan: calendario pagano, calendario cristiano y ritos de paso”, *Espejo de brujas: Mujeres transgresoras a través de la Historia*, ORTIZ, A. e ZAMORA CALVO, M<sup>a</sup> J. (eds.), Abada, Madrid, 2012, pp. 265-296.

48. Crenza que a propia Igrexa católica asumió e conserva, xa que aínda as catro témporas son considerados tempos axeitados para a predición meteorolóxica.

49. É sinal de bo tempo.

- “Ceo empedrado, suelo mollado” (V).
- “Como fore o vintesete, serán os que trás il veñen” (V).
- “Pascuas molladas traen boas anadas, e se veñen enxoitas nen boas, nen moitas” (P).
- “Se chove denantes de San Bartolomeu, o millo e meu, se chove despois, daque-la xa é para os bois” (P).
- “Arco d'a vella ao Levante (pol-a mañán), anda cos bois para adiante” (S), “Arco d'a vella ao Poniente, recolle os bois e vente” (S).
- “Polvo en Abril, lama en Agosto” (S).
- “Si sábado chove e domingo ante misa, pol-a seman adiante verás que risa” (S).
- “Chuvia na semana d'Ascensión, nin boa faba nin boo melón” (S).
- “Froles en outono, fame en ano novo”<sup>50</sup> (S).
- “Mayo chuvioso, vran caluroso” (S).
- “Rubiás á sol nado, pigoreiriño andarás mollado”<sup>51</sup> (S).
- “Brua Gandario, panos ao río” (S); “Brua Alba, tempo en calma” (S), “Brua Balcobo, tempo revoltó”<sup>52</sup> (S).
- “Cobras (ou cóbregas) en marzo, neve en abril” (S).
- “Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro” (S) ou “Si Nadal nada, siñal de boa anada”, destacados estes dous porque son precisamente estes derradeiros días do ano axeitados para a predición, como dixemos.

#### 4.1.3 O calendario e os astros

Outro método de aprehensión do tempo, e tamén profundamente arraigado na mentalidade popular, era a crenza do influxo dos astros xa non só na natureza, senón tamén nas actividades cotiás e na propia persoa. O refraneiro non é alleo a esta realidade, e tanto o sol como a lúa son protagonistas como indicación de tempo propicio:

- “Cerco n'a lúa, enxuga a lagúa” (V).
  - “En minguante de Xaneiro, corta o madeiro” (S).
- Aínda que o sol, nos refráns recollidos, denota máis ben a característica do tempo do ano, destacando nos meses de frío:
- “En Xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro”<sup>53</sup> (S).
  - “Sol de xaneiro, sai tarde e ponse cedo” (S).
  - Ou “Sol de marzo, queim'aas donas no pazo” (S).

50. Isto era especialmente negativo, pois o costume dos ritos propiciatorios de Aninovo esixía una opípara comida nesa data, para que así como comezaba o ano fose o resto.

51. “Pigoreiro” é un pastor de ovellas, do latín *pecus-oris*. MERILLE, P. de: *Refraneiro agrícola...*, op. cit., p. 194 (nota do autor).

52. Alba e Balcobo son dúas praias do concello de Arteixo.

53. Recordemos que no calendario de SMA a escena de estar ao fumeiro corresponde ao mes de febreiro.

#### 4.1.4 A presenza dos seres vivos no calendario: animais e plantas

A maioría dos refráns que levamos visto até o momento teñen como elemento principal a meteoroloxía, a predición do tempo ou a presenza dos astros. Elementos todos eles que forman parte da natureza, pero dunha natureza que estaba lonxe, que formaba parte do macrocosmos. Porén, había outra más próxima ao ser humano, aquela que formaba parte da súa vida cotiá, do seu espazo, e coa que tiña un contacto directo. Nesta natureza tiñan unha importancia fundamental os seres vivos que arrodeaban o home e muller dos séculos pretéritos da nosa comarca: plantas, árbores e cultivos e, sobre todo, os animais. Todo este apartado inclúe o relacionado coas tarefas agrícolas ou gandeiras, que en última instancia pretendían asegurar o sustento da familia, e tamén a presenza doutro tipo de vexetais e animais característicos da zona que permaneceron na mentalidade popular ao longo dos séculos (algúns xa aparecen tamén no calendario de SMA) e que precisamente nestas últimas décadas están perdendo esta importancia. Estes seres vivos non só servían como sustento ou mesmo compañía, senón tamén como puntos de referencia do paso do tempo, como se pode apreciar a través do refraneiro, do que son uns dos seus principais protagonistas. Os refráns da zona non son unha excepción:

- “En abril sal o cuco do cubil” (P), “Cando ven o cuco, ven o can ó suco” (V), ou “Entre Marzo e Abril, sal o cuco do cubil, que co-a neve non quer vir” (S). O cuco vén a finais de marzo ou comezos de abril. Se así non fora, sería algo nefasto: “Si non oiche o cuco á mediados d’Abril, ou morreu o cuco ou ven a fin” (S).
- “Cando a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar”<sup>54</sup> (S).
- “Come máis un día de sol en Frebeiro que canticos caballos ten o reino” (S).
- “Dix’o liño ao sementalo: aos tres días nado” (S).
- “Desque chega o cuco, logo ven ó pan ao suco” (S).
- “En marzo, niñarzo, en abril, ovoril, en maio paxarayo, en San Xoán, voarán” (P).
- “En xaneiro a raia sabe a carneiro” (P).
- “Polo-o San Xoán cómese máis queixo que pan” (P).
- “A horta d’Outono mantén a seu dono” (V).
- “Ano de noces, ano de voces” (V).
- “Cando a mora madura, xa pinta a uva” (V e S).
- “Cando o trigo está louro, o barbo como un touro”<sup>55</sup> (V).
- “A castaña e o besugo, en Febreiro non ten zumo” (S).
- “Cando as rans cantan en Xaneiro, siñal de fame no rueiro” (S).
- “En Xaneiro, berza vella val carneiro” (S).
- “Xaneiro mete o can no palleiro” (P).
- “O que queira comer morriña, como carneiro en Xaneiro e en Mayo galiña” (S).
- “O mainzo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos” (S).

54. Últimos de abril, época de sementar o millo. Refrán relativamente recente.

55. Por xullo e adiante.



Imaxe 9: Meses de xuño a decembro do calendario de SMA. Sería a tempada das cereixas aos nabos, na que "ben estamos"

Imaxe 10: Mes de xuño, representado por un home recollendo froita, probabelmente cereixas<sup>56</sup>




56. Imaxe inusual nos calendarios hispanos, quizais debido á riqueza e importancia das actividades froiteiras na comarca, que xa mencionaban autores como o Licenciado Molina no século XVI ao referirse a Pontedeume. CASTIÑERAS GONZÁLEZ, M. A.: *El desfile...*, op. cit., p. 184; LICENCIADO MOLINA: *Descripción del Reino de Galicia*, Toxosoutos, Noia, 2003, fol. XIV v. A importancia da froita na nosa comarca segue a ser alta, e dan nome a unha das nosas principais festas, como é o caso da Festa das Peras. Na comarca das Mariñas, e máis en concreto o I de xullo, hai unha romaría chamada “das cereixas”, na que destacan elementos de probábel orixe pagá. ERIAS MARTÍNEZ, A.: *O calendario...*, op. cit., p. 424. A correspondencia desta festividá co calendario de SMA é case absoluta, xa que representa ao mes de xuño. Así describe xuño o Arcipreste de Hita: “Enxería los árboles con ajena corteza, comié nuevos panares, sudava sin pereza, bevié las aguas frías de su naturaleza, trayá las manos tintas de la mucha cereza” (estrofa 1291).

- “Si ques ter abellas, miraas pol-as Can-deas (Candeloria); e si ques mel, pol-o San Miguel” (S).
- “Dend’as cereixas aos nabos, ben estamos; dend’e os nabos aas cereixas, todo son queixas” (S).

#### 4.1.5 O calendario e as tarefas agrícolas

Outro grupo de refráns é o relacionado coas tarefas do campo ou da casa, que do mesmo xeito servían non só como traballo, senón tamén como pautas que sinalaban o paso do tempo. O refraneiro reflexa as principais ocupacións do campesiñado, o que nosachea información sobre a súa vida cotiá:



Imaxe 11: Mes de marzo co instrumento típico de podar da zona<sup>57</sup>

57. Sobre instrumentos de poda na Idade Media, MINGOTE CALDERÓN, J. L.: *Tecnología agrícola...*, op. cit., pp. 113-118.

- “O día de Sta. Mariña, pousase a eixada e cóllese a forciña” (P).
- “O día de S. Xoán, pártelle a primeira raís ao pan; o día de S. Pedro, pártelle a do medio, e despois seca noite e día” (P).
- “En San Cibrán recollel-a mazán” (P).
- “Poda en xaneiro, vendima no sombreiro; poda en marzo, vendima no regazo”. (S). O calendario de SMA tamén indica que este é o mes ideal para podar.
- “Por San Matías (24 de Frebeiro), comezan as enxertías” (S).
- “En Mayo, millo sementado, cal enxoito, cal mollado”<sup>58</sup> (S).




Imaxe 12: Mes de setembro co instrumento de cortar os acios das viñas<sup>59</sup>

58. Recordemos que o millo, tal como o entendemos agora, chegou a Galicia despois da Idade Media. Este refrán foise incorporando co paso dos séculos pero non pode ter, loxicamente, raíz medieval.

59. Para máis información sobre a historia dos instrumentos para vendimar, MINGOTE CALDERÓN, J. L.: *Tecnología agrícola.... op. cit.*, pp. 139-143. O Arcipreste de Hita tamén coincide co tema da vendima no mes de setembro: “El segundo adoba e aprieta carrales, esconbra los rastrojos y cerca los corrales, estercuela barbechos y sacude nogales, comienza a vendimiar uvas de los parrales” (estrofa 1296). A acción de sacudir nogueiras ten o seu equivalente no mes de outubro do calendario de SMA.

- “Si ques ter pixel todo o ano, seméntame en Mayo” (S).
- “Agosto pasou, e quen mallou, mallou” (S). O autor do calendario de SMA estaría de acordo con este refrán.
- “San Mateu (vinteun de Septembre), vendimia ti, vendimiarei eu” (S).
- “Por San Andrés, toma o porco polo pé” (S), “Santo Tomé, agarra o cocho polo pé ou” (S), ou “A todo porco lle chega o seu San Martiño”<sup>60</sup> (F).
- “Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben para sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, semente no terrón duro” (S).
- “Sementeira na seman de San Roman (Novembre), nin palla nin gran; na de Santa Baya (Decembre), grau e mais palla” (S).



Imaxe 13: Mes de decembro, representado por un campesiño cunha pequena bolsiña colgada ao ombro na que garda as semente, para facilitar a tarefa

60. Tres datas diferentes para una mesma tarefa, una mostra más da riqueza do refraneiro mais tamén dunha certa contradición. Na Idade Media da nosa zona, como se pode ver no calendario de SMA, a data tradicional era o San Martiño. O Arcipreste de Hita sitúa esta tarefa tamén no mes de novembro: “Comía nuezes primeras y asava las castañas, mandava sembrar trigo e cortar las montañas; matar los gordos puercos y desfazer las cabañas; las viejas tras el fuego ya dizen sus pastrañas” (estrofa 1273).

É interesante o feito de que a sementeira apareza no mes de decembro no calendario de SMA. Non é unha imaxe frecuente, mais ten unha explicación lóxica. O clima temperán e a calidade da terra da comarca de Betanzos permite que se semente máis tarde do que se fai noutras comarcas, como de feito se fixo até hoxe en día. O refraneiro coincide con este calendario medieval. Esta tarefa constituía a última do ciclo agrario, tras a cal podían ter lugar as festividades de Nadal, áinda que como nos di o refrán, ás veces agarzábase a ver o tempo desa noite para sementar.

#### 4.1.6 As festas do calendario

Neste último apartado de refráns puidemos ir vendo outra das características do refraneiro: a gran presenza do santoral, sobre todo daqueles que se corresponden con determinados días e noites especias dende o punto de vista da mentalidade popular. Estes días marcan fitos especialmente importantes do ano agrícola que a Igrexa tivo a habilidade de cristianizar, no marco da súa estratexia para a sacralizar o tempo. A Igrexa situou algunas das súas más importantes festividades nestas datas especiais para o campesiñado, facilitando desa maneira que a súa doutrina se fose introducindo pouco a pouco na mentalidade da poboación. Ademais, concedellos o estatuto de días santos dentro do calendario litúrxico, polo que á importancia agrícola se lle sumou a importancia sagrada. É precisamente esta conxunción entre o sagrado e o profano a principal característica das festividades tanto medievais como posteriores, e o que fixo delas un momento clave da vida da comunidade. Deste xeito, as festividades convertéronse en pautas que regulaban e organizaban o paso do tempo, de tal maneira que o tempo cotián non deixaba de ser máis que unha sucesión de períodos de traballo delimitados por momentos de festa, pero non de calquera xeito. Como xa dixemos, as festas e os ritos tiñan o papel de reactualizar o pasado, de traelo ao presente festivo, o que lles outorgaba un carácter cílico. As festas teñen sempre lugar no mesmo día do ano (só varían as festividades que teñen relación coa Pascua), e poden incluso constituir ciclos festivos, como o Nadal ou as festividades ligadas ao renacer da natureza de comezos de maio. A Igrexa tivo éxito na consolidación das súas festividades na mentalidade popular, mais non na introdución da súa concepción do tempo.

O resultado desta convivencia manifestouse, como non podería ser doutra maneira, no refraneiro. Certos días e mesmo os meses son nomeados polo nome do seu santo/a ou, no caso dos meses, da súa principal festividade. O refrán servía como nexo entre a doutrina cristiá, unha creación intelectual e teórica, e a realidade cotiá, caracterizada por comportamentos automatizados e prácticos, en ocasións non conscientes, baseados na tradipción e o costume. Esta conexión entre a relixión e determinados aspectos da vida cotiá das persoas (sobre todo no que se refire ás actividades agrícolas), vese complementada tamén pola conexión entre a relixión e certos días do ano que marcaban un punto significativo do paso do tempo cílico, estacional; sería unha nova maneira de devolverlle o

tempo ao seu dono lexítimo: Deus. Ambas as dúas realidades teñen unha gran presenza no refraneiro da nosa comarca:

- “Por San Antón, toda galiña pon; pol-a Candelaria, a boa e a mala” (S).
- “Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fora; cando ela rir, está por vir; mais, cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir” (V), ou “Cando a Candeloria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar, mitá do inverno está por pasar” (F).
- “As Pascuas con quen quixerese, e os Androidos co-as tuas mulleres” (V).
- “Na semana de Ramos, lava os teus panos, que na de Pasión lavaral-os ou non” (P).
- “Se por San Xurso chove, de cen cereixas quedan nove” (P).
- “O mainzo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos”<sup>61</sup> (S).
- “Chuvia na semana d’Ascensión, nin boa faba nin boo melón” (S), ou “Chuvia na somana d’Ascensión, cría nos trigos mourón; pro é un regalo, San Pedro co seu xarro; San Cristobo, co seu covo; Santa Mariña, co-a súa regazadiña; Santiago, co seu canado; San Lourenzo, co seu caldeiriño penzo; Nosa Señora, co-a sua ola, e San Miguel, co seu tonel” (S).
- “Ata o corenta de maio áinda a vella queima o tallo; e un pouco que lle quedou, en San Xoán o queimou” (F).
- “Atrás de maio ven o San Xoán”<sup>62</sup> (P).
- “Mayo pardo, San Xoán craro” (S).
- “A y-auga no mes de San Xoán, mata o viño e non dá pan”<sup>63</sup> (P), ou “A chuvia por San Xoán, tolle o viño e non da pan” (S).
- “O raposo no S. Xoán píllase pol-a lan” (P).
- “No mes de San Xoán as nove con día dan” (P).
- “Polo-o San Xoán cómese máis queixo que pan” (P).
- “Quen auna por S. Xoán ou é tolo, ou non ten pan”<sup>64</sup> (P).
- “Hastra San Pedro, o viño ten medo” (S).
- “O día de Sta. Mariña, pousase a eixada e cóllese a forciña” (P).
- “Pol-a Santa Mariña, vay as tuas viñas, e cal as cates tal as vendimas” (S).

61. A festividade de San Marcos (25 abril), coas súas rogativas, é a cristianización doutras festividades de carácter agrario e con finalidade fecundadora que se celebraban dende antes da chegada do Cristianismo, como por exemplo as Robigalia. De aí que no calendario de SMA aparezca Robigus, o espírito da vexetación. Un exemplo de cristianización destas festividades agrarias en Galicia o temos na procesión que se realizaba en Santiago até a igrexa do Monte do Gozo cada 25 de abril, mencionada pola Historia Compostelana no século XII. FALQUÉ REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Akal, Madrid, 1994, Libro I, cap. XX.

62. Na maior parte dos casos, San Xoán servía para denominar o mes de xuño enteiro. O mesmo pode acontecer con Sta. Mariña ou Santiago para xullo, Nosa Señora para setembro, San Martiño para novembro, etc.

63. Se isto se cumplía significaba un desastre para unha sociedade cristiá. O pan e o viño eran alimentos fundamentais e tamén imprescindibleis para a celebración eucarística, símbolo e, tras a transfiguración, corpo e sangue de Cristo. Ademais, En Pontedeume o viño foi unha importante actividade económica do noso pasado. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume y su comarca*, Pontedeume, 1971, pp. 305-310. En Betanzos tamén foi unha actividade moi importante e tradicional, e incluso áinda conserva certa produción.

64. Porque é un mes de moito traballo.

- “En San Cibrán recollel-a mazán” (P).
- “San Mateu (vinteun de Septembre), vendimia ti, vendimiarei eu” (S).
- “San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras” (S), ou “San Migueliño das uvas, tarde vés e pouco duras” (F).
- “Por San Lucas, saben ben as uvas” (S).
- “As henchentes de San Simón (28 de outubro) ou antes ou despois, sonadas son” (V).
- “Os faballos por Santos, nin nados nin en sacos” (P).
- “De Santos á Nadal e o inverno natural” (S).
- “A todos lle chega seu San Martín” (V), ou “A todo porco lle chega o seu San Martiño” (F).
- “Por San Martiño, proba o teu viño” (S).
- “Dende o día de S. Martiño, cada día o seu ferradiño” (P).
- “Por San Andrés, toma o porco polo pé” (S).



Imaxe 14: Mes de novembro, mes da matanza. O campesiño de SMA agarra o porco polo pé, como di o refrán



- “Sementeira na seman de San Roman (Novembre), nin palla nin gran; na de Santa Baya (Decembre), grau e mais palla” (S).
- “Día de San Nicoláo está a neve de pao en pao, e si non no chao” (S).
- “No día de Sta. Lucía, enchente de auga ou de sardiña” (P).
- “As mazás pol-o nadal, saben ben e repártenas mal” (P).
- “O allo por S. Silvestre, nen nado nen en restre” (P).

Como se pode observar, o santoral cumpre un importante papel como referencia temporal. Son as festividades cristianizadas que se introduciron no calendario litúrxico as que regulan o paso tempo. Mais hai que subliñar que é o compoñente popular o que destaca no refrán, máis que o relixioso. É a tarefa, as condicións meteorolóxicas ou a percepción do paso do tempo os que teñen o peso significativo, o que non deixaba de ser un reflexo da realidade. No San Marcos, San Xoán, San Martiño, etc., máis que as celebracións litúrxicas, o verdadeiramente importante dende o punto de vista da mentalidade popular eran os ritos pagáns e as crenzas tradicionais, de raizame non cristiá. Neste caso destaco as accións ligadas á anterior imaxe, as de San Martiño, centradas arredor da matanza do porco, animal e tarefa fundamentais da economía campesiña que levaban asociados toda unha serie de crenzas que dan conta da súa importancia, e que incluso situaban o porco como animal sagrado nalgunhas mitoloxías, como a celta<sup>65</sup>.

#### 4.1.7 O calendario como potestade divina

A importancia da vertente popular nestas festividades e por conseguinte no refraneiro é innegábel. Pero co paso dos séculos, a Igrexa foi inculcando unha parte importante da súa doutrina, conseguindo devolver a Deus o control do tempo e dos elementos que servían como referencia do seu paso. No calendario de SMA Deus estaba presente en cada mes mais sobre todo na fin, onde quen cumpre coas tarefas que se lle asignaron no plan divino obterá a recompensa da eternidade. Non obstante, o refraneiro ten en conta a Deus máis na vida cotiá, como motor da natureza próxima. Na concepción do mundo divino, os santos, xunto coa Virxe, cumprían na mentalidade popular o importante papel de intercesores entre as persoas e unha divindade que se vía como máis afastada; concibíanse como máis achegados ao mundo terreal. Pero os homes e mulleres do noso pasado tiñan absolutamente clara a xerarquía celeste e a posición que cada un ocupada nela. Así se reflexa nos refráns da zona:

- “Cando Dios non quiere, os santos n’axudan” (V).
- “Cando Dios quer dar a anada, n’a leva vento nin xiada” (V e S).
- “Fai mais o que Dios axuda que o que moito madruga” (P).
- “O que está de Dios, nô leva o dema” (P).

65. Tal é o caso da mitoloxía dos antigos deuses irlandeses, os *Tuatha Dé Danann*. A festa da inmortalidade, presidida por Manann Mac Lir, tiña como manjar especial os “porcos de Manann”, co poder de facer inmortal a quien os comía. ERIAS MARTÍNEZ, A.: *O calendario..., op. cit.*, p. 429.

- “Con auga e con sol, Dios e criador” (S).
- Ou, “Dios sobre todo, e sobre Dios nada” (S).

#### 4.1.8 O calendario: expresión da convención entre o ser humano e o tempo

O refraneiro destaca a importancia de Deus na natureza e no tempo, mais non debemos esquecer a importancia do ser humano na súa percepción. Como na Idade Media, o home e o tempo seguían a concibirse como inseparábeis. No caso do calendario de SMA esta conexión é evidente, pois é un calendario visual no que doce imaxes de persoas son protagonistas. O refraneiro é máis sutil para a nosa mentalidade, pero igual de suxestivo para os nosos antepasados. No calendario constituído polos refráns o tempo tamén está concibido á medida do ser humano, protagonista do tempo. Por este motivo, son frecuentes as personificacións dos meses, das estacións e mesmo de elementos da natureza:

- “Vaite Febreiro cós teus vintaoito, si tés mais catro, non para can nin gato” (P), ou “Dixo no monte unha vella: -Vaite Febreiriño corto c’os teus días vinteito, que, si tiveras mais catro, non quedaba can nin gato. Febreiriño contestou: - Moito: os teus becerriños oito, deixa, que meu hirman Marzo hachos de volver catro.”<sup>66</sup> (S).
- “Marzo marzán, pol-a mañán cara de rosas, pol-a noite cara de can” (S).
- “Cando a Candeloria chora, mitá do inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar, mitá do inverno está por pasar” (F).
- “Come mais un día de sol en Febreiro, que cantos cabalos ten o reino” (S).
- “Dix’o liño ao sementalo: aos tres días nado” (S).
- “<<Pol’ a Santa Mariña, báixame a porretiña>> –dixo a cebola” (S).
- “O inverno come e non cría” (S).
- “Por San Mateu, dí o inverno: alá vou eu” (S).

#### 4.1.9 O calendario e a vida

Todo este conxunto de refráns amosan a importancia das referencias temporais no paso do tempo cíclico. Tales referencias non terían a mesma importancia dentro dun tempo lineal, no que cada intre é único, singular, e non habería lugar por tanto a repeticións, que son as que permiten regular e mesmo comprender o tempo. Quizais unha con-

66. Refrán que describe as frías temperaturas que caracterizan o mes de febreiro –recordemos a súa imaxe no calendario de SMA– e incluso de marzo. É tamén interesante o adjetivo “corto” para referirse ao mes de febreiro. O motivo é lóxico, pois é o mes más curto, pero isto supuxo unha interesante representación da personificación de febreiro como un anano deformé, ás veces como un vello quentándose a carón do lume ensinando os pés, as mans ou, en ocasións, os xenitais; ou como un neno con carácter inestabil, tal como a súa meteoroloxía. Para as representacións de febreiro: CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: “Fiesta y representación: las alegres comparsas del año en la Edad Media”, *El rostro y el discurso de la fiesta*, NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.), Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, Santiago de Compostela, 1994, pp. 119-139, especialmente as pp. 119-122; ou BELTRÁN PEPÍO, V.: *La poesía tradicional medieval y renacentista*, Reichenberger, Kassel, 2009, p. 135. O Arcipreste de Hita coincide nesta caracterización: “El primero de aquéstos era chico, enano, oras triste, sañudo, oras seyé lozano; tenía las yerbas nuevas en el prado anciano, pártase d’el el Invierno, con él viene el Verano” (estrofa 1279).

cepción puramente lineal non daría pé ao nacemento dun refraneiro destas características, mais, como fomos vendo, a concepción cíclica baseada nos ciclos da natureza foi a que máis peso tivo ao longo da historia. Porén, non só a natureza manifestaba o paso do tempo. O propio ser humano é tamén unha referencia temporal, pois os anos non pasan en balde, como di outro dito ben coñecido. O corpo humano tamén manifesta o paso do tempo, o que nos permite falar das “idades do home”. Un tempo que a simple vista semella non ser cíclico, porque tamén os nosos antepasados eran conscientes de que a vida é un camiño só de ida, a través dun futuro incerto e cunha meta que a Igrexa se encargou de describir, pero que ningúen sabía se chegaría a ela. En principio, a vida humana ten un principio e unha fin, é un tempo lineal. Non obstante, antes que como individuo, os nosos antepasados víanse como membros dunha comunidade, e é neste marco no que o tempo se vía como un ciclo. Tal como a natureza, os individuos nacen, crecen e morren, pero á súa vez outros nacían, e así continuamente. O individuo morre; a comunidade rexenerase, xeración tras xeración. O mesmo acontecía coas idades da persoa; había nenos/as, mozos/as, adultos/as e anciáns/anciás, que ían atravesando as etapas (non todos/as, obviamente) cada unha cos seus ritos de paso particulares, pero sempre había membros dunha ou doutra idade, cada unha coas súas características fixadas polo costume e a cultura, que reservaba un determinado comportamento para cada grupo de idade.

O calendario de SMA non parece ter relación en principio coas idades do home. Non obstante, recordemos que era unha manifestación do paso “ideal” do tempo, e o feito de que os doce protagonistas parezan pertencer á idade adulta non é casualidade, pois é precisamente a idade adulta a que se consideraba ideal por ser cando máis “útil” se é para a comunidade; non só polo feito de que os corpos estean no mellor momento para os duros traballo do campo, senón, sobre todo, porque son os adultos os encargados da reprodución da comunidade (tanto dende o punto de vista natural como cultural). No caso do refraneiro, achega algo máis de riqueza, polo que algúns dos refráns da zona fai mención ás idades dos membros da comunidade e ás súas principais peculiaridades<sup>67</sup>:

- “Forza de mozos e consello de vellos” (P).
- “Os fillos gusta facelos, mais custa caro arrolalos” (P).
- “O traballo dos nenos é pouco, mais quen o desprecia é tonto” (P).
- “Cando ô mozo ll'apunta o bozo, e a muller a teta, castañeta”<sup>68</sup> (V).
- “A vida d'os vagabundos é unha vida real; de mozos pol-as tabernas, de vellos n'o hospital” (V).
- “A vellés veñen todas” (V).
- “A boy velho non lhi busques abrigo”<sup>69</sup> (V).
- “Xente nova e leña verde, toda é fume” (F).

67. O P. Gumerindo Placer achega na súa colección dous refráns interesantes que forman parte dos xogos dos nenos: “Crouco rapado, faíme un arado; non fago non, que non teño machado”; e o segundo, que nos di que se oé en Pontedeume: “Crouco rapado foi pol-o río, caíll'a pucha e morreu de frío”. VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego...*, op. cit., p. 170.

68. Comezan as festas para eles.

69. O vello sabe buscarse a vida mellor que o novo. Nos di o autor que mantivo a grafía tal como a atopou nas cancións de Pero da Ponte. VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego...*, op. cit., p. 156.

Neste apartado das idades da vida, teñen tamén importancia os ritos de paso, momentos especiais da vida das persoas que cumplían o papel de nexo entre as diferentes etapas vitais polas que pasaban tanto homes como mulleres. Estes momentos de paso inclúian tanto ritos introducidos pola Igrexa cristiá (bautismo, casamento, enterro, etc.) como aqueles relacionados co marco socio-cultural, que non coincidían cos anteriores, e tras os que un individuo ía pasando dun grupo de idade ao seguinte (comezar a traballar no campo, primeiras asistencias ás xuntanzas nocturnas nas que os mozos e mozas comezaban a flirtear, entrar a formar parte das roldas ou confraría de mozos que cumplían un papel importante en determinadas celebracións, comezar a ir á taberna...). O refraneiro, neste caso, presenta unha maior cantidade de refráns relacionados cos ritos cristiáns; o que é lóxico, dado que eses eran os que máis significado social tiñan: o bautismo introduce a persoa na comunidade cristiá, o casamento permitía a creación dun novo núcleo familiar lexítimo, o enterro significaba o paso á outra vida, a esperanza da vida eterna, etc. O refraneiro achéganos algúns exemplos, en primeiro lugar dos ritos cristiáns:

- “Casamentos con foguetes romatan a cachetes, e casamentos por amores romantan en delores”<sup>70</sup> (P).
- “Na casa do probe, cada un enterra ao seu pai como pode” (P). Mais sen enterrar non queda, como manda a Igrexa.
- “Val mais solteira que mal casada” (P).
- “O casado casa quér, e o solteiro unha muller” (P).
- “Para morrer hai que nascer” (P). O que case equivale a que para ter enterro hai que ter bautizo.
- “A boda nin bautizado, non vayas sin ser chamado” (V).
- “A lús y-a crús diante” (V). Nos enterros.

Xunto con estes, están aqueles referidos aos ritos de paso relacionados cos comportamentos sociais, que están determinados pola cultura. Destacan os dos primeiros amoíros, sinais de que os nenos/as xa comezan a ser mozos/as:

- “Bicos e abrazos non fan os nenos, pero tocan a vísporas” (P).
- “N’hai lua cal de xaneiro, nen amor como o primeiro” (P).
- “A San Andrés (de Teixido) van dous e veñen tres: milagros que o santo fai”<sup>71</sup> (V).

#### **4.1.10 O calendario e o as características do tempo**

Ademais de concibir o paso do tempo, o ser humano, contando coa súa experiencia, realizou outro tipo de reflexións sobre a dimensión temporal. Nos últimos séculos

70. Existe a crenza en certas poboacións de que os matrimonios que comezan con foguetes, con este tipo de ruido, rematarán mal.

71. As romaría tiñan lugar arredor dun santuario queatraía xentes de diversas comarcas. Ademais do aspecto relacionado coa devoción, tamén tiñan lugar todo outro tipo de actividades profanas e de ocio, como as relacións persoais. Estas festividades e xuntanzas eran aproveitadas polos mozos e mozas para flirtear e, nalgúns casos, para manter relación sexuals. O refrán non especifica que se trate de mozos, pero xa nas cantigas de romaría medievais este aspecto das romaría está testemuñado.

medievais, a raíz da peste negra, o ser humano comezou a recapacitar sobre a fugacidade da vida (*tempus fugit*) e a necesidade de gozala o máximo posibel (*carpe diem*), na medida das posibilidades de cada un. A metáfora da vida do calendario de SMA xa daba conta da brevidade da vida, o que en principio non callou na cultura popular: a vida era un ciclo e o importante era a vida da comunidade, que se rexeneraba. Ademais, a idea de gozar da vida non era nova dende a perspectiva desta cultura, na que a risa, o humor, a festa ou o pracer tiñan un maior protagonismo. Porén, para campesiños, gandeiros ou mariñeiros tamén era importante aproveitar o tempo cando había que traballar, e así poder gozar cando era o tempo de gozar. Este pensamento viuse favorecido pola Igrexa e polo espírito burgués dende a baixa Idade Media, segundo o cal o tempo era ouro. Por este motivo, o noso refraneiro fai algunha mención ao tema da necesidade de aproveitar o tempo:

- “O que poidas facer hoxe, non o deixes para mañá” (F).
- “A fermosura cómea a terra” (V), ou “A fermosura pouco dura” (V).

O que non lle resta nin un ápice de optimismo á cultura popular, unha das súas características fundamentais<sup>72</sup>:

- “Non hai mal que cen anos dure” (F), ou “Non hai mal que cen anos dure, nen corpo que tal resista” (P).
- “Nunca choveu que non escampara” (F).

#### 4.1.11 O calendario e outros datos sobre a cultura popular

Para finalizar con este traballo, imos centrarnos noutras informacións sobre a concepción popular do tempo e o calendario. En concreto, certos refráns e mesmo o romancero que nos falan sobre certas celebracións, crenzas e a importancia do frío e da calor como referencias temporais<sup>73</sup>. Comezaremos por esta última.

O frío xa ten a súa importancia no calendario de SMA, principalmente na representación do mes de febreiro<sup>74</sup>. O refraneiro engade os seguintes exemplos:

- “Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado” (S).
- “En agosto frío no rostro” (P).
- “O que é de anda non o mata frío nen xiada” (P).
- “Xaneiro, xiadeiro” (P).
- “A fame y-o frío, fan ir a casa d'o inimigo” (V). A pedir.
- “Cría máis o vran qu'o temperán” (V).

72. Sobre a cultura popular, consultar a obra fundamental de BAJTIN, M.: *La cultura popular en la Edad Media y Renacimiento*, Barral, Barcelona, 1974. Sobre todo o capítulo dedicado á festa popular.

73. LÓPEZ TORRE, M.: *Romancero del Eume*, Pontedeume, 1958.

74. O calendario do Libro de Buen Amor tamén fai mención, tanto do frío como da calor. No caso do frío, temos o exemplo do mes de decembro (ver nota nº 31) e novembro: “El primero comía las primeras cheverías, comienza a dar chanahoria a bestias de establieras, da primera faría a bueies de erías, fazé días pequeños e madrugadas frías” (estrofa 1272). No caso da calor, está o caso de maio: “Buscava casa fría, fuía de la siesta: el calor del estío doler fázela la siesta; busca yerbas e aires en la sierra enfiesta: anda muy más lozano que pavón en floresta.” (estrofa 1289).

- “Cando chove é fai sol, alegre está o pastor” (S).
- “Sol madrugador, nunca moi quentador” (S).
- “Mayo chuvioso, vran caluroso” (S).
- “A castaña, no agosto quere arder, e no setembro beber” (P).

O romancero, referíndose a Pontedeume, dinos o seguinte:

*“¡Que misterios contarían de las noches invernales,  
en las que la lluvia entona su monótona canción,  
y entre el ulular del viento, se oyen secos, fantasmales,  
unos pasos que se pierden en la negra cerrazón!”*  
*“En el cálido verano, cuando todo es ascua viva,  
bajo los arcos sombríos hay alegre palpitar,  
y se ríe y se muermura hasta agotar la saliva...  
¡Cuántas cosas nos dirían, con voz queda y perusiva,  
si ellos pudieran hablar...!”*  
*“Ayer lo enterraron.  
Con indiferencia lo vieron pasar,  
con ese egoísmo de quien se recata  
del frío, la lluvia y el cierzo invernal... ”<sup>75</sup>.*

O apartado de crenzas e festividades é un dos máis interesantes do refraneiro. Das festas xa se falou e non se vai insistir. Soamente se trata de completar a investigación cun dito e uns refráns que falan da principal festa de Pontedeume, da romaría de San Andrés de Teixido, do Entroido (a celebración profana por excelencia) e sobre a Pascua, e que son un bo exemplo do bo sentido do humor, algo irreverente, co que a cultura popular trataba certos aspectos da relixión cristiá.

- “Nosa Señora das Peras, ten un ramíño na man, das virtudes do ramíño, moito se pode agardar”<sup>76</sup> (F).
- “A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo”<sup>77</sup> (F).
- “O antroido co-as suas artes botou á San Matías fora do martes” (S), ou “San Matías, anda co antroido aas porfías”<sup>78</sup> (S).

75. LÓPEZ TORRE, M.: *Romancero..., op. cit.*, pp. 63-70.

76. Dito en relación coas crenzas arredor das virtudes especiais da vexetación, sobre todo en días ou noites concretos do ano. Outro exemplo ben coñecido son as flores e plantas recollidas na noite e madrugada de San Xoán. TABOADA CHIVITE, X.: *Ritos y creencias..., op. cit.*, pp. 11-45. A vexetación é tamén importante nas celebracións da primavera. CARO BAROJA, J.: *La estación del amor..., op. cit.*

77. Como no caso anterior, crenzas moi interesantes en relación co Purgatorio, lugar intermedio fundamental para cultura popular galega. Por motivos de extensión, non analizaremos este tema no traballo, pero a bibliografía é abundante. Ver por exemplo LE GOFF, J.: *El nacimiento del Purgatorio*. Taurus, Madrid, 1985.

78. Refráns que nos falan da pervivencia desta festa profana, por máis que a Igrexa a quixera cristianizar mediante o San Matías ou a inmediata Coresma. Tamén interesante o tema da porfía entre o Entroido e representantes do Cristianismo, santos ou, sobre todo, a Coresma. Un excelente exemplo está no *Libro de Buen Amor*, coa batalla entre Don Carnal e Doña Cuaresma (estrofas 1067-1127).



- “Por Pascua de Resurrección, tres cousas non tén razón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicación” (S).

## 5. CONCLUSIÓN

Ao longo da investigación, puidemos ir vendo algunas das características da cultura popular e da concepción do tempo que lle é propia, a través dun calendario artístico e doutro constituído por algúns dos moitos refráns que forman parte da enormemente rica cultura popular da nosa comarca. O refraneiro podería subministrar moita más información, pero quisen centrarme naqueles refráns que están, dalgunha ou outra maneira, relacionadas co tempo.

De todos os xeitos, non é unha investigación pechada nin moito menos. Son moitos os ditos e refráns que quedaron fóra dos tomados como fonte; outros os que, dende o meu punto de vista, non achegaban datos relevantes para o tema da investigación; e tamén hai que ter en conta o gran número que ainda descoñezo e mesmo algúns que estean nacendo ao abeiro das novas realidades sociais, pois non debemos esquecer que as culturas son organismos vivos que perden uns compoñentes e van incorporando outros continuamente.

Ademais disto, hai que ter en conta as propias características da cultura popular. Como se dixo, esta cultura pode presentar manifestacións que, a simple vista, poden parecer contraditorias. Un exemplo o temos no tema dos cultivos e os seus tempos, pois a adaptación das tarefas agrícolas aos climas locais pode causar que non se semente no mesmo mes en Pontedeume que en Monfero, malia a súa proximidade xeográfica. Esta circunstancia provoca que ben se podería facer unha investigación con refráns do mesmo tema pero con matices completamente diferentes.

Xunto con estas “contradiccións”, tamén me gustaría destacar outro tipo. Por exemplo no apartado sobre o calendario e as características do tempo, comentouse o seu paso rápido e a necesidade de aproveitalo (“O que poidas facer hoxe, non o deixes para mañá” (F)). Mais outros refráns inciden no contrario, como o que di de que “boa vida non quer presa” (V). Dende logo, ambos refráns semellan incompatibeis. Non obstante, estamos ante outra das características da cultura popular. É unha cultura feita polo ser humano e para el mesmo, estreitamente relacionada coa súa realidade vital e coa súa maneira de concibir esta realidade. Por iso mesmo, amósase en certos casos como contraditoria, tal como as persoas.

O saber popular abranque un gran número de manifestacións sobre unha gran cantidade de aspectos da sociedade, o que lle confire unha riqueza enorme. É lóxico que nalgúns destas manifestacións aparezca unha certa contradición, o que non lle resta interese nin validez como fonte histórica. Mais ben o contrario: a cultura popular é unha das más elaboradas creacións do ser humano; o único que fai é manifestarse tal como o seu creador, perfectamente imperfecta.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

- BAJTIN, M.: *La cultura popular en la Edad Media y Renacimiento*, Barral, Barcelona, 1974.
- BARROS, C. (ed.): *Historia a Debate*, vol.I-II-III, Santiago de Compostela, 1996-2009.
- BELOSO GÓMEZ, J. (et al., eds.): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.
- BELTRÁN PEPIÓ, V.: *La poesía tradicional medieval y renacentista*, Reichenberger, Kassel, 2009.
- CAMILLE, M.: *Arte Gótico. Visiones gloriosas*, Akal, Madrid, 2005.
- CARO BAROJA, J.: *El carnaval: análisis histórico-cultural*, Taurus, Madrid, 1984 (2<sup>a</sup> ed.).
- El estío festivo: fiestas populares del verano*, Taurus, Madrid, 1984.
- La Estación del amor: fiestas populares de mayo a San Juan*, Taurus, Madrid, 1979.
- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: *El calendario medieval hispano. Textos e imágenes (s. XI-XIV)*, Junta de Castilla y León, Valladolid, 1996.
- El desfile de los meses de Santa María do Azougue*, “Anuario Brigantino”, nº 16 (1993), Betanzos, pp. 177-196.
- Fiesta y representación: las alegres comparsas del año en la Edad Media, El rostro y el discurso de la fiesta*, NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.), Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, Santiago de Compostela, 1994, pp. 119-139.
- Gennaio e Giano Bifronte: dalle “anni januae” all’interno domestico, (secoli XII-XIII)*, “Prospecttiva”, nº 66 (1992), pp. 53-64.
- La iconografía de los meses en el calendario medieval hispano: siglos XI-XIV*, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993.
- “La mesa del señor y la mesa del campesino. Alimentación y contraposición de estamentos a través de la iconografía del calendario medieval”, en LÓPEZ OJEDA, E. (coord.): *Comer, beber, vivir: consumo y niveles de vida en la Edad Media hispánica. Actas de la XXI Semana de Estudios Medievales de Nájera, 2-6 de agosto de 2010*, Instituto de Estudios Riojanos, Logroño, 2011, pp. 391-410.
- Os traballos e os días na Galicia medieval*, Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1995.
- COIRA POCIÑA, J.: *Ver, concebir y expresar el paso del tiempo. El calendario medieval y el refranero*. “Medievalismo”, nº 23 (2013). Sociedad Española de Estudios Medievales, Madrid, pp. 117-155.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puentedeume y su comarca*, Pontedeume, 1971.
- ERIAS MARTÍNEZ, A.: *O calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue: un achegamento ás súas imaxes*, “Anuario Brigantino”, nº 27 (2004), pp. 415-430.



- FALQUÉ REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Akal, Madrid, 1994.
- FOSSIER, R.: *El trabajo en la Edad Media*, Crítica, Madrid, 2002.
- GARCÍA Y GARCÍA, A. (dir.): *Synodicon Hispanum*, B. A. C., Madrid, 1981, tomo I, Galicia.
- GUREVICH, A.: *Las categorías de la cultura medieval*, Taurus, Madrid, 1990.
- ISIDORO DE SEVILLA: *Etimologías (Libros I-IX)*, ed. por MARCOS CASQUERO, M. A. e OROZ RETA, J., Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1982.
- JUAN RUIZ, ARCIPRESTE DE HITA: *Libro de Buen Amor*, ed. por BLECUA, A. (ed.), Cátedra, Madrid, 1992.
- LADERO QUESADA, M. Á.: *Las fiestas en la cultura medieval*, Areté, Barcelona, 2004.
- LE GOFF, J.: *El orden de la memoria. El tiempo como imaginario*, Paidós, Barcelona, 1991.
- LICENCIADO MOLINA: *Descripción del Reino de Galicia*, Toxosoutos, Noia, 2003.
- LÓPEZ TORRE, M.: *Romancero del Eume*, Pontedeume, 1958.
- MALDONADO, F. (ed.): *Refranero clásico español y otros dichos populares*, Taurus, Madrid, 1985, 2<sup>a</sup> ed., 7<sup>a</sup> reimpresión.
- MARTÍN DE BRAGA: *Obras completas*, ed. por DOMÍNGUEZ DEL VAL, U., Fundación Universitaria Española, Madrid, 1990.
- MERILLE, P. de (pseudónimo de Salvador Golpe): *Refraneiro agrícola-meteorológico*, “Anuario Brigantino”, nº 4, Betanzos, 1981, pp. 188-199.
- MINGOTE CALDERÓN, J. L.: *Tecnología agrícola medieval en España: una relación entre la etnología y la arqueología a través de los aperos agrícolas*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996.
- PAZ ROCA, M<sup>a</sup> CARMEN: *Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)*, en “Cadernos de Fraseoloxía Galega” nº 4. Estudos e recadádivas, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Vigo, 2003, pp. 129-141.
- PEDROSA BARTOLOMÉ, J. M.: “Las brujas de Nochebuena y los diablos de san Juan: calendario pagano, calendario cristiano y ritos de paso”, *Espejo de brujas: Mujeres transgresoras a través de la Historia*, ORTIZ, A. E ZAMORA CALVO, M<sup>a</sup> J. (eds.), Abada, Madrid, 2012, pp. 265-296.
- PÉREZ HIGUERA, T.: *Calendarios medievales. La representación del tiempo en otros tiempos*, Encuentro Ediciones, Madrid, 1997.
- PORTELA SILVA, H., PALLARES MÉNDEZ, M<sup>a</sup> C.: “Muerte y sociedad en la Galicia medieval (ss. XII-XIV)”, en NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M., PORTELA SILVA, H. (coords.): *La idea y el sentimiento de la muerte en la historia y en el arte de la Edad Media: ciclo de conferencias celebrado del 1 al 5 de diciembre de 1986*, Servicio de Publicacóns e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1988, pp. 9-19.

- SACO CID, J. L. (ed.): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce*, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, Ourense, 1987.
- SOTO ARIAS, M<sup>a</sup> R.: *Achegas a un dicionario de refráns: galego-castelán, castelán-galego*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.
- TABOADA CHIVITE, X.: *Ritos y Creencias Gallegas*, Sálvora, A Coruña, 1982 (2<sup>a</sup> ed.), pp. 119-143.
- UDAONDO PUERTO, F. J.: *El Concepto de tiempo en la Edad Media: a propósito del Calendario agrícola del Panteón de los Reyes de San Isidoro de León*, “Ruta Cicloturística del Románico”, nº 17 (1999), Fundación Cultural Rutas del Románico, Pontevedra, 1998, pp. 125-130.
- VÁZQUEZ, L.: *Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López*, en “CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA” nº 4. Estudos e recadádivas, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Vigo, 2003, pp. 143-171.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, B. (dir.): *Tempos de festa en Galicia*, 2 vol., Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.



# RELOXOS SOLARES EN GALICIA: A CORUÑA – ARES – MUGARDOS, FEITOS POR ALBERTO CINTIO (FERMO-ITALIA)

Celsa Formoso Martínez

---

## I. PREÁMBULO

A nosa amizade principia en 1997 grazas a que ambos colaboramos na realización dun proxecto educativo europeo, *Proxecto Sócrates*, acción Comenius.

A través de contactos moi variopintos, logramos o inicio no curso 1997-98; no IES. Elviña, na Coruña. O noso proxecto en común tiña por título *Ciudad Verde* e o obxectivo era lograr uns alumnos concienciados e respectuosos co medio ambiente. Fixémolo asociados a catro centros, un dos cales era o Liceo Scientifico Statale “T.C. Onesti”, na localidade de Fermo (AP) Italia, no que un dos profesores participantes era D. Alberto Cintio, Prof. de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e un pozo de ciencia.

O citado proxecto inclúe visitas e intercambios; así iníciase a historia do reloxo de sol, mellor, dos reloxos solares: sete de meridiana e un acimutal.

Ese proxecto foi o inicio da grande amistade que nos uniu até o seu repentina falecemento no 2012. Visitounos en varias ocasions e así, grazas aos seus coñecementos é á súa xenerosidade e gran afán por poñelos ao servizo dos demais, xurdiu a idea da construcción en Galicia dos reloxos de sol ou reloxos de meridiana.

D. Alberto era unha persona xovial e culta; xuntaba o saber humanístico co domínio do Latín e das Matemáticas e Ciencias Naturales e, desde logo, da Astronomía.

## 2. ALBERTO CINTIO: BREVE BIOGRAFÍA

Natural de Fermo, provincia de Ascoli Piceno, Italia, (1941-2012), sacerdote diocesano e licenciado en Ciencias Naturais; foi profesor titular no Liceo Scientifico Statale de Fermo e párroco da igrexa de Sta. María de Altidona, no veciño pobo de Porto S. Giorgio.

Sempre utilizou a Gnomónica como instrumento didáctico válido para a comprensión da mecánica celeste e, debido a iso, desenvolveu varios software para o “cálculo das efemérides solares” e para realizar reloxos de sol de diversos tipos.

Ademais, é autor de numerosos artigos e ensaios para as revistas *Astronomía*, *Nuovo Orione*, *L'Astrofilo*, *Animazione ed Espressione*.

Como membro da UAI (Sezione Quadranti Solari) organizou no Piceno catro seminarios de Gnomónica, contando en cada unha das súas edicions coa participación de máis de cen expertos procedentes de toda Italia.

Realizou máis de 80 reloxos de sol (restauración e novos reloxos), en diferentes materiais, entre outros, mármore e cerámica.

Foi un dos primeiros defensores do renacemento do *reloxo de sol italiano* e un dos primeiros en utilizar o ordenador para o seu cálculo; é o gnomista que ten o maior número de reloxos de sol en Italia e, quizais, no mundo, segundo Riccardo Anselmo. Non faltaba nunca á “Settimana delle meridiane” que organiza a Asociación Cultural de Meridianas en xullo do 10 ao 17, no Trentino.

O profesor Cintio era, ademáis de erudito, unha persona moi espléndida, sempre disposto a realizar os estudos necesarios para medir o tempo. Sempre estaba disposto para tomar as coordenadas dun lugar a facer o estudo das sombras e a medida dos ángulos, cousas que para él non tiñan segredos, e sempre me chamou a atención sempre a súa facilidade para transmitir o seu saber e regalar o seu tempo.

Sen dúbida foi un gran dinamizador do estudo, divulgación e promoción do coñecemento dos reloxos solares.

D. Alberto Cintio, foi quen, en moi pouco tempo, de calcular, deseñar e construír reloxos de sol de todos os tipos, formas e tamaños; sempre se adaptou perfectamente aos diversos lugares nos que íamos situar os reloxos; ao mesmo tempo dabanos liberdade de execución, para combinar a ciencia coa arte. A súa era unha paixón que transmitía a quen coñecía e con quen se relacionaba.



Alberto Cintio


### 3. A SÚA OBRA EN GALICIA, RELOXOS DE MERIDIANA NA:

#### 1. A CORUÑA

##### 1.1 Reloxo Solar: IES “Elviña”

Inaugurado nun día moi especial, o día 28 de febreiro do 2000, día de Santo Tomás de Aquino, patrón dos institutos de Ensinanza, e ademais, no cambio de milenio.

Para a inauguración invitamos a D. Benito Bieito, director de *La Voz de Galicia*, quen pronunciou un interesante discurso glosando o momento; contamos tamén coa asistencia das autoridades académicas, dos profesores italianos de Fermo e do Liceo de Marsala e coa dos portugueses do Liceo de Montalegre, que tiñan participado no proxecto europeo, así como de profesores, pais e alumnos de Elviña.



Financiado por Voz Natura, en placa de granito gris

##### Reloxo-Calendario: IES “Elviña”

**Reloxo.** O elemento indicador da hora é o **punto-sombra**, xerado pola pequena esfera situada na extremidade do **gnomon** (ortostilo perpendicular á parede); esta desprázase sobre as **liñas horarias** sinaladas con números árabes á dereita. **Os puntos** situados entre as liñas horarias marcan os cuartos de hora (15 minutos).

##### Calendario. O punto-sombra

No **solsticio de inverno** (22 de decembro) desprázase, dende a mañá á noite, sobre a liña curva superior (**hipérbole invernal**), nos **equinoccios** (21 de marzo e 23 de setembro) desprázanse sobre a liña oblicua central (**recta equinocial**), no **solsticio de verán** (21 de xuño) desprázase sobre a liña curva inferior (**hipérbole de verán**).



Sobre as outras liñas curvas, marcadas pola sucesión de puntos dos cuartos de hora, desprázase nos meses intermedios. Estas curvas dividen o espazo do reloxo en seis zonas, denominados **meses zodiacais**, que comezan ao redor do 21 de cada mes. Cada zona está sinalizada cos símbolos do zodíaco: Os superiores son os signos do inverno e da primavera, os inferiores son os signos do verán e do outono.

**Analema.-** É o gráfico da dereita, de forma sinusoidal: serve para calcular a **ecuación do tempo**, e indica a diferenza en minutos entre o **tempo solar (TS)** indicado polo reloxo solar e o **tempo civil (TC)** indicado polos nosos reloxos.

Estes dous tempos non coinciden por dous motivos:

– **Pola lonxitude do lugar:** a distancia horaria entre A Coruña e o meridiano da Europa Central ( $15^{\circ}$  E ) é de 93.6 minutos.

– **Por efecto das variacións na velocidade do xiro da Terra arredor do Sol,** ao longo do ano (leis de Kepler).

O gráfico permite corrixir este segundo efecto. O primeiro, que xa vai incluído nos cálculos é constante todo o ano. O eixe vertical está dividido en 12 segmentos que corresponden aos 12 meses do ano, comenzando pola parte superior en xaneiro.


O eixo horizontal corresponde aos minutos que deben sumarse (positivos á dereita) ou restar (negativos á ezquerda), sobre a hora indicada no reloxo solar (TS) para obter a hora convencional (TC).

**Exemplo:** Nos primeiros meses do ano o reloxo camiña atrasado, é preciso sumar até 14 minutos a mediados de febreiro para obter o horario do reloxo de pulseira. Do mesmo modo, nos meses de outono o reloxo solar vai adiantado ata 16 minutos entre outubro e novembro, polo que é preciso restarlle 16 minutos para dar a hora do tempo civil.

## 2. ARES

### 2.1 Reloxo de Meridiana, casa particular

No 2008 inaugúrase o reloxo na nosa casa, un reloxo doado por A. Cintio, que nos envíou dende Italia, xunto con outro similar para a igrexa parroquial San Xosé de Ares. Están ambos realizados nun precioso mármore travertino da Marca (Italia) e está executado polo seu amigo G. Palmieri, nomeado marmorista italiano.



Situado na fachada Sur, rúa dos Castros nº 4



## OROLOGIO-CALENDARIO SOLARE

*(a cura di Alberto Cintio)*

Casa Formoso Celsa: Lat. N 43° 24' 48" - Long. W 8° 14' 11"

### OROLOGIO SOLARE

L'asta metallica (detta *gnomone assostilo* perché parallelo all'asse terrestre) ha la punta a forma di freccia con un foro attraverso cui passa un raggio del sole. L'ombra di tutta l'asta scorre dal mattino alla sera sopra le linee orarie contrassegnate da due serie di numeri: nella parte superiore sono le ore dell'*orario solare invernale*, mentre nella parte inferiore sono le ore dell'*orario legale estivo* (+ un'ora) in vigore in Europa da marzo a ottobre. La linea obliqua intermedia corrisponde all'incirca alla data del cambiamento dell'orario. I punti tra una linea oraria e l'altra indicano i quarti d'ora.

### CALENDARIO

E' indicato dal *punto-luce* generato dal foro che è sulla punta dello gnomone: al *soltizio d'inverno* (21 dicembre) esso scorre sulla linea curva superiore (*iperbole invernale*); al *soltizio d'estate* (20 giugno) scorre sulla linea curva inferiore (*iperbole estiva*). Agli *equinozi* (20 marzo e 22 settembre) scorre sulla linea retta obliqua centrale (*retta equinoziale*). I mesi intermedi sono indicati dalla successione degli stessi punti che indicano i quarti d'ora e dai segni dello zodiaco.

<b>Primavera:</b>	♈ Ariete (20 mar. - 20 apr.)	<b>Autunno:</b>	♎ Bilancia (22 set. - 23 ott.)
	♉ Toro (20 apr. - 21 mag.)		♏ Scorpione (23 ott. - 22 nov.)
	♊ Gemelli (21 mag. - 20 giu.)		♐ Sagittario (22 nov. - 21 dic.)
<b>Estate:</b>	♋ Cancro (20 giu. - 22 lug.)	<b>Inverno:</b>	♑ Capricorno (21 dic. - 20 gen.)
	♌ Leone (22 lug. - 22 ago)		♒ Acquario (20 gen. - 19 feb.)
	♍ Vergine (22 ago - 22 set.)		♓ Pesci (19 feb. - 20 mar.)

In esametri latini sono così elencati: *Sunt: Aries, Taurus, Gemini // Cancer, Leo, Virgo, Libraque, Scorpius, Arcitenens // Caper, Amphora, Pisces*

### ANALEMMA


E' il grafico a forma di sinusoida posto in basso e serve per calcolare l'**equazione del tempo**, ossia la differenza in minuti tra il **Tempo solare vero** (TSV), indicato dagli orologi solari e il **Tempo medio civile** (TMC), indicato dai sistemi satellitari e quindi dai nostri orologi da polso. Il TSV e il TMC non coincidono per due motivi:

- per la longitudine del luogo. Il TMC è misurato in base alla culminazione del Sole sul 15° meridiano Est (detto dell'Europa Centrale o di Catania o Etneo), mentre La Coruna si trova circa a 8° a W di Greenwich: questo comporta una differenza di oltre 90 minuti in quanto a ogni grado di longitudine corrispondono 4 min. ( $15^\circ = 60 \text{ min.} = 1 \text{ fuso orario} = 1/24 \text{ della circonferenza}$ ).
- per la diversa velocità della Terra nel suo moto di rivoluzione attorno al Sole (*leggi di Keplero*), per cui accelererà d'inverno in perielio e rallenterà d'estate in afelio, tant'è vero che il periodo che va dal 21 marzo al 23 settembre (primavera-estate) è sette giorni più lungo dell'altro semestre.

Il grafico permette di correggere solo questo secondo effetto perché il primo è già incluso nei calcoli, essendo una quantità costante. L'asse orizzontale è diviso in 12 parti che sono i mesi dell'anno, a partire da gennaio nella parte sinistra. In ordinata sono indicati i minuti che si debbono aggiungere (quelli positivi sopra) o si debbono togliere (quelli negativi sotto) al TSV dell'orologio solare per avere il TMC dei nostri orologi da polso. Solo in quattro date dell'anno l'orologio solare va perfettamente d'accordo con l'orologio da polso: 15 aprile, 15 giugno, 1 settembre e 24 dicembre.

*Esempio:* nei primi mesi dell'anno l'orologio solare va indietro rispetto all'orologio da polso e bisogna aggiungere fino a 14 minuti a metà febbraio per avere il TMC. Analogamente nei mesi autunnali esso va avanti fino a un massimo di 16 minuti tra la fine di ottobre e i primi di novembre, per cui è necessario togliere questi minuti all'ora indicata dal Sole per avere il TMC.

## 2.2 Reloxo de Meridiana: igrexa parroquial de San Xosé de Ares





Os signos do Zodiaco en versos latinos son:

**SUNT ARIES TAURUS GEMINI // CANCER LEO VIRGO,  
LIBRAQUE SCORPIUS ARCITENENS // CAPER AMPHORA PISCES**  
(Ausonio s. IV)

## RELOXO –CALENDARIO SOLAR.

Parroquia de S. Xosé de Ares

DATOS TÉCNICOS: Latitude N      43° 25' 30"  
Lonxitude W      8° 14' 44"


A. Cintio y A. Palmieri  
Fermo (AP) - Italia.

**Reloxo.**- O elemento indicador da hora é a liña de sombra xerado polo gnomon inclinado respecto á parede, casi paralelo ó eixo terrestre. Este desprázase sobre as liñas horarias sinaladas con dúas series de números árabes, na parte superior son as horas do horario solar invernal, mentres que na parte inferior son as horas do horario legal do verán (+ unha hora) en vigor en Europa desde marzo a outubro.

A liña oblicua intermedia corresponde á data do cambio horario.

Os puntos que se achan entre as liñas horarias marcan os cuartos de hora (15 minutos).

**Calendario.**- O elemento indicador é sempre o punto-luz xenerado polo orificio situado na punta do gnomon. No solsticio de inverno (21 de decembro) desprázase, desde a mañá ata a noite, sobre a liña curva superior (hipérbole invernal), nos equinoccios (20 de marzo e 22 de setembro) desprázase sobre a liña oblicua central (recta equinocial), no solsticio de verán (21 de xuño) desprázase sobre a liña curva inferior (hipérbole de verán).



Os meses intermedios están indicados pola sucesión de puntos dos cuartos de hora e polo signo do zodíaco. Estas curvas dividen o espacio do reloxo en seis zonas, chamadas **meses zodiacais**, que comezan ao rededor do 21 de cada mes. Cada zona está sinalada con dous signos do zodíaco, derriba dela permanece durante todo o tempo correspondente a dito signo. Os superiores son os signos do inverno e da primavera. Os inferiores son os signos do verán e outono:

**Invierno:** Capricornio ♑ (21 decembro-20 de xaneiro)

Acuario ♒ (20 de xaneiro-19 de febreiro)

Piscis ♓(19 de febreiro-20 de marzo)

**Primavera:** Carneiro ♁(20 marzo-20 abril),

Touro ♂ (20 abril -21 de maio)

Xérminis ♃ (21 de maio-20 de xuño).

**Verán:** Cáncer ♄ (21 xuño-20 de xulio),

Leo ♅(21 xulio-20 agosto)

Virgo ♆(21 de agosto-20 de setembro).

**Otoño:** Libra ♇ (21 setembro-20 de outubro)

Escorpio ♈ (21 outubro -20 novembro)

Saxitario ♉(21 novembro-20 de decembro).

**Analema.**- É o gráfico inferior, de forma sinusoidal. Serve para calcular a ecuación do tempo, ou sexa, a diferencia en minutos entre o tempo solar verdadeiro (TS) indicado polo reloxo solar e o tempo civil (TC) indicado pola televisión, a radio e os nosos reloxos.

O eixo horizontal está dividido en 12 segmentos que corresponden aos **12 meses** do ano, começando pola parte esquerda con xaneiro. O eixo vertical corresponde aos minutos que deben **sumarse** (positivos os superiores) ou **restar** (negativos os inferiores), á hora indicada no reloxo solar (TS) para obter a hora do reloxo de pulseira (TC).

Só en catro datas do ano o reloxo solar está de acordo co reloxo de pulseira: 15 de abril, 15 de xuño, 1 de setembro e 24 de decembro.

**Atención:** O Sol en Ares, Coruña, culmina (ou seña, está no medio do arco diurno) non a as 12h sinon 90 min. Mais tarde, ou seña a as 13h 30min.

**Exemplo:** nos primeiros meses do ano o reloxo solar camiña atrasado e é preciso sumar ata 14 minutos, a mediados de febreiro, para obter o horario do reloxo de pulseira. Igualmente nos meses de outono o reloxo solar vai adiantado. ata un máximo de 16 minutos, entre final de outubro e primeiros de novembro, polo que é preciso restarlle 16 minutos para dar a hora do tempo civil.

Foi preciso realizar numerosas xestións ao ser un edificio afectado por Patrimonio, organismo ao que era necesario solicitar os pertinentes permisos. Unha vez conseguidos os ditos permisos, fixamos a inauguración para o día do Corpus Christi, en xuño do 2009, coincidindo coa realización das alfombras florais. Para tal evento estivemos acompañados por veciños, autoridades e polo alcalde de Ares, D. Julio Iglesias; e o acto realizouse con anterioridade á procesión.

### Enlaces internet

Explicación do reloxo de sol que se instalou na igrexa de Ares:

<http://parroquiadeares.blogspot.com.es/2008/06/explicacin-del-reloj-de-sol-que-ser.html>

Video:

[http://www.dailymotion.com/video/x5xda9\\_explicacion-reloj-de-sol-i\\_people](http://www.dailymotion.com/video/x5xda9_explicacion-reloj-de-sol-i_people) (40 seg)

[http://www.dailymotion.com/video/x5xd8h\\_explicacion-reloj-de-sol-ii\\_people](http://www.dailymotion.com/video/x5xd8h_explicacion-reloj-de-sol-ii_people) (90 seg)

Enlaces co blog de “enreliando” sobre a experiencia do reloxo solar.

Realizada no Colexio Conde de Fenosa. Ares.

<http://enreliando.blogspot.com.es/search/label/Reloj%20de%20sol>



D. Alberto Cintio, Dª Celsa Formoso, D. Julio Iglesias, D. Bernardo Mesia e D. Antonio de las Heras

### 3. MUGARDOS

Envionous dende Italia os planos co deseño, tanto do reloxo da igrexa de San Xulián como do IES de Mugardos.

D. Casimiro Fernández logrou a colaboración dun frequés, D. Arturo Martínez, para realizar un reloxo nunha bela caliza do Barco de Valdeorras, con gravados en cor, executado polo recoñecido canteiro “Fandiño”, alumno destacado do Estudo-Obradoiro de Asorey en Compostela, deseño que gostou a todos, e en especial a D. Alberto Cintio.

O IES de Mugardos realizou o reloxo-calendario nun precioso granito gris galego.


En outubro de 2010 visitounos de novo D. Alberto Cintio, con motivo da inauguración dos reloxos de Mugardos, acontecemento que tivo lugar o día 3 de outubro, coa presenza do Alcalde, Sr. Barcia, e doutras autoridades.

#### 3.1 Igrexa parroquial de San Xulián



## Reloxo- Calendario Solar.

Parroquia de Mugardos : Lat. N  $42^{\circ} 27' 35''$  Long. W  $8^{\circ} 15' 27''$



### Reloxo Solar:

A hasta metálica (chamada gnomon estilo-axial, porque é paralelo ao eixe terrestre) ten a punta en forma de frecha cun buraco, a través do cal pasa o raio de sol.

A sombra da hasta percorre, da mañá á tarde, as liña horaria marcada con dúas series de números: a parte superior indica o Horario Solar Invernal, mentres que a parte inferior son as horas do Horario Legal de Verán, en vigor en Europa de marzo a outubro.

A Liña Oblicua Intermedia, corresponde aproximadamente coas datas do cambio horario.

Os puntos entre unha liña horaria e outra indican os cuartos de hora.

### Calendario:

Indícao o punto de luz xerado polo buraco que hai sobre a punta do gnomon.

O Solsticio de inverno (21 de decembro) discorre sobre a liña curva superior (Hipérbole invernal).

O Solsticio de verán (21 de xuño) discorre sobre a liña curva inferior (Hipérbole estival).

Os equinoccios (21 de marzo e 21 de setembro) discorre sobre a liña oblicua intermedia (recta equinocial).

Os meses intermedios son indicados polos mesmos puntos que marcan os cuartos de hora e os signos do zodíaco.

Primavera: Aries ♈ (21 marzo-20 abril),  
Touro ♉ (21 abril -20 de maio )  
Géminis ♊ (21 de maio-20 de xuño).

Verano: Cáncer ♋ (21 xuño-20 de xullo)  
Leo ♌ (21 xullo-20 agosto)  
Virgo ♍ (21 de agosto-20 de setembro)

Otoño: Libra ♎ (21 setembre-20 de outubro)  
Escorpio ♏ (21 outubro -20 novembro)  
Saxitario ♐ (21 novembro-20 de decembro).

Invierno: Capricornio ♑ (21 diciembre-20 de xaneiro)  
Acurario ♒ (20 de xaneiro-19 de febreiro)  
Piscis ♓ (19 de febreiro-20 de marzo)

**ANALEMA.**–É o gráfico con forma sinusoidal gravado na parte superior e serve para calcular a Ecuación do Tempo, é dicir, a diferenza en minutos entre o Tempo Solar Verdadeiro( TSV) indicado no reloxo solar e o Tempo Medio Civil (TMC) indicado polo sistema de satélites, e que dá o noso reloxo de pulsera.

O TSV e o TMC non coinciden por dous motivos.

1.-Pola lonxitude do lugar. O TCM está medido en base á culminación do Sol sobre o meridiano 15° E (é dicir, o de Europa Central), mentres Mugardos atópase a 8° 15'W de Greenwich e isto comporta unha diferenza de 93 minutos.(1° = 4 min.).

2.-Pola distinta velocidade da Terra no seu movemento de revolución ao redor do Sol (leis de Kepler) xa que se acelera no perihelio de inverno e ralentizase no afelio de verán; tanto é así, que o período que vai de 21 de marzo ao 23 de setembro ( primavera-verán) é 7 días máis longo que o outro semestre.

O gráfico permite corrixir este segundo efecto porque o primeiro xa está incluído nos cálculos, sendo unha cantidade constante.

O eixe horizontal está dividido en 12 partes, que son os meses. Comeza con xaneiro na parte esquerda.

En ordenadas están indicados os minutos que se deben de engadir (positivos por enriba) ou se deben de restar (negativos por abaixo) ao TSV do reloxo solar para obter o TCM do noso reloxo de pulsera.

Só en catro datas están de acordo co reloxo solar e co de pulsera: 15 de abril, 15 de xuño, 1 de setembro e 24 de decembro.

Exemplo: nos primeiros meses do ano o reloxo solar vai atrasado respecto ao reloxo de pulsera e necesita engadir case 14 min., a metade de febreiro, para obter o TCM. Análogamente nos meses outonais vai adiantado case un máximo de 16 min. cara a finais de outubro e primeiros de novembro, polo que é necesario restar estes minutos á hora indicada polo reloxo solar ou TCM.

**Lema: Dominus illuminatio mea = O Señor é a miña luz.**



Inauguración (3 de outubro do 2010): D. Bernardo Mesia, D<sup>a</sup> Covadonga Rodríguez-Moldes, D. Alberto Cintio, D<sup>a</sup> Victoria Martínez, Sr. Barcia, Sr. Roca e D. Saverio




Localización na fachada sur da iglesia parroquial de San Xulián. Casas con balcons típicos de Galicia

### 3.2 IES de Mugardos

#### O reloxo-calendario de sol de Alberto Cintio

Texto entregado aos asistentes o día da súa inauguración.



#### Reloxo

O elemento indicador da hora é a liña de sombra xerada polo **gnomon** (*obxecto alongado que guinda sombra*) inclinado respecto á parede, case paralelo ao eixe terrestre.

O gnomon desprázase sobre as liñas horarias sinaladas con dúas series de números: na parte superior son as horas do horario solar invernal, mentres que na parte inferior son as horas do horario legal do verán (+1 hora) en vigor en Europa dende marzo a outubro.

A liña oblicua intermedia corresponde coa data do cambio horario.

Os puntos que se acham entre as liñas horarias marcan os cuartos de hora (15 min.).

#### Calendario

O elemento indicador é a punta do gnomon:

- No solsticio de inverno (21 de decembro) desprázase, dende a mañá até a noite, sobre a liña curva superior (hipérbole invernal).

- Nos equinoccios (20 de marzo e 22 de setembro) desprázase sobre a liña oblicua central (recta equinocial).
- No solsticio de verán (21 de xuño) desprázase sobre a liña curva inferior (hipérbole de verán).

Os meses intermedios están indicados polas curvas que forman as sucesións de puntos dos cuartos de hora e polo signo do zodíaco. Estas curvas: a liña curva superior, as dúas liñas de puntos superiores, a liña central, as dúas liñas de puntos inferiores e a liña curva inferior, dividen o espazo do reloxo en seis zonas, chamadas **meses zodiacais**, que comezan ao redor do 21 de cada mes.

Cada zona está sinalada con dous signos do zodíaco no que permanece á sombra do gnomon durante todo o tempo correspondente ao dito signo. Os superiores son os signos do inverno e da primavera. Os inferiores son os signos do verán e outono:

Inverno:	Capricornio		(21 de decembro-20 de xaneiro)
	Acuario		(20 de xaneiro-19 de febreiro)
	Pisces		(19 de febreiro-20 de marzo)
Primavera:	Carneiro		(20 de marzo-20 de abril)
	Touro		(20 de abril-21 de maio)
	Xémini		(21 de maio-20 de xuño)
Verán:	Cáncer		(21 de xuño-20 de xullo)
	Leo		(21 de xullo-20 de agosto)
	Virgo		(21 de agosto-20 de setembro)
Outono:	Libra		(21 de setembro-20 de outubro)
	Escorpión		(21 de outubro-20 de novembro)
	Saxitario		(21 de novembro-20 de decembro)

### Analema

É o gráfico inferior, de forma sinusoidal. Serve para calcular a ecuación do tempo, ou sexa, a diferenza en minutos entre o tempo solar verdadeiro (TS) indicado polo reloxo solar e o tempo civil (TC) indicado pola televisión, a radio e os nosos reloxos.

O eixe horizontal está dividido en 12 segmentos que corresponden aos 12 meses do ano, comezando pola parte esquerda con xaneiro. O eixo vertical corresponde aos minutos que deben sumarse (os superiores) ou restarse (os inferiores) á hora indicada no reloxo solar (TS) para obter a hora de reloxo de pulseira (TC). Só en catro datas do ano o reloxo solar está de acordo co reloxo de pulseira: 15 de abril, 15 de xuño, 1 de setembro e 24 de decembro.


Lema: O que non se aprende na mocidade non se sabe na vellez (senectude).

## 4. OBRA INCONCLUSA

Ademais dos reloxos construídos, existen outros deseños de D. Alberto aínda sen materializar.



### 4.1 RELOXO DE MERIDIANA, FACHADA SUR DO IES ELVIÑA (ANO 1999)

O primeiror deseño no IES “Elviña”, para a fachada sur, que decidimos non facer polos posibeis actos vandálicos, foi trocado polo actual da fachada oeste.



## 4.2 RELOXO DE MERIDIANA, OLEIROS (AÑO 2000)

O deseño para o reloxo da casa que ten en Oleiros D. Gonzalo Freire, profesor que formou parte do proxecto europeo, e que seguiu mantendo contacto en case todas as viaxes que D. Alberto realizou con posterioridade.



Indicacións para a súa realización en azulexos



## OROLOGIO-CALENDARIO SOLARE

*(a cura di Alberto Cintio)*

Gonzalo: Lat. N 43° 19' 44" - Long. W 8° 19' 49"

### OROLOGIO SOLARE

L'asta metallica (detta *gnomone assostilo* perché parallelo all'asse terrestre) ha la punta a forma di freccia con un foro attraverso cui passa un raggio del sole. L'ombra di tutta l'asta scorre dal mattino alla sera sopra le linee orarie contrassegnate da due serie di numeri: nella parte superiore sono le ore dell'*orario solare invernale*, mentre nella parte inferiore sono le ore dell'*orario legale estivo* (+ un'ora) in vigore in Europa da marzo a ottobre. La linea obliqua intermedia corrisponde all'incirca alla data del cambiamento dell'orario. I punti tra una linea oraria e l'altra indicano i quarti d'ora.

### CALENDARIO

E' indicato dal **punto-luce** generato dal foro che è sulla punta dello gnomone: al *solsizio d'inverno* (21 dicembre) esso scorre sulla linea curva superiore (*iperbole invernale*); al *solsizio d'estate* (20 giugno) scorre sulla linea curva inferiore (*iperbole estiva*). Agli *equinozi* (20 marzo e 22 settembre) scorre sulla linea retta obliqua centrale (*retta equinoziale*). I mesi intermedi sono indicati dalla successione degli stessi punti che indicano i quarti d'ora e dai segni dello zodiaco.

<b>Primavera:</b>	♈ Ariete (20 mar. - 20 apr.)	<b>Autunno:</b>	♎ Bilancia (22 set. - 23 ott.)
	♉ Toro (20 apr. - 21 mag.)		♏ Scorpione (23 ott. - 22 nov.)
	♊ Gemelli (21 mag. - 20 giu.)		♐ Sagittario (22 nov. - 21 dic.)
<b>Estate:</b>	♋ Cancro (20 giu. - 22 lug.)	<b>Inverno:</b>	♑ Capricorno (21 dic. - 20 gen.)
	♌ Leone (22 lug. - 22 ago)		♒ Acquario (20 gen. - 19 feb.)
	♍ Vergine (22 ago - 22 set.)		♓ Pesci (19 feb. - 20 mar.)

In esametri latini sono così elencati: *Sunt: Aries, Taurus, Gemini // Cancer, Leo, Virgo.  
Libraque, Scorpius, Arcitenens // Caper, Amphora, Pisces*

### ANALEMMA

E' il grafico a forma di sinusoide posto in basso e serve per calcolare l'**equazione del tempo**, ossia la differenza in minuti tra il **Tempo solare vero** (TSV), indicato dagli orologi solari e il **Tempo medio civile** (TMC), indicato dai sistemi satellitari e quindi dai nostri orologi da polso. Il TSV e il TMC non coincidono per due motivi:


- per la longitudine del luogo. Il TMC è misurato in base alla culminazione del Sole sul 15° meridiano Est (detto dell'Europa Centrale o di Catania o Etneo), mentre La Coruna si trova circa a 8° a W di Greenwich: questo comporta una differenza di oltre 90 minuti in quanto a ogni grado di longitudine corrispondono 4 min. (15° = 60 min. = 1 fuso orario = 1/24 della circonferenza).
- per la diversa velocità della Terra nel suo moto di rivoluzione attorno al Sole (*leggi di Keplero*), per cui accelerà d'inverno in perielio e rallenta d'estate in afelio, tant'è vero che il periodo che va dal 21 marzo al 23 settembre (primavera-estate) è sette giorni più lungo dell'altro semestre.

A idea de encarar un traballo que desenvolva temas inéditos arredor dun núcleo certamente manido nace na primeira das excursións realizadas cos alumnos de 1º de bacharelato do IES Breamo como membro da asociación *Ardóbriga*<sup>6</sup> en 2012. Dende ese ano, e en colaboración co profesor Víctor Mateo que imparte nese curso a materia de Antropoloxía, realizamos estas excursións con fins divulgativos para ofrecer aos rapaces unha lectura diferente que lles sirva para valorar uns bens patrimoniais de enorme importancia, como son a capela de San Miguel e o castro de Castrelo, que fose máis aló das clásicas lecturas histórico-artísticas e lle desen un novo sentido a algo que eles percibían pouco máis que como un sitio para troulear. Na procura de argumentos para acadar estes obxectivos fun descubrindo as posibilidades áinda inexploradas do santuario a nivel antropolóxico cultural.



Excursión IES Breamo

6. <http://ardobriga.blogspot.com.es/search/label/Divulgaci%C3%B3n>


## 2. “ES EL BREAMO LA MONTAÑA SAGRADA DE LOS PUENTEDUMESES”<sup>7</sup>

### 2.1 XEOGRAFÍA FÍSICA

Falar do santuario de Breamo é falar do monte Breamo. A súa ontoloxía como lugar sagrado é indisociábel da súa topografía orográfica. Por outro lado, falar da vila de Pontedeume dun modo descriptivo é falar inevitavelmente da súa situación a rentes deste monte. Mais non esquezamos que a cualidade de santuario chegaría ao Breamo moito antes da fundación da vila e, ademais, se o que pretendemos é superar estereotipos locistas, precisaremos ampliar as fronteiras de observación e situar o monte nun contexto xeográfico máis amplo. Vexamos, para empezar, unha fermosa descripción do monte que proporcionaba Angel del Castillo en 1914:

*Desde su cumbre, a 295 m. (sic.) sobre el nivel del mar, que por ser la más alta de todas las que perfilan el litoral de esta comarca, domina las rías de La Coruña, Sada, Betanzos, Puentedeume y Ferrol, abarcáis el espléndido y hermosísimo panorama que os ofrece la costa, desde las islas Sisargas que esfuman su escarpada silueta en las lejanas nieblas del Atlántico, hasta las playas de Valdoviño que blanquean allá en el horizonte donde la vista ya no alcanza<sup>8</sup>.*

Torre de Hércules e,  
ao fondo, illas Sisargas  
dende Breamo



Agora sabemos que o Breamo é unha cota costeira de 305 m. de altura sobre o nivel do mar, no seu cumio ten un vértice ou punto xeodésico<sup>9</sup> dende o ano 1981. Un vértice ou punto xeodésico é un punto sinalizado que indica una posición xeográfica exacta conformando una rede de triangulación con outros vértices xeodésicos. A exacta

7. PLACER, G.: *Crónicas de mi rincón natal*. Imprenta Provincial. A Coruña 1977, p. 37. Escollín esta frase de D. Gumerindo Placer para encabezar o primeiro epígrafe pola súa capacidade de sintetizar nunha sinxela afirmación toda a tese que eu pretendía desenvolver neste traballo. Esta afirmación ten un valor engadido por proceder dun sacerdote e frade mercedario e polo tanto dunha persoa especialista no eido do sagrado.

8. DEL CASTILLO, A.: *El priorato de San iguel de Breamo. Un monumento importante*. BREAMO Semanario independiente, nº 23, Pontedeume, 1º de novembro de 1914.

9. En España hai uns 1.100 vértices que adoitan estar formados por un piar de 120 cm de altura e 30 de diámetro sustentado nunha base cúbica ou prismática de formigón, todo isto pintado de branco. Dende 1975 están protexidos pola lei sobre sinais xeodésicas e xeofísicas. [ftp://ftp.geodesia.ign.es/Red\\_Geodesica/Hoja0022/002204.pdf](ftp://ftp.geodesia.ign.es/Red_Geodesica/Hoja0022/002204.pdf)

posición dos vértices serve para axudar a elaborar mapas topográficos a escala, tanto nacionais como rexionais. Normalmente están en sitios altos e despeados dende os que se poden divisar outros puntos semellantes, é por iso que acostuman estar en paraxes que posúen boas vistas panorámicas. Os vértices más próximos son os de Lagarín en Vilar-maior de 313 m, o de Marraxón en Neda de 333 m e o Pico da Mariña en Cabanas de 454. Estes datos serven para dar testemuño da visibilidade do monte de cara ao interior, xa que cara ao mar esta visibilidade é moito maior.

O Breamo é un coto que actúa como tapón do río Eume obrigándolle a dar unha revolta máis antes da súa desembocadura na ría de Ares, poñéndolle freo á súa corrente que remansa irrigando os vales de Ombre e Nogueirosa, ben abrigados dos fortes ventos do sur polo noso monte.

A aba do monte que cae cara ao nordés é a más abrupta, sombriza e húmida, xa que no inverno só recibe o sol da mañá e está exposta á influencia do Eume todo o ano e aos ventos do nordés que sopran os días de bonanza polo río abaixo dende o más profundo das fragas. Este foi o lugar elixido polo rei Afonso X para outorgar o dereito de poboamento a aqueles paisanos que llo foron pedir a Guadalaxara no ano 1270, sen dúbida pesou máis no rei Sabio o criterio estratégico de facer vila a carón do paso da ponte que o de facerlle a vida máis agradábel aos seu moradores.

A parte que cae cara ao norte e oeste por terras de Centroña e Boibre está más exposta aos vendavais, pero ao ser más irregular e irrigada por varios regatos e fontes proporciona moitos acubilllos onde poder habitar comodamente como testemuñan os xacementos arqueolóxicos catalogados.

A ladeira sur é loxicamente a mellor orientada. Por esta parte descende bruscamente até os 160 m por Cermuzo e a partir desa cota faino suavemente polos lugares da Torre e As Pedridas, Campolongo e Ar, para despois remontar cara aos altos de Andrade polo sueste. Polo sur baixa polos lugares de Caldeviñas e Buíña, xa no concello de Miño, para ir descendendo suavemente polo val do Xarío até rematar na desembocadura deste regato xunto á do Baxoi, preto da praia de Miño por terras de Perbes e de Bañobre. Esta será a zona do contorno do Breamo que antes vai ser habitada, como veremos más adiante.

O monte Breamo forma pois unha romá península comprendida entre os ríos Eume e Baxoi. A súa discreta altura non lle impide manifestarse visiblemente como un baluarte separador das rías de Ares e de Betanzos e a escasa competencia neste sentido (Montefaro, Ares, 266 m) fai que o seu cumio sexa visibel dende A Coruña ou Ferrol e mesmo de lugares más afastados como os montes Xalo e Ancos e mesmo as illas Sisargas. É, en definitiva, unha importante baliza para orientar aos mariñeiros que naveguen polas augas do golfo Ártabro ou nas súas proximidades<sup>10</sup>.

10. v. *Derrotero nº 2: Costa NW de España. Desde la Estaca de Bares al río Miño*. Tomo I. Instituto Hidrográfico de la Marina.

GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE FOMENTOINSTITUTO  
GEOGRÁFICO  
NACIONAL

## Área de Geodesia

Subdirección General de Geodesia y Cartografía

## Reseña Vértice Geodésico

5-oct-2013

Número.....:	2204
Nombre.....:	Breamo
Municipios:	Puentedeume
Provincias:	A Coruña
Fecha de Construcción.....:	09 de noviembre de 1981
Pilar sin centrado forzado.:	1,20 m de alto, 0,30 m de diámetro.
Último cuerpo.....:	3,00 m de alto, 1,00 m de ancho.
Total cuerpos.....:	1 de 3,00 m de alto.

## Coordenadas Geográficas:

Sistema de Ref.:	ED 50	ETRS89
Longitud.....:	- 8° 10' 55,1604"	- 8° 11' 00,66564" ±0,131 m
Latitud.....:	43° 24' 01,5302"	43° 23' 57,45817" ±0,094 m
Alt. Elipsoidal...:		359,566 m ±0,097 (BP)
Compensación.:	01 de junio de 1984	01 de noviembre de 2009
		Eltip de error al 95% de confianza

## Coordenadas UTM. Huso 29 :

Sistema de Ref.:	ED 50	ETRS89
X.....:	566243,31 m	566117,655 m
Y.....:	4805694,92 m	4805480,954 m
Factor escala...:	0,999953973	0,999953773
Convergencia...:	0° 33' 43"	0° 33' 40"

Altitud sobre el nivel medio del mar: 304,723 m. (BP)

## Situación:


Situado en la parte más alta del monte Breamo, que está a unos 1.200 m. al S.O. de Puentedeume. La señal está en terreno de tojo con pinos, unos 40 m. al S. de la ermita de San Miguel de Breamo y 40 m. al E. de la carretera.

## Acceso:

Desde Puentedeume por la N-VI a Betanzos, al llegar al P.K. 601,8 se entra a la derecha en la aldea de Barro. De esta aldea parte hacia el O. la carretera que va a Perbes; a los 800 m. se pasa por la aldea de Vista Alegre, a los 2 Km. se deja un mirador a la derecha y a los 280 m. se deja la carretera a Perbes, tomando a la izquierda la que sube a la ermita de San Miguel de Breamo, tras recorrer 500 m.

## Horizonte GPS:

Parcialmente cubierto de materia vegetal.



## Observaciones:

Estado: 13 de agosto de 2013

Pilar: Bueno

Base: Bueno

Informe del estado del Vértice: <http://fgc.geodesiaIGN.es/datos/lnbRG.pdf>



INSTITUTO  
GEOGRÁFICO  
NACIONAL

Área de Geodesia  
Subdirección General de Geodesia y Cartografía


### Cartografía de situación

5-oct-2013

Escala 1:25.000

02204 Breamo

Coordenadas ETRS89, Huso 29



Esta cualidade de monte costeiro de elevada conspicuidade dende o mar e dende a terra debido ao distanciamento con respecto ás alturas superiores más próximas, malia a súa escasa cota, é a que fai que poida ser percibido como fito singular e como consecuencia se manifeste visualmente con toda a morfoloxía simbólica que acompaña as montañas sagradas de todas as partes do mundo.

## 2.2 EIDO DE SACRALIDADE

Antes de comezar a analizar as cualidades de Montaña Sagrada do monte Breamo é preciso definir que entendemos por sacralidade e cal é o seu eido, no que imos desenvolver os nosos argumentos. Despois, trataremos de establecer as relación estruturais<sup>11</sup> comúns entre diferentes sistemas relixiosos con respecto ao fenómeno que estamos a estudar, no que hai moitos elementos de tipo ritual e ideolóxico mesturados. Consideraremos o sistema relixioso como o administrador do sagrado ao xeito de E. Durkheim, e polo tanto dotado dun inseparábel aspecto sociolóxico que evolucionará cos cambios que se produzán nas sociedades nas que se manifeste o fenómeno. Así a todo, cremos que non se poden descoidar os aspectos fenomenolóxicos desenvolvidos por autores como R. Otto e M. Eliade que son os que en definitiva dan orixe, pasando polo filtro interpretativo de cada sociedade, aos diferentes sistemas relixiosos. Así, no caso que nos ocupa, veremos como os aspectos fenomenolóxicos que se experimentan no santuario, se cadra intuitivamente, son administrados de xeito non tan diferente por segundo que sistema relixioso se ocupe do mesmo.

Non podemos determinar, nin sequera aproximadamente, cando comezou a utilizarse o santuario do monte Breamo. Mesmo se aceptamos que non houbo culto ningún anterior ao cristián é moito máis que probábel que este se iniciase nun templo máis antigo que o actual románico. O que si podemos afirmar é que nalgún momento unhas persoas cun certo grao de organización social decidiron que aquel era un lugar axeitado para establecer e manter unha relación cunhas *potencias numinosas*<sup>12</sup>, foran estas do sistema de crenzas cristián ou dalgún outro. En canto ao carácter desta sociedade “primeira” podemos afirmar, cando menos, que se trataría dunha sociedade de tipo tradicional, entendendo como tales aquelas sociedades pre-modernas cunhas estruturas de relación entre os seus membros e co seu contorno baseado en crenzas e tradicións alleas ao pensamento científico empírico e que obteñen a súa razón de ser nuns esquemas de pensamento mítico e un desenvolvemento desta a través de ritos de carácter máxico e/ou relixioso.

Na súa xénese, a sociedade tradicional está formada por individuos organizados en pequenos grupos ocupados na supervivencia nun contorno natural e hostil. A súa percepción do mundo está marcada pola satisfacción das súas necesidades vitais primarias e por unha absoluta dependencia da contorna natural ante cujas causalidades habería de sen-

11. v. LÉVI-STRAUSS, C.: *El pensamiento salvaje*. México 1962.

12. Por utilizar un concepto o máis indeterminado posibel.

tirse necesariamente impotente. Nestes tempos o ser humano vive indiferenciado no seu medio e, aterrado por ese sentimento de impotencia, recorre á súa capacidade de simbolización para dar explicacións aos fenómenos. Aplicando o principio de semellanza dotará os diferentes elementos que conforman o seu medio de *ánima*, de vida propia. Esta vía de explicación do mundo abre a porta a tratar de controlar o seu propio destino se é quen de controlar esas ánimas ou potencias invisíbeis e misteriosas. Desta maneira o sentimento de espanto ante a indeterminación devén nun auténtico temor relixioso ante o “*mysterium fascinans*” onde se despregua a plenitude perfecta do ser<sup>13</sup>. Trataríase de experiencias *numinosas* provocadas pola revelación dun aspecto da esmagallante potencia divina. Ese gran misterio radica no feito mesmo de que o sagrado se manifesta. Os ritos de maxia propiciatoria e profiláctica e as creanzas animistas aparecen neste contexto de pensamento.

Co desenvolvemento das sociedades agrarias cambian as necesidades das persoas pero a dependencia das potencias incontrolábeis permanece. En tanto a sociedade se sofisticá aparecen os sistemas relixiosos e ese *mysterium tremendum* ante o sobrenatural sitúase nun eido específico de sacralidade que se amosa como algo totalmente diferente do profano, das realidades *naturais*<sup>14</sup>. Esta dualidade entre o sagrado e profano está ocasionada, para Georges Bataille, por unha nostalxia da orixe, da continuidade, que opuxo no home á pobreza do útil profano toda a fascinación do mundo sagrado ante o que experimenta unha especie de horror impotente e ambiguo. Sen dubida ningunha o que é sagrado atrae e posúe un valor incomparábel, pero no mesmo momento iso aparece vertixinosamente perigoso para este mundo claro e profano onde a humanidade sitúa o seu dominio privilexiado<sup>15</sup>.

Para denominar o acto polo cal se manifesta o sagrado empregaremos o termo de *hierofanía*<sup>16</sup>, acuñado polo historiador das relixións e antropólogo Mircea Eliade e desenvolvido en moitas das súas obras<sup>17</sup>: *Trataríase sempre do mesmo acto misterioso: a manifestación de “algo completamente diferente”, dunha realidade que non pertence ao noso mundo, en obxectos que forman parte integrante do noso mundo “natural, profano”*.

Este concepto da sacralidade fai rexeitar vellas concepcións referidas á adoración de árbores, montes e ríos nos sistemas relixiosos dos pobos célticos como as que propoñen



13. OTTO, R.: *Das Heilige*. Citado en Eliade, *M. Mitos, sueños y misterios*. Madrid 2001.

14. ELIADE, M.: *Lo sagrado y lo profano*. 1956.

15. BATAILLE, G.: *Teoría de la religión*. Madrid 1986, p. 38, 39.

16. *Hierofanía*, do grego *hieros* (ἱερός) = sagrado e *faneia* (φαίνεται) = manifestar.


17. ELIADE, M.: *op. cit.* p. 9 e ss.

aínda moitos manuais escolares de materias con contidos de Historia, xa que estes elementos da natureza non serían adorados en canto a tales senón polo feito de amosar algo diferente, algo sagrado e misterioso, en tanto se dilúe a súa ontoloxía orixinal. E falamos de dilución, que non de desaparición, xa que aquela ontoloxía primaria permanece áinda, porque cando manifesta o sagrado un obxecto se converte *noutra cousa* (*ganz andere*, totalmente outro) sen deixar de ser *el mesmo*: toda hierofanía constitúe un paradoxo segundo Eliade.

Para unha persoa da sociedade moderna, modelada polas revolucións industrial, científica e tecnolóxica, unha pedra será sempre unha pedra. Pero, para unha persoa da sociedade tradicional a quen se lle revele a sacralidade dessa pedra, a realidade natural desta transmutarase en realidade sobrenatural, contemplando mesmo a posibilidade de que se lle revele a Natureza toda como sacralidade cósmica: *o Cosmos na súa totalidade pode converterse nunha hierofanía*<sup>18</sup>. Pero en calquera caso, para a comprensión do sagrado, é preciso supoñer a existencia de diferentes niveis de realidade; a sacralidade estaría situada por encima do nivel perceptivo da realidade e só accesible a través dun conxunto de experiencias soamente explicábeis en termos fenomenolóxicos de conciencia intuitiva. O home da sociedade tradicional e arcaica anhelará estar o maior tempo posibel no eido do sagrado e en contacto con obxectos sagrados xa que o sagrado equivale a *potencia* e, xa que logo, é a *realidade* por excelencia, o que equivale a perennidade e eficacia. Isto explica que o home relixioso desexe profundamente *ser*, participar na *realidade*, saturarse de poder<sup>19</sup>.

Até hai ben pouco tempo a sociedade da Galicia campesiña e mariñeira era en xeral de tipo tradicional, debido ao persistente e secular illamento desta zona fisterrá do continente europeo. Nunha sociedade como a española en xeral e a galega en particular, pesa moito áinda o pensamento tradicional que até hai non moito foi o único. As sociedades

verdadeiramente modernas, ao nivel dos países cos que tratamos de equipararnos noutros aspectos, teñen solucionado o problema da separación entre o sagrado e o profano dende hai moito tempo e, malia telo feito, *a existencia más desacralizada segue a conservar vestixios dunha valoración relixiosa do Mundo*<sup>20</sup>.



Pedra Kaabah, centrum dos musulmáns

18. *Ibid.*

19. *Ibid.*

20. Ou cando menos así opina Eliade, experto como é en temas relixiosos: op.cit. p. 16.

Como quedou dito máis arriba, a sociedade moderna ten unha percepción profana da realidade, pero esa visión do Cosmos absolutamente desacralizado é unha creación recente do pensamento humano e, en moitos aspectos da vida social, rexorde como aboando dende o inconsciente ese vestixio do pensamento máxico-relixioso. Pódense apreciar áinda a día de hoxe en elementos antropolóxicos relacionados con festas e ritos relixiosos (e máis cando posúen unha tradición tan antiga como o que estamos a analizar aquí) así como en costumes e folclore asociado ao mesmo. Arnold van Gennep<sup>21</sup> fala de dúas sociedades dentro da nosa sociedade moderna cunha separación *algo neta* entre elas: a sociedade laica e a sociedade relixiosa, entre o profano e o sagrado, douis mundos até tal punto incompatibeis que a transición dun ao outro precisa dun período intermedio regulamentado e vixiado –os ritos de paso– a fin de que a sociedade xeral *non experimente molestia nin prexuízo*; e no portal que separa ambos mundos queda patente a enorme distancia entre as dúas maneiras de ser.

Para o pensamento máxico-relixioso das sociedades tradicionais o espazo non é homoxéneo. Igual que na realidade toda se manifesta paradoxalmente como sacra ou como profana, o espazo (e o tempo) presenta roturas ou escisións. É descontinuo e fragmentado en partes cualitativamente diferenciadas. Hai un espazo, forte e significativo e estruturado onde a hierofanía manifesta ontoloxicamente o *Mundo*, este será para o home relixioso o único espazo *real*. Como contraposición está o espazo profano indeterminado e amorfo, sen estrutura e sen consistencia. O home relixioso arelará ese espazo de sacrallide e procurará atopalo nos lugares máis diversos, xa que o contacto con el confirma a súa existencia no *Mundo real*.

Eliade considera como unha experiencia relixiosa primaria, anterior a toda reflexión sobre o mundo, esa ruptura da homoxeneidade do espazo que permite a constitución do *Mundo*: o espazo sagrado adquire un valor existencial. Porén, para a percepción profana do mundo este resulta homoxéneo e neutro, carente de rupturas significativas que ocasionen partes cualitativamente diferenciadas<sup>22</sup>.

A revelación do espazo sagrado ten, pois, un valor existencial para o home relixioso. Representa un comezo, e como tal precisa dun punto de inicio, dun Centro. Para vivir no *Mundo* é preciso fundalo, e iso non se pode facer no *caos* da indeterminación e da homoxeneidade do espazo profano, *o descubrimento ou a proxección dun punto fixo –o Centro– equivale á Creación do Mundo*. Ese Centro será o punto inicial para a transformación de *Caos* en *Cosmos*, da fundación do Universo que marcará unha diferenza na extensión homoxénea e infinita, nese lugar quedará transcendido o profano. Ese *Centro* xorde pola irrupción do sagrado, a través da hierofanía, nun lugar particular que dende ese mesmo instante pasa a cobrar un novo sentido cósmico. O Breame, como veremos, desempeñará ese papel central dende tempos moi antigos.

21. VAN GENNEP, A.: *Los ritos de paso*. Madrid 2008, p. 13 e ss.

22. *Op. cit.* p.15.

Coa revelación do espazo sagrado toda orientación verdadeira desaparece, xa que ese punto fixo xa non goza dun estatuto ontolóxico único, aparece e desaparece segundo as necesidades cotiás. Exemplos abondan: dende o Tabernáculo do pobo de Israel no seu vagar polo deserto até os pequenos altares domésticos, dos que temos constancia dende época romana, e que áinda son frecuentes nas casas de persoas crentes, ou os altaríos portátiles que se levan temporalmente ás casas dos veciños dalgunhas parroquias<sup>23</sup>.

Mesmo as persoas más declaradamente non-relixiosas son quen de apreciar en determinados lugares privilexiados, e cualitativamente diferentes aos outros, ese carácter de transcendencia semellante ao sagrado. Serían *lugares santos* do universo persoal e privado, lugares de lembranzas de infancia, de experiencias inesquecíveis ou de momentos irrepetíveis con seres queridos, lugares dunha revelación distinta da que participa na súa existencia cotiá<sup>24</sup>. Breamo posúe esa dobre cualidade de lugar sagrado, tanto para persoas relixiosas como para absolutamente laicas, e iso visualízase claramente nos días de romaría.

Hai lugares onde a hierofanía aparece de maneira constante ou se revela con periodicidade regular de xeito que a sacralidade permanece indefinidamente dotando ese lugar da ontoloxía do sagrado con carácter permanente: son os *lugares sagrados*. Estes lugares teñen a potencia do Centro, son Centros do Mundo en torno aos cales se organiza o Cosmos, ben sexa este doméstico, local, tribal ou nacional, exercendo un rol de catalizador social en calquera dos niveis de organización social.

No eido do mundo rural galego o papel do Centro desempéñao a igrexa parroquial, á vez Centro relixioso receptor da sacralidade, onde se celebran os diferentes ritos de paso que marcan a vida das persoas e os ritos de repetición/renovación das estruturas da sociedade na que exerce a súa influencia e tamén centro social onde se celebran encontros, se fan negocios ou se dirimen preitos. Este carácter central na igrexa está subliñado polo amplo repertorio simbólico que arrodea os templos cristiáns e que ten a súa máxima expresión como lugar central no altar, pedra sagrada, representación do microcosmos e á vez eixe onde o ceo e a terra se tocan posibilitando os intercambios espirituais. Moitas parroquias galegas teñen unha orixe moi antiga e non poucas están situadas en ou a carón de castros ou en santuarios precristiáns. O caso do de Breamo ten algunas particularidades respecto á súa *parroquialidade* que comentaremos máis adiante e que sen dubida reforzarán a nosa hipótese da existencia dun santuario anterior á cristianidade. En calquera caso o que ninguén pode poñer en dubida é o carácter central comarcal do santuario.

Como vemos, lugares centrais hai moitos e adoptan formas moi diferentes e, sobre todo, teñen moi diferentes raios de acción. Por encima da parroquia hai centros de eido comarcal como semella ser o noso Breamo que, polo seu significado tanto social como

23. Miña nai falábame dunha familiar que tiña na casa unha imaxe de Santo Antón de Padua á que poñía de cara á parede cando non satisfacía as súas peticións, desactivando temporalmente deste xeito a súa sacralidade.


24. *Ibid.* Eliade fala dunha *desrclazación de valores* e comportamentos relixiosos.

relixioso, pero sobre todo simbólico, abrangue unha boa porción da comarca eumesa. En Galicia hai moitos santuarios/lugares centrais de nivel comarcal e superior, como o de San Andrés de Teixido en Cedeira, a Virxe da Barca de Muxía ou Santa Mariña das Augas Santas en Allariz, por citar algúns dos principais. Todos eles son centros de peregrinación de moita importancia e todos foron santuarios xa antes da chegada do cristianismo, pero o máis importante dos santuarios de peregrinación de Galicia é sen dubida o de Santiago de Compostela, cunha transcendencia histórica de ámbito europeo. Mais aló, para os crentes católicos, estarían os centros sagrados de Roma e Xerusalén. Non hai sistema relixioso sen expresións do Centro, únicos, múltiples ou, con más frecuencia, as dúas cousas ao tempo, xa que todo Centro posúe por definición a unicidade, sen prexuízo de que existan moitos dentro do mesmo sistema.

### 2.3 MONTAÑA SAGRADA-MONTAÑA CÓSMICA (OMPHALOS, CENTRUM, AXIS MUNDI)

O ser humano diferénciase das demais especies animais, entre outras cousas, pola súa capacidade para elaborar conceptos abstractos e de comunicálos a través da linguaaxe. Para desenvolver esta capacidade actúa por analogía, vémolo nos nenos pequenos que para nomear un can imitan o seu ladrido, convertendo o son do can en signo sonoro con significado *can*. No desenvolvemento humano estas analogías vanse sofisticando, introducíense metáforas, sinédoques, metonimias e en xeral toda unha retórica de símbolos e signos cunha ampla categorización de significados. O pensamento máxico-relixioso entra dentro deste esquema xeral, por tanto no seu contexto ofrécese unha explicación do mundo en base a símbolos de transcendencia *superior*. O pensamento xeométrico aparece tamén nos primeiros estadios do ser humano, é necesario para a produción de obxectos e signos gráficos que evolucionarán cara á escritura. Ambos pensamentos aparecen mesturados con outros e, en conxunto, vanse relacionando xerando sistemas de pensamento más complexos que se van transmitindo e desenvolvendo e van creando cultura.

Un exemplo desta combinatoria analólica témola no concepto xeométrico da verticalidade, contraposto ao da horizontalidade, ambos estudiados pola *Psicoloxía da Gestalt* no s. XX. Ambos conceptos teñen un carácter posicional e unha correspondencia




Virxe da Barca, Muxía

co propio corpo humano, ergueito na vertical e deitado na horizontal; tamén teñen un carácter dinámico-direccional, movemento ascendente na vertical e repouso na horizontal. Son a referencia primaria do *home* respecto ao seu benestar e a súa manobralidade<sup>25</sup>. Pero, especialmente a verticalidade pode ter un carácter moi máis transcendente se é interpretada dende esquemas de pensamento mitopoiético: Sigfried Giedion di que vertical é o elemento más evidente que apunta dende a terra ao ceo: da existencia terrea á morada dos deuses (...) o seu significado é sempre un vínculo cos poderes invisiveis<sup>26</sup>.

Un dos símbolos relixiosos que conteñen a idea espiritual de verticalidade é o da *Montaña Sagrada* onde pode percibirse como *eixe (axis mundi)*. Ademais contén as ideas de masa, altura e forma. A masa dálle á montaña ese aspecto inamovibel e ancorado nas esencias da terra que reforzan a súa ontoloxía e a súa potencia como Centro: o simbolismo más profundo da montaña é o que lle outorga un carácter sagrado, refundindo a idea de masa, como expresión do ser, e a verticalidade<sup>27</sup>. A altura proporcionalle o contacto co ceo, ascender é transcender, entrar en contacto directo co mundo espiritual. A forma triangular, finalmente, achega o elemento icónico, a súa visibilidade reforza a súa presenza constante e simbólica e serve de recordatorio perenne da presenza da sacralidade e do Centro de referencia territorial e social.

O símbolo da Montaña Sagrada posúe, acaso pola súa antigüidade, unha complexa estrutura con moitas derivacións e matices, non sempre exentos de contradicións, que se repiten alí onde se manifesta. Foi analizado por diversos autores e deles podemos entresacar o seguinte esquema:



25. DONDIS, D.A.: *La sintaxis de la imagen*. Barcelona 1976, p. 35-6 e 60.

26. GIEDION, S.: *El presente eterno: Los comienzos de la arquitectura*. Madrid 1981, p. 416.

27. CIRLOT, J.E.: *Diccionario de Símbolos*. Entrada Montaña, p. 308 ss.

Analicemos as partes de esta estrutura comparándoa co caso concreto do Breamo:

**O Breamo como vínculo da terra co ceo:** Este significado queda patente polo seu carácter macizo e a súa altura que domina o territorio circundante penetrando no Mar Ártabro, pero que se estira até acadar o ceo. O seu cume, deshabitado, entra dentro do imaxinario *descoñecido*, alleo ao mundo da cotidianeidade, a miúdo vémolo cuberto polas nubes semellando un *outro mundo*, é o lugar onde baixa a divindade e onde esta atopa ao



O Breamo entre as nubes

home que ascende cara a ela: *Hay algo en las alturas del “Coto” que fortifica el alma. Se siente la alegría de vivir. (...) Nos sentimos elevados. Cerca del Arcángel, le nacen alas a nuestro corazón. Se comprende uno más fuerte, bajo la espada de San Miguel*<sup>28</sup>. Entroncamos directamente con outro símbolo de gran poder psicolóxico e que tamén aparece en moitas relixións: *a escaleira*. Lembremos que unha ruta de acceso ao Breamo, privilexiada no rito ascensional polo costume como *a auténtica*, iníciase nas denominadas Escaleiras do Monumento e, en moitos outros momentos da subida, temos a



Escaleiras do Monumento

28. PLACER, G.: *op. cit.* p. 150, 151. *Ascensión al monte Breamo* (1972)

sensación de gabear por unhas empinadas escaleiras. En pobos habitantes de grandes chairas, como Mesopotamia, ao non ter montes para sacralizar construíronos: son os cígrats, montañas artificiais *Casa da unión do ceo e a terra*, dotadas á súa vez dunhas longísimas escaleiras que levan ao cumio.

**O Breamo como Centro do Mundo:** Este nivel da estrutura simbólica da Montaña Sagrada é o máis complexo, xa que contén varios matices:

Para empezar temos que admitir que cada pobo ou civilización ten a súa montaña-centro-do-mundo<sup>29</sup>: Pode ser unha montaña senlleira polas súas proporcións (monte Kailash para os tibetanos ou Fuji-Yama para os xaponeses), para outros abondará cun cerro, un outeiro ou mesmo, como vimos, unha montaña simbólica, pero na maior parte dos casos esa situación central será destacada pola toponimia: máis adiante veremos como, dentro dos hipotéticos significados do nome Breamo, está o de *monte destacado*. É evidente que esta centralidade é simbólica e non contén necesariamente significado xeométrico ou xeográfico, un Centro destas características pódese atopar en calquera lugar, mesmo pódese dicir que *todo lugar sagrado é un centro, e que o centro sagrado más perfecto é a montaña santa*<sup>30</sup>.



Monte Fuji Yama, montaña sagrada dos xaponenses

Un Centro sagrado ten o poder absoluto do *embigo do Mundo (omphalos)*<sup>31</sup>, como o Santuario umbilical de Delfos, na antiga Grecia, lugar ao que acudían peregrinos de toda a Hélade para coñecer as profecías do seu famoso Oráculo. Ademais o Centro ten o poder cósmico de organizar o territorio como Mundo estruturado e habitábel, antítese do Caos, do dominio das tebras, dos espíritos demoniacos, das forzas de destrución, da noite cósmica e da morte. A función artelladora do Breamo é evidente, non só polo seu ámbito social de influencia, senón tamén polos aspectos rituais que nel se desenvolven como a


29. DE CHAPEAUX, G. e STERKX, D.S.: *Introducción a los símbolos*. Madrid 1984, p. 203.

30. *Op. cit.* p. 221.

31. De novo outra analogía, desta vez co corpo humano. O embigo, a máis de ser o centro xeométrico do corpo (v. o famoso Home de Vitrubio de Michelangelo), é o lugar onde se comunica o mundo de dentro e o mundo de fóra.

peregrinación dende diferentes lugares do contorno ou os ritos sanadores extra-oficiais que se realizan en calquera momento do ano.

Por outro lado a propia condición de Centro omphálico xerador de Cosmos contén en si mesma a de *Imago Mundi* ou imaxe exemplar do mundo organizado e, ao tempo, a de *lugar de paso* ou *portal* entre as *tres grandes zonas fundamentais da estrutura antropocómica total: Ceo-Terra-Inferno*<sup>32</sup>. Do vínculo sagrado entre Ceo e Terra e da imaxe da escaleira mística xa falamos no nivel anterior da estrutura do símbolo, pero o feito é que esta escaleira ascensional que sobe ao Paraíso asenta os seus pés no Abismo subterráneo como se reflicte na iconografía cristiá. Este carácter de portal queda patente no Breamo por tres cuestiós que aparecen nel: en primeiro lugar o folclore, ese conxunto de narracións que representan fosilizadas antigas crenzas, fala da suposta existencia dun pozo no cruceiro (Centrum) da igrexa, tamén hai unha lenda que fai comunicar cun longo túnel a Furna do Tumbou ou do Tumbón, situada nos acantilados próximos á praia de Ber, coa



*Esquema do Breamo como axis mundi*

mesma capela do Breamo, e tanto o pozo como a cova e mesmo o mar son elementos simbólicos relacionados co inframundo, o alén e o Inferno<sup>33</sup>. En segundo lugar temos a consagración do templo ao arcanxo San Miguel, que vén representado como guerreiro vencedor do Demo (v. infra) nas dúas imaxes que procesionan nos días de romaría, como custodiando ese portal para evitar que as forzas do Inferno afloren á Terra e proclamando ao Mundo dúas veces ao ano a vitoria das forzas do Ceo<sup>34</sup>. Por último, as crenzas extra-oficiais reflectidas en ritos populares como o rito de pasar por debaixo da imaxe, cheo de significados transicionais (paso do portal), os ritos deambulatorios de xiro ao redor do Centrum que é a capela e os ritos sanadores que alí se celebran de maneira más ou menos

32. *Ibid.* p. 221.

33. Existe unha lenda moi parecida no santuario, non moi afastado, da Espenuca en Betanzos: VEIGA, X.M. e SOBRINO, J.: *A Espenuca: inscrpción, edificios e lugares máxicos*. “Anuario Brigantino” nº 35, Betanzos 2012, p. 65.

34. *O umbral ten os seus “gardiáns”: deuses e espíritos que defenden a entrada, tanto da melvolencia dos homes, canto das potencias demoníacas e pestilentes. É o umbral onde se ofrecen sacrificios ás divindades*. ELIADE, M.: *op. cit.* p. 17.

oculta sazonados coa misteriosa presenza de bruxas e demais seres ligados á potencias infernais<sup>35</sup>. Trátase dunha idea universalmente estendida no pensamento relixioso. *Orixinariamente é “centro”, sé posibel dunha ruptura dos niveis, todo espazo sagrado, isto é, calquera espazo sometido a unha hierofanía e que manifesta realidades (ou forzas, figuras, etc.) que non pertencen a este mundo, que veñen doutra parte e en primeiro lugar do Ceo*<sup>36</sup>.

Polo que respecta á forma da Montaña e a súa potencia icónica, engadiremos ao dito supra que a súa orde xeométrica lémbraos a pirámide, montaña ideal perfecta na súa abstracción, manifestase a si mesma nun rotundo volume apto para representar a totalidade. Aquí o simbolismo segue a ser o mesmo, e as evidencia psíquicas lévannos a considerar a universalidade do mesmo. *En frente la arquitectura sabia del monte Breamo, que si, en conjunto, se parece a un queso de Curtis*<sup>37</sup>.

Volvendo á cualidade de Centro pola cal o santuario posúe a virtude de exercer de portal entre as tres rexións Ceo, Terra e Infernos, estas, segundo Mircea Eliade<sup>38</sup>, únense entre si por un eixe central simbólico (*axis mundi*) que expresa a solidariedade e a comunicación entre as tres zonas cósmicas, este simbolismo resulta moi complexo e, segundo o mesmo autor, moitas veces aparece contaminado polo paso do tempo e modificado por outros simbolismos máis recentes. Pero sinala que onde se pon de manifesto é na propia idea do que denomina Montaña Cómica á que inclúe tamén no concepto de Centro do Mundo (*omphalos*). Outros autores<sup>39</sup> sinalan este embigo como *embigo celeste*, facendo rotar o firmamento en torno a un *axis mundi* artellado entre a cima da montaña e a Estrela Polar como un xigantesco piar, clave da bóveda celeste (Monte Meru dos hindús), en ocasións este carácter simbólico de eixe adopta a forma de columna ou de Árbore Cómica (Yggdrasil nórdico). Esta cualidade de embigo celeste vencellado á Polar é imposibel de apreciar no Breamo observado dende Pontedeume, pero non esquezamos que o santuario xa estaba alí para cando se fundou a Vila, así a todo, e como detallaremos infra, a poboación máis antiga que temos documentada na contorna do Breamo estaba situada precisamente ao sur do monte, co que



Columna-árbore cósmica,  
Yggdrasil nórdico

35. Cfr. PÉREZ CASAL, J.: *Breamo y el pauzo*. “Revista Alfoz” nº 20. Pontedeume 1992, p. 9 e 10 e SOUTO, X. de: *A sete ausentes*. Citado en PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés*. Pontedeume 1994, p. 129.

36. ELIADE, M.: *El chamanismo y las técnicas arcaicas del éxtasis*. México 1951, p. 213.

37. PLACER, P.: *op. cit.* p.37. *Desde el Breamo* (1951).

38. ELIADE, M.: *op. cit.* p. 217 ss. Eliade pon como exemplo a crencia dos cristiáns orientais pola que o Gólgota está no centro do Mundo, porque era a cima da Montaña Cómica e á vez o lugar no que Adán foi creado e soterrado. Así o sangue do Salvador cae sobre o cráneo de Adán inhumado ao mesmo pé da cruz, e redimeo. p. 219.

39. DE CHAPEAUX, G. e STERKX, D.S.: *op. cit.* p. 224.

a percepción nocturna que os seus habitantes tiveron do mesmo tería a Estrela Polar xusto enriba do seu cume. Sería este pobo o primeiro perceptor da hierofanía do Breamo? Seguramente si.

**O Templo/montaña:** Neste último nivel da estrutura simbólica da Montaña Sagrada temos a dificultade de non dispor até o de agora de datos arqueolóxicos que informen sobre o tipo de culto que, non dubidamos, se celebraba no santuario antes da chegada do cristianismo, máis adiante faremos algunas especulacións a este respecto. Non obstante, e malia non dispor deses datos, ben podemos comentar que este último principio deriva dos dous anteriores: vínculo Ceo/Terra e Centro do Mundo, asimilándose a mesma concepción de templo coa de montaña axial (*axis mundi*) con independencia do sistema relixioso que determine o culto que nel se desenvolva. En todas partes atopamos o mesmo esquema, e non só en ritos de fundación de templos, senón tamén de ciudades, palacios ou simples chozas con furado central para o fume<sup>40</sup>. Así pois, na actualidade ben podemos observar esta fusión simbólica no Breamo grazas á certificación simbólica que representa o templo cristián, que contén en si mesmo toda esta estrutura simbólica mencionada<sup>41</sup> xa que todo templo é unha *imago mundi*, unha reproducción terrestre dun modelo transcendente, e no caso das igrexas cristiás o modelo que segue na súa morfoloxía simbólica é a *Xerusalén Celeste*. No noso caso esta idea aparece reforzada, xa que por estar a igrexa situada onde está pódese dicir que forma un todo *templo/montaña*.

Resumindo, podemos dicir que estamos ante un encadeamento de concepcións relixiosas e de imaxes cosmolóxicas solidarias entre si e artelladas nun sistema, o *sistema do mundo das sociedades tradicionais*<sup>42</sup> que aparece de forma clara no santuario do monte



40. Cit. p. 226-231. Estes autores achegan profusión de exemplos que van dende o *mundus* dos romanos, as cidades das civilizacións paleo-orientais ou a pedra Kaaba no centro da cidade santa da Meca, centro á súa vez do mundo islámico.

41. Cit. p. 246: *A palabra altar deriva do latín Altus, elevado: é un lugar alto e esta configuración fai del a cima da montaña santa, mesmo a montaña mesma.*

Breamo: a) un lugar sagrado constitúe unha ruptura na homoxeneidade do espazo (o santuario per se); b) simboliza esta ruptura unha abertura que posibilita o tránsito dunha rexión a outra (altar, pozo, furna); c) a comunicación co Ceo exprésase pola imaxe de totalidade do propio monte; d) arredor deste eixe cósmico esténdese o Mundo, un espazo territorial de fronteiras difficilmente definibéis que podemos aventurar semellante ás do actual arciprestado de Pruzos.

Montañas sagradas, en fin, aparecen en todas as épocas e culturas da historia e moitas manteñen vivos os seus significados nas sociedades onde se manifestan. Dende o Monte Olimpo dos helenos ou o Haraberezaiti dos iranianos até o Tabor dos israelitas ou o Hímingbjör dos xermánicos, o monte Uluru no centro de Australia ou o monte Salkantay en Cuzco, Perú, semella que non hai pobo sen a súa montaña sagrada<sup>43</sup>. En Galicia temos varios exemplos moi coñecidos como son o Pico Sacro en Boqueixón, o Pindo en Carnota, o monte Faro en Chantada, o Aloia en Tui, etc. O Breamo cumpre sobradamente e sen dúbdidas con todos os elementos propios da montaña sagrada, polo que podemos dar por certa a afirmación do Padre Placer que dá título a este capítulo: *es el Breamo la montaña sagrada de los puentedeumeses*, pero non é menos certo que esa condición acada un territorio máis amplio que a mesma Vila artellando un *Cosmos* comarcal de difusa delimitación.

### 3. O SANTUARIO PRE-CRISTIÁN

#### 3.1 UN BREAMO SEN SAN MIGUEL

Na primeira parte deste traballo analizamos o sistema simbólico que se manifesta no monte Breamo e que fornece este da cualidade diferencial de santuario. Esa análise fixose en base a aspectos observábeis na actualidade e sen apenas referencias a tempos pasados, máis aló da mera suposición da existencia da hierofanía no lugar con anterioridade á fundación da vila de Pontedeume. Imos agora buscar argumentos que xustifiquen a transformación desta suposición en certeza, para o que vai ser preciso subtraer o santuario do seu actual patrón San Miguel e mais de todo aquilo referente ao culto cristián. Se nestas circunstancias seguimos a observar a condición de montaña sagrada non haberá dubida de que tal santuario existiu antes da cristiandade.

Esta pre-existencia do santuario do monte de Breamo foi xa intuída por varios autores, se ben sen profundar en absoluto na cuestión. O primeiro do que temos constancia é Ángel del Castillo que, tras unha pouco comprometida insinuación (*primitivo destino sagrado que tal vez tuvo el monte Brigamo*<sup>44</sup>), na primeira entrega do seu estudio sobre *El priorato de San Miguel de Breamo* en novembro de 1914, escribe:

42. ELIADE, M.: *Lo sagrado y lo profano*. p. 23-4.

43. Mesmo podemos consultar e participar votando nun ranking de Montañas Sagradas do Mundo en Internet: <http://listas.20minutos.es/lista/montanas-magicas-y-sagradas-del-mundo-99782/>

44. DEL CASTILLO, A.: *San Miguel de Breamo*. BRAG nº 24, marzo de 1909, p. 272-6.

*Pero no sabemos si la fundación de la casa monástica que allí hubo, habrá sido coetánea de la construcción de esta iglesia o datará de época anterior, ni menos, si aquel lugar estaría de antiguo consagrado por otros cultos a la manera que otros montes lo estaban. Sitio tan recogido y hermoso, es muy probable que hubiera servido en aquellos tiempos en que se adoraba a la naturaleza, para altar de las gentes que poblaron el cercano y prehistórico castro de Centroña<sup>45</sup>.*

Trinta anos pasarían até que Antonio Couceiro Freijomil revalidase a hipótese do santuario precristián:

*Aunque dejemos a un lado a los que, entrándose por los reinos de la fantasía, quisieron ver en Breamo un castro levantado por las gentes del fabuloso rey Brigo, no por ello hay razón para desechar radicalmente la hipótesis de los que suponen que allí como en las cimas de otros montes, hayan tenido culto las divinidades paganas. El celta habitó, si no en aquel lugar, en otros bien cercanos: evidentes huellas de su paso dejó en la próxima feligresía de Centroña<sup>46</sup>.*

No ano 1977, Álvaro Vázquez Penedo situaba a hipótese do santuario precristián no limbo das lendas: *La leyenda quiere ver en este templo cristiano el sucesor de otro dedicado a deidades paganas*, na súa obra sobre o *Románico na Comarca Eumesa*<sup>47</sup>. Pero quen máis se achegará á nosa hipótese de traballo sería Isidoro Millán González-Pardo aventurando un suposto, e coidamos que clarividente, culto ao Centro no santuario con base nunha serie de criterios toponímicos que paga a pena comentar polo miúdo máis adiante<sup>48</sup>.

En 1995 Carlos de Castro publica o seu extenso artigo da revista *Catedra* sobre o Priorado de San Miguel de Breamo no que apenas adica dúas liñas á pre-historia do mesmo. Se ben nelas admite a posibilidade doutros moradores no santuario anteriores aos cóengos regulares só ratificábel cunha intervención arqueolóxica, tamén considera *evidente que a ellos debe Breamo todo lo que posteriormente llegó a ser*<sup>49</sup>.

### 3.2 PAISAXE ARQUEOLÓXICA

Efectivamente unha intervención arqueolóxica ben planificada podería confirmar de maneira definitiva a hipótese do santuario pre-cristián en Breamo pero, como xa dixemos no introito deste traballo, a pegada arqueolóxica podería ter desaparecido hai

45. DEL CASTILLO, A.: *El priorato de San Miguel de Breamo. Un monumento importante.* “BREAMO Semanario independiente”, nº 23 Pontedeume, 1º de Noviembre de 1914.

46. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puentedeume y su comarca.* Pontedeume 1944, p. 42-44.

47. VÁZQUEZ PENEDO, A.: *El Románico na comarca Eumesa.* Pontedeume 1977, p. 7-8.

48. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas reales de su Puebla y Alfoz.* A Coruña 1987, p. 136.

49. DE CASTRO, C. 1995, p. 121.

moito tempo sen deixar rastro ningún e iso non desvirtuaría a argumentación que estamos a seguir. Así a todo, ben se pode facer unha análise arqueolóxica a través da paisaxe que arrodea o Breamo, fecundo en xacementos de varias épocas diferentes.

Os vestixios más antigos de actividade humana que temos nesta zona, como xa anticipamos, corresponden á aba sur do monte que descende con suavidade cara á ría formando un amplio e protexido fondal regado polo río Xarío que remata onde a confluencia da desembocadura deste coa do Baxoi, nos lugares das Gándaras e As Fragas, parroquias de Vilanova e Perbes (Miño). Este complexo prehistórico<sup>50</sup> estaba formado inicialmente por cinco mámoas e un poboado neolítico que no seu momento foi o más grande dos achados en Galicia, pero coa construcción da inacabada urbanización de *Costa Miño Golf* desapareceu unha delas e mais o poboado que aparecera debaixo. Non se pode descartar a posibilidade de que xa nesta época neolítica o Breamo fose apreciado cando menos cunha certa singularidade xa que a súa presenza na contorna non pasa nin moito menos desapercibida. É ese aspecto destacado precisamente o que podería suscitar na mentalidade máxico-relixiosa a interpretación da imaxe do monte en termos numinosos. Non obstante sería moi aventurado supoñer a existencia dun santuario no monte, xa que non hai constancia de santuarios estábeis nesa época en Galicia e o carácter seminómade da sociedade que ocupaba este territorio fai pensar en santuarios portátiles que puidesen levar consigo nos seus periódicos desprazamentos.

Da Idade de Bronce non temos noticias nas proximidades do monte, pero si temos abundantes mostras de arte rupestre dessa época en diferentes estacións dos veciños con-



Breamo dende o sur, onde se atopaba o poboado neolítico

cellos de Cabanas e Vilarmaior con gravados en ocasións espectaculares. Estes petróglifos foron publicados polo *Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos* en varios números da revista *Anuario Brigantino* entre o ano 1999 e o 2011<sup>51</sup>.

En canto á Idade de Ferro, podemos considerar este período como o definitivo no tocante aos asentamentos estábeis na zona. Son coñecidos e están catalogados varios castros nas proximidades, comezando polo de Castrelo, na mesma faldra do monte polo

50. Foi escavado no 2003 por Fidel Méndez por encargo da empresa promotora da urbanización Costa Anácar (hoxe Costa Miño Golf) FADESA obrigada por Patrimonio, os resultados da intervención non foron publicados até o de agora.

51. Tamén se poden consultar na web do Grupo: <http://www.arqueoloxia.com/publicaciones/>

seu lado oeste e polo que atravesa a divisoria municipal entre Pontedeume e Miño, famoso polo achado en 1912 da metade dun torque de ouro<sup>52</sup> e moi probabelmente datábel na 2ª Idade de Ferro e primeira etapa da Romanización. Non moi lonxe, na parroquia de Boebre, están os restos do castro da Ínsua que foi escavado en 2011<sup>53</sup> por iniciativa da asociación Ardóbriga dando como resultado un nivel de ocupación moi antigo, da 1ª Idade do Ferro, un abandono tamén antigo, unha posterior reutilización como necrópole tarda-



antiga para rematar aloxando o mosteiro que orixinou a primeira igrexa parroquial de Santiago de Boebre. Outros castros dos arredores son o de Nogueirosa, Os Chaos de Ombre, A Orela, Andrade, Bañobre e Loios, por citar os máis próximos e sen atravesar a ría de Ares nin a de Betanzos por non estender de máis a relación.

De época romana é a coñecida como Vila Romana de Centroña, no lugar do Cerrulo desa parroquia, escavado por J.M. Luengo<sup>54</sup> en 1950. Os restos romanos de Sopazos, identificados por Ángel del Castillo<sup>55</sup> e os achados casuais do cadrifaz de Esteiro e a estela galaico-romana de Grandal (Vilarmaior)<sup>56</sup> e o tesouríño de moedas de época romana de Algara en Bermaño (Perbes)<sup>57</sup>, que xunto á mencionada necrópole tarda-antiga da Ínsua certifican unha intensa ocupación nesta zona do Golfo Ártabro dende tempos moi antigos até a mesma actualidade.

Non entraremos a contabilizar os restos de arquitectura medieval por ser máis visibles e coñecidos e por estar centrado o traballo nos tempos anteriores ao uso de Breao como priorado de cóengos de Santo Agostín.

52. v. VV. AA. (Prego Fernández, A. coord): *O Torques de Centroña cen anos despois*. Pontedeume 2014.

53. MÉNDEZ, F.; MARTÍNEZ, Mª C.; INFANTE, R.; PREGO, A.: *Sondaxes valorativas no castro de A Ínsua*. "Revista Cátedra" nº 19, Pontedeume 2012.

54. LUENGO, J.M.: *Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume (La Coruña)*. Compostela 1962.

55. DEL CASTILLO, A.: *Hallazgo de restos romanos en Puentedeume*. BRAG nº 206, A Coruña 1928.

56. VIDAL, M: *A propósito de la estela funeraria atribuida a Pontedeume*. Grial Tomo XXV, nº 98, pp. 505-6.

57. MARÍNEZ SALAZAR, A.: *Del tesoro de monedas de Algara* BRAG nº 106, A Coruña 1916.

### 3.3 O ORÓNIMO BREAMO

Outra cuestión a ter en conta para indagar a condición antiga do Breamo e a súa posibel adscrición como santuario é a toponimia, xa que un nome de lugar pode conter significados esquecidos que acheguen información sobre o uso antigo do mesmo.

Nos estudos consultados ningúén dubida da antigüidade do nome do Breamo e da súa orixe anterior á ocupación romana, mesmo páleo-indoeuropea ou pre-céltica. Onde si atopamos algunha discrepancia é na interpretación do significado da palabra, se ben non o serán de importancia tal que vaian afectar a interpretación do Breamo como *Montaña Sagrada*.

O orónimo Breamo adoita relacionarse co grupo dos que conteñen a partícula céltica *-bre* ou *-briga*, moi estudiados por abundantes na contorna do Golfo Ártabro e que mesmo adoitan a servir como marcadores da presenza céltica nunha área xeográfica determinada<sup>58</sup>. Esta partícula aparece en moitos topónimos moi familiares aos que vivimos nos arredores do Breamo: Boebre, Ombre, Bañobre, Ogrobe, Callobre,... e adoita amosarse en forma desinencial cun significado, ao día de hoxe, case unanimemente considerado como *altura fortificada* ou, simplemente, *castro*<sup>59</sup>. Este significado pode confirmarse facilmente observando a presenza destes poboados neses mesmos lugares ou nas súas proximidades.

A orixe desta partícula léxica no seu grao cero ou ausencia de vogal, \**bhrgh-*, considérase un tema indoeuropeo, adjectivo que significa *alto* ou *elevado* e que evolucionará en céltico común a *brig-* ou *-briga* con significado derivado a *vila* ou *cidade* por canto falamos dunha altura ben defendida e apta para ser habitada con seguridade. Na toponimia xermánica son frecuentes topónimos con segundo termo en *-burg* e *-borough* que teñen a mesma orixe. A terminación en *-briga* foi empregada amplamente na toponimia de época romana (*Augustobriga*, *Caesaróbriga*...), polo que só se consideran anteriores á súa dominación aqueles cun primeiro termo claramente céltico (\**Ardobriga*). Brañas Abad<sup>60</sup>, aceptando o significado literal de elevación para os lugares que conteñen esta partícula no seu nome, engádelle outro figurado en termos de *poder*, *vigor*, *magnificencia*, etc. (con tal significado aparece en teónimos, antropónimos, etnónimos e topónimos como *Brigit*, *Brigus*, *Brigantes*, *Brigantia*, etc.). Ademais, esta autora considera dúas posibeis funcións nos topónimos con *-bris/-briga*, unha función predicativa (castro+predicativo) ou unha función determinativa equivalente a xenitivo (castro de,

58. Cfr. HUBERT, H: *Los celtas y la civilización céltica*. Madrid 1988, p. 246 ss.

59. Estimamos que non é este o lugar axeitado para estender o coñecido debate sobre os topónimos rematados en *-bre* e damos por válida a opinión de prestixiosos estudiosos como: MORALEJO LASO, A. (v. *Notas acerca de algunos topónimos de la comarca de Betanzos*, “Anuario Brigantino” nº 4, 1981, p. 35), o seu fillo MORALEJO ÁLVAREZ, J.J. (v. *Cambre, Pambre e outros topónimos en -bre*, “Revista Galega de Filoloxía” nº 4, 2003, pp. 97-113), CURCHIN, L.A. (v. *Los topónimos de la Galicia romana*. “Cuadernos de Estudios Gallegos” nº 121) ou o mesmo MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I. (v. *op. cit.* p.117 ss.).

60. BRAÑAS ABAD, R.: *Deuses, heroes e lugares sagrados*. Compostela 2000, p. 154-5. V. tamén GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B.: *Guerra y religión en la Gallaecia y la lusitanía antiguas*. Sada 1990, p. 112 ss.

pertencente a) que insinuaría unha posición privilexiada no territorio pola presenza dun líder ou más ben lugares consagrados aos deuses como centros sagrados (*Lubris*).

Pero o caso que nos ocupa posúe a partícula no primeiro termo e por tanto tería unha maior proximidade a outros como *Berense*, *Berisium* ou *Berisanum*, todos relacionados co significado orixinario de *altura* ou *elevación*. No caso de *Bre-amo* non ofrece dubida, trátase dun monte, e vai acompañado dun superlativo ou intensivo *\*-amo*, desaparecido na Celtiberia central e que reforza o carácter primitivo do nome. Villar e Prósper<sup>61</sup> indican que en data más primitiva alternaba cunha serie de sufixos isofuncionais de maior complexidade morfolóxica como *\*-tamo* e *\*-isamo* e que se trata de superlativos do celta occidental; citan expresamente dous exemplos da provincia da Coruña, un deles Guísamo de *\*wis-amo* como *o lugar más digno* e o outro *Breamo*, procedente con claridade de *\*brig-amo* como *o(lugar) más alto, o supremo*. Brañas Abad<sup>62</sup> coincide, áinda que sen citar expresamente o noso caso, ao mencionar un indeterminado *ueramus* co significado de *supremo*.

Hai máis de cen anos, o pioneiro estudososo de Breamo Ángel del Castillo<sup>63</sup> xa albisca a intuición dun *Brigamo*, pero sen achegar documentación antiga ou argumento etimolóxico para xustificala. Couceiro Freijomil<sup>64</sup>

tamén foi quen de percibir unha probable orixe celta por semellanza co irlandés *bri=monte* e de poñelo en relación cos abundantes topónimos rematados en *-bre*. Con ambos os dous historiadores coincide Isidoro Millán González-Pardo<sup>65</sup>, estudososo da toponimia local eumesa, que apoia a evolución *\*brigamos>Bréamo>BREAMO* co significado de *montouto, monte moi alto ou altísimo* sobre a base do mencionado tema indoeuropeo *\*bhṛgh>celta brig*, sitúao tamén en relación cos topónimos rematados en *-bre*, co irlandés antigo *brí*, co galés e co aumentativo *-amos*. Moralejo Álvarez<sup>66</sup> amósase en desacordo coa forma proposta por Millán e opina que o esperábel sería *\*\*bergamo*, por comparación co



O académico Ángel del Castillo (Sotomayor)

inmediato *Brigantium* e os seus *bergantinos*; pero sen negar en ningún momento o significado proposto.

61. VILLAR, F e PRÓSPER, BM.: *Vascos, celtas e indoeuropeos. Genes y lenguas*. Salamanca 2005, p. 282.

62. BRAÑAS ABAD, R.: *op. cit.* p. 168.

63. DEL CASTILLO, A.: *San Miguel de Breamo*. BRAG nº 24, marzo de 1909, p. 272.

64. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *op. cit.* p.14.

65. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *op. cit.* p. 117 ss.

66. MORALEJO ÁLVAREZ, J.J.: *Topónimos celtas. "Revista Paleohispánica"* nº 10, Salamanca 2010, p.105.

O problema das conjecturas *\*brigamos* e *\*\*bergamo* é que non aparecen na documentación medieval. Edelmiro Bascuas analiza os superlativos intensivos en *-amo*<sup>67</sup>, pero desestima as propostas de Millán e de Moralejo lembrando que a máis temperá documentación é *Bredamo*, cunha raiz *\*bred=vao*, segundo aparece nun documento do ano 922<sup>68</sup>: ...*consta montis Bredamu...*<sup>69</sup>, así a todo o significado *vao* non semella ter moito sentido para un monte, malia estar a carón dun río, a non ser que lle deamos un sentido metafórico con relación ao máis arriba mencionado significado do santuario como lugar de rotura de nivel ou *de paso* entre ceo-terra-inferno. En todo caso, e por moi documentada que estea a forma, semella cando menos arriscada.

Outra forma que aparece na documentación medieval (anos 1107 e 1169) é *Breemo*, en alternancia coa actual *Breamo* da que temos constancia dende 1102. Chama a atención que na documentación resultante da consulta no CODOLGA<sup>70</sup> de seis referencias obtidas como resultado soamente unha, a de 1169, faga alusión á existencia do priorado (...*priorem Iohannes Oveziz de Breemo...*), sendo o resto referencias de tipo xeográfico ou directas alusións ao monte (...*iuxta monte Breemo...*; ...*consta montis Bredamu...*). Con isto non queremos, evidentemente, poñer en dubida a existencia do priorado, senón resaltar a importancia do monte como referente xeográfico naqueles tempos e para reforzar a idea do significado de *o lugar más alto*, que é a que nos parece máis axeitada. Outras consideracións sobre este feito documental farémolas máis adiante.

Entre as varias interpretación do orónimo Breamo encontramos dúas que chaman a atención por ofrecer étimos diferentes áinda que sen afastarse demasiado do resto dos significados propostos. En primeiro lugar, Luis Monteagudo<sup>71</sup> propón unha orixe diferente para os topónimos en *-bre*, que, lonxe de significar castro, fainos proceder de *-veris* que el identifica como *outeiro* ou *altura sagrada* e que iría invariavelmente precedido dun primeiro elemento antropónimico de orixe etrusca que correspondería ao nome do sacerdote de época romana administrador do santuario. A idea de Monteagudo sobre o que el denomina *outeiros*<sup>72</sup> responde aos conceptos arriba expostos sobre *A Montaña Sagrada* en todos os aspectos debedores das teorías de Mircea Eliade; esta hipótese non só non contradí a nosa inicial do santuario precristián en Breamo senón que a reforza, pero enche de santuarios a comarca toda do Golfo Ártabro, outorga ao noso parecer excesiva impor-

67. BASCUAS LÓPEZ, E.: *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Compostela 2002, p. 344.

68. BASCUAS LÓPEZ, E. et alt.: *Actas do II Congreso Internacional de Onomástica Gallega*, Compostela 2006.

69. *Tumbo de Lourenzá*, documento 10, folios 21 e 22.

70. CODOLGA *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*: <http://corpus.cirp.es/codolga/>


71. MONTEAGUDO GARCÍA, L.: *Impacto etrusco na toponimia gallega: topónimos en -es*. “Anuario Brigantino” nº 21, Betanzos, 1998 p. 45.

72. MONTEAGUDO GARCÍA, L.: *La religiosidad callaica: estela funeraria de Mazarelos (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros*. “Anuario Brigantino” nº 19, Betanzos 1996, p. 47 ss. A descripción que este autor fai dos outeiros sagrados inclúe no seu cumio afloramentos rochosos con gravados rupestres. Estes gravados adoitan datarse na Idade do Bronce, séculos antes da dominación romana. Por outro, non temos noticias ningunhas ao día de hoxe sobre este tipo de gravados no Breamo, pero iso non implica que nunca existiran.

tancia ao nome do administrador relixioso e á influencia etrusca na Gallaecia minusvalorando a pegada do pobo ártabro.

A segunda interpretación é a de Fernán Gómez Filgueiras<sup>73</sup> quen afirma que o nome Breamo procede do celto-britónico *Bre-neme=santuario* que daría *Breneme>Bremo>Breamo*. Se ben esta teoría coincide coas outras na solución do santuario, minusvalora tamén a presenza ártabra ao atribuír a orixe celto-britónica do topónimo aos fundadores altomedievais do cenobio froito da colonización britónica desta época.

Até aquí, se exceptuamos a interpretación de Bascuas<sup>74</sup>, as demais aluden á condición e altura do monte, cando non directamente a un suposto santuario. O significado *altísimo* ou *supremo* parécenos máis axeitado xa que, ademais de ser unha evidente alusión á ontoloxía do monte, contén un potencial sentido metafórico que nunha sociedade tradicional habería de ser necesariamente transcendente. A percepción transcendente dun monte deriva inevitabelmente na concepción antropolóxica da *Montaña Sagrada*, como vimos más arriba, co que podemos considerarnos máis preto de confirmar a hipótese do santuario precristián. Agora, traremos de coñecer un pouco como era o pobo que deu nome ao Breamo e así, a través dos seus caracteres étnicos, sociais e relixiosos, poder saber se, efectivamente, esa arela de transcendencia na percepción do mesmo puido conducir á súa sacralización.



Breamo dende Perbes


### 3.4 OS ÁRTABROS OU ARROTREBAS

Como vimos más arriba, a zona xeográfica que arrodea ao monte de Breamo vén sendo habitada con non pouca intensidade dende tempos que se remontan, cando menos, ao Neolítico. Este dato proporciona a arqueoloxía e a toponimia, e vén confirmado pola lectura das fontes antigas. A arqueoloxía, efectivamente, confírmanso a existencia dunha poboación de carácter seminómade que habitou no fondal do Xarío ao sur do Breamo deixando pegadas en forma de restos de cabanas de estacas de madeira chantadas, restos de estruturas de combustión e algúns restos materiais como cerámicas, machadas pulimentadas e algún outro instrumento lítico.

O poboamento e riquezas desta rexión, coñecida dende antigo como ocupada polo pobo chamado dos ártabros ou arrotrebas, foi algo moi comentado nas fontes clásicas dende tempos de Estrabón (s. I a. C.), Pomponio Mela (s. I d. C.), Plínio O Vello (s. I d.

73. GÓMEZ FILGUEIRAS, F.: *Per portu Ferrión et territorio Bretonia*. "Revista Cátedra" nº 12, Pontedeume 2005, p. 240.

74. Tiñamos rematadas estas liñas do presente traballo cando saíu do prelo o de CABEZA QUILES, F. titulado *A toponimia celta de Galicia* (Noia, 2014), que na súa p. 475 adica un parágrafo ao orónimo Breamo pero sen achegar novedade ningunha máis que confirmar a celticidade do mesmo e expoñer as teorías de Moralejo Ávarez, Millán e Bascuas, xa relatadas aquí.



C.) ou Ptolomeo (s. II d. C.)<sup>75</sup>. Son moitos tamén os autores contemporáneos que dedicaron grandes esforzos na interpretación destes textos para situar no mapa real os informes de segunda ou terceira man que aqueles xeógrafos da antigüidade relataban sobre os accidentes costeiros e a multitudine de pobos do noroeste da Península. Non é aquí lugar para analizalos todos, máxime cando hai autores mellor cualificados que xa teñen feito este traballo<sup>76</sup>. Así, para saber máis do que atinxer ao pobo que habitaba a nosa comarca, temos que acudir á única monografía editada até o de agora sobre eles. A obra de Francisco Javier González García titulada *Os ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico*<sup>77</sup> é tan completa e exhaustiva na análise crítica das fontes clásicas como difícil de atopar en librarias e bibliotecas.

A etnicidade céltica deste pobo é confirmada por Estrabón, pero para comezar é preciso aclarar unha cuestión sobre o etnónimo *ártabros* que, se ben ninguén dubida da súa importancia no contexto do que acabaría sendo a Gallaecia dos romanos, planea unha cuestión a partir da negación de Plinio da existencia do Promontorio Ártabro (asimilado ao Promontorio Céltico ou Nerio por diferentes autores) e mesmo de tal denominación para o pobo habitante destas terras que, segundo o seu criterio, se haberían de denominar *arrotrebas*. Para algúns autores o problema do etnónimo é de tipo lingüístico, sendo a forma *ar(r)otreba* claramente celta e a forma *ártabro* non, o que dificultaría os lazos etimolóxicos entre ambas de non ser por unha posibel metátese de *a r (-tabr->-treb-)* e o desenvolvemento dunha vogal de apoio *ar(o)t-*, o que non sería de todo imposibel segundo Guyonvarc'h que engade a posibilidade de que *artabri* fose o nome ibérico dunha poboación céltica resultado dunha deformación de *arotrebae* dentro dunha lingua non céltica<sup>78</sup>. Outra hipótese defendida por varios autores, propón unha posibel orixe céltica de *artabri* a partir da raíz céltica *art=oso* e a terminación *-abri* común noutros casos como *cantabri*<sup>79</sup>. Tendo en conta que o oso na cultura céltica simboliza a soberanía guerreira, ben podería tratarse dunha especie de alcume para un pobo, acaso coa verdadeira denominación *arrotreba* que afirma Plinio, que polo seu dominio doutros

75. v. ROMERO MASIÁ , A.M. e POSE MESURA, X.M.: *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña 1988. Neste traballo pódense consultar as referencias todas na lingua orixinal con traducións ao galego e acompañadas de breves comentarios dos tradutores-compiladores.

76. v. VVAA, GONZÁLEZ GARCÍA, F.J. (coord.): *Los pueblos de la Galicia céltica*. Madrid 2007.

77. GONZÁLEZ GARCÍA, F.J.: *Os ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico*. Ourense 2003. Esta obra foi galardoada co Premio Xesús Taboada Chivite 2003 do Concello de Verín e editada pola Deputación Provincial de Ourense.

78. GUYONVARC'H, J.: *Notes d'etymologie et de lexicographie Gauloises et Celtiques*. Citado por GONZÁLEZ GARCÍA op. cit. p. 87, nota 4.

79. GÓMEZ FILGUEIRAS, F.: *Centroña Centronia & Cén-taranua iadoni & hudson*. “Revista Cátedra” nº 13, Pontedeume 2006. p. 189 ss.

pobos ou pola súa importancia en relación con pactos con outras comunidades, fose así denominado. Non deixa de sorprender que os animais totémicos dos Andrade, señores medievais que posuíron boa parte do territorio ártabro, fosen un oso e un xabaril, símbolo céltico este do poder sagrado; foron estes animais iconas portadoras dunha tradición de orixe ártabra?

(...) *Entre os Artabros, que son os últimos cara o Noroeste, di (Posidonio) que a terra florece de prata, estaño e de ouro branco, xa que está mesturado con prata e que os ríos arrastran esta terra e que as mulleres remóvena con angazos e lávana en cribos tecidos en forma de cestos. (Estrabón, III,2,9)*<sup>80</sup>.

A cuestión dos límites do territorio ártabro foi analizada detalladamente por González García<sup>81</sup> e lixeiramente matizada nun recente traballo de Fidel Méndez<sup>82</sup>. Ambos autores coinciden situando os límites litorais entre o Anllóns polo sur, límite entre ártabros e nerios, e a ría de Cedeira polo norte, límite entre ártabros/arrotrebas e arróns. Cara ao interior o primeiro autor segue na súa delimitación o curso do Anllóns, mentres que o segundo prefire amplialo até as cristas montañosas o que lle permite incluír o castro de Borneiro ben coñecido por este autor. O promontorio Nerio, Ártabro ou Céltico correspondería co cabo Fisterra ou o Touriñán, e a partir del abriríase o Porto Ártabro de Estrabón, o Golfo Ártabro de Mela ou o Gran Porto dos Callaicos Lucenses e que chegaría até o Lapatia Coru (os Prioriños) e o Trileuco (cabo Prior) dos que fala Ptolomeo<sup>83</sup> ocupando o grupo de rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol.

(...) *Os Artabros teñen moitas ciudades situadas nun golfo ó que os navegantes que o percorren chámalle Porto dos Artabros. (Estrabón, III,3,5)*<sup>84</sup>.



Castros no territorio ártabro segundo Méndez Fernández

80. ROMERO MASIÁ , A.M. e POSE MESURA, X.M. *op cit* p. 28.

81. *Op. cit.* p. 86 ss.

82. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F.: *Os territorios e ciudades ártabras*. En VVAA (PREGO FERNÁNDEZ, A. Coord.): *O Torques de Centrón cen anos despois*. “Monográfico da Revista Cátedra” nº 3, Pontedeume 2014, p. 121 ss.

83. González García desestima a afirmación de Ptolomeo que sitúa un Porto Ártabro antes do Cabo Nerio e identifica ao así denominado polas outras fontes con ese Gran Porto dos Callaicos Lucenses. Cit. p. 90 e ss.

84. ROMERO MASIÁ , A.M. e POSE MESURA, X.M.: *op cit.* p. 33.

As fontes clásicas describen con detalle as costas ocupadas por este pobo. Ríos e cidades como Brigantia, Libuncae a Adrobrica ou Ardobriga<sup>85</sup>. Non imos entrar aquí en descripcións más pormenorizadas do territorio ártabro máis aló de insistir na estima que autores vinculados ao imperialismo romano tiñan das riquezas mineiras<sup>86</sup> destas terras e das cualidades pacíficas dos seu habitantes que os facían favorábeis ás relacións comerciais<sup>87</sup>.

Esas relacións comerciais víñanse realizando dende tempos remotos, e non carecen dese compoñente relixioso que caracteriza as sociedades tradicionais. Iniciáronse con contactos dentro das rutas atlánticas da Idade do Bronce e continuaron coa chegada das primeiras expedicións comerciais protagonizadas por mercadores púnicos que fundaron os primeiros portos comerciais até chegar ao fecundo comercio exterior de época romana. Estes portos comerciais ou *emporia* prehistóricos<sup>88</sup> nacen como medio de garantir a seguridade do acceso dos navegante a unha rexión costeira determinada nun contexto do que Herodoto denominou *comercio silencioso* para referirse ás relacións con algúns pobos da costa africana. Este sistema require da delimitación dun lugar neutral sacralizado, dun centrum consagrado a unha divindade protectora, arrodeado dun peche simbólico e cun altar para ofrendas. O lugar elixido vai estar situado, sobradamente, nunha illa próxima á costa ou nunha península, sempre nun lugar resgardado e axeitado ao desembarco das mercadorías que se depositarían no recinto retirándose deseguido os mercadores á espera de que os indíxenas as recollesen para depositar logo no seu lugar as súas achegas ao intercambio. Os mercadores traían produtos como sal, cerámica, viño, aceite e obxectos de bixutería como os colares de pasta vítrea, a cambio levaría estaño, chumbo ou peles. Algúns destes emporia prehistóricos chegarían a desenvolverse até ter o significado que o termo acadou no grego clásico como aquela parte das cidades costeiras destinada ao comercio exterior; sería o caso da cidade de Brigantia<sup>89</sup>-Brigantium, nacida a carón dun santuario situado no extremo da península na zona onde está a Torre de Hércules *que quizais actuara como punto central de toda a rexión ártabra e á sombra do cal se pudo desenvolver, neste extremo da costa coruñesa, o punto ou porto de comercio do Golfo dos Ártabros*<sup>90</sup>. Non obstante esa evolución non se desenvolveu en todos os casos da mesma

85. *Adrovica, Adrovica, Adrobriga, Abobrica, Ardobriga*, non hai acordo sobre a verdadeira forma deste topónimo e moito menos sobre a súa localización. Por un lado, autores vencellados a Ferrol como Saralegui, Romero Masiá e Pose Mesura sitúana nesa localidade, v. ROMERO MASIÁ, A. e POSE MESURA, X.M. O hábitat castrexo na Ría de Ferrol en ALONSO TRONCOSO, V. (ed) *Ferrolterra Galaico-Romana, Ferrol*, 1997. Outros como Schulten propoñen a posibilidade de situala nas ribeiras do Eume. Millán González-Pardo en *Toponimia de Pontedeume...* non dubida en decantarse pola forma Ardóbriga e por situala, como veremos, no castro de Castrelo entre as parroquias de Centroña (Pontedeume) e Perbes (Miño).

86. Sobre a minaría no territorio ártabro v. SÁNCHEZ-PALENCIA, FJ.: *La tierra que florece de plata, estaño y oro blanco. (Notas sobre la minería antigua en el territorio de los ártabros)* en ALONSO TRONCOSO, V. (ed) *Ferrolterra Galaico-Romana, Ferrol*, 1997, p. 41 ss.

87. González García, na súa descripción etnohistórica do pobo ártabro, identifica a estes cos habitantes das míticas Cassiterides, illas supostamente situadas no noroeste da península. *Op.cit.* p. 127 ss.

88. *Cit.* p. 155.

89. Segundo Brañas Abad (*op. cit.* p. 168) *Bigantia significaría moi elevada, excelsa.*

90. *Cit.* p. 175.

maneira, habendo outros portos de menos entidade, acaso de distribución minorista para abastecer as numerosas *cidades* do amplo Porto dos Callaicos Lucenses; sería o caso de lugares que conservan ese carácter portuario na toponimia como O Porto en Cabanas, co próximo castro das Modias (onde tamén apareceu un torque de ouro de tipo ártabro similar ao de Centroña) ou O Portiño en Centroña coa presenza da Vila Romana da que



Breao dende o castro de Elviña

supoñemos vivía do comercio de manufacturas de peixe. O certo é que a navegación interurbana entre os diferentes castros costeiros<sup>91</sup> debeu favorecer non só o comercio senón máis amplos intercambios culturais creando un eido xeográfico de certa cohesión étnica. Por outro lado estes portos serían puntos de redistribución de mercadorías cara ao interior por diferentes rutas terrestres ampliando e reforzando nesa dirección o eido cultural ártabro.

No entando, e malia esa cualidade pacífica atribuída ao pobo ártabro que o facultaba de cara ao comercio, púnico primeiro e romano despois, os más recentes estudos sobre a cultura castrexia rebelan unha sociedade xerarquizada asentada nunha ideoloxía guerreira de valores morais heroicos vinculados ao eido do sagrado. Cuestiós como as estruturas defensivas dos castros, as estatuas de guerreiros (se ben estas aparecen máis na Gallaecia Bracarense romana, considérase de forma igual para todo o territorio a ideoloxía guerreira que transmiten), os torques e outros obxectos de prestixio, determinados epítetos dalgunhas divindades indíxenas e o mesmo testemuño etnográfico de Estrabón, parecen levarnos á consideración da sociedade ártabra como estruturada en tres grupos: unha clase sacerdotal adicada á administración do culto e dos santuarios, á realización de sacrificios e á relación coas forzas divinas; un grupo de poder baseado no prestixio guerreiro e a posesión de bens mobles (obxectos de valor e gando), organizado en confrarías; e unha clase produtiva encargada dos traballos relacionados coa mantenza da sociedade e a producción de obxectos. Este sistema de organización social, como veremos, reflicte a ideoloxía trifuncional que Dumezil atribúe a todas as sociedades de orixe indoeuropeas, correspondendo a primeira función á clase sacerdotal e soberana, a segunda á guerreira e a terceira á produtiva.

91. Sobre a navegación no Golfo Ártabro v. NAVEIRO LÓPEZ, J.: *Panorama cultural de comarca ferrolana durante la Antigüedad, en el conjunto del Golfo Ártabro*, en ALONSO TRONCOSO, V. (ed) *Ferrolterra Galaico-Romana*, Ferrol 1997, p. 23 ss.

As mulleres ocuparíanse das cuestións relativas á terceira función, serían as propietarias dos bens inmóviles e as heranzas transmitiríanse por liña materna, de maneira que era o varón quen iría residir ao fogar da muller. Na unidade familiar, baseada no matrimonio, terían especial autoridade as mulleres, encargadas de pechar os tratos matrimoniais dos seu irmáns, pero tamén de traballar as terras. Porén, a soberanía da comunidade estaba representada por un “rei” ou “señor do pobo” que asumía as atribucións correspondentes á primeira e segunda funcións. Nunha sociedade destas características a verdadeira riqueza reside na posesión de bens móviles, e a maneira de chegarase a ela é a través do botín capturado na batalla. A guerra adquiere así unha importancia como sistema de transacción económica alén da glorificación da actividade bélica propia dos valores heroicos da mentalidade céltica<sup>92</sup>.

(...) *A laboriosidade da muller fai o resto; bota semente no rego e ara a terra co arado, estando inactivos os homes. Todo o que haxa que facer, non sendo a dura guerra, afróntao a esposa do home Callaico sen parar.* (Silio Italico, III, 344-453)<sup>93</sup>.

### 3.5 DE ÁRTABROS E PRUCIOS. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DOS ÁRTABROS.

Despois destes trazos sobre a etnografía ártabra, e antes de falar do sistema relixioso ao que lle adicaremos o seguinte epígrafe, interesa saber como era a organización do territorio dun pobo que ocupaba unha rexión tan ampla<sup>94</sup> e coñecer a función territorial dos santuarios na Idade do Ferro. Cotexando esta información co caso de Breamo sabremos máis da súa existencia nesa época.




Castro ártabro de Elviña (A Coruña)

92. GARCÍA QUINTELA, M.V.: *La organización social y política de los galaico-lusitanos* en GONZÁLEZ GARCÍA, F.J. (coord.) et alt. *Los pueblos de la galicia céltica*. Madrid 2007, p. 331 ss. Tamén sobre a sociedade castrexa v. GONZÁLEZ RUIBAL, A.: *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*, tomo II, cap. 4, p. 277 ss.

93. ROMERO MASIÁ , A.M. e POSE MESURA, X.M.: *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña, 1987, p. 86.

94. Sobre esta cuestión, ainda que limitada á ría de Ferrol e norte da de Ares, v. ROMERO MASIÁ,A. E POSE MESURA, X.M. *O habitat castrexo na Ría de Ferrol en Alonso Troncoso*, V. (ed) *Ferrolterra Galaico-Romana*, Ferrol, 1997, p. 11 ss.

García Quintela<sup>95</sup> propón unha imaxe de círculos de pertenza social en cuxo nivel primeiro está a familia e no seguinte o castro, equivalente ao *castellum* indicado co signo ⌂ (léase “C invertido”) nalgúns textos epigráficos. Alén do castro están os *populi* ou *civitates* referidos nas fontes clásicas (*éthne*, segundo Estrabón) entre os que se atopan os ártabros ou arrotrebas. Baseándose no texto estraboniano e da realidade que se desprende da análise arqueolóxica da distribución dos castros no territorio, este autor interpreta as *póleis* como entidades políticas identificábeis cos *éthne*, xa que non temos constancia da existencia, antes da ocupación romana, de centros urbanos no sentido clásico das cidades gregas ou romanas. Con todo, esta estrutura do territorio habería de ser dinámica e admite subdivisións, malia non aparecer os castros na terminoloxía de Estrabón, si temos a palabra “aldea” *kómai* que García Quintela interpreta como entidades políticas menores ou de inferior rango, sen implicacións urbanísticas e sen excluír polo menos a algúns tipo de castros, pode tratarse de *agrupacións de castros* (...) *operativas nunha área determinada que funcionasen como entidade de rango menor separábel ou agrupábel mediante decisións políticas*<sup>96</sup>. Esta agrupación de castros organizáriase en torno a un santuario e un castro principal que artellarían o eixo de poder local actuando o primeiro como *centrum*<sup>97</sup>, ao seu arredor estenderíase unha determinada área de influencia ocupada polos castros subsidiarios con cadanxeu territorio correspondente (ver esquema).



Esquemas de García Quintela

A importancia do santuario dentro desta estrutura de organización política é subliñada por Brañas Abad<sup>98</sup> ao indicar que dentro dunha comunidade de castros o castro principal a carón do santuario, ou mesmo nel, sería o lugar de residencia dos reis sagrados, asento tradicional das familias dominantes (pola súa condición de lugares fronteirizos que analizaremos despois) establecendo unha unidade política de tipo intermedio entre o *populus* e o poboado (castro), afín ao *pagus* galo ou o *túath* (pequeno reino) irlandés.

A organización política do espazo castrexo que propoñen García Quintela e Brañas Abad é perfectamente congruente co caso que nos ocupa. Se ben non temos datos

95. GARCÍA QUINTELA, M.V.: *cit.* p.337 ss.

96. *Op. cit.* p. 340.


97. v. supra.

98. BRAÑAS ABAD, R.: *op. cit.* p. 169 e 176. Citando a Le Roux e Guyonvarc'h (Les Druides, Rennes, 1986, p.230-1) comenta: “Tanto na Irlanda como na Galia *non hai "dun"* (fortaleza do rei) *sen santuario e non hai santuario sen bosque*, o sentido dunha expresión equivalente a duma como é *briga*, acompañado do nome do santuario, non pode indicar senón o lugar que é centro sagrado en tanto que santuario (*nemeton*) e en tanto que capital ou residencia do rei (*dum/briga*)”. *Cit.* p. 163.

epigráficos que nos permitan afirmar con certeza unha determinada organización deste territorio (máis aló dalgún dato subministrado pola toponimia actual), si temos, así a todo, dous importantes datos: o Parroquial Suevo e a paisaxe arqueolóxica actual.

O Parroquial Suevo (*Parrochiale Suevorum*), tamén coñecido como División de Teodomiro (*Divisio Theodomiri*) é un documento redactado na segunda metade do século VI que reflicte a división administrativa eclesiástica do reino suevo de Galicia en tempos do rei Teodomiro. Este documento contén a relación de 134 parroquias agrupadas en 13 dioceses o que achega moita información sobre a organización administrativa eclesiástica da época tardo-romana e sueva. Moitos destes nomes de parroquia correspóndense con etnónimos de populi indíxenas mencionados nas fontes clásicas e que son assumidos para organizacións territoriais posteriores, manténdose algúns mesmo na actualidade. Pois ben, neste relatorio de parroquias menciónase, dentro da sé iriense, a de *Prucios*<sup>99</sup>. Monteagudo considera este nome un xentilicio derivado de *Plutius*, variante de *Plot-ius*, de orixe etrusca como outros moitos topónimos galegos segundo este autor, pero non propón significado ningún para a palabra<sup>100</sup>. Outros autores<sup>101</sup> confirmán esta orixe como xentilicio para o actual *Pruzos*, hoxe denominación do arciprestado que ocupa o mesmo espazo que a parroquia sueva, entre os ríos Eume e Mandeo<sup>102</sup>. En definitiva, temos unha unidade política e territorial de tipo intermedio, a dos prucios, dalgunha maneira integrada ou confe-derada nunha unidade de rango superior, a *ethne* ou *populus* dos ártabros ou arrotrebas<sup>103</sup>.

A paisaxe arqueolóxica actual do territorio dos prucios, por outra banda, semella un calco do esquema proposto por García Quintela. Un territorio ben defini-do xeográficamente polo límite entre dous ríos: o Eume, ao norte, e o Mandeo (ou acaso o Lambre, ou mesmo o Baxoi, en orixe) polo sur; os límites cara ao interior chegarían, aproximadamente, ao actual límite provincial. Un santuario, o de Breamo, situado nun lugar especialmente significativo pola súa



Territorios ártabros no Parroquial Suevo según Méndez Fernández

99. Esta denominación aparece con diferentes variantes en segundo que documentos: *Pluzios*, *Plucios*, *Plutius*, *Plutios*, como formas más antigas do s. VI a X, *Prucius*, *Prucios* aparece xa no s. VIII e a actual *Pruzos* que aparece xa no s. XIII. Fonte CODOLGA: <http://corpus.cirp.es/codolga/>.

100. MONTEAGUDO, L.: *Populi y Castella en el “Edicto de Bembibre” Bierzo-León*. “Revista Anuario Brigantino” nº 22, Betanzos 1999, p. 81.

101. DE CASTRO, C.: *Prehistoria, Edades Antigua y Media en la Comarca Eumesa. Bibliografía y estado de la cuestión*. “Revista Cátedra” nº14. Pontedeume 2007, p. 282-7. LÓPEZ CALVO, J.A.: *Territorio Prucius: Pontedeume en la temprana Edad Media*. “Revista III Feirón Medieval dos Andrade”. Pontedeume 2012, p. 31-5.

102. *Pruzos* tamén é o nome dun lugar da parroquia de Churío, no concello de Irixoa, que conserva as ruínas dunha pequena capela consagrada a Santo Estevo.

103. Cfr. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. *op cit.*

conspicuidade e pola acumulación de elementos simbólicos que actuaría como *centrum* dun grupo considerábel de castros que, case con toda seguridad, non estiveron habitados todos simultaneamente. Como unha escolta a carón del, na aba que cae cara ao mar polo lado do solpor, o gran castro de Castrelo percíbese dende un arco duns 225º con centro no santuario e disposición N-S e un radio de varios quilómetros. Semella un baluarte a rentes dun castelo. Por esta situación privilexiada, polo seu tamaño (4,1 ha.) e estruturas complexas e por terse atopado un medio torque<sup>104</sup> nas súas proximidades, parece xusto considerar este castro, coas debidas cautelas, como o *oppidum* capital do *pagus* dos prucios. Máis adiante confirmaremos esta consideración ao analizarmos as relacións míticas entre a residencia do rei e o santuario central.

### 3.6 CASTRELO, ARDÓBRIGA E CENTROÑA

Ao respecto do castro de Castrelo, paga a pena deterse un pouco a comentar as hipóteses planeadas por Isidoro Millán González-Pardo<sup>105</sup>, xa que están moi realcionadas con todo o desenvolvido até aquí. Como vimos supra, Millán decántase pola forma *\*Ardobriga*<sup>106</sup> no canto de *Adrobrica* para a cidade mencionada polo xeógrafo romano Pomponio Mela na súa *Chronographia*, á luz da interpretación que fai do orónimo Breamo. Vimos tamén que o significado do nome do monte *\*Brigamos* para este autor sería *montouto, monte moi alto ou altísimo*, e o da cidade ártabra como *alta fortaleza ao resgardo ou a carón dun monte* (de *ard*=alto, grande, crecido, nobre más a terminación -*briga*, que xa a mediados do s. I d. C. perdera o significado primitivo de *altura* para adoptar o de *cidade*):

*Pero ¿cuál era, y cómo la Ardobrica urbs de este pa-saje [da Chronographia de Mela]? Las circunstancias hasta ahora analizadas nos llevarían a pensar, alrededor del año 40, en un poblado de exclusivo carácter indígena, situado, mejor acaso que en la cumbre del BREAMO, en una empinada ladera o estribo del monte. Entre San Miguel de BREAMO y Santa María de Centroña, se extendía la prolongada colina de Os Castros, en cuyo paraje de As Casas Vellas apareció en el año 1912 el torque de oro, mutilado, llamado de Centroña. (...) Podría ser esta la exacta localización que buscamos. El marcado carácter de tradicionalidad artística que revela la factura cuidada de aquella joya, sería indicio, en los que la labraron o se ornaron con ella, de pertenecer a un grupo*



Torque de Centroña

104. Cfr. VV AA (PREGO FERNÁNDEZ, A. coord.) *op. cit.*

105. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *op. cit.* p. 120 ss.

106. HUBERT, H.: *op. cit.* p. 245, tamén utiliza a forma Ardobriga pero sen explicar as causas da decisión.

*con fuerte estabilidad social y un apreciable nivel de riqueza, refinamiento y destreza técnica<sup>107</sup>.*

Ese lugar dos Castros que menciona Millán é o agora más coñecido como castro de Castrelo por ser este o núcleo de poboación máis próximo. Ve D. Isidoro nas costas da actual Centroña un centro de grande actividade comercial e exportadora, de intercambio por vía marítima coa provincia Bética, de almacenaxe de produtos recibidos ou trocados e mesmo de incipientes instalacións industriais, que co seu desenvolvemento propiciaría a paulatina formación de asentamentos nas terras baixas da franxa costeira a expensas da desocupación de Ardóbriga como lugar de habitación e, en definitiva, coa perda do topónimo orixinario.

A hipótese equiparativa Ardóbriga/Castrelo de Millán é verosímil pero só podería ser confirmada por un achado epigráfico de moi difícil acontecemento que corroborase, sen lugar a dubidas, este nome para o *oppidum* que, dende logo, podemos seguir a considerar capital dos prucios por unha chea de indicios entre os que tamén a podemos ter en conta.

Pero Millán non se detén aquí. Cando analiza o topónimo Centroña propón unha orixe en *\*Centrobriga* como *ciudad do centro ou posta no medio*, posíbel segunda denominación da mencionada Ardóbriga que acabaría por se impoñer sobre esta. Este significado viría xustificado polos seguintes argumentos:

*La actual feligresía de CENTROÑA, en el lugar que señala la Hoja 21 del 1/50.000 por posición de O PORTIÑO, a la vista de la pequeña cala o ensenada dominada por el templo parroquial, equidista, con exactitud matemática, 8.250 m. (=44,6 estadios) de las respectivas bocas del río Lambre -situado en A Ponte do Porco- y del Xubia*



Restos de paramento no castro de Castrelo

107. cit. 122/3.

—fondo de la ensenada de o Montón (¿Moutón?)—, puntos extremos austral y boreal del diámetro meridiano de un círculo que tiene CENTROÑA por justo centrum<sup>108</sup>.

Aceptando como probábel a proposta do significado etimolóxico para Centroña, resulta moi difícil asumir a súa argumentación xeográfica por dous motivos: en primeiro lugar, custa moito crer que os romanos posuíran os medios técnicos necesarios para trazar con tanta precisión ese círculo imaxinario do que fala o filólogo pontevedrés; en segundo lugar, resulta evidente para calquera que coñeza minimamente a consistencia da rocha que compón os acantilados desta parte da costa ártabra que o seu aspecto actual dista necesariamente moito do que puido ter nos tempos do xeógrafo de Tingentera (s. I d. C.), a erosión que produce o mar pódese apreciar de ano en ano. Non obstante, non é absolutamente desbotábel a idea de *cidade do centro*, pero non dun centro xeográfico (que tamén: a posición central do Breamo no Golfo Ártabro, aínda que non sexa tan exacta, xa quedou comentada como evidente) senón dun *centrum*, dun centro no sentido simbólico comentado que reforzaría a condición do castro de Castrelo (fora ou non a Ardóbriga de Mela) como capital política e como custodio do santuario de Breamo. O mesmo Millán pregúntase neste sentido pola razón última daquela centralidade: *¿Podría haberse debido acaso a la ubicación de un “culto al centro” comarcal, respetado por la administración romana, en el próximo monte Brigamos?*<sup>109</sup>. Paréceme esta última proposta moito máis plausíbel que a de ser o lugar onde os romanos espicharon o compás para trazar o círculo.



Breamo e Castrelo dende o monte Castro de Cabanas

### 3.7 OS MONTES NO SISTEMA RELIXIOSO GALAICO

Á luz da importancia do tándem oppidum/santuario para o artellamento político dos ártabros (e en xeral dos galaico-lusitanos), a percepción que imos tendo do Breamo é máis como *lugar central de culto* que como *lugar de “culto al Centro”*, xa que como vimos supra un *centrum* é un lugar onde se manifesta o sagrado (hierofanía) e polo tanto o obxecto do culto non será o Centro mesmo senón as deidades que alí se manifesten. Neste sentido, a cualidade do Breamo como Montaña Sagrada é indisociábel da súa función como centro de culto, tanto na Idade do Ferro como na actualidade.

108. cit. p. 136.

109. Ibid.

En referencia á sacralidade de determinados montes para os galaicos adóitase achegar a seguinte cita de M. Iuniano Iustino (*Historia Universal*, XLIV, 3, 6):

*Nos confins deste pobo está o monte sacro ó que se considera pecado violalo co ferro (cavar nel); pero se a terra se fende por un raio, o que nestes lugares é causa frecuente, permítese recolle-lo ouro descuberto, como un don de deus<sup>110</sup>.*

Non se pode determinar a que monte en concreto se pode referir Iustino, máis ben debemos interpretalo como unha referencia de carácter xeral que permite recoñecer a existencia da Montaña Sagrada como fenómeno relixioso entre os galaico-lusitanos. Existe na historiografía clásica un lugar común que interpreta esta cita como unha sorte de



Pico Sacro (Boqueixón)

orolatría animista e que mesmo segue a aparecer en non poucos libros de divulgación<sup>111</sup>: os pobos celtas adoraban os montes e os ríos. López Cuevillas fálanos xa duns indeterminados *numes das montañas que foron identificados con Iúpiter ou Marte*<sup>112</sup> cuxo culto aparece vestixialmente nas numerosas capelas en cimas de montes. Alberro enumera varias deidades do mundo céltico documentadas en diversos lugares de Europa e unificaas como o *deus celta do ceo e as alturas principalmente asociado con montañas, xa que estas se alzaban na súa dirección*<sup>113</sup>. Monteagudo<sup>114</sup>, pola súa parte, incide no valor intrínseco do que el denomina outeiros como lugar de manifestación do sagrado e como centro cósmico do grupo social, incluíndo nesta categoría os amilladoiros e as pedras con petróglifos podomorfos e integrando o concepto dentro do de Montaña Sagrada que vimos

110. Tradución ao galego de ROMERO MASIA, A.M. e POSE MESURA, X. M. *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña, 1987, p. 125.

111. v. por exemplo: SENÉN LÓPEZ, F. et alt. *Historia de Galicia*. Compostela, 1980. Refirese á relixión castrexa como dun animismo primitivo con divindades artelladas nun grupo cósmico e noutro xeográfico, p. 38-9.

112. LÓPEZ CUEVILLAS, F.: *La civilización céltica de Galicia*. Compostela 1953, Madrid 1989, p.280 ss.

113. ALBERRO, M.: *EL AGUA, los ÁRBOLES, los MONTES y las PIEDRAS en el culto, creencias y mitología de Galicia y las regiones célticas del noroeste atlántico europeo*. “Anuario Brigantino” nº 25, Betanzos 2002, p. 32.

114. MONTEAGUDO, L.: *La religiosidad callaca: la estela de Mazarelos...* “Anuario Brigantino” nº 19, Betanzos 1996, p. 53-4.

defendendo. Trataríase para este autor dunha verdadeira institución socio-relixiosa de probábel orixe na Idade do Bronce indoeuropea, respectada e tolerada polos romanos e cuxos vestixios áinda se poden albiscar, *fortemente cristianizados, baixo o esmagante poder da Igrexa medieval*, ademais de ser un espazo místico-relixioso diferenciado dos demais onde homes e mulleres sabían que estaban en presenza do sagrado, do numinoso, de forzas ocultas e míticas, ás que podían impetrar solucións ou bens inmediatos. Tamén Taboada Chivite<sup>115</sup> observa ese simbolismo sagro en determinados montes: *A outura indica proximidade ao ceu, trascendencia. Os cumes representan forza, barileza, como xuntanza do mundo terrestre co celeste. O lugar outo (o bamah do Antigo Testamento) é a morada dos deuses.* Relatando de seguido unha serie de deuses galaicos relacionados con montes: a deusa Pindusa e o Pindo, o Marte Tileno, Laroco, etc.

Na actualidade o culto ao que se dedica o santuario é ao arcanxo San Miguel, iso é sabido e despois volveremos sobre este asunto. Pero, que clase de deidades eran as que se manifestaban no santuario do Breamo en tempos anteriores ao cristianismo? Como era o sistema relixioso do pobo dos prucios e que papel desempeñaban santuarios como o do Breamo? Para responder a estas preguntas sen dispor de evidencias arqueolóxicas (e menos áinda epigráficas) que nomeen deidades concretas, vémonos na obriga de buscar no sistema relixioso dos pobos que daquela habitaban o noroeste da península.

O coñecemento que temos do sistema relixioso dos habitantes do NW da Península goza na actualidade dun gran desenvolvemento grazas aos estudos de Rosa Brañas, Marco García Quintela, Manuel Santos ou Blanca García Fernández-Albalat, entre outros. Non farei aquí un compendio da obra destes autores, senón que tratarei de expoñer de xeito resumido unha serie de riscos comúns a todos eles a partir dos cales perfilan un sistema relixioso coerente e integrado nos principios ideolóxicos dunha sociedade que cada vez coñecemos mellor. Estes elementos son os seguintes:


1. Superación de prexuízos e lugares comúns da historiografía do pasado como o animismo (culto a montes, ríos, árbores...) ou o ateísmo e armarse de argumentos baseados na antropoloxía moderna, cumpridamente na teoría da trifuncionalidade de Dumézil sobre as relixións de pobos de orixe indoeuropea.

2. Superación, máis ou menos explícita, do termo *cultura castrexo* por reducionista e asunción dun *celtismo culturalista* de novo cuño, baseado en criterios tanto lingüísticos como arqueolóxicos, que retoma o modelo invasionista pero marcando distancias co celtismo mitificador do Rexurdimento e da Xeración Nós. Adoitán empregar termos como *Galicia céltica, céltica peninsular, celtiberia, galaico-lusitano*, etc. que buscan o vínculo con outros pobos peninsulares e europeos dun ámbito cultural común baseado no demostrado uso da lingua celta e mais nalgúns elementos da cultura material.

3. Admitir as limitacións do método arqueolóxico para estudo de aspectos antropolóxicos das sociedades antigas e, sen rexeitar as achegas da arqueoloxía, fundamentar as súas hipóteses na relectura crítica das fontes clásicas; na análise

115. TABOADA CHIVITE, X: *Etnografía galega. Cultura espiritual*. Vigo, 1972, p 99. A cita en galego é literal.

etimolóxica da toponimia e da onomástica galaico lusitana, en especial dos epítetos teónimos da epigrafía existente; no estudo do folclore conservado en relación cos xacementos e o uso (para algúns abuso) do método comparativo para suplir o déficit na documentación escrita sobre temas relixiosos galaicos por comparanza con rexións europeas do eido céltico que conservan unha mellor tradición documental, sobradamente coas galias (a través dos textos de Julio César) e con Irlanda (a través dos textos medievais que relatan a mitoloxía pagá), pero tamén con outros pobos de raizame indoeuropea.



Georges Dumézil

Asumida, por tanto, a condición céltica dos pobos do NW peninsular queda assumida por ende a súa condición de orixe indoeuropea, o que permite aplicar ao seu sistema social e relixioso a estrutura ideolóxica trifuncional ou tripartita establecida polo antropólogo francés Georges Dumézil<sup>116</sup>. Segundo este autor todos os pobos de orixe indoeuropea, orixinarios do Cáucaso e diseminados por toda Europa (continental, atlántica e mediterránea), Asia Central, Asia Menor e Irán até a India védica posúen, ademais dunhas orixes lingüísticas comúns, semellanzas na organización das súas sociedades con base no seguinte esquema funcional tripartito:

**Primeira función:** É a función do mundo do sagrado e sobrenatural; vai asociada á soberanía e á autoridade, abrangue aspectos diferentes pero complementarios: sacerdotal-sombrío/xurídico-luminoso. Corresponde na sociedade coas castes sacerdotais e coas xefaturas de carácter sagrado.

**Segunda función:** Relacionada co exercicio da força, o mundo militar e a guerra en xeral, o mando, a vitoria e a sabedoría. Corresponde coa clase guerreira.

**Terceira función:** Relacionada coa produtividade e a mantenza da sociedade, o traballo da terra e tamén o comercio, a paz, a prosperidade, a saúde e a fertilidade da terra e das persoas. Corresponde aos agricultores, artesáns e comerciantes.

A adscrición das deidades do panteón dos galaicos a unha ou a varias destas funcións é complexa e hai que acudir ao significado etimolóxico dos seus nome e epítetos aparecidos na epigrafía conservada até o de agora, xa que a única mención a unha deidade indíxena nas fontes clásicas é a que fai Estrabón (III 3,7): *sacrifican a Ares un castrón, cabalos e prisioneiros de guerra, realizando hecatombes do mesmo modo que os gregos*. Este suposto anonimato, que en momentos chega a interpretarse como ateísmo, é consecuencia dunha cautelosa precaución ante unha posible *evocatio* de forzas sobrenaturais negativas polo mal uso duns nomes de emprego restrinxido a momentos, lugares e persoas autorizadas na xestión da sacralidade<sup>117</sup>.

Seguidamente faremos unha breve descripción dos numes máis coñecidos do territorio galaico-lusitano, a partir do traballo de Brañas Abad que propón como hipótese

116. DUMÉZIL, G.: *Mito y epopeya I. La ideología de las tres funciones en las epopeyas de los pueblos indoeuropeos*. Barcelona 1977.

117. BRAÑAS ABAD, R.: *op. cit.* p. 51.

inicial unha cosmoxoxía organizada arredor dunha alianza orixinal entre o rei dos deuses cunha deusa soberana<sup>118</sup>:

*Lug/Lugu:* Considérase un deus supremo e pan-céltico xa que aparecen sinais do seu culto en diversos lugares da celtiberia, na Galia ou en Irlanda. É político e soberano, relaciónnase coa realeza a través do oso (símbolo da realeza), é guerreiro e psicopompo (guía de almas) como condutor dos exércitos á batalla, manifesta un control absoluto das cousas sagradas a través do xabaril (símbolo da clase sacerdotal). Os romanos identificárono con Mercurio.

*Bandua:* O seu nome significa lazo ou ligazón. Equivale ao deus indoeuropeo dos lazos máxicos (*Ogmios* galo, *Ogme* irlandés, *Varunna* védico) de faciana sombría, axitada e violenta, protector do soberano/guerreiro, controlador das técnicas do feitizo e dos lazos que immobilizan o inimigo na batalla. Patrocina as confrarías de guerreiros unidos por vínculos de *devotio* e representa a força de cohesión da sociedade (*fides*) que lle dá un carácter ctónico e infernal. Concita os poderes máxicos da clase sacerdotal (o poder da palabra ritual que une os mundos divino e humano) e mais a força guerreira da segunda función. Está relacionado cos camiños e a *interpretatio* romana equiparouno aos Lares e a Marte.

*Coso/Coso/Cosus/Cossue:* Outro deus guerreiro e, polo tanto, asimilado tamén ao Marte romano. Representa a realeza na súa función redistributiva e conciliadora e tamén reguladora e administrativa. Relaciónnase cos *oenach* (*Coso Oenaeco*) ou asembleas de intercambio social nas que se celebraban probas de destreza guerreira e se sancionaban pactos entre grupos. Algunxs autores o identifican con Bandua, pero Brañas veos complementarios como outras parellas de deuses indoeuropeos (Mitra-Varunna, Dagda-Mananan).

*Navia/Nabia:* Deusa soberana e trifuncional, xefa dos exércitos e psicopompo con especial vínculo aos espazos acuáticos, vías de acceso ao Outro Mundo. Identifícase en ocasións coa Diana dos romanos e a súa memoria aparece fosilizada en multitud de lendas de toda Europa en forma de fadas, mouras ou virxes asociadas a fontes, ríos ou mares.

*Matres:* Deusas da abundancia, a saúde e a prosperidade. Tamén da terra conquistada polas armas polo soberano divino que soamente pode apropiarse das riquezas tras desposala. Trátase do pacto lexitimador da soberanía.

*Suleis:* Deusa da función medicinal e sanadora. Asóciase ao lume e ao sol, pero tamén ás augas medicinais. Asimilada polos romanos a Minerva.

*Reve/Reue/Reua:* O seu culto está moi estendido pola celtiberia, o seu nome significa río e en Ourense atopáronse varias estelas votivas que o mencionan en relación cos mananciais termais das Burgas, polo que adoita relacionarse cos cursos fluviais<sup>119</sup>. Non obstante Brañas clasificao como deus infernal, xa que *non debemos confundir os lugares*

118. Cit. p. 54 ss. Máis sobre deuses célticos en OLIVARES PEDREÑO, J.C.: *Los dioses de la Hispania céltica*. Madrid. 2002.

119. PÓSPER, B.: *Reve Anabaraeco. Divinidad acuática de Las Burgas*. Acta Paleohispánica X. p. 203-4.

*nos que se manifesta a acción da divindade coa divindade mesma*<sup>120</sup> e esa cualidade pode vir do feito de que eses mananciais abrollan das mesmas entrañas da terra. Ademais, existen epítetos que relacionan este deus con montes como \**Albocelo* (monte branco) ou *Reve Larauco*, que o vencella de maneira directa a un monte que conserva o orónimo (*Larouco*) e que foi interpretado paradoxalmente como *chaira*<sup>121</sup>. Esta identidade monte-chaira é preciso entendela no sentido mítico que as relixións célticas dan a ambos os dous accidentes xeográficos como espazo sagrado, como lugar de encontro co Alén, como centro primordial. Por se non abondase, Reve tamén aparece relacionado noutro dos seus epítetos (*Reve Marandigui*) co mar, que tamén se identifica como chaira mítica e camiño ao Alén. Todo iso non impide que esta deidade teña un forte carácter supremo (*Larauco Deo Maxumo*) que tería a exclusiva do touro como animal sacrificial propia de Xúpiter, animal por outra parte de carácter celeste que conleva a identificación frecuente nas relixións indoeuropeas entre un elemento infernal e outro celeste. Os romanos buscarían a súa identificación cun Xúpiter *Dispater* (Plutón).

Calquera destas ou doutras divindades (con este ou con outros nomes) puideron manifestarse no santuario do Breao, pero é Reve o que acumula maior número de indicios: a súa relación con montes e co mar (lembremos a conexión mítica co mar a través da lenda da Furna do Tumbou), o seu carácter infernal relaciónao directamente co sistema simbólico da montaña sagrada que describimos e o seu carácter supremo aparece no propio significado do orónimo Breao (*Supremo, O Mais Alto*). Por último, outro epíteto deste deus, *Reve Anabaraeco*, asóciase a unha confluencia de ríos: *Ana* (Guadiana) e \**barrecas* (actual Albarregas) e as confluencias na relixión celta, o mesmo que as encrucilladas, son *entradas preferentes ao Outro Mundo, común ós deuses e ós mortos*<sup>122</sup>, e confluencia temos no Breao, que a súa prominencia separa as rías de Betanzos e Ares que diante mesmo do monte conflúen.

### 3.8 BREAMO E OS SANTUARIOS GALAICOS

Sábese por diversos estudos<sup>123</sup> que os santuarios dos pobos célticos eran de tipo rupestre, que concedían grande importancia ao espazo sagrado e aos lugares consagrados conforme a unhas regras estritas e que se organizaban en torno a un altar ou pedra sagrada na que practicaban sacrificios cruentos. Tamén é sabido que estas sociedades posuían unha clase sacerdotal encargada de administrar a sacralidade con especialidades nos seus diferentes aspectos: dende a conservación das tradicións por transmisión oral, realización de sacrificios, lectura dos designios divinos a través das vísceras das vítimas sacrificiais,

120. BRAÑAS ABAD, R.: *op cit* p. 87.

121. v. GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B.: *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas*. Sada, 1990. Esta autora considera Reua como divindade feminina pero sen desbotar totalmente que a deusa posuía un aspecto masculino que traducía aquela idea do matrimonio mítico entre a Soberanía, en canto a Terra, e o rei. p. 311 ss.

122. BRAÑAS ABAD, R.: *op. cit.* p. 91.

123. Cfr. ELIADE, M.: *Historia de las creencias y de las ideas religiosas*. Madrid 1979 p. 144.

ritualidade de tipo profiláctico ou de curación, administración de xustiza, educación ou de conselleiros políticos. Na Galia estes sacerdotes coñécese, de xeito xeral, como *druídas* e cumpriron un papel fundamental como elemento aglutinador social cunha función civilizadora, cerne da propia cultura que dotou os pobos celtas dunha apreciábel coherencia. Hubert<sup>124</sup> considera o sacerdocio dos druídas como unha institución pancéltica e debemos supor a existencia desta clase sacerdotal tamén na Gallaecia da Idade do Ferro, malia non conservarmos o nome que nesta rexión posuían (Estrabón III, 3, 6-7, fala dos *ariúspices*, termo grego, que lían nas entrañas dos inimigos sacrificados). De entre os druídas estaban os *gatuatri*, que estaban afectos a un santuario e se encargaban de administrar o culto e os sacrificios. Sinala tamén Hubert que é nos santuarios onde o colexio druídico adquire a conciencia da súa unidade e pon como exemplo as asembleas no país carnuto (no *centrum* da Galia) que era simultaneamente un concilio e un congresso corporativo dos druídas.

Pouco se sabe de como eran realmente os santuarios galaicos, xa que a súa pegada arqueolóxica é certamente pouco significativa. Casos tan evidentes como o do Facho de Donón en Cangas de Morrazo, situado tamén no cumio dun monte, hai certamente poucos. Aquí a evidencia chega da man dunha chea de ex-votos pétreos con epigrafía latina que fai alusión directa ao deus indíxena Berobreo (ou Laribeus Breus como prefire denominalo Olivares Pedreño<sup>125</sup>). Outros casos, áinda que posúan evidencias materiais en pedra, poden resultar más discutíbeis como os de Pedra Fita, preto da cidade de Lugo, As Canles (Campo Lameiro) ou mesmo a Pedra da Elección no veciño concello de Cabanas<sup>126</sup>. Pero a meirande parte dos santuarios galaicos hainos que rastrexar por outros medios. Brañas Abad ve a necesidade de acudir á *topografía cualitativa*, é dicir, ao estudio das *propiedades significantes dos espazos xeográficos en canto componentes dun sistema simbólico*<sup>127</sup>, que é o que fixemos ao analizar o sistema da Montaña Sagrada.

Como vimos supra, os santuarios e mais as residencias dos reis sagrados situábanse en lugares fronteirizos porque *non se concibe unha alteridade más extrema que o mundo dos deuses ou dos mortos cos que se produce o encontro neses lugares concretos*<sup>128</sup>, e ese



Pedra da Elección, Cabanas (foto García Quintela)

124. HUBERT, H.: *op cit* p. 453 ss.

125. OLIVARES PEDREÑO, J.C.: *op cit* p. 68.

126. Cfr. GARCÍA QUINTELA, M.V. e SANTOS ESTÉVEZ, M.: *Santuarios de la Galicia céltica*. Madrid 2008. p. 40-1, e 317. Na Pedra ou Pena da Elección de Cabanas, situada na aba do monte Castro que cae cara ao Eume, hai un petróglifo podomorfo que ten asociada unha lenda que fai a estes historiadores relacionala con rituais de investidura da Idade do Ferro.

127. BRAÑAS ABAD, R.: *op. cit.* p. 143. LÉVY-STRAUSS, C. propón o termo topografía conceptualizada en *El pensamiento salvaje*. México 1964 p. 242.

carácter permanece en moitos castros galegos entre o que conta, como anticipabamos, o de Castrelo<sup>128</sup>.

Estes conceptos de encrucillada e fronteira teñen a súa correspondencia co sistema simbólico da Montaña Sagrada a través da idea do *omphalos* ou punto de unión entre diferentes mundos. Por outro lado, estes lugares fronteirizos, terra de ninguén, son os lugares elixidos para a celebración das asembleas entre o rei e os súbditos, os *oenach*, nos que se congregaba boa parte da poboación do territorio para resolver litixios, realizar competicións guerreiras, pechar tratos comerciais e matrimoniais e tamén para facer banquetes rituais. García Fernández-Albalat<sup>130</sup> relaciona os ritos de peregrinación co *ritmo estacional da permanencia nos castros dos varóns en idade de combater* marcando a pauta de uso da *midchuita* (a casa comunal en irlandés antigo) que se cristianizaría coa construcción de igrexas en castros e se conservaría no costume de dirimir asuntos nos adros, non obstante estas peregrinacións son diferentes das dos santuarios milagreiros, que estarían situados naqueles límites mencionados tendo un eido territorial de acción máis amplio: *os guerreiros, antes de chegar ao lugar de reunión, percorren un camiño que se converte, polo uso, nunha rota sagrada, cuxa forte carga chegou até a actualidade en forma de ritos de peregrinación.*

O catedrático Marco V. García Quintela<sup>131</sup> propón un modelo teórico de espazos sagrados para determinar santuarios na Galicia castrexa baseado nun completo decálogo. Se sometemos o Breamo a esta proba de seguro obteremos sorprendentes resultados. Comparemos, pois, un por un cada punto dese decálogo co caso que nos ocupa:

1. *Ser punto central de unidades territoriais locais, sexan estas parroquias, arciprestados ou termos municipais; o normal é que os mapas destes límites adopten unha característica morfoloxía radial con varias parroquias converxendo os seus extremos sobre o mesmo punto.*

Esta cualidade resulta difícil de percibir, xa que as circunstancias históricas que concorroner en torno ao Breamo desdebuxaron esa posíbel realidade parroquial. O asentamento dunha comunidade de cóengos de Santo Agostín na Idade Media e a creación do Real Priorado implicou a delimitación dun couto e dun territorio parroquial que borraron do mapa esta posíbel estrutura radial, ademais no século XIII creouse a vila de Pontedeume a expensas dese mesmo territorio e mais do da parroquia de San Pedro de Vilar. Así a todo, a parroquia de San Miguel de Breamo ten o santuario no seu centro e o resto das parroquias dispóñense arredor dela de xeito radial, áinda que cunha curiosa bipolaridade dada novamente pola presenza do veciño castro de Castrelo. Xa vimos a posíbel relación entre este e o santuario, relación que se vería referendada pola particular

128. BRAÑAS ABAD, R.: *op cit* p. 169.

129. Brañas Abad menciona un caso semellante en Arteixo e outro entre as provincias da Coruña e Pontevedra.

130. GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B.: *Las rutas sagradas en Galicia. Perduración de la religión celta da la Galicia antigua en el folclore actual.* A Coruña, 1999, p. 17-22.

131. GARCÍA QUINTELA, M.V.: *Soberanía e santuarios na Galicia castrexa.* Noia, 2006, p. 214-7.

presenza de límites territoriais a través do seu espazo. Por este castro pasa unha dobre divisoria territorial na actualidade: a municipal dos termos de Miño e Pontedeume e a parroquial correspondente a Santa María de Centroña e San Pedro de Perbes. Ademais conflúen nas súas proximidades outras tres parroquias máis: a de San Xoan de Vilanova (Miño) e as de Santiago de Boebre e a propia de San Miguel de Breamo (Pontedeume). Cando un grupo humano se identifica cun elemento da paisaxe ao que dota dun significado de rango superior, tratará de mantelo dentro das fronteiras do seu espazo territorial; se esta identificación é reivindicada por outro grupo veciño o conflito resloverase inevitabelmente por achegar a fronteira común até aquel lugar, compartindo ambos grupos a posesión do mesmo. Iso debeu de ocorrer co santuario antes da creación do couto do Priorado e iso segue a ocorrer co castro de Castrelo.

*2. Este punto coincide ademais cun accidente xeográfico significativo, xeralmente unha montaña ou cumio prominente e de morfoloxía peculiar, o que permite a súa individualización no conxunto do relevo do que forma parte e dende considerable distancia.*

Esta é unha cuestión que non admite dubida nin discusión e que xa foi comentada más arriba neste traballo.

*3. Non posuیر lugares de habitación nin espazos de labradío e aproveitamento intensivo, ser en troques a súa dedicación a “monte” (usos extensivos); a disposición de aldeas adopta xeralmente unha disposición circular arredor deste espazo.*

Efectivamente non hai na actualidade lugares de habitación nun amplio radio en torno ao centro do santuario. Os núcleos tradicionais más próximos (Vista Alegre, As Pedridas, Cermuzo) non superan a cota de 200 m. que queda ben lonxe da de 305 que ten o cumio.

En canto ao uso extensivo como monte, parece evidente hoxe en día. Sábese que boa parte do monte tivo uso agrícola até hai apenas uns cincuenta anos e ainda hai algunha finca traballada, pero resulta difícil imaxinar as terras próximas ao cumio cultivadas de xeito intensivo.

*4. Existir un baleiro arqueolóxico de natureza habitacional.*

Se fixesen escavacións nas proximidades da igrexa de San Miguel de seguro que aparecerían restos de natureza habitacional: os propios do Priorado. Pero estes haberían de ser medievais, e non de época precristiá. O xacemento máis próximo é o castro de Castrelo que está a uns 195 m de cota.




5. En cambio poden existir elementos arqueolóxicos de tipo ritual, tales como gravados rupestres, inscricións...

Non hai documentados, a día de hoxe, elementos arqueolóxicos deste tipo. Tamén é certo que non se procuraron. Como xa dixemos supra, un achado destas características significaría a confirmación da hipótese defendida ao longo deste traballo, pero a súa ausencia tampouco a desmente.

6. Ser “terra de ningúen” ou espazo sometido a reclamación territoriais por parte das diferentes unidades locais que nel converxen. Estas disputas poden ser canalizadas de diferentes xeitos, incluíndo fórmulas rituais e festivas.

A cuestión da parroquia de Breamo ten levado a non poucas discusións aos eumeses: que si é ou non é parroquia San Miguel de Breamo. Carlos de Castro<sup>132</sup>, no seu completo estudo sobre o Priorado de San Miguel, cita a visita parroquial de 1668 na que se di expresamente que non hai pía (hoxe si hai) e que non é parroquia, tamén cita a de 1791 na que se cualifica a San Miguel de *ermida indecente* e inclúea na veciña parroquia de San Pedro de Vilar<sup>133</sup>. Tomando como base estes indiscutíbeis documentos o historiador local suprime a de Breamo de toda canta relación de parroquias realiza do concello de Pontedeume (sobradamente guías e artigos de promoción turística da vila e a comarca): a parroquia de San Miguel de Breamo non existe desde o punto de vista da administración eclesiástica<sup>134</sup>. Así a todo, non é menos certo que o papel das parroquias dentro da estrutura



132. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.: *En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo y a su iglesia*. “Revista Cátedra” nº 2, Pontedeume, 1995, p. 140. Tamén DE CASTRO ÁLVAREZ, C. e GARCÍA, A.: *Pontedeume, Cabanas y comarca*. Pontedeume 2012, p. 13

133. Seguirá habendo libros parroquiais propios da de Breamo até mediados do s. XIX, mesmo o Libro Defuntos pecharase en 1915. Arquivo Diocesano de Santiago. Fondo parroquial.

134. Sobre a problemática das fontes de información civís e/ou eclesiásticas en torno ás parroquias de Galicia consultese GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Os santos titulares de parroquia en Galiza*. Compostela 2012, p. 11 ss.

territorial do rural galego vai moito máis aló da administración eclesiástica para chegar, sen esaxeración, a formar parte dos mesmos alicerces da cultura galega cunhas orixes que nalgúns casos se remontan á Idade do Ferro. Non se pode restar valor a esta importante parte do noso patrimonio inmaterial, e tanto é así que a parroquia de Breamo se mantivo viva en infinidade de documentos de carácter público e privado dende o século XVIII ata os nosos días, sendo un deles determinante para admitir a Breamo dentro das parroquias eumesas: o Nomenclátor de Galicia<sup>135</sup>.

Outra cuestión a ter en conta neste punto é o que podemos chamar a patrimonialización das romaría de San Miguel por parte dos habitantes de Pontedeume e que xa foi comentada no introito deste traballo en relación cun estudio de Esther Leira<sup>136</sup>. Sobre este asunto podemos engadir unha conjectura a partir dun feito histórico. Cando o rei Afonso X outorga a *carta puebla* para fundar vila en Pontedeume en 1270 foi a petición dun grupo de *omes de la tierra de Pruços e Bisoucos*<sup>137</sup> procedentes de 28 parroquias. O poboamento da vila fixose con xentes procedentes destas que incorporaron os seus costumes e ritos festivos entre o que figuraría a antiga tradición de facer festa na súa Montaña Sagrada nalgún momento do ano, esa tradición xustificaría a fundación en data non determinada<sup>138</sup> da Confraría de San Miguel. Con iso (e moitas más cousas), os seus descendentes foron construíndo unhas particulares sinais de identidade que chegaron até agora, entre elas conta, con non pouca importancia, o festeiro culto a San Miguel no seu monte de Breamo.

*7. As veces estas disputas poden culminar coa apropiación do espazo por parte dalgunha das unidades locais involucradas. Isto implica unha modificación do patrón radial igualitario de límites parroquiais; sen embargo, poderase ainda rexistrar formalmente a existencia do sitio porque nestes casos os límites se volven “anti-naturais”, entendendo por isto que rebor dan e incorporan o accidente natural (divisoria, río...) utilizado orixinariamente para marcar os límites.*

Quedou explicado como, dende o punto de vista da administración eclesiástica, a parroquia e o santuario de San Miguel de Breamo pasou a formar parte da de San Pedro de Vilar e o seu párroco e sacerdote son os encargados do culto e o mantemento da capela. Acaso esta cuestión non sexa ao que se refire este punto e debamos acudir de novo ao castro de Castrelo: a parroquia miñesa de Perbes penetra de maneira “anti-natural” no territorio eumés até chegar ao cume da lomba na que está asentado castro. Nova confirmación da íntima relación entre ambos os dous bens patrimoniais, santuario-castro.

135. <http://www.xunta.es/nomenclator>. O Nomenclátor de Galicia pode ter errores e omisiones, pero é un documento de obligado cumplimiento polas administracións e, ademais, está en permanente revisión por parte da Comisión de Toponimia de Galicia.

136. v. citas 3 e 4 do presente traballo.

137. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *op cit* p. 190 ss.

138. Sabemos por Carlos de Castro (*op cit* p. 138-9) que a Confraría de San Miguel existía en 1557, pero podemos supor sen moito risco que existía xa antes, mesmo moito antes con algunha outra forma diferente.

8. O carácter especial do sitio pódese reflectir na toponimia; é incluso posible que esta recolla termos prerromanos significativos.

Este punto quedou suficientemente explicado no capítulo dedicado ao topónimo do Breamo neste mesmo traballo.

9. Igualmente, pode existir unha tradición popular ou folclore no que se reflecta o carácter da zona ou, incluso, se xustifique e lexítame este no plano mitolóxico.

Hai varios elementos de folclore relativos ao monte e o santuario que merecen ser tratados con detalle. A lenda da Furna do Tumbou xa foi explicada dentro do sistema simbólico da Montaña Sagrada como *Axis Mundi* (nexo de unión entre ceo, terra e inferno), esta función simbólica reforzase coa idea céltica das augas en xeral, e do mar en particular, como camiño ao Alén xa que o túnel conectaría a capela co mar. Por outra parte, a suposta existencia dun pozo profundo no cruceiro (*centrum*) da igrexa testemuñado polo sacerdostio da de San Pedro de Vilar, ben pode enlazar coa lenda mencionada pero tamén con outra moi común en numerosos lugares de Galicia: a dos pozos peagos, que comunican cun único mar subterráneo de auga doce, así mesmo tamén portas do inferno<sup>139</sup>. Ademais, de confirmarse arqueoloxicamente a súa existencia, podería tratarse de pozos sacrificiais ou pías de ofrendas de santuarios como o de Panoias ou o de Pena Escrita.

10. Presenza dun santuario ou ermida cunha tradición especial de prestixio supra-local, xeralmente unido á celebración de festividades importantes, que implican desprazamento de xente e procesións ou peregrinacións.

Este é o aspecto máis sobranceiro do Breamo, é o que todo o mundo coñece e que invariavelmente aparece consignado en toda canta guía turística ou histórico-artística de Pontedeume se poida consultar.



Romaría de San Miguel nos anos 20 do s. XX

139. BRAÑAS ABAD, R.: *op cit* p. 94.

García Quintela non é o único historiador que propón unha serie de caracteres definidores que sirvan para identificar na actualidade os santuarios precristiáns. Blanca García Fernández-Albalat<sup>140</sup> fai a súa proposta das *características orográficas e mitolóxicas dos santuarios célticos* con sete caracteres dos que soamente hai dous que non están incluídos no decálogo de García Quintela.

O primeiro deles é o que supón para o *oenach* unha paisaxe tida por chá, se ben tratándose dunha chaira expresada en termos mitolóxicos, é dicir, a chaira como imaxe da superficie do mar. Tanto mar como chaira son camiños ao Alén nas mitoloxías célticas de referencia para esta autora. Esta cualidade semella se contradicir coa evidencia orográfica do Breamo, porén xa vimos supra como este paradoxo non é tan estraño ao comentar o epíteto do deus *Reve Larauco* como vencellado a un monte (Larouco) cuxo significado é precisamente chaira. Ao respecto deste teónimo Brañas Abad sinala: *A cualificación cha dos espazos xeográficos non responde a unha descripción topográfica senón a unha propiedade mítica, é dicir, á localización dun espazo sagrado ou lugar de encontro co Alén*<sup>141</sup>. Na aba norte do monte hai un topónimo que fai referencia, curiosamente, a un lugar chan sen selo, trátase do lugar da Fonte da Quintiá<sup>142</sup>. Unha Quintiá, Quintá, Quintana, do latín *quintana(m)* “mercado”, é un terreo chairo que rodea a igrexa e que antigamente se empregaba como cementerio<sup>143</sup>. Ademais, a presenza do mar no Breamo non é máis evidente porque os eucaliptos que asedian o lugar non permiten ve-lo, pero estas árbores seguro que daquela non estaban.

O segundo dos caracteres parte do suposto de que os santuarios célticos sw fundan na conmemoración da morte dalgún antepasado, mítico ou real, polo que será frecuente atopar na actualidade un *marcado compoñente funerario ou de culto aos mortos*. Malia non existir na actualidade culto a santos mártires, sartegos ou “barcas” de pedra como noutrous santuarios, no de Breamo xa quedou indicado o seu carácter funerario pola súa situación fronteiriza entre o mundo dos



O que queda da Fonte da Quintiá

140. GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B.: *op cit* p. 40 ss.

141. BRAÑAS ABAD, R.: *op cit* p. 88.

142. Existe unha lenda sobre a Fonte de Quintiá recollida en PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *Un mar de lendas*. A Coruña, 2009, p. 65. Tamén hai un conto de bruxas relacionado coa Fonte, aparece asinado por Xán do Souto e recollido en PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés (Festas anuais)*. Pontedeume 1994, p. 129.

143. v. *Dicionario Xerais da Lingua*, voces “quintá” e “quintana”. O cementerio municipal que hai nas proximidades da Fonte de Quintiá é, evidentemente, moderno.

mortos e o dos vivos, evidenciado na representación iconográfica do actual santo patrón da igrexa, San Miguel, pesando na súa balanza as almas dos mortos xustos e pecadores.

Tras esta revisión da topografía cualitativa do Breamo á luz dos más recentes estudos ao respecto dos santuarios da Idade do Ferro, ben podemos concluír que se atopa entre eles. Pero ainda podemos achar máis datos que reforcen esta afirmación se analizamos os elementos relixiosos actuais e de folclore que chegaron até nós á luz das posíbeis circunstancias que rodearon o seu cristianamento.

## 4. O SANTUARIO “CRISTIANADO”

### 4.1 A ROMANIZACIÓN

Todos os caracteres descritos no apartado anterior fan referencia aos prucios, do pobo dos ártabros ou arrotrebas, e mais a outros semellantes que habitaron o noroeste peninsular durante a Idade do Ferro. Pero este período da Prehistoria dá paso á primeira etapa da Historia: a Idade Antiga; ese paso ocasionará moitos cambios que culminarán coa cristianización do santuario do Breamo.

O carácter diferenciador da Historia como período reside na existencia de documentos escritos que sirvan para construir a narración do pasado. Así a todo, na nosa comarca persiste esa frustrante carencia documental que caracterizaba o período anterior e que haberá de ser suplida procurando datos da Historia Xeral de Galicia que poidan ser assumidos dunha forma coherente para o caso que nos ocupa.

A incorporación da Gallaecia ao Imperio Romano culmínase no contexto das Guerras Cántabras (29-19 a.C.), durante o principado de Octavio Augusto, concluíndo a ocupación toda da Hispania. Esta guerra definitiva veu precedida dunha serie de incursións iniciadas no 139 a.C. por Quinto Servilio Cepión e destacando a de Julio César (61-60 a.C.), malia non tratarse dunha operación de conquista a gran escala senón dunha expedición de saqueo cunha finalidade exclusivamente económica: César precisaba financiamento para a súa promoción política persoal en Roma. Así a todo, con esta expedición ao Gran Porto do Ártabros iniciarase un novo sistema de relacións comerciais con ese pobo que até entón monopolizaban os mercadores púnicos procedentes de Gadis.

Iníciase agora un novo período de paz e prosperidade coñecido como a Romanización, no que o Imperio deixará a súa impronta civilizatoria en todo o territorio, se ben con diferentes graos de influencia sobre o substrato indíxena. Os núcleos urbanos, residencia das administracións políticas e relixiosas e os campamentos militares serán os más importantes polos de romanización, por outro lado a sociedade castrexoa, eminentemente rural, continuará a manter unha inercia de tradicións procedentes da Idade do Ferro, a súa incorporación aos esquemas culturais de Roma será máis lenta e irá chegando a través das súas tradicionais clases dirixentes (*os princeps*) cos que a nova estrutura de poder pactará para explotar sen problemas os principais activos económicos da rexión: os recursos

mineiros (ouro, estaño e ferro) e os humanos (recrutas para as unidades de apoio das lexións).

O sistema relixioso romano, politeísta e relativamente tolerante, carente de calquera carácter dogmático ou proselitista, permitiu o culto tradicional indíxena e os santuarios mantiveron a súa actividade, como o mencionado do monte Facho de Donón en Cangas ou os santuarios abertos da Bracarense como Cabeço das Fraguas (Guarda), con inscricóns en lingua indíxena e alfabeto latino. Non obstante, nos polos de romanización citados, e por parte das elites indíxenas más romanizadas, desenvolverase amplamente a devoción ao panteón clásico e o culto imperial. Co paso do tempo iranse estendendo os costumes novos, sobradamente nos ritos funerarios (popularízase a inhumación) e nos ritos cultuais co uso das aras votivas pétreas con epigrafía latina nas que se pode percibir a denominada *interpretatio* das divindades indíxenas nalgúns casos cos nomes das clásicas.

O entorno do Gran Porto dos Ártabros ou Gran Porto dos Gallaicos Lucenses e a súa capital *Brigantium* (A Coruña) resultou ser un importante foco de espallamento da romanización. As mercadorías e as novas ideas chegaban alí por mar procedentes do mundo mediterráneo, e distribuíanse aproveitando as vellas rotas comerciais do Mar Ártabro e as non menos antigas de cara ao interior até a capital do conventus, *Lucus Augusti*, da que era a conexión marítima.

A ocupación romana da comarca que preside o monte Breamo deixou pegadas varias, sobradamente na coñecida como Vila de Centroña, no lugar do Cerrulo e parroquia de Santa María de Centroña ao mesmo pé do monte. Responde a un novo modelo de ocupación do territorio, as *villae*, que se estenderon por Galicia no século III da nosa era. Trátase de poboamentos de escravos e colonos en torno a unha gran casa principal de propietarios latifundistas que, no caso das costeiras como esta (e tamén as de Noville e Caldoval en Mugardos) tiñan unha importante actividade económica manufacturadora de produtos do mar (o prezado *garum*).

As dependencias e anexos da Vila estendíanse até Sopazos, xa na desembocadura do Eume, e é máis que probábel que unha pasaxe do río por esta parte rematara dando



Cuadrifaz de Esteiro,  
Vilar, Pontedeume



A Vila romana de Centroña

lugar á primeira ponte e, máis adiante na Idade Media, ao lugar e vila de Pontedeume. Temos tamén constancia de soterramentos de época tardo-antiga no castro da Ínsua non moi lonxe de Centroña pero cara á parte de Boibre, relacionados con fragmentos de *sigillata*.

Outros achados da época, pero algo más lonxe, son o tesouriño de moedas de Algara (Perbes, Miño) datadas entre os anos 215 e 268 d. C., a Estela funeraria de Grandal (Vilar-maior), o chamado Hermes Cuadrifaz de Esteiro (Vilar, Pontedeume) ou a Ara epigráfica de Xestoso (Monfero), testemuñan unha intensa actividade humana na contorna en época romana.

A falta de datos arqueolóxicos do castro de Castrelo, debemos sospeitar que por esta época deixaría de ser a capital do territorio dos prucios e que estaría en fase de abandono, trasladándose os seus habitantes ás terras baixas da *villae* e os seus anexos e formándose os novos pequenos núcleos de Castrelo de Sambollo ao norte e sur do castro respectivamente. O mantemento do vencello coa antiga poboación por parte destes habitantes explicaría a actual situación fronteiriza do castro comentada máis arriba. Ademais, estes dous lugares formarían parte no seu momento do couto do Priorado de San Miguel de Breamo.

#### 4.2 CRISTIANAMENTO DO SANTUARIO

A actividade no santuario de Breamo na época de máxima romanización debeu de ir esmorecendo na medida que un novo culto de tipo misterico e orixe oriental se foi asentando pola rexión. Cultos como o de Mitra ou Serapis están testemuñados en varios lugares da Gallaecia, pero será a seita xudía dos cristiáns, esta si dogmática e proselitista, a que triunfe en todo o Imperio. Irá penetrando no territorio galego dende principios do século III traído por soldados dos destacamentos de servizo na Gallaecia, escravos e comerciantes. O cristianismo irá ascendendo na escala social romana provincial e no ano 254 xa hai documentados bispos en *Asturica Augusta* (Astorga) e en *Legio* (León), dentro da provincia.

En principio o cristianismo é un fenómeno esencialmente urbano e polo tanto penetrará antes nas zonas más romanizadas, pero axiña irase estendendo ás amplas zonas rurais. A esixencia dunha forma de vida acorde cun novo código relixioso e moral para unha sociedade fondamente ancorada en vellas tradicións é algo que precisa máis tempo que para un só individuo, isto é o que para Núñez García explicaría moitas das perduracións precristiás na sociedade rural galaico-romana<sup>144</sup>. Este mesmo autor considera entre os factores xerais de éxito da nova crenza a conversión de sacerdotes pagáns ao cris-

144. NÚÑEZ GARCÍA, O.: *Un novo deus para os galacicos. A cristianización de Gallaecia*. Compostela, 2012, p. 14.



tianismo, fenómeno que seguiría o mesmo camiño de espallamento do mundo urbano ao rural<sup>145</sup>.

O século III é unha época de crise xeral do Imperio, e ese será un verdadeiro factor de éxito na propagación xeral do cristianismo no orbe romano pero tamén de persecución por parte da autoridade aos cultos que se resistían a ofrecer sacrificios ao emperador.

O século IV traerá grandes transformacións. Comezando este áinda coa vixencia do Edicto de Diocleciano que xustificara as persecucións do precedente, no ano 311 o Edicto de Galerio dispón tolerancia cara ao credo cristián e no ano 313 Constantino promulga o Edicto de Milán abolindo o culto imperial e establecendo un marco xurídico común para todas as Igrexas que certificará o ascenso social e político do cristianismo que culminará co Edicto de Teodosio no 380 que o consagrará como única relixión do Estado romano. Nos primeiros anos deste século, o Concilio de Ilíberis (Elvira, Granada) inicia unha tendencia que identificará as clases urbanas coa ortodoxia e o rústico coas reminiscencias pagás (de *pagus*, aldea, comarca). As conversións sucedense en masa e resulta pouco útil manterse nas vellas crenzas, que ademais difunden formas alternativas e novadoras de práctica relixiosa como a ascese, o monacato e a reflexión teolóxica. Esta reflexión fará xurdir discrepancias e con elas a figura do herexe como inimigo. En torno ao ano 399 o vigairo da Hispania, Macrobio, aplicouse á *destrucción de todos os templos con tanto celo que os seus seguidores, para non deixaren rastros da idolatría quixerón*

145. *Ibid*, p. 24.

*tamén botar por terra os edificios públicos que tiñan para adorno algunhas imaxes dos falsos deuses, o cal non permitiu o Emperador<sup>146</sup>.*

Ao longo do século III, e definitivamente no IV, van desaparecendo aqueles usos relixiosos xurdidos coa romanización, como as aras epigráficas, e cambian de novo os costumes funerarios cun novo modelo de soterramento con orientación leste-oeste carente de enxoaval (como o aparecido na necrópole da Ínsua, Boebre). Pero *non sempre sucede que uns cambios na expresión relixiosa supoñen necesariamente transformacións no sistema de crenzas*<sup>147</sup>. A perduración de antigos cultos foi unha realidade, testemuñada a



Soterramento paleo-cristián en A Ínsua, Boebre

finais do século IV por referencias a sacrificios e costumes da relixiosidade pagá, malia seren reminiscencias fundamentadas na tradición e nun contexto de supremacía cristiá, como o calendario festivo de fonda raizame pagá e que aínda hoxe se mantén con apariencias cristiás. Así, un sistema simbólico tan fondamente radicado no inconsciente colectivo como o da Montaña Sagrada xunto coas hierofanías que no lugar se manifestan convive na sociedade coa introdución de novas ortodoxias e novos modos relixiosos.

146. DE FERRERAS, J.: *Synopsis historia chronologica de España*. Madrid 1775, p. 356.

147. *Ibid*, p. 37.

Sobre estas comunidades cristiás primitivas de tipo ascético Couceiro Freijomil<sup>148</sup> deixa entrever a posibilidade de que os seguidores de Prisciliano ocuparan o santuario de Breamo nalgún momento. Non se pode afirmar de forma apodíctica a presenza de priscilianistas no Breamo como tampouco se pode negar, mesmo cunha intervención arqueolóxica sería praticamente imposíbel confirmar ou rexeitar tal posibilidade. A traectoria vital do heresiárca Prisciliano, os seus prosélitos e a difusión da súa interpretación do cristianismo con especial intensidade polo territorio da tardo-antiga Gallaecia faino propenso á mistificación, porén hai algúns datos do priscilianismo que dan credibilidade á presenza dos seus partidarios en lugares como o Breamo.

Prisciliano<sup>149</sup> foi un personaxe moi influínte e controvertido<sup>150</sup> no cristianismo galaico entre finais do século IV e finais do VI. De posibel, áinda que non probada, orixe galaica, funda a súa primeira comunidade de carácter rigorista aló polo 370 nos arredores de Burdigala (Burdos). Cara ao 379 retorna e adícase a predicar pola Gallaecia acadando as súas prédicas un rápido éxito, sobradamente entre as mulleres e as clases campesiñas e populares. Rexeitaba a unión entre Igrexa e Estado e denunciaba a corrupción e o enriquecemento das xerarquías eclesiásticas, propuña unha relixiosidade rigorista e ascética de certo talante independente da doutrina oficial (cregos descalzos que deixaban medrar o cabelo), o seu carácter supererogatorio sería precursor do ascetismo medieval. Nomeaba mestres ou doutores a laicos (o propio Prisciliano era laico e chegou a ocupar a sé episcopal de Ávila) e admitía a participación de mulleres e escravos nas reunións de lectura das escrituras, entre as que incluíán apócrifos do Antigo Testamento, onde facía interpretacións alegóricas dos textos sagrados. Os priscilianistas adoitaban sreunirse, ás veces polas noites, en lugares recónditos afastados das poboacións como bosques e covas e nas súas liturxias incluíán o baile como parte importante, substituían o pan e o viño do rito oficial da consagración por leite e uvas recibindo estas especies sen as consumir no acto, facían xaxún dominical e practicaban a ausencia das igrexas durante a cuaresma. A ortodoxia oficial reaccionará con hostilidade convocando no ano 380 o I Concilio de

148. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *op cit*, p. 23.

149. Sobre Prisciliano hai profusa bibliografía, foi consultada, entre outras, BLÁZQUEZ MARTÍNEZ, J. M.: *Prisciliano, introducción del ascetismo en Gallaecia*. Compostela 1981; FERNÁNDEZ CONDE, F.J.: *Prisciliano y el priscilianismo. Historiografía y realidad*. Bilbo 2004; DÍAZ Y DÍAZ, M.C.: *Orígenes cristianos de Lugo*, Lugo 1977.

150. As valoracións da figura de Prisciliano oscilan entre a súa consideración como continuador dunha esencia reflexo da alma céltica de Galicia (Murguía, Otero Pedrayo, Castelao) até os que non concede demasiada importancia ao priscilianismo nos séculos de asentamento e institucionalización do cristianismo na Gallaecia, como Núñez García que opina que non existiu como movemento organizado, nin sequera en forma de grupos más ou menos clandestinos. (*op cit*, p. 45). Porén, as constantes alusións a Prisciliano e os seus seguidores en canons de concilios e escritos de importantes teólogos da época confirman a capacidade de influencia do personaxe.



Prisciliano segundo un gravado do s. XIX

Caesaraugusta (Zaragoza) co fin de condenar por heréticas as prácticas priscilianistas. Este concilio significa o inicio dun duro conflito entre as dúas tendencias relixiosas que culminará coa excomuñón dos declarados herexes e a execución de Prisciliano e os seus principais seguidores na cidade de Treveris, na Galia, por orde do emperador usurpador Magno Clemente Máximo no ano 385 acusados de bruxería (*maleficium*), acadando o dubidoso mérito de seren os primeiros axustizados por herexía por unha autoridade civil a instancias dos bispos católicos. Pero o certo é que Prisciliano, que se pode considerar introdutor do ascetismo en Galicia, nunca chegou a crear un movemento monástico organizado en comunidades e suxeito a unha regra, como os de Oriente e tampouco afastou os seus seguidores dos sacramentos da Igrexa<sup>151</sup>, defendendo sempre a súa posición dentro da mesma.

Para Monteagudo<sup>152</sup> a relixiosidade galaica de tempos de Prisciliano continuaba a estar polarizada polos *outeiros* (ver supra), tanto por seren lugares sagrados de fonda tradición como por seren lugares idóneos para o ocultamento en tempos de persecución ante o *absolutista e intransixente da Igrexa oficial*. Cita o canon II do concilio de Caesaraugusta que insta que ningúén na cuaresma falte á igrexa, nin se agoche no máis afastado da súa casa ou dos montes, e o canon IV que engade que non anden descalzos, o que este historiador interpreta como posíbel rito de contacto coa Nai Terra. Certamente, esta filosofía encaixaría á perfección con colectivos tradicionalmente marxinados pola Igrexa oficial ou mesmo oprimidos por ela: as clases populares do extenso rural que mantíñan vivas moitas inercias tradicionais procedentes do aínda recente pasado pagán. Así, un *centrum* de potente poder de cohesión social, no que *de sempre* houbo manifestacións do sagrado e ao que *de sempre* se acudiu na procura de contactos coas potencias sobrenaturais, como era entón (e ségueo a ser hoxe) o Breamo, necesariamente tería que ser un polo de atracción para priscilianistas e outras heterodoxias cristiás (orixenistas, maniqueos...) tanto como para individuos ou colectivos conservadores das tradicións pagás.

#### 4.3 SAN MARTIÑO E SAN GREGORIO

O século V vai ser unha época de grande inestabilidade política e inseguridade social. No 409 suevos, vándalos e alanos cruzan os Pireneos; durante tres anos estes pobos vagan pola Península toda depredando e saqueando. A autoridade imperial, impotente, logra chegar a un acordo de pacificación a cambio de territorio (*foedus*). Os territorios hispanos, agás os da Tarraconense, son sorteados entre estes pobos xermánicos, correspondéndolle a Gallaecia aos suevos e mais aos vándalos asdingos, estes últimos ocuparían os territorios meseteiros da provincia. Os suevos asséntanse preferentemente no Convento Xurídico Bracarense, quedando o resto do territorio para incursións depredatorias. Contra o 420 os vándalos asdingos abandonan a Gallaecia e os suevos afirman a súa hexemonía deixando o marco do *hospitium* romano para fundar un reino suevo encabezado por Hermerico: o primeiro estado da historia da Europa occidental.

151. BLÁZQUEZ MARTÍNEZ, J.M.: *op cit* p 8.

152. MONTEAGUDO, L.: *op cit.* p 100.

Estes anos de ausencia de poder político efectivo, de violencia e inseguridade, de asentamento dunhas novas elites novamente pagás cun poderío baseado na forza militar, favorecerán a expansión de heterodoxias como o priscilianismo e mesmo un certo retroceso no proceso de cristianización do rural no que respecta ao retorno a algunas das tradicións pagás de difícil control por parte das autoridades eclesiásticas asentadas nos núcleos urbanos e máis preocupadas por manter as súas vidas e facendas ante os saqueos suevos. Paulo Orosio, teólogo galaico, parte de Brácara no 414 fu-xindo dos bárbaros e no exilio contacta con Agostino de Hipona e Xerome de Estridón, pais e doutores da Igrexa, e redactará dúas importantes obras de denuncia da herexía e o paganismo: o *Commonitorium*, informe sobre as desviacións dogmáticas do priscilianismo e o orixenismo, e *Historiarum adversus paganos Libri VII*, no que contrasta os numerosos desastres dos tempos pagáns en comparación cos novos iluminados polo cristianismo. Ambas obras testemuñan o preocupante da situación percibida polas más altas xerarquías eclesiásticas.

A situación comeza a estabilizarse cando falece o rei suevo Rechila no ano 448, o seu fillo e sucesor Rechiario convértese ao catolicismo. Este feito pódese interpretar como unha proba de intención integradora cultural e relixiosa entre suevos e galaico-romanos ou como un intento de identificación lexitimadora da monarquía sueva como continuadora do poder romano.

Así a todo a estabilidade non chega: os visigodos, actuando como comisionados do moribundo poder imperial, emprenden accións de castigo contra as rapinas que suevos e galaico-romanos realizaban pola tarraconense. En 456 Rechiario é derrotado polo rei visigodo Teodorico II na batalla do río Órbigo; esta derrota supón unha fase de atonía ou mesmo submisión do reino suevo ante o cada vez más poderoso visigodo que incluirá a conversión daqueles ao arianismo no 466.

Con respecto á presenza sueva nos territorios de Pruzos, Couceiro Freijomil, citando como referencia a Murguía afirma que os territorios entre ambas Mariñas foron *los lugares que más padecieron en Galicia en los primeros tiempos de la dominación sueva*. Engadindo, sen un fundamento moi sólido, *que el rey Maldras, con su esposa Ilderica, fijó la residencia en Betanzos, mientras dejaba a su primer ministro Ayulfo en Orense, donde radicaba la capital de la monarquía; que el mismo Betanzos fue asaltado y destruido por el conde Frumar o Frumario, quien disputaba la corona a Maldras; que Carriarico emprendió un ataque contra los anacoretas que habitaban en la cumbre del Breamo...*<sup>153</sup>. Couceiro dá por sentado que no cume do Breamo habitaban anacoretas, como



153 COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *op cit.*, p. 21.

tamén o dá a entender Ángel del Castillo: *No pudo encontrar el ascetismo medioeval, punto mejor para el emplazamiento de su mística morada*<sup>154</sup>.

O modelo ascético e o monacato primitivo formalmente lembra as confrarías relixiosas célticas, polo menos no seu ideal corporativo de confraternidade e na súa preferencia polos lugares illados como cumios, illas da beiramar, covas ou penedos recónditos. Así xurdirán pola Gallaecia toda pequenas igrexas e eremitorios en lugares que antano recibiran culto pagán como Padrón, Fisterra, Pico Sacro, Monte Medo, Teixido, Pastoriza, Chamorro, e un longo etcétera. Nesta quenda podemos incluir a primeira comunidade relixiosa cristiá do Breamo, pero tamén a de Boebre e seguramente a de Caaveiro. En moitos destes lugares mantéñense áinda hoxe multitud de usos relixiosos procedentes daquel antigo mundo pagán fosilizados en forma de tradicións populares que no seu día foron duramente combatidas pola Igrexa oficial e que a día de hoxe son toleradas como inocentes expresións de relixiosidade popular xa que, se hai algo que caracterice o sistema relixioso cristián é que, malia a súa estrutural intolerancia (considérase a si mesmo como única relixión verdadeira), goza dunha extraordinaria plasticidade que lle permite rexeitar de maneira furibunda o politeísmo grego-romano ao tempo que crea un sistema haxiolóxico que outorga patrocínios especializados a cadanxeus santos ou virxes ou condenar sen ambaxes as tradicións pagás ao tempo que asume conspicuos códigos iconográficos procedentes do helenismo e inviste de carácter cristián aos seus santuarios e centros de culto en montes, pedras, fontes, etc.

Esta suposta ocupación do santuario do Breamo por anacoretas, priscilianistas ou non, sería a primeira comunidade relixiosa cristiá en habitar un lugar que supoñemos<sup>155</sup> áinda mantiña unha forte impronta pagá. Serían pequenos grupos de homes e mulleres adicados á vida contemplativa, austera e retirada na soildade deshabitada dun cumio no que podían percibir mellor a proximidade con Deus<sup>156</sup>. A proliferación de ascetas xa fora tida en conta no concilio de Caesaraugusta de 380 espertando receos na xerarquía polo que consideraban excesos rigoristas, xa que os seus modos de vida poñían en evidencia a secularización dos clérigos e a súa relaxación no cumplimento dos preceptos relixiosos, á vez que representaban a posibilidade de difusión de comportamentos e dogmas desviados da ortodoxia oficial<sup>157</sup>. Isto fará aumentar o control episcopal sobre os ascetas até acabar imponiendo un monacato regulado<sup>158</sup> no que desenvolverá un importante papel Martiño Dumicense.

154. DEL CASTILLO, A.: *El priorato de San Miguel de Breamo. Un monumento importante.* “BREAMO Semanario independiente”, nº 23 Pontedeume, 1º de Noviembre de 1914.

155. O concilio de Elvira xa facía referencia a virxes consagradas a Deus así como no saqueo de Brácara polos visigodos no 455. NÚÑEZ GARCÍA, *op cit*, p 75-6.

156. O fenómeno do eremitismo en Galicia é recoñecido por todos os historiadores malia existir un importante baleiro documental até o século VII con dous testemuños no Bierzo e, xa no X, en Caaveiro: In nomine anac/orretas in his rivis manus meis roboravi. FREIRE CAMANIEL, J.: *El monacato gallego en la alta Edad Media* (Tomo I). A Coruña 1998, p. 196.

157. NÚÑEZ GARCÍA, *op cit* p 74.

158 Baixo que rega se fundan os primeiros mosteiros é un enigma até a chegada da Regra Beneditina a mediados do século XI. FREIRE CAMANIEL, J.: *op cit*, p 87 ss.



San Martiño no Códice Albeldensis,  
s. X

Martiño<sup>159</sup>, clérigo panonio tamén coñecido como San Martiño de Braga ou de Dumio (Panonia \*510, Brácara \*580), chega á Gallaecia en torno a 550 procedente das Galias e de pasar un tempo en Terra Santa en contacto co movemento monástico das montañas de Palestina. Descoñécense as verdadeiras razóns que trouxeron a Martiño ao reino suevo, pero ben podería ser unha motivación evanxelizadora: a conversión ao arrianismo da clase dirixente sueva e a proliferación de diversas herexías, xunto co mantemento de moitos ritos e costumes pagáns, facían o territorio atractivo para labores apostólicos. Aséntase na mesma capital do reino, Brácara Augusta (Braga), na que exerce de presbítero e de monxe. Nalgún momento da primeira metade do século VI ten lugar o abandono do

arianismo por parte dos suevos e a segunda, e definitiva, conversión ao catolicismo atribuída á influencia de Martiño. Pouco despois Martiño funda o mosteiro de Dumio preto da capital que axiña se converte nun importante foco de difusión cultural e doutrinal e será unha das dúas sés episcopais da Gallaecia de carácter monacal xunto á de Britonia<sup>160</sup>, encabezada polo propio Martiño. En 561 presidirá o I concilio de Brácara que condenará explicitamente o priscilianismo. Restaurador e reorganizador da igrexa sueva, dos seus tempos é o *Parrochiale Suevum*, *Parrochiale Suevorum* ou *Divisio Theodomiri*, mencionado noutro capítulo deste traballo.

Para a segunda metade do século VI (572, II concilio de Brácara) o priscilianismo representa xa un problema do pasado para a xerarquía, agora xogará un papel de arma ideolóxica para desacreditar o rival ou para definir algo condenábel pero inespecífico, onde non se diferenciará do conxunto de usos relixiosos de orixe pagá que pervivían no rural galaico e que preocupaban enormemente aos bispos. Constátase que xa non hai problemas de unidade de fe no reino pero, así a todo, amósanse cautelosos con certas prácticas ascéticas que lembran o rigorismo priscilianista. O inimigo a bater por Martiño serán agora as prácticas consideradas pagás<sup>161</sup>, ben por un rexurdir destas ao abeiro da inestabilidade política, ben porque xamais foran de todo erradicadas.

159. NÚÑEZ GARCÍA, *op cit*, p. 82 ss.

160. A sé de Britonia, ao norte das actuais provincias da Coruña e Lugo, foi fundada polo monxe Maeloc, líder unha importante colonia de refuxiados procedentes da Britania a finais do século V que chegaron fuxindo das invasións saxonas. Esta sé non tiña un carácter territorial senón étnico.

161. *A Igresa, a partir do Concilio de Braga e polos escritos de San Martiño Dumicense, preocupouse de cristianizar os antigos lugares que ainda no século VI d. C. recibian estos cultos. Numerosos ermitaños consagráronse entón a fundaren pequenos cenobios en illas costeiras, en foces de ríos, en carballeiras; centros dunha liturxia panteísta que a nova relixión traxiu nas súas parroquias e que, misticificados, perduraran.* FELIPE-SENÉN LÓPEZ: *A Prehistoria e a Edade Antiga*, p. 39 en VVAA: *Historia de Galicia*. Santiago 1979.

Froito das preocupación reflectidas do II concilio de Brácara é un dos máis coñecidos textos conservados de Martiño Dumiense: *De correctione rusticorum*<sup>162</sup>. Trátase dun documento realizado por encargo de Polemio de Astúrica que precisaba dun modelo de sermón que fixera recomendacións ao pobo para distancialo dos costumes pagáns: *disme que te escriba algo, ainda que sexa a modo de síntese, sobre a orixe dos ídolos e dos seus crimes, para a instrución dos rústicos, que retidos ainda pola antiga superstición dos pagáns, dan un culto de veneración máis aos demos que a Deus.* Este modelo foi un verdadeiro argumentario para predicadores e reflicte con moita claridade a visión da xerarquía católica diante do que consideraban nestes momentos un importante problema. Destaca a utilización de Satanás como suplantador de Deus e paradigma de toda a ignominia pagá:

*Entón o diabo, ou os seus ministros os demos, que foron arroxados do ceo, vendo os homes que por ignorancia desprezaban o seu Creador, empezaron a servilo por medio das criaturas. E empezaron a manifestarse en diversas figuras, a falar con eles e a pedirllles que lles ofrecesen sacrificios nos montes altos e nos bosques frondosos para lles honrar como a Deus, poñéndolles os nomes de homes malfeidores, que levaran unha vida de toda clase de crimes e maldades*<sup>163</sup>.

Os nomes destes demos eran, segundo Martiño, Neptunio, as Ninfas, as Lamias, Marte, Iúpiter, Venus, etc. e mesmo os homes, na súa ambigüidade, adicábanlle determinados días da semana<sup>164</sup>. Desta maneira o Dumiense, habilmente, non negaba a existencia daqueles numes, antes ben, afirmaba a súa existencia a través da do demo e das súas múltiples facianas tras as que se agochaba, substituíndo a identidade *falsa* duns deuses que de sempre foran benfeiteiros pola *verdadeira* do ser maléfico por antonomasia dos sistemas relixiosos xudeu-cristiáns e subliñando as nefastas consecuencias de caer nas súas malignas tentacións. Por outro lado está recoñecendo que nos montes altos (ver supra, “O orónimo *Breamo*”) se están ofrecendo sacrificios a eses que el identifica como diabos, co que podemos afirmar a permanencia de uso ritual pagán en santuarios pre-cristiáns como o de Breamo a finais do século VI.

Pregúntalle retoricamente Martiño ao seu imaxinario auditorio: *e como é que algún de vós, que renunciastes ao diaño, e aos seus anxos, aos seus cultos, e a súas malas obras, agora volvedes de novo aos cultos do diaño? Porque acender velas xunto as pedras e as árbores e nas fontes e nas encrucilladas, que outra cousa non é senón culto ao diaño?* Estes e outros costumes que menciona Martiño no seu documento tiñan evidente orixe pagá e moitos deles conserváronse por séculos a pesar das arelas e esforzos de

162. As citas que reproducimos deste documento son da versión de GIL, F. e CORLETO, R. en *Documentos para el estudio de la Historia de la Iglesia Medieval*. Buenos Aires 2003. Tradución ao galego do autor.

163. *De correctione rusticorum*. 7.

164. Esta parte da loita de Martiño contra o paganismo triunfou na bracarense, mais non no resto da Gallaecia na que a día de hoxe mantemos a denominación pagá para os días da semana: luns-Lúa, martes-Marte, mércores-Mercurio... Como tampouco tivo moito éxito na súa negación do principio do ano nas calendas de xaneiro (mes adicado a Xano).



San Gregorio Magno

predicadores continuadores do Dumiense e até chegaron aos nosos tempos no mesmo Breamo<sup>165</sup>.

Tamén de finais do século VI é o documento que o papa Gregorio o Grande (San Gregorio Magno 540-604, papa dende 590 e un dos catro Pais da Igrexa) envía ao abade Melitón con consellos para os misioneiros das illas británicas co fin de cristianizar os templos pagáns e promover festas (cristiás) ao seu carón:

*Que non destruisen os templos dos ídolos, senón os ídolos que había neles e que regasen os templos con auga bendita. Que levantasen altares e que neles*

*puxesen reliquias, xa que se ditos templos estaban ben construídos, era necesario que o culto ós demoños se transformase en culto ao verdadeiro Deus; pois se o pobo non vía os seus templos destruídos, podía reconecer de bo grado o seu erro e dedicalos á veneración do verdadeiro Deus. E xa que adoitaban sacrificar moitos bois ós demoños, algunha festividáde se debería celebrar no canto dese rito: como a dedicada a algún santo mártir no día do seu nacemento -as reliquias deste deberíanse depositar ali-. Que se fixesen uns alboios con ramas nos arredores das igrexas que antes eran templos pagáns; e que se celebrase unha festa con oficios relixiosos e non se sacrificasen xa máis animais ó demo, senón que os maten para comedelos e para gloria de Deus. E dean gracias a Deus por estas comidas, pois mentres se lles permitan algunas manifestacións externas de alegria poden ser persuadidos más facilmente para que acepten os goces do espírito. Pois non hai dubida de que é imposible cortar de raíz todos os errores das mentes obcecadas porque tamén o que se esforza por escalar unha montaña o fai paso a paso e tramo a tramo pero non a saltos<sup>166</sup>.*

Os textos de Martiño Dumiense e do papa Gregorio ilustran á perfección o fondo ideolóxico e a estratexia seguida pola Igrexa oficial para a evanxelización dos territorios atlánticos, actuando sobre os elementos residuais máis arraigados no sentir popular como son os ritos menores e os lugares sagrados tradicionais. Os ritos e sacrificios da tradición pagá son atacados por Martiño coa estratexia da inversión de valores, perfilando o retrato do inimigo relixioso que *cheva na súa aberración aos actos más inmundos e contrarios*

165. Círculos de velas darredor da capela. Testemuñado por membro da asociación Ardóbriga 16/03/13.

166. BEDA, *Historia Eclesiástica gentis Anglorum*, pág. 30. Transcripción de ALONSO ROMERO F., *As romarias en Galicia*. A Coruña, p. 391.

á decencia<sup>167</sup>, de maneira idéntica á que empregaran os romanos contra os cristiáns nos tempos das persecucións. Por outro lado o papa Gregorio, coñecido como hábil reformador político e administrativo do Vaticano e convertedor ao catolicismo da corte longobarda, dos visigodos e dos anglosaxóns, opta pola asimilación dos lugares sagrados ao novo credo e o mantemento de elementos rituais vinculados aos mesmos a través da ambivalencia dos actos festivos e a modificación do significado dos sacrificios de animais, co que os fregueses poderán manter as súas tradicións festivas sen incorrer en desviacións doutrinais.

Núñez García<sup>168</sup> sostén que a utilización para fins cristiáns de templos pagáns responde a un proceso impositivo á vez que sincrético, é dicir, unha reorientación da relixiosidade popular *a novos obxectivos mantendo elementos tradicionais que aos poucos irían desaparecendo*.

Este proceso impositivo irá acompañado necesariamente dunha dimensión destrutiva, que en moitos casos fará desaparecer toda pegada arqueolóxica. Segundo este mesmo autor, a memoria dos vellos deuses non se esquecerá facilmente nin sequera por parte dos catequizadores, agora pasarán a ser seres demoníacos. Aí é onde o sermón de Martiño exercerá o seu labor destrutivo, agrupando os numes pagáns dentro da categoría de demos e diaños, dándolles razón de ser a través das sagradas escrituras e non negando a súa existencia. O que inicia o de Dumio é un irreversible proceso de *damnatio memoriae* dos cultos precristiáns, unha condena ao esquecemento á maneira da que se aplicaba na antigüidade a personaxes públicos caídos en desgraza.

Non obstante, o éxito deste proceso destrutor do antigo sistema de crenzas vai ser relativo. A Igrexa oficial non foi quen de rematar con todas as tradicións de orixe precristiá e tivo que admitillas pola súa potente raizame na sociedade dando lugar ao concepto de relixiosidade popular de carácter transversal con respecto á relixiosidade oficial, consentido por esta con desagrado como fenómeno en certo modo *pintoresco* ou *naïf* pero totalmente alleo á ortodoxia. Isto explica a supervivencia en Breamo, como noutros santuarios semellantes, de ritos de orixe pagá de culto ao centro como a peregrinación ascensional ou a deambulación (3 ou 9 voltas), ritos de paso como o de pasar por debaixo do Santo, o rito de roer o cravo e outros ritos apotropaicos e profilácticos más complexos rexistrados relacionados co ferro<sup>169</sup> ou co lume. A análise de toda esta ritualidade daría para facer un outro traballo e por iso non nos imos deter na súa descripción pormenorizada.

Caro Baroja<sup>170</sup> interpretará a evolución histórica da relación entre cristianismo e paganismo cun ilustrativo esquema gráfico que reproducimos:

167. CARO BAROJA, J.: *Las brujas y su mundo*. Madrid, 1966-84, p 103.

168. NÚÑEZ GARCÍA, *op cit*, p. 109.

169. PÉREZ CASAL, J.: *Breamo y el Pauto*. “Revista Alfoz” nº 20, setembro-outubro 1992, p. 9-10. Describe o ritual para quitar o mal de ollo en Breamo, as nove voltas e roer o cravo.

170. CARO BAROJA, J.: *op cit*, p. 98.



Fig. A



Fig. B



Cando o primeiro loitaba por abrirse paso e converter á fe os pobos pagáns, fixoo dialogando e argumentando en favor das súas crenzas, marcando a diferenza entre crenzas rectas e crenzas tortas segundo a división vertical da figura A; cando o cristianismo se fixo hexemónico e as súas autoridades tiveron o poder ao seu servizo, a separación entre os dous sistemas pasou a ser horizontal, como na figura B, dividindo as crenzas en superiores e en inferiores. É o mesmo esquema conceptual que se reproduce no tema iconográfico de San Miguel derrotando o Maligno das imaxes que procesionan arredor da capela de Breamo nos días de conmemoración do seu santo patrón: *O mesmo mundo, dende o punto de vista moral, divídese noutras dúas partes claramente definidas e antagónicas, como o son os vicios e as virtudes: a parte constituída polos cristiáns que cultivan o Ben e as virtudes mesmas e a formada polos que cultivan o Mal e os vicios. Os servidores de Deus e os do Demo*<sup>171</sup>.

#### 4.4 SOBRE A FUNDACIÓN DA IGREXA DE BREAMO

En non poucos traballos de dubidoso fundamento afírmase como data de creación da igrexa de Breamo a de 1225 que aparece gravada no primeiro contraforte á esquerda da entrada oeste da mesma: E MCCXXV. Non obstante esa afirmación baséase nun dobre erro de interpretación. Por un lado é preciso converter a data, en *Era Hispánica*<sup>172</sup>, á *Era Cristiá* que empregamos na actualidade subtraéndolle 38 anos, co que deberá interpretarse como ano 1187. Por outro, a interpretación desta data para a fundación da primeira igrexa, cando debemos entender que tal data se refire á construcción do templo románico que contemplamos a día de hoxe, o que non exclúe a posibilidade dun templo anterior máis antigo. Tendo en conta todo canto dixemos até o de agora podemos formular dúas hipóteses, ambas de difícil demostración polo pertinaz déficit de datos documentais e/ou arqueolóxicos. A primeira, que algún outro templo existise con anterioridade a este desde

171. *Ibid.*

172. A *Era Hispánica* foi decretada polo emperador Octavio Augusto no 38 a. C. como conmemoración da pacificación dos territorios hispanos. Estimase o comezo do seu uso no s. III e foi xeneralizado polo sur da actual Francia e en toda a Península Ibérica até o s. XIV.



Data na fachada oeste (foto retocada polo autor)

os momentos da ocupación por eremitas e que enlazase co Priorado Real de cóengos de Santo Agostiño. A segunda, que non houbese continuidade na ocupación producíndose unha “re-paganización” do santuario.

Para sostener a primeira destas hipóteses teremos en conta que, no capítulo que adicamos ao cristianamento do santuario de Breamo, ofrecemos algunos datos en apoio das suposiciones de varios autores no senso da ocupación deste e doutros santuarios precris-tiános semellantes por parte de comunidades eremíticas, consideradas en xeral como xermolo do futuro sistema monacal medieval. Cabe pensar que foi neses momentos (en torno ao século IV) cando se funda a primeira igrexa cristiá, sen prexuízo de que se continuaran desenvolvendo, daquela e posteriormente, sacrificios, ritos e tradicións continuistas co sistema relixioso precedente. Sabemos que Martiño Dumiense foi un promotor da vida monástica regulada tendente ao control episcopal daquelas comunidades para conxurar riscos de desviacións herexes e/ou pagás. A Regra de Santo Agostiño, que é da que temos constancia documental no Breamo dende 1397<sup>173</sup>, é a más antiga de occidente e foi creada por Agostiño de Hipona entre os séculos IV e V. Como dixemos supra, sabemos tamén de contactos directos de relixiosos galaicos como Paulo Orosio co propio fundador da orde

173. DE CASTRO, C.: *En torno al Peal Priorato...* p. 120. Este autor, no mesmo traballo p. 122, apunta a unha data anterior ao s. XII para o asentamento dos cóengos de Santo Agostiño no mosteiro de Caaveiro.

no norte de África no ano 414. A falta de máis documentos, e coas debidas reservas, podemos pensar que a Regra de Santo Agostiño debeu ser observada no Breamo dende os comezos da regularización das primeiras comunidades relixiosas que o habitaron, sequera en principio como Pacto monástico e que en torno á segunda metade do século XII se refunda como o xa coñecido Priorado Real con cóengos da mesma Regra. Así a todo, cabería esperar que de ter existido tal igrexa anterior á actual deixara algunha pegada documental en algures, e non temos constancia de actividade monástica no Breamo anterior a 1169 (...et devenerunt in ad iudicium coram priorem Iohannes Ovezquiz de Breemo...<sup>174</sup>), como si a temos do desaparecido mosteiro de Boebre mencionado nun documento de 1064 (... in terra de Prucios, monasterio Sancti Iacobi de Bulebre...<sup>175</sup>). Este feito debilita moito esta primeira hipótese.

Para comprobar a veracidade da segunda das hipóteses debemos consultar a documentación que poida haber desa época. Os documentos más antigos que coñecemos<sup>176</sup> o máis vello é de 922 (...consta montis Bredamu...) e os seguintes de 1102 (...inter duos fluvio Eume et Doronia, sub monte Breamo), 1107 (...iacet ipsa villa in valle Centronia, nomem Ayon, iuxta monte Breemo, ripa mare Eume, discurrente ad ecclesia Sancti Christofori...), 1113 (...subtus monte Breamo, iuxta Campo Longo) e 1156 (subtus monte Breemo, concurrente ad acclesiam sancte Marie de Centronia), van no mesmo sentido: chama a atención que as referencias van dirixidas ao monte como accidente xeográfico, sen alusión ningunha a igrexa ou comunidade monástica situadas nel, como si fan con respecto á vila e igrexa de Centroña e mesmo a unha outra e descoñecida de San Cristovo. Temos documentos do monte de Breamo sen igrexa, pero non de igrexa no monte, e esta ausencia pode ser significativa. É costume na documentación monástica da época<sup>177</sup> que as *ecclesiae* teñan un valor de unidade organizadora do espazo. O feito de utilizaren o monte como referente válido para indicar lugares adxacentes (ver supra), e non unha suposta igrexa no mesmo, lévanos a considerar positivamente a segunda das hipóteses formuladas: que nestes momentos non había mosteiro nin igrexa. Así pois, as comunidades eremíticas que puideran ter habitado no Breamo non gozaron dunha continuidade que permita supor un enlace directo coa chegada dos cóengos de Santo Agostiño e, se aqueles tiveron algún tipo de templo, non foi máis que un oratorio sen a suficiente entidade como para transcender documentalmente. O que si podemos supor, sen riscos de equivocación, é que esta descontinuidade na habitación do antigo santuario favoreceu o seu uso en prácticas rituais non ortodoxas ou mesmo non cristiás, como mesmo até o día de hoxe se seguen a practicar. Pensando nas que chegaron até os nosos tempos,

174. *Tumbo de Caaveiro*, nº folios 74v-75r. CODOLGA

175. *Tumbo de Lourenzá*: Doc. nº 2288, p. 40-41, fol. 23r-23v. CODOLGA

176. Os documentos citados proceden do Tombo de Caaveiro e pódense ver en FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS E GONZÁLEZ BALASCH, "Revista Cátedra" nº 4, Pontedeume, 1997. Para o de 922 ver notas 67 e 68 do presente traballo.

177. Ríos RODRÍGUEZ, M.L.: *Las "Ecclesiae" dependientes de los monasterios de Jubia, Caaveiro y Monfero (s. XI a XIII)*. Compostela 1989. p. 107.

estas prácticas rituais haberían de ser tanto de carácter privado, ritos agora de bruxaría<sup>178</sup>, como público ou de relevante alcance social que cumprira un papel catalizador da sociedade circundante ao monte e de enraizada tradición popular, acaso relacionada cos tempos agrícolas, se temos presente a “tolerancia” con este tipo de festividades propiciada polo papa Gregorio o Grande e a pervivencia na actualidade de festas deste tipo aquí como noutras santuarios semellantes de toda a Europa céltica. En definitiva, o Breamo continúa exercendo o seu papel de Montaña Sagrada para os habitantes das parroquias circundantes como antes o fixera os habitantes dos castros.

Para confirmar esta segunda hipótese precisaremos observar polo miúdo o proceso de creación das igrexas no territorio de Pruzos. Couceiro Freijomil<sup>179</sup> fai súa a aseveración



Afonso III Regi Gallaeciarum. Libro dos Testamentos

178. PÉREZ CASAL, J.: *cit.*

179. COUCEIRO FRIJOMIL, A.: *op cit.* p. 19, 20.

de López Ferreiro segundo a cal *casi todas las iglesias rurales gallegas datan de los siglos IV o V*. Non temos até o de agora coñecemento de traballo ningún relacionado coa orixe das igrexas do arciprestado de Pruzos, pero si existe unha boa aproximación ao tema referida ao veciño arciprestado de Nendos<sup>180</sup> asinada por José Carlos Sánchez Pardo<sup>181</sup>. Este autor ve nos séculos encadrados entre o V e o XIII os momentos de nacemento e consolidación da maioría das igrexas rurais da comarca de estudo, malia non existir *ningunha evidencia directa e específica, material ou documental (...) até pasada a metade do século IX*. Refirese Sánchez Pardo a un documento do que para o noso caso tamén podemos facer uso: o chamado *Documento de Tructino*<sup>182</sup>. Redactado no ano 868 por un tal *Dominus Tructinus* por encargo do rei Afonso III, contén a relación das 65 igrexas consideradas naquel momento como propias da diocese de Iria, enténdanse, as que non eran privadas. O que podemos ler referido ao territorio de Pruzos non deixa de sorprender:

*In comiso de Plutios. scm xpotoforum ad eume latum portum. scm. marti-  
num in tiobre.*

En primeiro lugar chama a atención o reducido número de igrexas diocesanas no noso territorio, no de Nendos chegan a 12. En segundo lugar, aparece San Martiño de Tiobre, preto de Betanzos, o que nos permite ampliar o territorio de Pruzos até o Mandeo; Sánchez Pardo inclúe esta igrexa, de maneira chocante, dentro do territorio que el estuda. En terceiro lugar, a misteriosa igrexa de San Cristovo do documento de 1107, citado más arriba, xa existía daquela pero non cremos que se refira á de Breamo cunha outra advocación anterior á de San Miguel, sen dúbida mencionaríase o monte e sería certamente raro o cambio de santo<sup>183</sup>, más ben poderíase pensar nalgúnha igrexa situada pola parte do actual Pontedeume (acaso por onde agora está o barrio de Porto), onde a suposta pasaxe do río anterior á ponte que comentamos supra, adjudicada a un santo psicopompo como San Cristovo que, ademais, se adoita representar co Neno ao lombo cruzando as augas dun río. En cuarto e último lugar, é evidente que non se cita igrexa ningunha no Breamo, como tampouco se cita ningunha outra igrexa que coñezamos; con isto podemos pensar que, ou ben non existían, ou ben eran de iniciativa privada e por iso non aparecen na relación de Tructino; se a de Santa María de Centroña ben pode pertencer esta categoría por estar situada moi preto da antiga *villae* romana e ainda no século XII lémbrase a súa existencia (*ipsa villa in valle Cen-tronia*), parécenos pouco probábel que a de Breamo fora fundada por promoción particular, dado o afastado do seu enclave e a escaseza de terras de cultivo de calidade nas súas proximidades.

180. Aparece no s. IX como Nemitos, abrangue o territorio entre as rías da Coruña e Betanzos e os vales dos ríos Mero, Mendo e Mandeo.

181. SÁNCHEZ PARDO, J. C.: *Las iglesias rurales y su papel en la articulación territorial de la Galicia medieval (ss. VI-XIII). Un caso de estudio.* “Revista Mélanges de la Casa de Velázquez”. Nouvelle série, 40 (1), Madrid, 2004, p. 149-170.

182. Sánchez Pardo fai referencia á versión que aparece na obra de LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia da SAMI de Santiago de Compostela.* T. II. Compostela, 1899. Ap. doc. p. 6-8. O fragmento que citamos está extraído da mesma edición. Sobre a controvertida autenticidade deste documento v. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F.: *Os territorios e cidades ártabras.* Cit. p. 134.

183. O cambio na titularidade dunha parroquia non é imposibel, pero é infrecuente e improbabél no noso caso, v. GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Os santos titulares de parroquia en Galiza.* Compostela 2012, p 122 ss.

O ritmo de crecemento das igrexas en Galicia apréciase na comparaanza, soamente na diocese de Iria, entre as 16 que aparecen no Parroquial Suevo, de en torno ao ano 570, contra as 65 de 300 anos máis tarde no Documento de Tructino. Sánchez Pardo conclúe, para o seu territorio de Nendos, que as igrexas relacionadas neste último documento terían *a súa orixe, con distintos ritmos e intensidades (ao igual que en toda Galicia) entre os séculos VII, VIII e primeira metade do IX*<sup>184</sup>. Este autor sinala

como motor da fundación de igrexas en época tardo-antiga a necesidade física e mental das comunidades de establecer e definir zonas de enterramento que irán adquirindo un novo valor sagrado, buscarían *lugares próximos pero illados do espazo de asentamento, ás veces en posición central con respecto a diversos núcleos do entorno, acollendo defuntos de diversos poboados (...)* Será precisamente neste lugares cunha connotación sagrada no eido local onde cremos que se encadrará séculos más tarde a fundación de moitas igrexas rurais, sobradamente por parte de aristocracias e elites locais<sup>185</sup>. A través desterazoamento podemos interpretar a necrópole tardo-antiga atopada no, moito tempo atrás abandonado, castro da Ínsua en Boibre e mesmo a que será parroquial de Centroña fundada, como xa foi dito, nas inmediacións da *villae* romana. En ambos casos atopamos lugares de habitación en desuso pero que de seguro áinda permanecían na memoria da comunidade como *moradas dos antepasados*. Non obstante ese carácter recuperador de poboamentos a través da sacralización por ritos funerarios non o podemos apreciar no Breamo por dous motivos. En primeiro lugar, o valor comunitario do noso santuario existía xa de vello e cun engadido ampliado, como vimos supra, a un nivel territorial máis amplo que as aldeas que se foron xerando tras o abandono dos castros. En segundo lugar, non se trata dun lugar afastado dos novos núcleos, senón excesivamente afastado e



Castro de A Ínsua, e restos da primeira igrexa de Boibre (foto voo 1937)

184. SÁNCHEZ PARDO, J.C.: *op cit*, p. 154.

185. *Op cit*, p. 155.

cargado de connotacións fronteirizas e liminais, pertencia ao que os romanos denominaban *saltus*, terreo inculto, como contraposición ao *áger*, terreo cultivado. Para a mentalidade das sociedades tradicionais os lugares como o Breamo eran considerados *lugares maléficos*; o Antigo Testamento considera as montañas e os desertos como a morada dos demos causantes de todos os males e polo tanto más aptos para a bruxería que para o soterramento dos defuntos<sup>186</sup>. Atopamos con isto máis argumentos en apoio da descontinuidade na ocupación do Breamo por eremitas e contra unha fundación temperá da igrexa.

Os séculos IX e X son os de expansión e consolidación das igrexas rurais consonte co crecemento demográfico e a roturación de novas terras. Neste momento a iniciativa fundacional de igrexas vai deixando progresivamente de ser de particulares pasando a ser *un fenómeno controlado polas xerarquías eclesiásticas e dirixido ao encadramento das comunidades na organización da Igrexa (...) consonte co seu crecente poder. Deste xeito a igrexa rural deixa de ser en certo modo unha ofrenda persoal con fins espirituais, económicos e de prestixio social para se converter no centro da vida relixiosa da comunidade*<sup>187</sup>. En definitiva, as igrexas van configurando o valor histórico que hoxe reñecemos nas parroquias rurais no sentido artellador e referente do espazo físico, pero tamén do social e económico, ademais das súas evidentes funcións relixiosas, cultuais e funerarias. A través duns vínculos moi estreitos coa vida comunitaria, cada igrexa ten agora un grupo social que lle corresponde, unha *freguesía (filii ecclesiae)*. En ocasións estas igrexas alto-medievais aparecen illadas dos núcleos de poboación en lugares neutrais dende onde exercen ese papel artellador, pero nunca tan lonxe que non permita que un elevado número de fieis poidan acudir a ela de forma doada e rápida. De novo o exemplo da de Boebre: situada no afastado lugar da Ínsua, acabou por se trasladar a un lugar máis preto do núcleo, xa no século XVIII, pola incomodidade que supuña aos fregueses baixar até alí e o abandono no que se estaba a sumir o vello templo alto-medieval. No caso da de Breamo, a súa especial situación réstalle esa funcionalidade inmediata da parroquia tradicional, sendo como quedou dito un lugar central, o seu eido territorial foi sempre supra-parroquial e quizais por iso nunca chegou a agromar de todo como parroquia. Non esquezamos que desta época (ano 922) é a primeira referencia documental que posuimos do Breamo, e non fala de igrexa ningunha e si do monte.

Entre os séculos XI e XIII prodúcese a última gran fase de creación de igrexas rurais e a delimitación de cadanxeu territorio parroquial, a rede existente actualmente chegará a completarse cunha pequena porcentaxe creada xa no século XIV. O século XII, novas directrices papais de reforma eclesiástica levarán a unha revisión e re-definición do papel das igrexas existentes con anterioridade<sup>188</sup> levando, por un lado, á reedificación das

186. Cfr. MARIÑO FERRO, X.R.: *A Bruxería. En Galicia Antropoloxía T. XXVII. Relixión. Crenzas. Festas.* VV AA, RODRÍGUEZ IGLESIAS, F. (ed), p. 171 ss.

187. SÁNCHEZ PARDO, J.C.: *op cit*, p. 158.

188. A partir do Concilio de Letrán III, en 1179, a autoridade episcopal imporá a súa autoridade sobre as igrexas de fundación privada mantendo os seus fundadores soamente un dereito de padroado.

antigas igrexas altomedievais no novo e exitoso estilo Románico, e por outro á adquisición definitiva dos elementos básicos que caracterizan á parroquia: *lugar de culto, territorio delimitado, un grupo humano que expresa a súa pertenza á parroquia mediante o pago do décimo e a realización de certas prácticas de vida relixiosa, un presbítero encargado da realización desas prácticas e un patrimonio necesario para atender ás necesidades do culto, do clero e dos laicos*<sup>189</sup>. Ademais, nesta fase comeza a producirse unha paulatina integración das igrexas nos núcleos de poboación ao tempo que as políticas de expansión levarán á creación de templos en zonas de montaña na procura dunha cobertura parroquial *eficaz, completa e ordenada do territorio*<sup>190</sup>. Nas delimitacións territoriais teranse en conta en moitos casos elementos xeográficos ou históricos senlleiros, cun significado especial para os habitantes do territorio, como cumios, ríos, castros ou mámoas que, en non poucas ocasións, chegarán até os nosos tempos, como vimos no caso do castro de Castrelo.

O desenvolvemento das comunidades relixiosas será fundamental no proceso desenvolvido nestes séculos, na nosa comarca é coñecido o papel desempeñado polos bieitos de Xubia, os bernardos de Monfero e os cóengos regulares de Santo Agostín de Caaveiro e de Breamo, pero con todo, ignoramos na maioría dos casos as causas precisas que levaron á consagración de novas igrexas, e nisto a de Breamo non é unha excepción: interese señorial, interese económico, sentimientos piadosos, aumento demográfico ou afán cristianizador. De Castro<sup>191</sup>, guiado por *unha intuición, e a ausencia de referencias temperás ó Priorado ou ó Couto, más ca probas incuestionables, lévalle a pensar que a mediados do século XII ainda non estaban asentados os cóengos no alto do Monte*, e busca a fundación do priorado na vontade da Monarquía de completar o crebacabezas de xurisdicións, nun espazo de indubidable valor estratéxico. Á vista do plano que este mesmo autor propón como reconstrucción hipotética do couto do Priorado, como metido “con calzador” entre as parroquias que arrodeaban radialmente ao santuario, parece confirmarse esa fundación serodia da igrexa cun alfoz creado *contra natura* a expensas das parroquias circundantes, nalgún momento do século XII cando estas xa levaban tempo creadas. A visión do actual mapa parroquial (administración civil) confirma, como vimos supra, este mesmo feito.

En canto á motivación política que propón de Castro, sen dubida non lle falta razón, o argumento demográfico, ou mesmo o únicamente económico, non parecen ter moita consistencia. Non obstante, o afán cristianizador, dadas as circunstancias correntes descritas neste mesmo epígrafe, abofé que foi a causa (ou a escusa) de que a monarquía tomase a iniciativa dunha intervención cristianizadora consistente en fundar unha igrexa, dotala dunha comunidade de cóengos dirixidos por un prior e así transformar un lugar deshabitado, “deixado da man de Deus” e frecuentado por “adoradores do de-

189. *Op cit*, p.162.

190. *Ibd*. p. 164.

191. DE CASTRO, C.: *Igrejas románicas da comarca do Eume*. Pontedeume 1997, p. 178.



Absidas da igrexa de San Miguel de Breamo

mo”, nun lugar bendicido pola sacralización regulada da Igrexa. Así convertíase unha vez máis o caos en cosmos reafirmando o poder ordenador da coroa e, ao tempo, creábase un enclave politicamente vinculado nun lugar de amplio dominio visual. Esta intervención da monarquía, tan urxente como serodia, será realizada segundo as vellas pautas deseñadas a finais do século VI por Martiño Dumiense e o papa Gregorio o Grande, e iso podémolo ver a través do perfil do santo escollido como patrón, cuns caracteres e atributos acaídios á perfección para este santuario.

#### 4.5 SAN MIGUEL E SATANÁS (CANDO O DEMO PON AS GALAS SEMELLA UN ANXIÑO COAS ALAS<sup>192</sup>)

O santo patrón dunha igrexa non é algo que se escolla ao chou. Cada santo ten as súas peculiaridades, os seus particulares poderes ou determinados vínculos locais. No momento da escolla influirán necesariamente as circunstancias históricas, políticas ou relixiosas que concorran no momento da súa fundación, polo que podemos deducir algúns destas a partir do perfil do santo patrón.

O nome de Miguel, en hebreo מִיכָּאֵל *Mīkāyāh o Mījaiā*<sup>193</sup>, significa *Quen como Deus*, o que quere dicir que, cando se trata de realizar algo que implique un poder tan extraordinario que soamente Deus está capacitado para facelo, este delega en Miguel para a execución destas empresas. Foi príncipe da Sinagoga cando a lei antiga e príncipe

192. Proverbio popular galego.

193. [http://es.wikipedia.org/wiki/Arc%C3%A1ngel\\_Miguel](http://es.wikipedia.org/wiki/Arc%C3%A1ngel_Miguel)

da Igrexa coa lei nova e mesmo aparece no Corán co nome de *Mijail*. A súa posición dentro da xerarquía celestial é a de *arcanxo*, situada no segundo coro da terceira categoría, *Hypofanía*. Segundo Dionisio Areopagita o labor dos arcanxos consistiría na protección sobre un colectivo de persoas como unha cidade, e para San Bernardo e San Gregorio, en transmitir mensaxes de grande importancia (*Ex 23, 20-23*, Yaveh envía un anxo para guiar o pobo elixido). En xeral, é considerado *Capitán dos exércitos do Señor* (*Jos 5, 13-16*), e ten especiais poderes sanadores pola capacidade de derrotar o demo causante das enfermidades (*Jds, 9* e *Za 3, 2*).

A figura de San Miguel herdou moitas das funcións equinocciais e mediadoras do grupo Mitra-Sol-Hermes<sup>194</sup>. Mitra, deus solar, e polo tanto luminoso, *demiurgo* e *kosmokrátor* (San Miguel aparece en ocasións representado cunha esfera cósmica na man, atributo tamén de Mitra), ten a súa orixe na antiga Persia e chega ao Imperio Romano en forma de culto mistérico organizado en

sociedades secretas, adoita representarse sacrificando un touro, animal asociado ao santo nunha das súas principais aparicións. Por outro lado, o papel de mediador cósmico témolo en Hermes-Mercurio a través do seu papel equilibrador entre os principios luminoso e os tenebroso, a súa festa cae no Occidente nas datas inmediatamente posteriores ao equinoccio. Este papel equilibrador de San Miguel pódese ver tamén claramente nunha das súas formas iconográficas más coñecidas, a da psicostase ou pesaxe das almas cunha balanza, tema insinuado na Biblia (*Dan 5, 27* e *Job 31, 6*) e que non é

propiamente orixinal xudeu-cristián senón que xa aparece na antigüidade clásica precisamente a cargo de Hermes-Mercurio e mesmo no máis remoto antigo Exipto, onde Annubis e Horus pesaban as almas ante Osiris. Igual que estes antigos deuses, San Miguel desempeña o papel de psicopompo ou condutor das almas aos ceos.

O seu culto difundirase primeiro polo cristianismo oriental, nos primeiros séculos, onde se fundarán numerosos santuarios, os *Michaelion*, nos lugares onde o santo fixera




San Miguel, Misal Diario Dominicano, 1958



San Miguel kosmókrator

194. CATTABIANI, A.: *Calendario. Las fiestas, los mitos, las leyendas y los ritos del año*. Barcelona 1990, p. 288.


algún milagre, un daqueles foi o situado nas proximidades do promontorio Hestiae no Bósforo onde se realizaban ritos pagáns salutíferos e polo que se pensa puidera ser aquí onde San Miguel asume as funcións sanadoras de Asclepias ou Esculapio. No século VI hai unha decena de igrexas dedicadas a este santo nos arredores de Costantinopla. Máis tarde a devoción polo Arcanxo achégase a occidente comezando por Italia, na Umbría ten varios templos dedicados xa dende o século V, o máis coñecido no cumio do cerro Sant'Angelo preto de Spoleto (Perugia, Italia)<sup>195</sup>; tamén en Sabina, no monte Tancia hai unha cova ex-oráculo pagán dedicado a San Miguel polos longobardos no século VII. O culto a San Miguel estendeuse polos países célticos e xermánicos con éxito, sendo os seus primeiros santuarios construídos sobre templos dedicados a Mercurio que xa substituíran a un deus local<sup>196</sup>. Como podemos ver, hai unha longa tradición de confianza nas potencias de San Miguel para a cristianización de santuarios pagáns e de manifestacións da súa santidade en cumios de montes e cerros.



Psicostase de Hermes



Psicostase de San Miguel



Psicostase de Osiris

Non temos moitos datos sobre o culto a San Miguel na península, apenas unha mención nun mosteiro de Toledo no século VIII e no calendario de Córdoba do ano 961. Segundo González Reboredo<sup>197</sup>, a súa maior difusión sería entre os séculos IX-XI, época en que se coñecen 15 igrexas baixo o seu padroado entre o Miño e o Mondego, pero a súa difusión plena sería bastante despois destas datas, dato que redunda na opción da fundación serodia da igrexa de Breamo. Na actualidade aparece con certa frecuencia como

195. Neste santuario celebranse, como no Breamo, dúas festas ao ano, a do 8 de maio e a do 29 de setembro, *con grande afluencia de pelegrinos, cantos e danzas tradicionais*. *Op cit*, p. 293.

196. CATTABIANI, A.: *op cit*, p. 291. Este autor ve a causa do éxito de San Miguel entre os célticos nun probábel *proceso sincrético de transferencia de atributos e funcións dunha divindade precristiana descoñecida até o de agora*. No caso dos pobos xermanos ve clara a substitución de templos de Wotan e Thiu por santuarios a San Miguel.


197. GONZÁLEZ REBOREDO, *op cit*, p. 55.

titular de parroquia no conxunto das dioceses de Galicia, ocupando un meritorio séptimo lugar nunha listaxe de entre 25 e 26 santos<sup>198</sup>.

A festividade oficial dedicada a San Miguel celébrase o día 29 de setembro xunto a os outros dous arcánxos Gabriel e Rafael. Iacomo da Voragine, na súa *Lenda Dourada* (século XIII)<sup>199</sup>, dálle catro nomes diferentes á sagrada festa en honor de San Miguel: Aparición, Vitoria, Dedicación e Conmemoración. Estes catro nomes corresponden con diferentes tipos de manifestacións da santidade deste arcánxo e delas entresacaremos as que xustifiquen mellor a elección de San Miguel como patrón de Breamo.

